Estes novos conceptos xeraron un amplo debate. A propia nomenclatura, ao longo dos últimos anos, provoca diversas interpretacións coa súa correspondente clarificación, pero tamén indefinición, que derivaron en diferentes estudos conceptuais e propostas de novos espazos de intervención. Múltiples foron as publicacións e seguen sendo as consideracións destes termos sobre os que existe unha ampla literatura non exenta de polémicas e controversias. Aínda que a maioría dos estudos parte da idea de que estes conceptos non se refiren a tipos de educación, senón a procesos que producen resultados educativos.

Neste sentido, podemos entender os procesos educativos formais como aqueles que están dirixidos á adquisición de destrezas, habilidades, actitudes e coñecementos por medio de estímulos directamente educativos a través de actividades conformadas polo sistema escolar. Os procesos educativos non formais como os de adquisición de destrezas, habilidades, actitudes e coñecementos por medio de estímulos directamente educativos a través de actividades non conformadas polo sistema

escolar e, finalmente, os procesos educativos informais como aqueles nos que se adquiren destrezas, habilidades, actitudes e coñecementos por medio de estímulos non directamente educativos, é dicir, non orientados directamente para producir resultados educativos (Tourrián, 1983; 1996).

Sen menosprezar estas denominacións técnicas e as discusións pertinentes e permanentes, parece máis adecuado indicar que o reto que hoxe ten a escola implica non soamente as actividades regradas, tratando de conseguir unha formación adecuada para os alumnos/as cos mellores resultados escolares, senón tamén xerar e multiplicar as actividades extraescolares tanto en relación cos tempos lectivos como respecto ao contexto social. Na actualidade resulta imprescindible que os centros educativos sexan verdadeiras comunidades nas que exista unha certa sintonía entre o contexto académico e a realidade social para crear procesos de animación sociocultural comunitaria que se inscriben na filosofía e praxe das denominadas "cidades educadoras".

A comunicación entre a escola e o seu contorno social foi cambiando progresivamente. Tal como expresa Caballo (2008), desde unha perspectiva inicial, as relacións entre educación e cidade, que se centraban basicamente no sistema educativo regrado, foron mudando cara a perspectivas moito máis complexas que incorporan un amplo conxunto de actores sociais entre os cales se sitúan os centros educativos.

Estes centros necesitan actualmente unha maior interacción escola-comunidade, tratando de que os alumnos/as non só consigan os coñecementos académicos adecuados, senón que teñan un arraigo e implicación no seu contorno, potencien os hábitos de participación e fomenten entre eles valores de solidariedade respecto á realidade circundante. Estas actividades teñen, entre outras, as vantaxes de relacionar a comunidade escolar co seu ambiente por medio de actividades conxuntas, permitindo unha mutua interacción entre os anteriormente denominados procesos "formais, non formais e informais" do proceso educativo.

Evidentemente, cada escola ten que ter en conta (Calvo Sastre, 1997) o seu marco institucional respecto aos diferentes tipos de alumnado que atende. No caso da infancia, as transformacións sociais e a propia estrutura familiar actual experimentaron importantes cambios que xeran a necesidade de que a educación no tempo libre asuma tarefas que antes eran atendidas pola institución familiar. Neste sentido, e simplemente a modo de referencias iniciais, as intervencións que deben levarse a cabo deben orientarse a ámbitos extraescolares (colonias escolares, actividades de animación infantil, museos, bibliotecas, parques temáticos, espazos de xogo ao aire libre, etc.).

Moito máis complicados son os procesos de atención aos adolescentes nun momento de aplicación xeneralizada da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Neste caso (Funes Arteaga, 1997), a interacción entre equipo directivo, profesorado, orientadores/as, educadores/as sociais e outros profesionais son fundamentais, sobre todo en base a tres procesos básicos: a estimulación da dinámica xuvenil evitando a intromisión e respectando o seu estilo; a atención ás súas necesidades de orientación, asesoramento e titorización, e o impulso á súa dinamización comunitaria. A escola non pode ser unha "illa" no seu contorno social.

## 2. OS NOVOS RETOS DA EDUCACIÓN: UNHA ESCOLA ABERTA Á SOCIEDADE

Expresaba xa hai tempo Delors (1996) a necesidade de implantar a educación durante toda a vida no seo da sociedade, o que vai máis aló da distinción tradicional entre “educación básica” e “educación permanente” e responde ao reto dun mundo que cambia rapidamente. Isto implica ter en conta os catro piares básicos da acción educativa:

- a) *aprender a vivir xuntos* coñecendo a historia, as tradicións, a espiritualidade, etc., para impulsar a realización de proxectos comúns, solución intelixente de inevitables conflitos por medio da comprensión das relacións de interdependencia na nosa sociedade;
- b) *aprender a coñecer* tendo en conta os avances científicos e as novas formas da actividade económica e social;
- c) *aprender a facer* como competencia que só é accesible se os alumnos/as contan coa posibilidade de avaliarse e enriquecerse participando en actividades profesionais e sociais de forma paralela aos seus estudos, o que implica desenvolvemento e intervencións socioeducativas que superan o marco escolar, tal como se mencionaba anteriormente;
- d) *aprender a ser* que, ademais do fortalecemento da responsabilidade persoal, comporta, entre outras cuestións, a autonomía, a capacidade de xuízo, a responsabilidade persoal, etc.

Conxuntamente con estes valores e actitudes considérase necesario “unha escola aberta ao mundo”. Nesta perspectiva indícase que na medida en que a separación entre a aula e o mundo exterior se volva menos ríxida, os docentes deben procurar tamén prolongar o proceso educativo fóra do espazo escolar, organizando experiencias de aprendizaxe practicadas no exterior e establecendo un vínculo entre as materias que ensinan e a vida cotiá do alumnado.

## 3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: APROXIMACIÓN CONCEPTUAL

Considéranse actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu contorno e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, á preparación para a súa inserción na sociedade e ao uso do tempo libre.

Defínense como aquelas que se realizan fóra do horario lectivo e figuran na programación xeral anual aprobada polo consello escolar. Estas actividades, que teñen carácter voluntario para os alumnos e alumnas, non poden supoñer discriminación para ningún membro da comunidade educativa nin poden ter carácter lucrativo. As actividades extraescolares non forman parte do currículo oficial e non poden ser susceptibles de avaliación académica; non deben, así mesmo, ir en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial.

Nun sentido semellante ao indicado, a *Gale Encyclopedia of Children's Health*:

*Infancy through Adolescence* (2005) define as actividades extraescolares como aquelas patrocinadas e, habitualmente, vinculadas ao centro pero que non forman parte do currículo académico e que, a cotío, implican algún compromiso de tempo fóra do horario regular de clase.

A organización das actividades extraescolares pode levarse a cabo a través das asociacións de nais e pais do alumnado ou doutras asociacións colaboradoras ou en colaboración coas administracións locais. A proposta de programación das actividades extraescolares que se eleve para a súa inclusión no Programación Xeral Anual do centro comprenderá a denominación específica da actividade, o horario, o lugar no que se desenvolverá e o persoal que a dirixirá e levará a cabo.

A implicación do profesorado neste tipo de actividades vén marcada polas anteriores precisións. Tanto o seu carácter (non obrigatorio para o alumnado) como o seu obxectivo e preparación (estar abertas a toda a comunidade educativa e ao contorno) fan que o grao de implicación e participación do profesorado, á marxe da maior ou menor dispoñibilidade persoal, quede máis atenuado. Con todo, as actividades extraescolares forman parte das tarefas de planificación didáctica do profesorado e poden estar presentes na súa xornada laboral (horario non lectivo); non obstante, sempre que superen o horario lectivo, son de carácter voluntario para o profesorado.

Por outra parte, considéranse actividades complementarias as organizadas polos centros educativos durante o horario lectivo, de acordo co seu Proxecto Curricular, e que teñen un carácter diferenciado das puramente lectivas polos momentos, os espazos e os recursos que utilizan. Tendo en conta que estas actividades se realizan dentro do horario lectivo, os centros deben arbitrar as medidas necesarias para atender educativamente aos alumnos e alumnas que non participen nelas.


Pola súa propia natureza, as actividades complementarias deben ser organizadas e controladas polo profesorado do centro, como se de actividade lectiva ordinaria se tratara, independentemente de que outras persoas relacionadas co centro ou coa propia actividade poidan colaborar. A implicación do profesorado nestas actividades vén marcada tanto porque lle afecta á súa planificación (desde a Programación Didáctica ata a Programación Xeral Anual) como porque poden formar parte da súa xornada laboral.

#### **4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: ESCOLA E CONTORNO EDUCATIVO**

Freire expresaba de forma categórica que a lectura do mundo precede á lectura da palabra e que no contexto socioeducativo ninguén educa a ninguén, ninguén se educa só, as persoas edúcanse en comunión mediatizadas polo mundo (Lens, 2001). Desde o seu punto de vista, a escola non pode prescindir do coñecemento, do que sucede no contexto concreto dos alumnos/as e das súas familias. De aí que a “lectura do mundo” e “do contexto concreto” no que estamos insertos todos -tanto educadores/as como educandos/as- se torna imprescindible para unha práctica pedagóxica autenticamente democrática e transformadora.

Esta breve síntese sobre a filosofía freiriana dalgunha forma vén indicarnos que a educación é unha realidade moi complexa tanto nas diferentes etapas (infancia,





adolescencia, xuventude...) como respecto ao pluralismo conceptual da intervención educativa (procesos formais, non formais e informais) que se manifesta e se expresa en termos de educación ao longo da vida e de "cidade educadora". No primeiro caso, para indicar ese carácter ilimitado da formación tanto na dimensión da vida individual como comunitaria, xa que, a extensión da función educativa máis aló dos límites espaciais e temporais da escola supón unha reconstrución das categorías espazo e tempo, singularmente para os momentos e actividades "non regradas". No segundo caso, a "cidade educativa" ten un sentido máis incluínte, implicando ao conxunto de institucións e organizacións, de accións, procesos e relacións educativas que exercen algunha influencia estruturada de tipo educativo dentro dun determinado espazo. Tal como se indica (Vázquez, 1998), a cidade educativa vén ser respecto do espazo dinámico o que a educación permanente significa respecto ao tempo, indicando que o proceso educativo ten un carácter ilimitado, aberto tanto na dimensión individual como comunitaria. En efecto, desde esta perspectiva encóntranse múltiples espazos tan diferenciados como museos, clubs de tempo libre, aulas da natureza, bibliotecas, centros cívicos, foros sociais, comunidades virtuais de aprendizaxe, etc.

O problema actual radica fundamentalmente en xerar sinerxías entre o espazo e tempo escolar e o contorno educativo (barrio, pobo, distrito educativo, etc.). Neste ámbito, a educación no denominado "tempo libre" ten un papel importante para a adecuada socialización dos adolescentes e mozos/as. Isto obriga aos centros educativos a unha apertura ao seu contorno, ao incremento das relacións entre a escola e a familia fomentando unha educación participativa que implica un deseño de acción compartido entre todos os axentes involucrados. En expresión de Santos Guerra (2000), a escola ha de guiar os seus patróns de intervención por un proxecto que elabora e fai seu de forma democrática toda a comunidade, que é froito da discusión, do compromiso, da reflexión madura, da esixencia, do coñecemento do contexto e da permanente interrogación.

Neste contexto, os centros educativos enfróntanse a diferentes retos:

- a) fomentar a participación do alumnado en actividades socioeducativas de carácter extraescolar programadas a partir dos seus centros de interese, propiciando a integración nelas, particularmente dos mozos e mozas en situación de exclusión, marxinación e risco;
- b) relacionar a comunidade escolar co seu contorno a través da realización de intervencións conxuntas, de carácter aberto, con outros centros escolares, organismos públicos, entidades e asociacións, de tal xeito que o alumnado se integre natural e positivamente no seu medio social para que, de forma recíproca, poidan rendibilizarse ao máximo os recursos e instalacións dos centros fóra do espazo escolar;
- c) desenvolver canles de participación e coordinación necesarias para que todos os estamentos da comunidade se impliquen na elaboración e seguimento da programación de actividades extraescolares incluídas na planificación anual do centro (Vidal Peguero, 2004).

En consonancia co anterior, podemos dicir que o obxectivo das actividades

extraescolares é, fundamentalmente, potenciar a oferta de actuacións culturais e deportivas con carácter voluntario, coa intención de que contribúan á formación integral do alumnado e permitan ocupar eses espazos de “tempo libre” unha vez concluído o “tempo lectivo”, tratando de ampliar esa perspectiva reducida da formación aos espazos e tempos “académicos”.

Por este motivo, normalmente, estas actividades deben promoverse tanto desde o propio centro como a través das asociacións de nais e pais ou ben desde institucións do contorno (municipio, asociacións de veciños, entidades do movemento asociativo ou de grupos particulares, etc.).

Os obxectivos básicos sobre os que deben basearse as actividades extraescolares, tal como orienta o propio Ministerio de Educación, con carácter xeral, son os seguintes:

- a) promover no alumnado un sentimento positivo de pertenza ao centro superando desta forma unha visión “academicista” da formación;
- b) conseguir que o propio alumnado vaia tendo unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre;
- c) mellorar a súa autoestima. Precisamente, a libre elección destas actividades permite escoller en función das súas preferencias e intereses e, por tanto, sentirse máis autónomos fronte aos “tempos escolares”, que non permiten esta capacidade de elección;
- d) mellorar as relacións entre alumnos/as e tratar de axudalos a acadar habilidades sociais e de comunicación que escasamente se producen na aula;
- e) favorecer a súa sensibilidade, curiosidade e creatividade precisamente porque estamos ante unha elección persoal;
- f) impulsar o acceso a actividades culturais e deportivas que permitan ampliar o seu horizonte cultural máis aló das cuestións académicas e tratando de promover unha integración entre a actividade lectiva (máis formal) e o conxunto de propostas e intervencións que discorren na perspectiva dos tempos non estritamente académicos (non formais e informais).

Os centros, ademais de contribuír á formación académica dos seus alumnos/as, deben tamén implicarse en desenvolver valores e habilidades sociais que os capaciten para afrontar con éxito a súa incorporación á sociedade. En consecuencia, non debe existir unha ruptura entre os centros e o seu contorno (pobo, barrio, etc.), debendo ser os propios municipios favorecedores destas interaccións. Por tanto, resulta necesario planificar e atender con esmero as actividades extraescolares a través dunha adecuada programación, organización, seguimento e avaliación se se desexa adaptalas ao contorno e dar resposta integral ás necesidades socioeducativas da comunidade.

Neste ámbito resulta imprescindible que sexa o propio centro o que coñeza e trate de entender as posibilidades do seu contorno como referencia básica para unha formación integral dos seus alumnos/as. No caso de Galicia propóñense, de cara a recoñecer as posibilidades e oportunidades do contorno nesta formación extraescolar, os seguintes indicadores:

- 1) o centro/instituto está aberto a actividades culturais e deportivas fóra do horario escolar. Permítese a utilización do edificio para fins sociais do contorno;
- 2) o equipo directivo aplica as directrices elaboradas polo consello escolar sobre os contactos do centro coas institucións do contorno;
- 3) as relacións cos organismos públicos que levan a cabo tarefas de responsabilidade coas institucións do seu enclave;
- 4) o alumnado e o profesorado coñecen as actividades das empresas e institucións próximas ao centro;
- 5) as actividades culturais son realizadas conxuntamente e financiadas polas institucións do contorno;
- 6) estúdanse de forma sistemática as características do medio onde está o centro;
- 7) propóñense habitualmente actividades conxuntas e colaboracións con empresas, institucións e colectivos que se incorporan á súa planificación;
- 8) as actividades extraescolares están planificadas e lévanse a cabo;
- 9) promóvense actuacións de adecuación, limpeza, etc. do contorno;
- 10) hai intercambio frecuente de recursos e servizos entre o centro e a comunidade próxima;
- 11) o grao de prestixio do centro no seu contorno é elevado;
- 12) o centro contribúe positivamente á elevación cultural da comunidade onde está situado.

O importante neste contexto é que se programe un abano suficiente de actividades extraescolares para todos os alumnos/as tendo en conta as necesidades do contorno. Os centros educativos non só deben favorecer a formación académica do seu alumnado, senón que é necesario tamén contribuír e promover nos rapaces valores, actitudes e habilidades sociais que os capaciten para afrontar con éxito as dificultades de incorporarse á sociedade. A educación no denominado “tempo libre”, onde se sitúan sobre todo as actividades extraescolares, debe ser un referente para integrar a formación académica e o coñecemento do contorno xerando sinerxías que incrementen a relación escola-familia.

## **5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E EDUCACIÓN PARA A SAÚDE**

As actividades extraescolares supoñen a ampliación do espazo educativo a outros espazos onde se continúa a formación do alumnado. Estes espazos serven para favorecer e incrementar contidos de carácter máis academicista (por exemplo, actividades como idiomas ou relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación), pero tamén axudan a favorecer o desenvolvemento integral do alumnado ao fomentar a súa participación en actividades sociais, deportivas e recreativo-culturais que potencian a convivencia, estimulan o desenvolvemento de

habilidades sociais e unha maior toma de conciencia de aspectos que teñen que ver coa realidade social.

Neste sentido, a Educación para a Saúde (Nutbeam, 1986), como unha actividade educativa deseñada para ampliar o coñecemento da poboación en relación coa saúde e desenvolver a comprensión e as habilidades sociais e persoais que a promoven, e que no ámbito da promoción da saúde pode servir para concienciar sobre as causas económicas, sociais e ambientais da saúde e da enfermidade, vai ver favorecida e potenciada a súa aprendizaxe por algunhas destas actividades. Unhas actividades que intentan influír favorablemente nos comportamentos e estilos de vida do alumnado e axudarlle a tomar decisións cada vez máis saudables.

Así, vemos que cando os centros educativos consideran os comedores escolares como un complemento para a educación integral do alumnado, estanse formulando contidos que teñen que ver coa educación e promoción da saúde por varias razóns:

- Trátase de desenvolver unha dieta equilibrada, unha dieta que mellore e corrixa hábitos alimentarios prexudiciais para a saúde, nunha sociedade na que a obesidade afecta ao 14% da poboación infantil, o sobrepeso ao 26% e a anorexia é un trastorno da alimentación que vai en aumento.
- Promóvese a participación do alumnado no deseño do menú escolar a partir de coñecementos proporcionados por diversas materias.
- Téntase fomentar, como están poñendo de manifesto diversos programas que se están desenvolvendo, por exemplo, na comunidade catalá, unha restauración escolar sostible, presentando o comedor escolar desde unha perspectiva tanto alimentaria, como ambiental, social e educativa. Poténciase así unha dieta escolar con alimentos non precociñados nin preconxelados, ínstase a que a metade dos produtos teñan unha orixe rexional ou local, que unha parte do menú escolar se faga con produtos biolóxicos, que as froitas e verduras sexan maioritariamente de temporada e que unha porcentaxe dos produtos da dieta sexan de comercio xusto. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia estanse desenvolvendo experiencias semellantes, a través da colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria co Departamento de Pediatría da Universidade de Santiago de Compostela, da que se derivou no ano 2002 a publicación *Menús saudables no comedor escolar*<sup>1</sup>, dentro da *Serie Monográficos: Alimentación e nutrición na escola*. Neste senso, tamén cabe destacar o convenio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para a promoción do consumo de peixe fresco de procedencia galega nos comedores escolares.
- Desenvólvese todo un conxunto de habilidades sociais, xa que o alumnado aprende a comer correctamente en grupo e a manipular adecuadamente os utensilios que se utilizan, ao mesmo tempo que se fomenta a hixiene e o aseo persoal (hixiene de mans e bucodental) e as relacións de axuda.

<sup>1</sup> Ademais das Guías para a elaboración dos menús escolares, clasificados segundo as estacións do ano, ofrece instrucións e recomendacións para a correcta nutrición de nenos/as con necesidades nutricionais específicas na escola (menús adaptados).

- Favorécese e estímúlase a tolerancia cara a diversidade, xa que no comedor escolar se producen dietas diferentes que teñen que ver coa diversidade cultural ou persoal do alumnado.

En canto ás actividades deportivas e socio-recreativas, sinalar que axudan a un adecuado desenvolvemento bio-psico-social do alumnado, xa que favorecen o desenvolvemento psicomotor e axilizan os procesos mentais. A nivel social pódense considerar como fundamentais para desenvolver e comprender as normas e o sentido da responsabilidade, así como para afrontar éxitos e fracasos.

No caso dos deportes colectivos, que aglutinan unha alta porcentaxe das actividades extraescolares, axúdase a controlar as accións individuais para adaptalas ao grupo, foméntase o compañeirismo, as relacións de axuda, o éxito e os fracasos compartidos.

A modo de conclusión, pódese dicir que no ámbito da educación e a promoción da saúde, as actividades extraescolares son actividades que:

- a) Serven para axudar á consecución de escolas saudables, un movemento auspiciado pola OMS desde a década dos 80 e que dá relevancia a aspectos que teñen que ver cos estilos de vida e cos ambientes saudables. Estas actividades permiten, seguindo algúns dos principios que regulan a Rede Europea de Escolas Saudables (REEPS), elaborar un proxecto pedagóxico que sexa capaz de aglutinar o carácter interinstitucional e interdisciplinar da Educación e da Promoción da Saúde, de aproveitar os recursos que proporciona a comunidade, de mellorar o contorno e de promover un clima de relacións de cordialidade e tolerancia que favoreza o desenvolvemento psicosocial e a adquisición de habilidades necesarias para unha vida saudable.
- b) Resultan un escenario idóneo para traballar contidos transversais, uns contidos que desde a Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE, 1990) se desenvolven dentro do proceso educativo formal, pero que se aprenden e se potencian no día a día da vida dos escolares. É así que as actividades extraescolares serven para conectar contidos educativos da Educación para a Saúde con actividades de promoción e protección da saúde que se realizan no propio centro baixo o formato, moitas veces, de procesos educativos non formais.
- c) Favorecen traballar, nun contexto real, unha grande variedade de habilidades sociais que van permitir ao alumnado mellorar o seu desenvolvemento emocional ao interactuar cos seus iguais e co contorno dunha maneira socialmente aceptable.

## **6. ALGUNHAS DIRECTRICES A TER EN CONTA NA PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Entre as principais directrices a considerar á hora de programar as actividades extraescolares cabe salientar as seguintes:


- Un centro educativo non debe limitar as súas actividades ás meramente académicas, senón que debe dar cabida a outras que permitan proporcionar ao alumnado, ao profesorado, ás nais e pais, etc., outras experiencias e outras situacións de aprendizaxe.

- A oferta educativa debe ampliarse a través destas actividades a aqueles elementos que completen a educación máis estritamente académica e que, sen lugar a dúbidas, son importantes para contribuír a unha adecuada educación nos hábitos de utilización do ocio e á adquisición de valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son necesarios na convivencia.
- Non poden ser motivo nin medio de discriminación algunha para ningún membro da comunidade educativa.
- Non poden ter carácter lucrativo.
- É importante a participación e a implicación de todos os sectores da comunidade educativa: pais e nais, alumnos e alumnas, profesores e profesoras, persoal de administración e servizos..., de xeito que fomenten e potencien a convivencia entre todos eles.
- Deben axustarse ás características do centro, do contorno no que se atopa e do alumnado.
- A programación destas actividades non é preciso que quede pechada, senón que pode quedar aberta a futuras incorporacións, en función das demandas que a propia dinámica poida suxerir, así como a todas e cantas colaboracións poidan ir xurdindo ao longo do curso. En todo caso, debería facerse unha planificación que combine o traballo escolar, o estudo persoal, as actividades extraescolares e a vida familiar.
- A utilización e rendibilización ao máximo das instalacións do centro e do seu contorno.
- A creación e mellora de actitudes de solidariedade, respecto, valores relacionados coa socialización, respecto e conservación do medio ambiente...
- E, por último, deben contribuír a crear un clima de integración e inserción do alumnado no centro, así como un sentido de pertenza ao mesmo.

## **7. O EQUILIBRIO RAZOABLE NA ELECCIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Cada comezo dun novo curso escolar vén acompañado dunha tarefa paralela: a configuración da axenda de actividades dos nenos e nenas. Desde o inglés ata os deportes, informática ou pintura, pasando polo conservatorio ou as clases de apoio para reforzar aquelas materias nas que afrouxan os seus fillos e fillas, ás veces algúns pais e nais buscan un quefacer para que os rapaces e rapazas teñan as tardes ocupadas.

Os expertos coinciden en sinalar a conveniencia de que os nenos e nenas empreguen o seu tempo en realizar actividades lúdicas, para compaxinalas con aquelas que están relacionadas coas aprendizaxes. Holland e Andre (1987) realizaron unha revisión da literatura existente en torno ás actividades extraescolares estruturadas e acharon que a participación nas mesmas promovía o desenvolvemento sociopersoal (por exemplo, o autoconceito) e o logro académico, aínda que Gilman *et al.* (2004) sinalan algunhas deficiencias metodolóxicas deste estudo.



Por outra parte, a fundamentación das actividades extraescolares nos adolescentes apóiase tanto nos estudos da socioloxía clásica sobre a relación das actividades extraescolares co rendemento académico como na máis recente investigación sobre tempo libre, psicoloxía do deporte, ciencia da prevención e os estudos interdisciplinares sobre desenvolvemento adolescente (Eccles & Gootman, 2002; Eccles & Templeton, 2002). Ademais, a investigación relativa a estudos sobre o tempo libre e a referida ao desenvolvemento adolescente ofrecen soporte para os beneficios que aporta a participación nos tipos de actividades de tempo libre construtivo que se asocian coas actividades extraescolares e coas actividades de servizo á comunidade (Larson, 2000; Larson & Kleiber, 1993; Youniss, McLellan & Yates, 1999). En conxunto, estes estudos proporcionan unha boa evidencia de que participar en actividades extraescolares se asocia con indicadores a curto e a longo prazo de desenvolvemento positivo, incluíndo rendemento académico e logro escolar.

En xeral, a implicación na actividade extraescolar ten sido asociada con resultados positivos na infancia e na adolescencia (DeMoulin, 2002; Fletcher *et al.*, 2003; Gilman *et al.*, 2004; Powell, Peet & Peet, 2002).

En consonancia co anterior, Eccles *et al.* (2003) recollen, segundo os estudosos do desenvolvemento e os defensores xuvenís, os beneficios das actividades extraescolares para os adolescentes:

- Adquirir e practicar habilidades sociais, físicas e intelectuais específicas que poden ser útiles nunha ampla variedade de ámbitos, incluída a escola.
- Contribuír ao benestar da propia comunidade e ao desenvolvemento dun sentido de pertenza como membro da propia comunidade.
- Establecer redes sociais de apoio de iguais e de adultos que poden axudar tanto no presente como no futuro.
- Experimentar e afrontar retos.

Os mesmos autores, Eccles *et al.* (2003), realizaron en Michigan un estudo lonxitudinal sobre transición á vida adolescente con aproximadamente 1.800 alumnos/as desde o curso 1983-1984 ata o curso 1996-1997. En concordancia con outros estudos, comprobaron que a participación en actividades extraescolares durante os anos de instituto proporciona un contexto protector en termos de implicación en comportamentos de risco e un contexto estimulante a nivel de rendemento académico. En resumo, atoparon converxencia nas evidencias de diferentes tipos de estudos suxerindo que a implicación en actividades construtivas, non académicas, tanto na escola como na comunidade, facilita o compromiso escolar e o rendemento académico así como tamén outros aspectos de desenvolvemento positivo durante a adolescencia e nos primeiros anos da etapa adulta. Hai poucos estudos que proporcionen evidencia sobre que aspectos concretos desas actividades extraescolares e comunitarias poderían explicar esas asociacións. Isto inclúe a provisión de oportunidades para ocuparse de tarefas esixentes que promovan a aprendizaxe de habilidades valiosas, de oportunidades para formar lazos sociais fortes con non-familiares adultos e con iguais (pares) prosociais, e de oportunidades para desenvolver e confirmar identidades positivas (Eccles *et al.*, 2003).

Por outra parte, Dumais (2006) analizou nun estudo cuestións relativas á participación extraescolar, resultados educativos e reprodución social. A investigación inclúe valoracións dos alumnos/as así como tamén datos dos pais/nais, profesores/as e administradores/as escolares. Os principais resultados dese estudo son que o número de actividades extraescolares nas que se participa ten un efecto para aumentar as puntuacións nos tests de lectura e nas avaliacións do profesorado das habilidades matemáticas dos estudantes e que o beneficio por participar é, polo xeral, maior para os estudantes de status socioeconómico máis baixo.

De todos modos, débese ter en conta que unha axenda escolar repleta de actividades pode provocar nos nenos e nenas ansiedade ou estrés infantil, ante a imposibilidade de dar unha resposta adecuada ás súas esixencias cotiás. É, polo tanto, necesario que os nenos e nenas dispoñan dun ambiente favorable no que exista un razoable equilibrio entre as actividades académicas e as extraescolares. Calquera esaxeración que desestabilice este binomio resulta prexudicial, o traballo escolar non debería resentirse porque o neno/a participe nestas actividades.

Aínda que é certo que existen poucos estudos neste campo, algúns autores falan dun aumento significativo no número de casos de estrés infantil nos últimos anos, chegando ao 8% da poboación infantil e ao 20% da adolescente en España. O *Estudio Epidemiológico de los Trastornos del Comportamiento en la Infancia y Adolescencia con el Inventario de Eyberg*, realizado pola Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria e Atención Primaria (SEPEAP), sinala que o 33% da poboación infantil española vive en familias con alto nivel de estrés.

Para Muñoz Hoyos (2006), os beneficios que as actividades extraescolares poden ter no neno/a dependen fundamentalmente de dous factores:

- a) En primeiro lugar, do propio neno/a, do seu temperamento, interese por determinadas cousas, capacidade de aprendizaxe, idade, etc. Nun escolar ou adolescente demasiado tranquilo, que ten tendencia a empregar o seu tempo a pasar a tarde enteira xogando ou vendo a televisión, calquera actividade extra pode supoñer un bo estímulo. Non debemos esquecer que o espírito de superación e o esforzo forman parte da aprendizaxe. Sen embargo, se o neno é activo e ten suficiente motivación por unha actividade determinada, recargar todo o seu tempo con actividades, ou tentar sobredimensionar unha faceta determinada por enriba da apetencia do neno/a a dispoñer do seu tempo de ocio, pode provocarlle sensación de angustia.
- b) En segundo lugar, o efecto das actividades extraescolares depende da súa tipoloxía. En xeral, as propostas deben ser desexadas polo rapaz/a e, polo tanto, deben completar a formación con actividades de carácter deportivo, lúdico, cultural, etc., tendo en conta o interese que poden ter actividades como o inglés ou a informática. Neste sentido, merece a pena non esquecer o frecuente erro que se comete ao someter ao neno/a a unha serie de actividades porque son satisfactorias para o pai ou a nai.

Convén destacar a conveniencia, nun principio, de non impoñer ningunha actividade extraescolar, senón intentar acordala co interesado/a, en función dos seus intereses



e preferencias. Todas as actividades son, a priori, interesantes, e todas tamén poden estar de máis. A clave está nun bo coñecemento das características dos nosos fillos/as, das súas capacidades e das súas preferencias, de como leva o seu rendemento académico e doutros aspectos relacionados co seu desenvolvemento integral. Unha vez analizados minimamente estes factores, pódese estar en condicións de ampliar ou reducir actividades, e decidir cales poden ser máis ou menos recomendables.

## **8. VANTAXES DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

As actividades extraescolares ocupan cada vez máis tempo nas vidas dos rapaces e rapazas. Salvando o perigo de que resulten desbordados e teñan pouco tempo para a vida familiar, posúen grandes vantaxes.

Estas actividades ofrecen un complemento moi importante cara a unha boa educación. Nuns casos, proporcionan a posibilidade de complementar algunhas facetas das ensinanzas escolares; noutros, o obxectivo é estimular o desenvolvemento do neno/a e favorecer a súa relación con outros, a través de afeccións ou prácticas deportivas ou culturais que lles proporcionen habilidades e moldeen o seu carácter. É tamén un xeito de encher con sentido o seu tempo de lecer, para que non o perdan vendo a televisión ou utilizando os videoxogos de forma abusiva e, polo tanto, negativa.

O propósito principal das actividades extraescolares é o de canalizar as vocacións dos nenos e nenas abríndolles novas canles para a súa creatividade e desenvolvemento físico e intelectual. Por outra banda, representan un alivio para as tensións que traen da escola, o cal redunda nun san equilibrio.

Estes obxectivos só se conseguen cando os pais e nais son conscientes destes aspectos e saben encamiñar aos fillos e fillas cara a aquelas actividades que gozan das súas preferencias e lles permiten elaborar unha axenda equilibrada que se manifesta nun correcto desenvolvemento.

En moitos casos, as actividades extraescolares ofrecen un valioso campo de ensaio onde os mozos/as poden ir coñecendo distintos contextos e espazos que esperten as súas motivacións e intereses e que, ao longo do tempo, lles poidan axudar a ir perfilando os seus intereses vocacionais e profesionais, preámbulo dunha acertada toma de decisións neste campo.

## **9. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E XORNADA ESCOLAR E LABORAL: POSIBILIDADES DE CONCILIACIÓN**

Un dos factores que intervéñen na configuración das actividades extraescolares é o tempo, en canto que determina os horarios de desenvolvemento destas actividades, o cal nos sitúa no campo, delicado e complexo, da xornada escolar: continua, partida ou mixta, cada unha delas coas súas características e tamén cos seus defensores e detractores.

Máis difícil aínda semella a harmonización da xornada escolar e laboral. As dificultades xorden a raíz dos cambios que tiveron lugar na sociedade española das últimas décadas: a incorporación da muller ao mercado laboral e a cada vez máis

frecuente existencia de fogares nos que ambos membros da parella traballan fóra da casa. Ata hai uns anos, e aínda hoxe en múltiples casos, moitos dos problemas se solucionaban co tempo e dedicación das avoas. Non obstante, a tendencia lóxica sinala que esta situación non poderá prolongarse demasiado, posto que as avoas de mediados do século XXI serán, en gran número, tamén mulleres traballadoras.

A cuestión primordial que nunca debería ser perdida de vista é o interese e beneficio do alumnado. É fundamental ter en conta que o problema da conciliación dos horarios escolares (tamén extraescolares) e laborais non é propiamente un problema escolar, pedagóxico ou docente, senón que é un problema social. Se non se ten presente esta cuestión pódese caer facilmente no erro de estirar a xornada escolar ata alcanzar a laboral, cos conseguíntes problemas derivados de xornadas escolares excesivamente longas. Entre as variables a considerar están os diferentes tipos de centros educativos e os tramos de idade dos alumnos/as.

En xeral, as investigacións sobre a relación entre xornada escolar e rendemento non produciron resultados concluíntes en ningún sentido, é dicir, non hai diferenzas significativas en canto a rendemento escolar se se opta pola xornada continuada ou pola xornada partida.

Alemaña, Dinamarca e Italia teñen xornada continua e nos tres é de subliñar a importancia das actividades de tempo libre, “actividades extraescolares” desenvolvidas pola escola. Neste sentido, os tres países sinalados lideran o que en España se coñece como “o papel da escola como dinamizador social”.


Son moitas, pois, as circunstancias a considerar á hora de establecer os horarios escolares. O que parece claro é que nunca poderán nin deberán ser tan extensos como a xornada laboral dos pais e nais, polo que haberá que buscar solucións o máis axeitadas posible. As actividades extraescolares poden axudar a buscar puntos de equilibrio e complemento importantes.

## 10. REFERENCIAS AO CONTEXTO EUROPEO DA EDUCACIÓN EXTRAESCOLAR

Se coñecer a diversidade do sistema regrado no contexto europeo resulta sumamente complicado, aínda se atopa unha maior dificultade cando se pretende unha análise de como organiza cada país da Unión Europea as intervencións socioeducativas extraescolares que se levan a cabo nos denominados xenericamente “centros de educación non formal”.

Por este motivo resulta difícil pretender un estudo pormenorizado, non só polo amplo número de países, senón, sobre todo, pola propia diversidade dos seus sistemas educativos regrados, sobre os que existe unha maior información. Esta situación é moito máis complicada se nos referimos ás iniciativas extraescolares. En consecuencia, o único que se pretende sintetizar é a dinámica xeral que predomina e ter como referencia algúns países concretos que destacan por posuír unha maior experiencia e tradición neste contexto.

Un elemento importante e común ten que ver coa historia e existencia destes centros que promoven actividades extraescolares. As súas orixes remóntanse a finais do



século XIX, onde, entre outras iniciativas, aparecen as denominadas “Universidades Populares” como un proxecto que pretende a participación social e cultural da comunidade. Están vinculadas ás administracións locais e promoven diversos tipos de accións formativas tanto escolares -fundamentalmente para as novas xeracións- como extraescolares -para o colectivo adulto-. O seu obxectivo básico é levar a cabo proxectos socioculturais abertos ao contorno cunha proxección tanto para o mundo infantil e xuvenil como para o adulto. O seu gran reto é permitir o acceso aos bens culturais ás diferentes xeracións.

Se asumimos como referencia máis específica os espazos e tempos da educación escolar, a creación e desenvolvemento das actividades extraescolares presenta denominacións diversificadas segundo os diferentes países. Algúns destes (asumindo como limitación a referencia europea ao núcleo dos “quince”) teñen unha importante historia e tradición: Dinamarca, Francia, Suecia, Holanda, Reino Unido, Bélxica, entre outros. Cunha certa posterioridade, prodúcese un incremento importante noutros países, como é o caso de Grecia, Irlanda, Italia e España que, paulatinamente, están alcanzando cotas similares de implicación nas actividades extraescolares. Polo que respecta aos países nórdicos (Dinamarca, Finlandia, Suecia), caracterizáronse por fomentar actividades extraescolares xa desde finais do século XIX, pero particularmente o seu maior impulso e incremento data de mediados do século XX (1964) ao implantarse unha lexislación específica que implicaba “fundar centros públicos de educación non formal dispoñibles para todos os nenos/as”. En canto ao Reino Unido e Holanda, se ben en contextos diferentes, o incremento destes centros é consecuencia das leis que se preocupan desta temática de forma particular a partir de 1992 e 1993, respectivamente.

En todo caso, no contexto europeo, os centros de “educación non formal” (denominación xenérica predominante que permite uniformar o marco institucional) son administrados por autoridades públicas ou organizacións privadas e, con frecuencia, por unha combinación de ambas. Na maioría dos países, os servizos préstanse dentro do denominado “sistema do benestar”, na medida que cumpren unha dobre función de socialización máis aberta e distendida da que fomenta a aula e, ao mesmo tempo, son un apoio importante para a vida familiar tratando de compaxinar os tempos escolares e extraescolares.

Estas actividades extraescolares teñen precisamente o obxectivo de complementar fóra da aula o que se fai na aula, promovendo aprendizaxes complementarias e valores importantes de convivencia e socialización. Se ben é certo que estas accións non son parte específica do currículo e teñen un carácter voluntario, supoñen un enriquecemento para unha formación integral do alumnado e, ao mesmo tempo, un estímulo para conseguir unha maior implicación entre o centro e a comunidade educativa. Neste sentido resultan moi útiles, xa que son dunha grande axuda para o desenvolvemento e socialización nos diferentes cursos.

Polo que respecta aos niveis de formación do persoal educador, difiren moito entre os diferentes países. Naqueles con maior historia e tradición esíxense niveis de cualificación altos (entre outros, Austria, Finlandia e Alemaña), mentres que noutros pódense obter títulos en cursos curtos e especializados (Francia, Bélxica). Nos últimos

anos, países como Dinamarca, Suecia, España e Portugal desde a implantación da Diplomatura en Educación Social deseñan unha formación específica.

No caso español, destácase a función polivalente do educador social no contexto non formal: “As ensinanzas conducentes á obtención do título de diplomado en educación social deberán orientarse á formación dun educador nos campos da educación non formal, educación de adultos (incluídos os da terceira idade), inserción social de persoas desadaptadas e minusválidos, así como na acción socio-educativa” (RD 1420/1991; BOE, 10/10/91).

Pola súa parte, o propio Ministerio de Educación, como se mencionou anteriormente, considera moi importantes as actividades extraescolares pola súa contribución á “formación integral do alumnado”, en canto que promoven un sentimento de pertenza ao centro, axudan a conseguir unha maior autonomía e organización do tempo libre, desenvolven a autoestima, etc.

Como actuacións, os centros, ademais de polo menos dúas actividades deportivas, deben seleccionar propostas nas seguintes áreas:

- a) expresión artística (talleres de teatro, poesía, escritura, actividades plásticas, pintura, cómic, murais, cerámica, fotografía, etc.);
- b) actividades musicais: aprendizaxe dalgún instrumento, coros, bandas, etc.;
- c) actividades audiovisuais: talleres de radio, vídeo, cine ou televisión;
- d) actividades científicas: taller de aeromodelismo, taller de astronomía, etc.
- e) elaboración dunha revista escolar.

O máis importante, en todo caso, é que se ofrezca un número suficiente de propostas extraescolares para que todo o alumnado poida participar nalgunha delas tendo en conta os recursos aos que pode acceder o centro para a súa organización.

Recentemente (Diario Oficial N° 168, 20/07/06), a propia Unión Europea vén de publicar unha resolución sobre a importancia da educación “non formal e informal no ámbito da xuventude europea”. Esta importancia radica nos seguintes aspectos: a súa complementariedade coa aprendizaxe e formación formais, a formulación centrada no educando e a participación dos mozos/as e o carácter voluntario ligado ás súas necesidades e aspiracións que poden constituír unha fonte adicional de formación e unha posible vía cara a “educación formal”. Estas actividades son especialmente importantes para aqueles grupos con menos oportunidades.

Ademais, nos últimos anos, a Unión Europea vén dando cada vez maior importancia á educación e formación “non formal” mediante unha serie de documentos e resolucións, por exemplo *Un novo impulso para a xuventude europea* (Libro Branco), que establece e recalca a importancia da educación e formación “non formal” e estimula aos Estados membros a fomentar a cooperación e promover medidas efectivas para validar os resultados do ensino tanto regrado como non regrado (“formal e informal”). A xustificación para todas estas iniciativas ten como referencia o feito de que vivimos nunha sociedade onde cada vez máis “se aprende fóra dos tempos e espazos escolares”.

O sistema regrado non ten hoxe capacidade suficiente para atender o gran número de persoas que demandan formación, tanto no sector infantil-xuvenil como respecto ao conxunto de toda a poboación, que se decata, cada vez máis, da necesidade de formarse desde diferentes ámbitos e contextos, sendo moi diversas as organizacións onde se aprende.

Múltiples son tamén as institucións con referencia importante para colaborar e levar a cabo programas de formación, pero consideramos que asumen importancia especial os municipios, moi implicados nos diferentes países europeos. Os “centros de educación non formal” están a cargo das autoridades locais, ao mesmo tempo que non se impide a participación das organizacións privadas en función do marco legal que está vixente en cada país.

Tomando como referencia máis específica o contexto español, entre as obrigas ordinarias dos municipios destácase a participación na programación xeral do ensino concretando e definindo o “mapa escolar”. As funcións deste mapa, entre outras, son: facilitar o coñecemento das necesidades educativas e, por tanto, deseñar e cooperar na creación, construción e mantemento dos centros públicos; garantir prazas suficientes para a escolarización da poboación; intervir nos órganos de xestión dos centros docentes públicos; crear o consello escolar municipal; e participar a través de asociacións e federacións de municipios nos consellos territoriais, autonómicos e estatal. Entre outras implicacións particulares teñen precisamente o “labor de suplencia” respecto a necesidades que consideren importantes no seu territorio (Escolas infantís; Escolas de Música; contratación de servizos psicopedagóxicos; participación en comedores escolares, e singularmente o impulso das actividades extraescolares, etc.), xerando unha mutua interacción entre as institucións “políticas” do territorio e as “escolares” para complementarse no apoio ás actividades académicas e, sobre todo, ás relacionadas co ocio e tempo libre dos alumnos/as.

En síntese, a extensión da función educativa vai moito máis aló dos límites espaciais e temporais da escola, o que motivou, a nivel teórico, engadir á palabra “educación” unha tripla adxectivación e falar de “educación formal”, “non formal” e “informal”. A partir dunha notable aceptación destes termos, o panorama educativo foise ampliando sen negar a importancia da escolarización que en todos os sistemas educativos se foi incrementando.

## **11. REFERENCIAS Á OFERTA DE ACTIVIDADES NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

Practicamente en todos os centros de todas as comunidades autónomas españolas existe un amplo conxunto de actividades formativas, artísticas, deportivas..., que son promovidas polos claustros, as asociacións de nais e pais de alumnos/as ou ben conxuntamente, e que contribúen a mellorar a calidade da educación do alumnado, e a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral así como a unha maior utilización das instalacións e recursos dos centros educativos. Debemos ter en conta tamén que son moitos os concellos que colaboran na organización destas actividades e que incluso as complementan con oferta propia. A oferta de actividades extraescolares está intimamente vinculada en moitos centros á oferta do servizo de

comedor (xestionado polas asociacións de nais e pais de alumnos/as) para cubrir os tempos de atención e coidado do alumnado usuario deste servizo complementario.

Precisamente pola diversidade de modelos de organización e desenvolvemento destas actividades realizadas fóra do horario escolar, a obtención de datos resulta relativamente complexa. A tipoloxía das actividades nas diferentes comunidades autónomas é moi ampla, estando vinculada ás desenvolvidas dentro dos programas de apertura de centros. De xeito moi xeneralizado, no conxunto das comunidades autónomas, atopamos os seguintes tipos de actividades:

- servizos educativos de gardería e comedor escolar;
- actividades complementarias a realizar fóra do horario lectivo;
- participación en programas de aulas de natureza, arte e cultura;
- actividades de contido transversal: educación democrática, convivencia, saúde, consumo, coeducación, medioambiente...;
- animación á lectura, biblioteca e sala de estudo;
- actividades e campionatos deportivos;
- tecnoloxías da información e da comunicación;
- idiomas;
- actividades de ocio e tempo libre;
- actividades para pais e nais;
- actividades de animación sociocultural abertas á comunidade.

Existen tamén iniciativas de comunidades autónomas concretas que convén salientar, como sucede coas rutas educativas, literarias e científicas. Así, por exemplo, en comunidades como Castela-A Mancha convócanse axudas aos centros educativos para realizar actividades complementarias mediante o desenvolvemento de visitas educativas; son as denominadas "rutas educativas", que inclúen itinerarios e visitas a espazos relevantes da propia comunidade e doutras coas que se manteñen acordos de colaboración, reorientando estas actuacións para achegalas ao concepto de actividades complementarias na programación docente. Pretenden, entre outros obxectivos, crear un marco de convivencia con profesores/as e compañeiros/as doutras provincias que potencie os valores de compañeirismo, respecto mutuo, tolerancia e solidariedade. Pola súa parte, en Cantabria funciona o programa "rutas literarias", que está dirixido a alumnado de 2º ciclo de ESO, e que pretende promover o interese cara a lectura mediante o desenvolvemento dunha ruta literaria apoiada en textos de escritores, cuxa obra está vinculada aos lugares que a ruta percorre. Dentro desta iniciativa, tamén se convocan cursos de idiomas en residencias propias e no estranxeiro, actividades musicais e a coordinación das actividades convocadas polo Ministerio de Educación e Ciencia relacionadas coas "Escolas Viaxeiras", as "Rutas Literarias", as "Rutas Científicas", os "Pobos Abandonados" e as "Aulas de Natureza".

Así mesmo, tamén atopamos unha grande cantidade de iniciativas moi diversas

promovidas polos concellos, que están máis en consonancia coa capacidade e tradición de xestión das mesmas polos propios municipios que coa realidade de cada comunidade autónoma; polo tanto, non se poderían agrupar seguindo esta lóxica territorial. Así, casos a salientar como os de Barcelona ou A Coruña non son agrupables, a efectos de análise, a outros concellos de Cataluña e Galicia, respectivamente.

## 12. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS

---

A información exposta permite apuntar as seguintes consideracións:

- As incompatibilidades que na actualidade se producen xeran conflitos, tanto nas relacións entre pais e nais como entre estes e os seus fillos/as, que inciden, así mesmo, en toda a sociedade.
- A racionalización dos horarios laborais acorde cos que xa funcionan nalgúns dos nosos países veciños europeos, xunto cun cambio de mentalidade tanto no seo da familia (equiparación do home e da muller no coidado dos fillos/as e doutras persoas dependentes) como na empresa, farían posible esta conciliación, en lugar de buscar a solución de prolongar os horarios escolares.
- A xornada escolar debe, quizais, considerar na súa definición, configuración e desenvolvemento, a participación de toda a comunidade educativa (en sentido amplo). As responsabilidades dadas á escola e aos docentes haberán de vertebrarse no marco real das súas posibilidades e tempos de intervención directa co alumnado.
- Reducir o debate sobre a xornada escolar ás condicións da súa distribución diaria representa un dos principais obstáculos para o desenvolvemento de proxectos serios, comprometidos e responsables como a atención educativa integral ao alumnado.
- A resposta social ás necesidades educativas e formativas do alumnado require formatos locais, de barrio..., contextos que permitan a adecuada inserción das escolas, a implicación de axentes sociais e a atención singular ás poboacións en desvantaxe social.
- E finalmente, a apertura dos centros escolares (e o seu aproveitamento educativo, social e comunitario) representa un ámbito de desenvolvemento a ter moi en conta.





The top portion of the page features a background image with a grid of squares in various shades of orange, red, and yellow. A solid teal horizontal bar spans the width of the page, containing the chapter title in white script font.

# Capítulo 2

## **Os servizos complementarios nas comunidades autónomas españolas**



## 1. OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

No conxunto do sistema educativo das comunidades autónomas de España, os servizos complementarios son dunha grande importancia non soamente polo propio valor educativo que encerran en si mesmos, senón tamén porque contribúen de maneira destacable a compensar situacións sociais e persoais de desigualdade do alumnado.

O dereito fundamental de recibir unha educación básica obrigatoria e gratuíta leva ás administracións educativas a garantir que todo o alumnado, independentemente de cal sexa a súa situación familiar, económica ou social inicial, teña acceso a unha educación de calidade.

Para garantirmos a verdadeira igualdade de oportunidades cómpre compensar as desigualdades de orixe, facilitar a integración das minorías e contribuír á conciliación da vida laboral, persoal e familiar mediante a existencia de servizos educativos complementarios que fomenten a igualdade e a solidariedade necesarias para un desenvolvemento axeitado da educación.

Nestes servizos inclúense fundamentalmente o transporte, o comedor e o internado, todos considerados como un complemento da actividade escolar e formando parte da Programación Xeral Anual (PXA).

En todas as comunidades autónomas adóitase incluír dentro destes servizos complementarios os programas de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares, así como os de bolsas de axuda ao estudo. No primeiro caso, os beneficiarios/as foron aumentando progresivamente ata chegar practicamente a todos os alumnos/as das ensinanzas obrigatorias. No segundo caso, as bolsas de axuda constitúense como outro mecanismo para conseguir que o alumnado teña as mesmas oportunidades para acceder a unha educación de calidade, compensando desigualdades socioeconómicas. A estes programas acóllese, así mesmo, o alumnado dos niveis non obrigatorios.

Nos últimos anos véñense incorporando aos servizos complementarios os programas de apertura dos centros educativos fóra do horario escolar habitual, programas que reciben diferentes denominacións e que consisten, basicamente, ben en aulas matinais, programa madrugadores, ben en aulas abertas en períodos de tarde, etc., os cales lles permiten ás familias a compatibilidade do horario escolar co horario laboral.

### 1.1.O comedor escolar

A existencia dos comedores escolares nos centros públicos ten unha incidencia social directa de apoio a familias desfavorecidas e/ou de conciliación da vida laboral e familiar; en calquera caso, convértese, cada vez máis, nun espazo de aprendizaxe e de influencia benéfica dentro da formación integral das persoas, especialmente no desenvolvemento de hábitos e actitudes de convivencia, colaboración e hixiene.

O servizo de comedor debe figurar na Programación Xeral Anual do centro e no seu Proxecto Educativo incluíndo, entre outros aspectos, a súa función educadora.

As axudas de comedor outórganse normalmente ao alumnado transportado e nos casos de familias solicitantes en precaria situación económica. O alumnado que non recibe axuda de comedor aboa a mesma cantidade que conceden as axudas ou bolsas de comedor.

A subministración da comida na rede de comedores escolares é realizada de diversas formas. En Galicia é prioritaria a elaboración das comidas no propio centro ou nun centro próximo por persoal das administracións educativas; outras fórmulas existentes, tanto en Galicia como no resto das comunidades autónomas, consisten na elaboración a cargo do persoal dunha empresa allea contratada, na achega de comida xa preparada, sistema tamén denominado “catering”, na realización do servizo por empresas especializadas e, en ocasións, tamén a través do establecemento de convenios coas asociacións de nais e pais do alumnado ou cos concellos.

O alumnado que utiliza o servizo de comedor escolar ten un período de estancia nos centros fóra da xornada escolar no que precisa atención. Esta atención pode ser realizada polos propios docentes do centro ou por persoal contratado.

Ao longo destes últimos anos estase a producir en Galicia o que se considera unha mellora na prestación deste servizo, que consiste, entre outras medidas, na ampliación da prestación durante todo o curso escolar.

### 1.2.O transporte escolar

As Administracións educativas deben prestar de maneira gratuíta este servizo para o alumnado de ensinanza obrigatoria que estea escolarizado nun concello distinto ao da súa residencia ou ben, dentro do mesmo concello, a unha distancia que o xustifique.

A configuración xeográfica das distintas comunidades autónomas, así como factores como a dispersión ou a propia climatoloxía, fan que a planificación do transporte escolar sexa máis ou menos complexa.

A evolución do custo económico deste servizo nestes últimos anos non soamente está en función do número de usuarios/as e contratos asinados coas distintas compañías de transporte de viaxeiros, senón que inflúe notoriamente a incorporación da figura do acompañante e as melloras no servizo prestado, así como o transporte exclusivo do alumnado de educación especial.

Un problema que se detecta en todas as comunidades autónomas, e que soamente se está a resolver nalgúns centros individualmente e dependendo de acordos do consello escolar, é o da regulación dos tempos que inevitablemente hai entre as chegadas e saídas do transporte escolar e os períodos lectivos, tempos nos que os escolares permanecen nos centros cunha atención cando menos precaria.

Son comúns en todas as comunidades autónomas as axudas individuais para transporte escolar a aqueles alumnos/as que non se axustan ás rutas de transporte planificadas e contratadas directamente coas distintas empresas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

### 1.3.As residencias escolares

Outro dos elementos necesarios para favorecer o acceso á educación son as residencias escolares, institucións nas que serán admitidos aqueles alumnos/as que teñan que realizar desprazamentos diarios cunha duración horaria excesiva, ou aqueles cuxas características así o aconsellen. Os residentes utilizan o servizo de transporte e reciben, ademais do aloxamento, apoio pedagóxico e tutorial.

A nosa Comunidade Autónoma conta na actualidade con residencias escolares, denominadas centros residenciais docentes, que atenden aproximadamente a 800 alumnos/as, maioritariamente de ciclos formativos de Formación Profesional (antigas Universidades Laborais), na Coruña, Ourense e Vigo. Ademais, existen dúas Escolas Fogar (EFOG) en Sarria e Mondariz, que contan con alumnado de Educación Primaria.

## **2. VOLUME DOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE TRANSPORTE ESCOLAR NO CONXUNTO DO ESTADO**

Nestes dous servizos complementarios, a comparación de Galicia coas outras comunidades pode achegarnos datos de interese.

### 2.1.Número de centros que ofertan servizos de comedor e de transporte escolar

No curso 2006-2007 son 11.961 os centros que ofertan comedor escolar, tal como pode apreciarse na táboa 1. Atendendo á modalidade de centro, os que ofrecen en maior medida o mencionado servizo son os de Educación Primaria (42,7%). Por comunidades autónomas, Madrid (19,1%) e Cataluña (18,1%) son as que posúen un maior número, aínda que nestas comunidades son os centros de Educación Infantil os que máis o ofertan. Polo que respecta a Galicia, que conta cun total de 744 centros con servizo de comedor (6,2%), son os de Educación Primaria os que teñen maior número.

Táboa 1. Número de centros de titularidade pública e privada con servizo de comedor escolar segundo modalidade de centro e comunidade autónoma no curso 2006-2007

Comunidade Autónoma	Centros E. Infantil	Centros E. Primaria	Centros E. Primaria e ESO	Centros ESO e/ou Bacharelatos e/ou FP	Centros E. Primaria, ESO e Bacharelato/FP	Centros Específicos E. Especial	Total
Andalucía	59	973	131	206	8	22	1.399
Aragón	145	165	57	23	33	13	436
Asturias (Principado)	45	149	53	4	26	10	287
Baleares (Illas)	51	149	61	2	20	6	289
Canarias	15	360	79	18	34	18	524
Cantabria	15	126	33	2	18	8	202
Castela-León	109	370	147	44	78	29	777
Castela-A Mancha	19	291	43	20	21	19	413
Cataluña <sup>1</sup>	1.044	155	255	387	217	106	2.164
C. Valenciana	149	452	132	14	72	41	860
Estremadura	12	97	22	7	18	18	174
Galicia	24	388	151	83	71	27	744
Madrid (Comunidade)	984	792	142	29	272	64	2.283
Murcia (Rexión)	87	161	30	1	24	11	314
Navarra	3	94	18	18	17	5	155
País Vasco	162	328	105	144	93	14	846
Rioxa (A)	7	43	13	4	8	2	77
Ceuta	--	7	--	--	--	1	8
Melilla	4	4	--	--	--	1	9
<b>Total</b>	<b>2.934</b>	<b>5.104</b>	<b>1.472</b>	<b>1.006</b>	<b>1.030</b>	<b>415</b>	<b>11.961</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (MEPSYD).<sup>1</sup>

Polo que respecta á existencia do transporte escolar no conxunto do Estado, e tendo en conta os datos dispoñibles, hai un total de 6.867 centros que ofertan este servizo (táboa 2). Considerando a modalidade de centro, son os de Educación Primaria e os de ESO e/ou Bacharelato e/ou FP os que, en maior medida, contan con este servizo, cun 42,3% e un 31,6%, respectivamente. Por comunidades autónomas, son Andalucía (14,3%) e Galicia (13,9%) as que teñen máis centros que ofertan transporte escolar, destacando nesta última os centros de Educación Primaria.

<sup>1</sup> Non se dispón de información para os centros de Educación Primaria da Administración educativa.

Táboa 2. Número de centros de titularidade pública e privada con servizo de transporte escolar segundo modalidade de centro e comunidade autónoma no curso 2006-2007


Comunidade Autónoma	Centros E. Infantil	Centros E. Primaria	Centros E. Primaria e ESO	Centros ESO e/ ou Bacharelatos e/ou FP	Centros E. Primaria, ESO e Bacharelato/FP	Centros Específicos E. Especial	Total
Andalucía	2	387	129	447	1	17	983
Aragón	--	79	20	74	20	13	206
Asturias (Principado)	10	132	37	58	26	10	273
Baleares (Illas)	1	57	9	47	4	7	125
Canarias	5	310	56	151	25	19	566
Cantabria	3	89	19	36	7	7	161
Castela-León	13	232	73	187	32	24	561
Castela-A Mancha	2	213	11	166	5	20	417
Cataluña	9	37	63	257	91	95	552
C. Valenciana	26	216	38	46	25	39	390
Estremadura	1	70	12	102	9	17	211
Galicia	26	487	140	215	59	26	953
Madrid (Comunidade)	36	215	26	116	132	51	576
Murcia (Rexión)	6	92	9	84	14	11	216
Navarra	3	61	13	47	13	5	142
País Vasco	8	211	60	118	80	12	489
Rioxa (A)	2	14	6	15	1	2	40
Ceuta	--	1	--	--	--	1	2
Melilla	--	2	--	2	--	--	4
<b>Total</b>	<b>153</b>	<b>2.905</b>	<b>721</b>	<b>2.168</b>	<b>544</b>	<b>376</b>	<b>6.867</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do MEPSYD.

## 2.2. Alumnado usuario dos servizos de comedor e de transporte escolar

Observamos, na gráfica 1, que a porcentaxe de alumnado usuario dos comedores é moito máis elevada na ensinanza privada que na pública, tanto en Galicia como no conxunto de España, por ser este un servizo que se ofrece con moita frecuencia para a captación de alumnado por parte dos centros privados, fundamentalmente nas cidades. De feito, a razón de que a diferenza das porcentaxes globais sexa mínima pódese atopar con seguridade neste desequilibrio: en Galicia máis do 19% do alumnado era usuario do servizo nos centros públicos -case cinco puntos máis que no resto do Estado- mentres que a tendencia na privada era a contraria, dous puntos máis no resto do Estado que en Galicia. Non será alleo a esta situación o menor índice de poboación urbana en Galicia.


Gráfica 1. Porcentaxe de alumnado usuario do comedor escolar en Galicia e no conxunto de España no curso 2006-2007



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do *Informe sobre el estado y situación del Sistema Educativo. Curso 2006/2007*. Consejo Escolar del Estado.

Con respecto ao transporte, os datos, tal como se amosa na gráfica 2, son ben diferentes. Galicia é a comunidade con maior porcentaxe de alumnado transportado e a diferenza global co Estado é de máis de 20 puntos porcentuais. Con este dato tan elocuente é comprensible a importancia que se lle dá a este servizo en Galicia, tanto polo gasto que xera como polo condicionante que supón na organización dos centros, máxime se temos en conta que, considerando en exclusiva os centros públicos, a diferenza en alumnado usuario con respecto ao Estado increméntase ata superar os 23 puntos porcentuais: en Galicia transportáse a un de cada tres alumnos da rede pública, mentres que no Estado se fai a un de cada dez.

Gráfica 2. Porcentaxe de alumnado usuario do transporte escolar en Galicia e no conxunto de España no curso 2006-2007



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do *Informe sobre el estado y situación del Sistema Educativo. Curso 2006/2007*. Consejo Escolar del Estado.



### 3. OS PROGRAMAS MADRUGADORES E CENTROS ABERTOS

Relacionados cos servizos complementarios e as actividades extraescolares están os denominados *Programas Madrugadores*, que consisten na ampliación do horario de apertura dos centros para a atención do alumnado, e os chamados *Centros Abertos*, que consisten na ampliación do horario de peche do centro.

Durante estes períodos, as actividades que se realizan teñen carácter extraescolar, non sendo, polo tanto, indispensables para a consecución dos obxectivos curriculares. En varios casos (Castela e León) é a Administración educativa a que sufraga os custos do persoal especializado preciso para o desenvolvemento do programa, en tanto que o custo económico diario do servizo de almorzo, de ser necesario, corre por conta dos usuarios/as.

Estes programas nacen co obxectivo fundamental de facer compatible o horario laboral dos pais e nais traballadores co horario escolar dos seus fillos/as. O Programa Centros Abertos (Castela e León) leva consigo a apertura dos centros escolares todos os sábados do curso e os días laborables non lectivos. Trátase de ofrecerlle ao alumnado e ás súas familias unha xornada escolar completa, de xeito que atopen as actividades necesarias para completaren a súa formación e para utilizar dunha maneira educativa e proveitosa o seu tempo de lecer.

Estas iniciativas favorecen a prestación de servizos e a realización de actividades complementarias e extraescolares coa finalidade de atender aos nenos/as fóra do horario lectivo, dando resposta ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar da poboación.

#### 3.1. Número de centros que ofertan o Programa Apertura de centros

O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (MEPSYD) ofrece, por primeira vez, datos estatísticos do Programa<sup>2</sup> Apertura de centros referidos ao curso escolar 2006-2007; non obstante, cabe subliñar que non se dispón de información para algúns niveis de ensino nalgunha das comunidades autónomas. Na seguinte táboa amósanse os datos do número de centros que ofertan este programa, desagregados por titularidade e por comunidades autónomas.

---

<sup>2</sup> O MEPSYD considera o Programa Apertura de centros un servizo complementario.

Táboa 3. Número de centros de titularidade pública e privada que ofertan o Programa Apertura de centros (ampliación horario) segundo comunidade autónoma no curso 2006-2007

Comunidade Autónoma	Apertura (Ampliación horario)		
	Públicos	Privados	Total
Andalucía	958	25	983
Aragón	168	136	304
Asturias (Principado de)	85	30	115
Baleares (Illas)	157	85	242
Canarias	126	49	175
Cantabria	53	46	99
Castela-León	262	207	469
Castela-A Mancha	104	61	165
Cataluña <sup>3</sup>	14	271	285
C. Valenciana	14	8	22
Extremadura	40	31	71
Galicia	158	132	290
Madrid (Comunidade)	843	1.053	1.896
Murcia (Rexión)	32	50	82
Navarra	29	20	49
País Vasco	--	--	--
Rioxa (A)	9	20	29
Ceuta	10	2	12
Melilla	1	3	4
<b>Total</b>	<b>3.063</b>	<b>2.229</b>	<b>5.292</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (MEPSYD).

O Programa Apertura ou ampliación de horario lévase a cabo, como pode apreciarse na táboa 3, a nivel estatal, nun total de 5.292 centros, dos que o 57,9% son de titularidade pública e o 42,1% de titularidade privada.

Por comunidades autónomas é Madrid a que oferta maiormente este programa (35,8% do total do Estado) situándose, a continuación, Andalucía (18,6%). Tendo en conta a titularidade do centro, Andalucía (31,3%) ocupa a primeira posición en canto a centros públicos que ofertan este programa, seguida de Madrid (27,5%), mentres que, polo que respecta aos centros privados, son os da Comunidade de Madrid os que ofertan este programa cun predominio absoluto sobre o resto de comunidades (47,2%). En Galicia, o *Programa ampliación de horario* desenvólvese nun total de 290 centros, dos cales o 54,5% son públicos.

### 3.2. Alumnado usuario do Programa Apertura de centros

Atendendo aos datos dispoñibles e tendo en conta a inexistencia destes nalgúns comunidades, pode observarse (táboa 4) que as etapas educativas nas que o alumnado fai un maior uso do servizo de apertura son, fundamentalmente, a Educación Infantil

<sup>3</sup> Non se dispón de información para os centros de Educación Primaria da Administración educativa de Cataluña.

(50%) e a Primaria (46,5%), sendo practicamente inexistente o uso do mesmo nas etapas de Bacharelato e Formación Profesional. Por comunidades autónomas, a maioría do alumnado pertence ás Comunidades de Madrid e de Andalucía, que ostentan o 34% e o 23%, respectivamente, do total de alumnado usuario. Polo que respecta a Galicia, non se dispón de información.

**Táboa 4. Alumnado usuario do Programa Apertura de centros (ampliación horario) nos centros de titularidade pública e privada segundo nivel educativo e comunidade autónoma<sup>4</sup> no curso 2006-2007**

Comunidade Autónoma	Educación Infantil	Educación Primaria	Educación Especial	Educación Secundaria Obligatoria	Bacharelos	Formación Profesional <sup>5</sup>	Total
Andalucía	17.667	25.912	78	158	--	--	43.815
Aragón	7.476	9.822	74	394	--	--	17.766
Asturias (Principado)	1.236	831	8	19	--	--	2.094
Baleares (Illas)	4.141	3.325	20	432	--	--	7.918
Canarias	3.266	4.343	14	871	86	125	8.705
Cantabria	1.463	1.433	62	402	--	--	3.360
Castela-León	7.587	9.179	123	1.396	--	--	18.285
Castela-A Mancha	2.403	2.803	118	254	--	--	5.578
Cataluña <sup>6</sup>	4.351	4.868	--	--	--	--	9.219
Extremadura	1.108	2.117	143	105	--	--	3.473
Madrid (Comunidade)	41.510	22.103	198	1.022	--	--	64.833
Murcia (Rexión)	1.328	455	32	192	--	--	2.007
Navarra	967	641	--	10	--	--	1.618
Rioxa (A)	405	174	4	4	--	--	587
Ceuta	66	96	70	--	--	--	232
Melilla	273	405	--	200	--	--	878
<b>Total<sup>7</sup></b>	<b>95.247</b>	<b>88.507</b>	<b>944</b>	<b>5.459</b>	<b>86</b>	<b>125</b>	<b>190.368</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MEPSYD.

Do número total de usuarios/as deste programa (190.368), un 64,6% (122.976) é alumnado de centros públicos (ver táboas 4 e 5). Os restantes 67.392, é dicir, un 35,4%, son alumnos/as de centros privados. Cabe matizar que descoñecemos que cantidade de alumnado é usuario nos centros privados concertados, ao non estar os datos desagregados en función dos centros de titularidade privada que perciben ou non financiamento público.

<sup>4</sup> Para a Comunidade Valenciana, Galicia e País Vasco non se dispón de información.

<sup>5</sup> Inclúe o alumnado de ciclos formativos de FP e Programas de Garantía Social.

<sup>6</sup> Non se dispón de información para os centros de Educación Primaria da Administración educativa de Cataluña.

<sup>7</sup> A cifra do total non corresponde ao total nacional, xa que falta información dalgunhas comunidades autónomas.

Táboa 5. Alumnado usuario do Programa Apertura de centros (ampliación horario) nos centros de titularidade pública segundo nivel educativo e comunidade autónoma<sup>8</sup> no curso 2006-2007

Comunidade Autónoma	Educación Infantil	Educación Primaria	Educación Especial	Educación Secundaria Obligatoria	Bacharelatos	Formación Profesional <sup>6</sup>	Total
Andalucía	17.667	25.912	78	158	--	--	43.815
Aragón	4.604	7.895	72	197	--	--	12.768
Asturias (Principado)	966	627	--	4	--	--	1.597
Baleares (Illas)	2.499	2.152	--	370	--	--	5.021
Canarias	1.720	2.738	12	459	86	19	5.034
Cantabria	622	779	--	286	--	--	1.687
Castela-León	4.996	6.954	44	379	--	--	12.373
Castela-A Mancha	1.492	2.048	31	17	--	--	3.588
Cataluña <sup>10</sup>	198	167	--	--	--	--	365
Extremadura	720	1.693	46	55	--	--	2.514
Madrid (Comunidade)	19.224	12.957	1	185	--	--	32.367
Murcia (Rexión)	529	79	27	--	--	--	635
Navarra	420	275	--	--	--	--	695
Rioxa (A)	100	54	--	--	--	--	154
Ceuta	47	96	70	--	--	--	213
Melilla	50	100	--	--	--	--	150
<b>Total<sup>11</sup></b>	<b>55.854</b>	<b>64.526</b>	<b>381</b>	<b>2.110</b>	<b>86</b>	<b>19</b>	<b>122.976</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do MEPSYD.

Tendo en conta, unha vez máis, a inexistencia de información dalgunhas comunidades, obsérvase na táboa anterior que nos centros públicos tamén se realiza un maior uso do Programa Apertura de centros nas etapas de ensino obrigatorio, sobre todo na Educación Primaria (52,5%). Así mesmo, apréciase a relevancia do número de usuarios/as na etapa de Educación Infantil (45,4%). Por comunidades autónomas, son Andalucía (35,6%) e Madrid (26,3%) as que contan con maioría de alumnado usuario.

Por último, como reflexión xeral deste capítulo, diremos que a singularidade do transporte escolar en Galicia fai que outros servizos tales como o comedor escolar e o Programa Madrugadores deban ser tratados de forma coordinada para acadar un axeitado nivel de funcionamento e efectividade.

<sup>8</sup> Para a Comunidade Valenciana, Galicia e País Vasco non se dispón de información.

<sup>9</sup> Inclúe o alumnado de ciclos formativos de FP e Programas de Garantía Social.

<sup>10</sup> Non se dispón de información para os centros de Educación Primaria da Administración educativa de Cataluña.

<sup>11</sup> A cifra do total non corresponde ao total nacional, xa que falta información dalgunhas comunidades autónomas.



# Capítulo 3

## As actividades extraescolares na Comunidade Autónoma de Galicia



## **1. AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA: ASPECTOS XERAIS**

As actividades extraescolares veñen reguladas polos distintos Regulamentos Orgánicos dos centros de ensinanza non universitarias e polas Ordes que os desenvolven.

A realización de actividades extraescolares e de actividades formativas complementarias está relacionada directamente coa xornada escolar que en cada centro se aplica; en Galicia, se a xornada escolar é continua, a oferta de actividades extraescolares é obrigada. Unha axeitada programación e variedade na oferta destas actividades constitúe un aval para a formación integral do alumnado e un índice de calidade dos centros educativos.

A comunidade educativa, a través do consello escolar, fomentará a organización deste tipo de actividades co fin de facilitar a máxima participación de todo o alumnado dos centros e así favorecer a apertura do centro ao contorno. A dirección do centro garantirá a información axeitada aos pais, nais ou titores e titoras. A titularidade do centro ou, se é o caso, a entidade organizadora ten que garantir a atención e vixilancia do alumnado participante nas mesmas.

Todos os centros, tanto públicos como privados concertados, farán constar as actividades na programación xeral anual aprobada polo consello escolar. Este documento de xestión dos centros remítese á Inspección Educativa na segunda quincena de outubro. No caso dos Institutos de Educación Secundaria, os directores/as enviarán á Inspección Educativa o documento de actividades complementarias e extraescolares antes do 15 de novembro de cada ano académico. Corresponde a esta a supervisión do programa anual de actividades complementarias e extraescolares, comprobando a súa adecuación á normativa vixente.

## **2. NORMATIVA LEGAL**

Recóllese, a continuación, a normativa legal que regula as actividades extraescolares na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **2.1. Normativa de carácter estatal**

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación (LODE), (BOE, 04/07/85). No artigo 51, apartado 2, fai referencia a que nos centros concertados as actividades escolares, tanto docentes como complementarias ou extraescolares e de servizos, non poderán ter carácter lucrativo.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), (BOE, 04/05/06). O artigo 88 establece que para garantir a posibilidade de escolarizar a todos os alumnos/as sen discriminación por motivos socioeconómicos, en ningún caso poderán os centros públicos ou privados concertados percibir cantidades das familias por recibir as ensinanzas de carácter gratuíto, impoñer ás familias a obriga de facer achegas a fundacións ou asociacións nin establecer servizos obrigatorios, asociados ás ensinanzas, que requiran contribución económica, por parte das familias dos alumnos/as. No marco do disposto no artigo 51 da LODE, quedan

excluídas desta categoría as actividades extraescolares, as complementarias, e os servizos escolares, que, en todo caso, terán carácter voluntario.

## 2.2. Normativa reguladora dos centros públicos na Comunidade Autónoma de Galicia

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG, 21/10/96). O capítulo IV do título III regula o equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG, 09/08/96). No capítulo III (título III) regúlase o departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 02/09/97), capítulos I (regula os proxectos de xestión do centro educativo), VIII (fai referencia aos servizos complementarios) e IX (actividades complementarias e extraescolares).
- Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG, 02/09/97).
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG, 26/01/99). O capítulo VIII regula o equipo de actividades extraescolares e complementarias.
- Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG, 02/11/00).

Estas normas tamén son aplicables aos centros privados concertados en todos aqueles aspectos que non contrañan o establecido na súa lexislación específica e os límites fixados por ela.

## 2.3. Normativa reguladora dos centros privados concertados na Comunidade Autónoma de Galicia

- Decreto 444/1996, do 13 de decembro, polo que se regulan as actividades escolares complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto (DOG, 02/01/97).
- Orde do 15 de xaneiro de 1997, pola que se ditan instrucións para o procedemento de autorización de cantidades que se percibirán como contraprestación por actividades escolares complementarias, actividades extraescolares e servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto (DOG, 12/03/97).



### 3. ORGANIZACIÓN E APROBACIÓN

Os centros facilitarán e promoverán a participación dos distintos sectores da comunidade educativa, individualmente ou a través das súas asociacións e os seus representantes no consello escolar, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades extraescolares. Deste xeito, poden participar distintas entidades, tales como o centro, as asociacións de nais e pais de alumnos e alumnas, as entidades sen ánimo de lucro, as asociacións culturais, etc. Deben figurar sempre na programación xeral anual e ser aprobadas polo consello escolar, tanto nos centros públicos como nos privados.

As administracións locais poderán colaborar cos centros educativos para impulsar as actividades extraescolares e promover a relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que estes desenvolven o seu labor.

No caso dos centros públicos, as entidades alleas a este que organicen actividades extraescolares no mesmo deberán tramitar os permisos oportunos para o uso das instalacións, debendo presentar unha memoria descritiva que inclúa a concreción do financiamento da actividade e a garantía da asunción plena da responsabilidade contractual respecto do persoal que a vai desenvolver.

A dirección e realización de actividades extraescolares de formación física, deportiva ou danza estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente.

Nos centros públicos de Educación Primaria, o equipo de actividades complementarias e extraescolares será o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Este equipo estará integrado polo seu xefe/a e, para actividade concreta, polo profesorado que participe nela. O xefe/a do equipo será un profesor/a, preferentemente con destino definitivo no centro, designado polo director/a por proposta do xefe/a de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica; e que será nomeado por un período de dous anos. A súa actuación estará baixo a dependencia directa do xefe/a de estudos e en colaboración co equipo directivo. Nos centros que contén con tres, catro ou cinco unidades, a coordinación das actividades extraescolares será asumida polo director/a.

Por outra parte, nos centros públicos de Educación Secundaria, será o departamento de actividades complementarias e extraescolares o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. O departamento está integrado polo xefe ou xefa do mesmo e, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma. O xefe/a será o vicedirector ou vicedirectora nos centros onde exista este cargo; de non ser así, desempeñará estas funcións un profesor/a, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o director/a por proposta do xefe/a de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica. O xefe ou xefa do departamento será nomeado polo director/a do centro por un período de catro anos. Ao igual que nos centros de Educación Infantil e Primaria, a súa actuación estará baixo a dependencia do xefe/a de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.

Na programación das actividades extraescolares a realizar polo xefe/a do departamento ou do equipo deben constar obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.

Cando estas actividades se realicen fóra da localidade requirirase a previa aprobación por parte do consello escolar, a autorización escrita dos pais, nais ou titores/as legais dos alumnos e alumnas participantes e o acompañamento dun número de profesores/as, coa proporción mínima dun mestre ou mestra por unidade no caso da Educación Infantil e Primaria e dun profesor/a por cada vinte alumnos/as no caso de Secundaria. Poderá un profesor/a acompañar máis dunha unidade sempre que non se rebasen os 25, se son de Infantil ou Primaria, ou os 30 se son de Secundaria.

Os centros, coa aprobación do consello escolar, poderán establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares, convenios que deberán ser autorizados polo titular da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Dirección Xeral responsable dos centros ou da propia Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

Nos centros privados concertados, as actividades extraescolares serán aprobadas polo consello escolar a proposta da titularidade do centro e deberán ser comunicadas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como os prezos que os usuarios/as deberán aboar durante o mes de setembro no caso das ensinanzas obrigatorias, e no mes de outubro nas posobrigatorias. A modificación nas cantidades percibidas como pago das actividades extraescolares comunicárase á Delegación Provincial correspondente.



# *Capítulo 4*

## **Os comedores escolares na Comunidade Autónoma de Galicia**



## **1. OS COMEDORES ESCOLARES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA: ASPECTOS XERAIS**

O artigo 82.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) (BOE, 04/05/06), establece que as Administracións educativas prestarán, en determinados supostos, de forma gratuíta os servizos escolares de transporte escolar e, se fora o caso, de comedor.

Hoxe en día a lexislación reserva un espazo destacado á tarefa conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral, intentando eliminar obstáculos económicos, sociais ou de calquera outra índole que dificulten ou impidan o desenvolvemento do dereito á educación constitucionalmente establecido (art. 27 da Constitución Española). As dificultades de mulleres e homes para compaxinar a vida laboral coa educación das fillas e fillos fan necesaria a ampliación e modernización dos servizos educativos complementarios para dar unha resposta eficaz ás familias en condicións de máxima igualdade e compensación das súas necesidades.

Polo anteriormente exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a través do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG, 06/02/07) e da Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG, 05/03/07), establece un novo marco normativo que regula a organización, funcionamento e xestión dos comedores escolares, coa pretensión de mellorar a calidade do servizo. Dita normativa é de aplicación aos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas nos niveis de Educación Infantil (segundo ciclo), Primaria e Secundaria Obrigatoria, que contén co servizo de comedor.

Nesta nova singradura, os comedores escolares proporcionan alimentación e nutrición, seguen sendo un factor importante para a escolarización e cumpren funcións de carácter pedagóxico, complementario, compensatorio, social, solidario e educativo. Ademais, están integrados na vida dos centros educativos, de tal xeito que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral dos propios centros.

## **2. NORMATIVA LEGAL**

A lexislación referida ao servizo complementario de comedor escolar concrétese nas seguintes disposicións:

### **2.1. Normativa de carácter estatal**

- Resolución do 11 de abril de 2006. Libro de Visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE, 19/04/06). Corrección de erros no BOE do 26 de abril.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE, 04/05/06).

### **2.2. Normativa referida á Comunidade Autónoma de Galicia**

- Decreto 444/1996, do 13 de decembro, polo que se regulan as actividades escolares

complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto (DOG, 02/01/97).

- Orde do 15 de xaneiro de 1997, pola que se ditan instrucións para o procedemento de autorización de cantidades que se percibirán como contraprestación por actividades escolares complementarias, actividades extraescolares e servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto (DOG, 12/03/97).
- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, sobre autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG, 04/04/03).
- Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 06/02/07).
- Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 05/03/07).
- Instrución do 16 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso escolar 2007-2008.
- Orde do 18 de setembro de 2007, pola que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso académico 2007-2008 (DOG, 25/09/07).

Unha nova disposición normativa, a Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG, 19/06/08), vén completar a normativa precedente, aínda que a súa aplicación é posterior ao curso obxecto de estudo. Esta orde modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 3. O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E AS SÚAS MODALIDADES

Por servizo de comedor enténdense os servizos de xantar e de atención aos usuarios/as nos períodos de tempo libre anterior e posterior, nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

As modalidades de xestión do servizo de comedor dos centros públicos son as seguintes:

#### a) Con carácter xeral:

- *Directa polo propio centro*, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá as funcións recollidas na normativa.

- *Directa mediante a elaboración de comidas centralizadas en cocinas propias, con persoal da Administración, e transportadas a outros centros docentes próximos, contratando o mencionado servizo cunha empresa do sector hostaleiro. Neste caso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contrata o transporte e a subministración das comidas aos centros afectados. A empresa adxudicataria é responsable da subministración e servizo de menú, así como da limpeza total do comedor e da menaxe empregada.*

Os expedientes de contratación acomóndanse á Lei de Contratos das Administracións Públicas; a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que para o efecto se aproben, corresponde aos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

As empresas seleccionadas deben:

- Dispoñer do número de rexistro xeral sanitario de alimentos da Xunta de Galicia, debendo presentar a credencial de acordo co especificado no prego de cláusulas administrativas particulares cando as comidas se elaboren fóra das instalacións do centro.
- Cumprir a normativa hixiénico-sanitaria para industrias dedicadas á elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas contida no Real Decreto 3484/2000, do 29 de decembro (BOE, 12/01/01) e no Real Decreto 2207/1995, do 28 de decembro (BOE, 27/02/96), polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, así como calquera outra norma que o substitúa ou modifique.

O servizo de atención ao alumnado usuario corre a cargo do persoal laboral, funcionario, docente ou non, do centro e/ou asociacións de nais e pais do alumnado; de non existir persoal voluntario, o director/a, logo do informe do consello escolar, adoptará as medidas oportunas, excluindo a contratación que puidera xerar algún vínculo laboral coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**b) Por motivos debidamente xustificadas:** *Contratación de subministración de comidas preparadas ou da elaboración de comidas nas dependencias do centro, a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo polo procedemento que corresponda.*

A contratación corresponde á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, rexéndose polo disposto na lexislación xeral de Contratos das Administracións Públicas e polos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que para o efecto se aproben.

As empresas adxudicatarias deben cumprir a normativa hixiénico-sanitaria e posuír o número de rexistro xeral sanitario de alimentos da Xunta de Galicia.

**c) Con carácter excepcional:** *A Administración educativa pode colaborar na xestión e organización do servizo cos respectivos concellos, deputacións ou outras institucións públicas ou privadas, así como con outras entidades ou colectivos, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos/as e as súas federacións.*

Nesta modalidade esíxese o compromiso da entidade correspondente no relativo á asunción, á xestión e ao financiamento, así como o do consello escolar do centro no que toca á supervisión do seu funcionamento.

d) **Xestión directa singular:** Nos centros que impartan ensinanzas de hostalaría e/ou similares que requiran a realización de prácticas de cociña e funcione ao mesmo tempo o servizo de comedor escolar, a *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os responsables dos centros poden acordar o establecemento dunha xestión directa e singular*, tanto no económico como no funcional, que permita compatibilizar e rendibilizar ao máximo o desenvolvemento da docencia práctica das citadas ensinanzas e unha correcta prestación do servizo de comedor.

## 4. RÉXIME ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

### 4.1. Procedemento de autorización e apertura do servizo de comedor escolar

O procedemento de autorización de apertura e funcionamento deste servizo pode ser iniciado:

- a) Polos centros educativos: mediante *solicitud* de apertura presentada polo director/a ao delegado/a provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta do consello escolar, oídas as asociacións de nais e pais de alumnos/as e o claustro de profesores/as.
- b) Pola Administración Educativa: *de oficio* por necesidades de escolarización.

Xunto coa *solicitud* requírese presentar a *documentación* seguinte:

- Certificación do acordo do consello escolar solicitando a apertura do servizo.
- Proposta xustificada, se é o caso, sobre a modalidade de xestión.
- Calendario e horario de funcionamento.
- Número de comensais para os que se solicita o servizo e capacidade do local destinado a comedor.
- Localización no centro das diferentes dependencias destinadas a este servizo, planos e informe de necesidades de adaptación e, se fora o caso, mobiliario acorde coa normativa vixente.
- Informe da Inspección de Saúde Pública sobre condicións da instalación para uso do comedor e da cociña, se é o caso.
- Memoria de actividades complementarias:
  - Programadas para o xantar que reflectan a dimensión educativa deste servizo e favorezan o desenvolvemento de hábitos relacionados coa alimentación saudable e a hixiene.
  - Educativas de lecer programadas para desenvolver nos períodos inmediatamente anterior e posterior ao xantar, planificadas para favorecer a solidariedade, igualdade e integración de todo o alumnado.



- Cando a modalidade de xestión sexa excepcional; os compromisos:
  - da entidade correspondente de asumir a xestión e o financiamento;
  - do consello escolar de asumir a supervisión do seu funcionamento.

O delegado/a provincial outorga a *autorización*, á vista do expediente que, ademais da documentación anterior, inclúe:

- O Informe do Servizo de Recursos Educativos Complementarios da delegación correspondente que recompila a documentación relativa a: equipamento e menaxe necesaria, estudo económico e estudo da Unidade Técnica Provincial sobre a idoneidade de espazos e, de ser o caso, as obras necesarias xunto coa memoria económica delas.
- O Informe da Inspección Educativa sobre os aspectos educativos e pedagóxicos da implantación do servizo en relación coas condicións máis favorables á escolarización do alumnado e ao seu desenvolvemento harmónico dentro da sociedade.

A autorización realízase unha vez que a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria emite informe da existencia de crédito para asumir o gasto. Ten carácter indefinido sempre que se manteñan as condicións básicas recollidas nela.

Como se recolle na táboa 1, a *categoría do comedor escolar* establécese segundo o número de comensais:

**Táboa 1. Categoría do comedor escolar segundo o número de comensais**

Tipo	Número de comensais
A	ata 75
B	de 76 a 150
C	de 151 a 250
D	de 251 a 350
E	máis de 351

A *duración do servizo* de comedor escolar axústase ao disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que establece o calendario escolar para o curso correspondente.

Os equipos directivos de cada centro que preste o servizo de comedor elaborarán un *protocolo propio de funcionamento*, no que, entre os demais extremos ao caso, se contemplará a forma de colaboración, baseada sempre en razóns pedagóxicas, dos alumnos/as de máis idade nas tarefas propias de dito servizo e o cumprimento do principio de igualdade entre homes e mulleres.

#### 4.2. Usuarios/as do servizo de comedor escolar

Poden ser usuarios/as deste servizo e, por tanto, comensais:

- Todo o alumnado do centro que o solicite.
- O persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor, independentemente da súa categoría e relación de emprego.
- O profesorado e persoal non docente do centro que o solicite, sempre que existan prazas vacantes e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención do alumnado.

O consello escolar do centro responsabilízase da *selección e admisión* dos usuarios/as, cando o número de solicitudes supera o de prazas dispoñibles, coa seguinte orde de preferencia:

- a) Alumnado usuario do servizo no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo que foi admitido.
- b) Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.
- c) Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%.
- d) Alumnado membro de familias numerosas.
- e) Alumnado, fillos/as de pais e nais traballadores/as con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- f) Outro alumnado do centro.
- g) Persoal docente e non docente que preste servizos no centro.

O alumnado con alerxias ou intolerancias alimentarias non goza de ningunha preferencia para ser admitido.

As solicitudes diríxense á dirección e preséntanse na secretaría do centro no que o alumno/a estea inscrito ou solicitase praza, ou nos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou por calquera dos medios establecidos na lexislación vixente.

O consello escolar publica a listaxe de admitidos/as (con suplentes) no taboleiro de anuncios. A esta pódense presentar alegacións nun prazo de 5 días hábiles desde a data da súa publicación.

#### 4.3. Persoal responsable do funcionamento do servizo de comedor escolar

Polo que se refire aos responsables do funcionamento do comedor escolar, pódese distinguir entre o persoal docente encargado do servizo de comedor escolar, o consello escolar do centro, o persoal que presta atención ao alumnado usuario e o persoal laboral do servizo de comedor escolar.

#### 4.3.1. Persoal docente encargado do servizo de comedor escolar

Un membro do equipo directivo actúa en calidade de *encargado* da xestión do servizo de comedor escolar, sen prexuízo das funcións que lle corresponden ao director/a e ao secretario/a segundo o regulamento orgánico do centro. Non obstante, o responsable da dirección pode designar encargado a un profesor/a do centro se o interesado/a acepta voluntariamente; no caso contrario, será o consello escolar quen faga unha proposta entre os membros da comunidade educativa.

A persoa encargada asume para todo o curso escolar as súas funcións, que son as que, a continuación, se enumeran:

- Coordinar o plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre.
- Realizar tarefas de coordinación e supervisión.
- Organizar o funcionamento do servizo de comida.
- Elaborar e actualizar periodicamente o inventario do equipamento.
- Elevar á dirección propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor.

A **dirección do centro** encárgase de:

- Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento que formará parte da programación xeral anual.
- Dirixir, coordinar e supervisar o servizo, así como a designación do persoal docente voluntario nas tarefas de atención ao alumnado.
- Estudar e elaborar o proxecto de orzamento.
- Autorizar gastos, ordenar os pagamentos necesarios e verificar o cobramento das cantidades correspondentes aos usuarios.
- Facer contratacións de subministración, se fora o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- Presidir, se fora o caso, a comisión do servizo de comedor.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

Existe unha **comisión do servizo de comedor** formada polos mesmos membros da comisión económica (director/a, un profesor/a, un pai/nai de alumno/a, un

alumno/a que non sexa de Educación Infantil nin de Primaria e o secretario/a ou administrador/a) e polo encargado/a do comedor. Os seus cometidos son:

- a) Elaborar o borrador do anteproxecto de orzamento do servizo e colaborar na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo.
- b) Proponer ao consello escolar:
  - Menús saudables e equilibrados.
  - Un plan de actividades para o alumnado usuario.
  - Accións de mellora en caso necesario.
- c) Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre saúde e hixiene.
- d) Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo.

#### 4.3.2. Consello escolar de centro

Os seus cometidos, en relación co servizo de comedor, son:

- a) Proponer a apertura e funcionamento do servizo.
- b) Decidir sobre a admisión do alumnado de acordo cos criterios de prioridade e proponer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente de acordo cos criterios establecidos para tal fin.
- c) Aprobar:
  - O protocolo de organización e funcionamento, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar, protocolo que formará parte do regulamento orgánico do centro.
  - O proxecto de orzamento de ingresos e gastos e a xustificación de gastos.
  - O plan de actividades educativas e recreativas para o alumnado.
  - A creación da comisión do servizo de comedor escolar.
  - Os menús, de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado.

#### 4.3.3. Persoal que presta atención ao alumnado usuario do servizo de comedor escolar

Na atención ao alumnado usuario do comedor pode participar o persoal docente, os monitores/as escolares, os auxiliares técnicos educativos para a educación especial do centro, os demais membros da comunidade educativa e, se fora o caso, o persoal laboral.

As súas tarefas son:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas no programa anual do servizo de comedor.

- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, á adquisición de habilidades sociais e á correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
- Axudar ao alumnado que por idade ou discapacidade necesite colaboración dun adulto na súa alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo.
- Seguir as orientacións do encargado do servizo no desenvolvemento das actividades programadas para o alumnado antes e despois do xantar.
- Fomentar a colaboración do alumnado a partir de 5º curso de Educación Primaria, sen que supoña a ausencia física ou substitución do persoal encargado da atención ao alumnado.

O número de persoas necesarias para esta atención fíxase polo seguinte rateo:

**Táboa 2. Número de persoas que atenden o servizo de comedor segundo nivel educativo e número de alumnos/as**

Educación Infantil		Educación Primaria		Educación Secundaria Obligatoria	
Nº alumnos/as	Nº persoas	Nº alumnos/as	Nº persoas	Nº alumnos/as	Nº persoas
ata 15	1	ata 30	1	ata 35	1
de 16 a 30	2	de 31 a 60	2	de 36 a 70	2
de 31 a 50	3	de 61 a 90	3	de 71 a 100	3
de 51 a 70	4	de 91 a 120	4	máis de 100	4
máis de 70	5	máis de 120	5	--	--

No caso de existir alumnado con necesidades educativas especiais, o delegado/a provincial pode autorizar outro rateo en función das circunstancias concretas de cada caso.

Nos comedores escolares de xestión directa, a vixilancia no tempo anterior, durante e posterior ao xantar realízase o profesorado voluntario do centro; no seu defecto, a persoa responsable da dirección do centro, logo do informe do consello escolar, adopta as medidas oportunas, excluindo contratacións que xeren vínculos laborais coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Se, polo contrario, o número de voluntarios/as excede as necesidades de vixilancia, o consello escolar establece quendas rotatorias con indicación dos períodos en que o persoal debe desenvolver as súas funcións.

Cando o servizo de comedor é adxudicado a unha empresa, a vixilancia e atención ao alumnado son prestadas polo persoal do centro ou pola empresa adxudicataria, acreditando a idoneidade profesional do persoal que destine a estas funcións e respectando o principio de igualdade entre homes e mulleres.

Se o servizo de comedor é prestado mediante convenio con outras institucións, públicas ou privadas, estas son as responsables de contratar o persoal idóneo para o desenvolvemento das tarefas de vixilancia e atención ao alumnado.

#### 4.3.4. Persoal laboral do servizo de comedor escolar

Os centros docentes que dispoñen de servizo de comedor da modalidade de xestión directa polo propio centro contan cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesionais variable de acordo co tipo de comedor, tal e como se mostra na seguinte táboa:

Táboa 3. Persoal laboral segundo o tipo de comedor

Tipo	Persoal
A	1 oficial 2ª de cociña
B	1 oficial 2ª de cociña e 1 axudante de cociña
C	1 oficial 2ª de cociña e 2 axudantes de cociña
D	1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña
E	1 oficial 2ª de cociña e 4 axudantes de cociña

O oficial 2ª de cociña é o encargado/a de preparar os alimentos, responsabilizándose do seu bo estado e presentación, así como da pulcritude do local e dos utensilios de cociña.

O axudante de cociña é quen, ás ordes do oficial de cociña, lle axuda nas súas funcións.

Excepcionalmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pode conceder un reforzo de persoal laboral, logo do informe favorable da Inspección Educativa nos seguintes supostos:

- a) Comedores tipo E con máis de 400 comensais.
- b) Comedores con máis dunha quenda, en función do número de comensais e tipo de comedor.

Este persoal desenvolve funcións acordes coa súa categoría profesional, nos termos que establece o convenio colectivo de aplicación. Estas son:

- Elaborar comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- Servir as mesas dos usuarios/as.
- Limpar as instalacións e equipamentos do servizo do comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- Informar ao encargado/a do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten ao funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento de protocolos de seguridade e hixiene e de riscos laborais.
- Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

Cando o servizo está contratado a unha empresa ou conveniado cunha institución, estas fanse cargo do control do cumprimento destas funcións polo seu persoal laboral.

#### 4.4. Calidade do servizo de comedor escolar

Para garantir a calidade do servizo, a elaboración dos menús realízase de xeito que proporcione aos usuarios/as unha dieta equilibrada, contribúa ao seu mellor desenvolvemento e favoreza a adquisición de hábitos dietéticos axeitados.

O menú é único para todos os comensais, salvo no caso de existir alumnado con algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada, para o que se elaborará un menú adecuado ás súas necesidades. Dito menú é autorizado polo consello escolar de acordo coa normativa establecida e está xustificado mediante certificación médica. Cando os pais e nais o requiren, o centro facilita os medios de conservación, en quente ou en frío, do menú proporcionado pola familia para o seu consumo polo alumno/a respectivo.

A dirección do centro programa os menús de 4 a 6 semanas, de acordo con criterios de alimentación san e equilibrada para o alumnado, e publícaos no taboleiro de anuncios do centro, incluíndo o tipo de preparación, así como a composición das gornicións e as sobremesas, coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos/as. Tamén garante que o servizo cumpra os requisitos de control de calidade establecidos na lexislación vixente sobre o control sanitario dos alimentos, da súa manipulación e da súa distribución, e se someta aos sistemas de control externo ou programas de autocontrol que establezan os procesos de homologación.

A normativa de *seguridade e hixiene* que deben cumprir todos os comedores escolares é a seguinte:

- a) RD 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene e comercialización de produtos alimenticios (BOE, 27/05/06).
- b) RD 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas (BOE, 12/01/01).
- c) RD 202/2000, do 11 de febreiro, sobre manipuladores de alimentos (BOE, 25/02/00).

Antes do comezo do curso escolar, a dirección do centro manda revisar as instalacións de cociña, almacenamento, rede eléctrica e tomas de auga e gas, así como a desinsectación e desinfección dos locais e utensilios de cociña, despensas, almacén e comedor. Tamén procura que se leve a cabo o control continuo e adecuado das etiquetas dos produtos envasados e enlatados, datas de caducidade e consumo preferente.

Todos os comedores escolares autorizados contan cun libro de control oficial de establecementos alimentarios, así como o da Inspección de Traballo.

Durante o primeiro trimestre do curso escolar, a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facilita a relación de comedores autorizados, así como dos servizos que presta, a fin de que os seus técnicos efectúen as visitas e informes oportunos do seu estado e funcionamento.

En todas as visitas de inspección realizadas polas autoridades competentes dilixénciase o libro de visitas e inclúen unha avaliación xeral dos riscos alimentarios potenciais das actividades do comedor para a seguridade e salubridade dos alimentos.

## **5. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO DA XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR**

### **5.1. Xestión económica do servizo de comedor escolar**

A xestión económica do comedor escolar ten o seu reflexo nos libros de rexistro dos centros docentes públicos de Galicia establecidos con carácter xeral e, ademais, consta nunha conta específica para tal fin aberta en calquera entidade de crédito da localidade, que figura a nome do centro.

Así mesmo, hai un rexistro de ingresos e un rexistro de gastos, ambos conformes aos anexos III e IV, respectivamente, da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 05/03/07). A xustificación destes libros é presentada pola dirección do centro ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios da delegación provincial, trimestral e anualmente, unha vez aprobada polo consello escolar.

O estado de gastos do orzamento anual do servizo de comedor escolar inclúe a adquisición de mobiliario e utensilios inventariables precisos para o funcionamento do servizo, ata un máximo do 15% dos ingresos do comedor procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A elaboración do orzamento de ingresos e gastos do servizo no centro é realizada polos órganos competentes, dentro da súa autonomía de xestión.

Os usuarios/as do comedor non bonificados totalmente ingresan na conta específica o importe mensual ou trimestral do prezo do menú, de acordo co que para tales efectos decida o consello escolar do centro. A falta de aboamento é causa de perda de praza de comedor por acordo, tamén, do consello escolar do centro.

Os créditos remanentes do exercicio anterior incorpóranse ao exercicio seguinte, en aplicación do establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG, 04/04/03).

### **5.2. Axudas ao servizo de comedor escolar**

No referente á gratuidade e axudas do servizo de comedor, existen dous tipos de beneficiarios: de axuda total e de axuda parcial (50%).



### 5.2.1. Beneficiarios/as da totalidade da axuda

#### a) Alumnado:

- Escolarizado no 2º ciclo de Educación Infantil e nos niveis de ensino obrigatorio, que sexa beneficiario do servizo de transporte escolar.
- En situación económica desfavorable, sempre que o acredite documentalmente mediante informe do traballador/a social do concello correspondente.
- Cando a renda neta da unidade familiar, dividida entre o número de membros que a integran, non supere a cantidade de 3,5 veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples).
- Procedente de familia numerosa con 4 fillos/as ou máis.

#### b) Persoal responsable do funcionamento do comedor: persoal laboral, persoal docente encargado do servizo (equipo directivo e encargado/a do comedor) e colaboradores/as (no número establecido e nos períodos en que desenvolvan o labor de atención aos usuarios/as).

### 5.2.2. Beneficiarios/as de axuda parcial do 50%

#### a) Alumnado:

- Cando a renda neta da unidade familiar, dividida entre o número de membros que a integran, se atope entre 3,5 e 5,5 veces o IPREM.
- Procedente de familia numerosa cun total de 3 fillos/as.

Deben aboar a cantidade correspondente á axuda para comedor concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- b) Alumnado non incluído nos epígrafes anteriores, incluídos fillos/as do persoal do comedor e persoal do centro, docente ou non.
- c) Colaboradores/as que excedan o número establecido, nos días que non colaboren.
- d) Profesorado e persoal non docente non incluído nos apartados anteriores.

### 5.3. Financiamento do servizo de comedor escolar

O financiamento do comedor escolar lévase a cabo cos seguintes ingresos:

- Achegas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para cubrir o custo dos servizos bonificados segundo a porcentaxe que corresponda en cada caso, determinada anualmente, tendo en conta os custos do compoñente do módulo económico unitario que cubra o prezo do cuberto, en función da modalidade da prestación establecida. Téñense en conta os custos dos compoñentes tales como alimentos, menaxe, combustible, enerxía, seguros, uniformes, persoal de atención...
- Fondo complementario distribuído pola comisión provincial de comedores

escolares, que ten por finalidade atender ás necesidades específicas de cada comedor escolar.

- Achegas dos usuarios/as.
- Achegas en forma de axuda ou de doazón recibidas doutros organismos públicos ou privados.

## 6. ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

En cada provincia existe unha *comisión de comedores escolares* que está integrada polos seguintes representantes:

- O delegado/a provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como presidente/a.
- O secretario/a da delegación.
- O xefe/a do servizo provincial de inspección.
- Un director/a de centro que conte con comedor por cada subsector de inspección, elixido polos directores/as dos colexios da zona nos que funciona o mencionado servizo, mediante votación secreta.
- Tres representantes das asociacións de nais e pais de alumnos/as, designados por estas a través da súa federación.
- O presidente/a do comité de empresa a nivel provincial.
- O xefe/a do servizo provincial de recursos educativos complementarios, que actuará como secretario/a.

Esta comisión reúnese de maneira ordinaria dúas veces ao ano. A primeira no mes de setembro, para analizar as necesidades específicas de cada comedor escolar e distribuír o fondo complementario en función delas. A segunda, para verificar a xestión económica dos comedores escolares da provincia correspondente.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria avalía o funcionamento, a xestión e a organización do servizo de comedor escolar a través dos seus servizos de inspección, mediante fórmulas de control, seguimento e *avaliación periódica* do funcionamento, xestión e organización do comedor nos centros docentes públicos do seu ámbito de competencia. Para estes efectos, os centros docentes públicos dispoñen dun programa anual do servizo de comedor aprobado polo consello escolar, que se integra na programación xeral anual do centro. Ademais, na memoria final do curso, inclúese unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de mellora convenientes, cunha estimación económica delas, que é obxecto de coñecemento e valoración por parte do consello escolar, e remitida á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## **7. AXUDAS PARA O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR XESTIONADO POR ASOCIACIÓNS DE NAIŠ E PAIS DE ALUMNOS/AS DE CENTROS PÚBLICOS**

A circunstancia de que moitos centros teñan unha área de influencia cada vez maior en zonas de crecemento urbanístico e a necesidade de conciliar a vida familiar e laboral desemboca na implantación do servizo de comedor escolar en centros públicos financiado e xestionado polas asociacións de nais e pais de alumnos/as, que contratan o servizo con empresas hostaleiras.

O Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG, 06/02/07), no seu artigo 2.3, na modalidade de xestión de carácter excepcional, establece que a Administración pode colaborar na xestión e organización do servizo de comedor escolar coas asociacións de nais e pais de alumnos/as e as súas federacións.

Mediante a Orde do 18 de setembro de 2007, pola que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso académico 2007-2008 (DOG, 25/09/07), dótase de eficacia o mencionado no parágrafo anterior.

A concesión de axudas realízase en réxime de concorrencia competitiva e van destinadas a sufragar:

- O custo diario do menú por comensal e polos días de asistencia ao comedor durante o período de xaneiro a xuño así como, no seu caso, o desenvolvemento de programas de promoción da saúde e habilidades persoais como complemento ao servizo de comedor.
- Os gastos correntes nos que incorran as asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais de alumnos/as como consecuencia da xestión do comedor, cun máximo do 2% do importe total da axuda concedida e sen que, en ningún caso, a citada porcentaxe supere os 1.500 euros.
- Os gastos orixinados pola contratación de persoal que desenvolva o labor de atención ao alumnado con necesidades específicas, ata un máximo do 50% do seu custo.

A percepción destas axudas é compatible coa doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente, público ou privado, aínda que o importe da subvención concedida en ningún caso pode, en concorrencia con outras subvencións ou axudas, superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario/a.

Poden solicitar estas axudas as asociacións, federacións, e confederacións de nais e pais de alumnos/as que, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, estean inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou ben presentasen a correspondente solicitude de inscrición e que xestionen o servizo de comedor no centro escolar correspondente ou teñan solicitado a autorización de apertura e funcionamento, sempre que desenvolvan estas actuacións durante o curso académico 2007/2008.

Coas solicitudes debe achegarse a seguinte documentación:

- Orzamento do custo do servizo de comedor, no que se especifique o centro público onde se preste o servizo, os prezos por menú e día, número de días de prestación do servizo e número de alumnado usuario deste.
- Memoria explicativa na que se detalle o carácter continuado do servizo así como a calidade, orixinalidade e carácter innovador do programa de promoción da saúde e habilidades persoais.
- Certificación do acordo do órgano competente da entidade do solicitante polo que se decida solicitar a axuda.
- Relación de asociacións de nais e pais de alumnos/as que integran a federación ou das federacións que integran a confederación, se é o caso.
- Declaración xurada de ter solicitado ou non outras axudas para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos, con indicación do número de alumnos/as que serían beneficiarios desas axudas.
- Certificación bancaria a nome da entidade solicitante, na que conste o número de conta na que se ingresaría o importe da axuda.
- Copia do CIF da asociación, federación ou confederación correspondente.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvención recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE, 18/11/03).

A presentación das solicitudes e da documentación pode realizarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como nos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE, 27/11/92). O prazo para realizar dita presentación é dun mes contado a partir da publicación no DOG da Orde que anualmente convoca as axudas.

## **8. O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS**

O Decreto 444/1996, do 13 de decembro, polo que se regulan as actividades escolares complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto (DOG, 02/01/97) establece, no seu artigo 3, que os centros privados concertados gozan de autonomía para establecer os servizos complementarios dentro dos fins fixados nas leis e neste Decreto.

Teñen carácter de servizos complementarios os comedores escolares, o transporte escolar, os gabinetes médicos ou psicopedagóxicos ou calquera outro de natureza análoga, directamente relacionados coa actividade do centro docente.

Ao inicio do curso escolar, os centros deben facilitar aos nais/pais ou titores/as do alumnado información detallada sobre os servizos complementarios que ofrezan, facendo constar expresamente o carácter voluntario e non lucrativo destes servizos.

Co fin de que ningún membro da comunidade educativa resulte discriminado como consecuencia da prestación de servizos complementarios, os centros que os oferten, sempre fóra do horario lectivo, deben garantir o transporte do alumnado que non desexe participar no comedor escolar, unha vez concluída a xornada escolar deste.

As cotas para a realización do servizo de comedor que deben achegar os usuarios/as son aprobadas, logo da proposta do titular, polo consello escolar do centro e comunicadas ao delegado/a provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria antes do 30 de setembro do ano correspondente ao inicio do curso escolar no que se prestará o servizo; para ensinanzas posobrigatorias poderá realizarse no mes de outubro. Xúntase á dita comunicación unha memoria económica que amose o seu carácter non lucrativo. Se o prezo proposto para o servizo de comedor escolar é superior ao prezo medio establecido pola delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para os centros públicos do contorno, acompañarase de xustificación detallada das circunstancias que motivan o incremento.

## **9. NÚMERO DE COMEDORES ESCOLARES NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA SEGUNDO MODALIDADE DE XESTIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO CURSO 2007-2008**

O número de comedores escolares, xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, existentes nos centros docentes de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no curso 2007-2008, segundo datos desta Consellería foi de 377. Dentro destes poden distinguirse dúas modalidades de xestión: directa, realizada polo propio centro, e indirecta, levada a cabo por empresas. Tendo en conta a táboa seguinte, obsérvase un predominio absoluto da xestión directa, desenvolta en 303 comedores (80,4% dos xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria), sobre a modalidade indirecta, é dicir, a realizada por empresas, que se leva a cabo en 74 comedores (19,6%).

As cifras anteriores supoñen un incremento con respecto ás do curso anterior 2006-2007<sup>1</sup>, no cal o número de centros con comedor público gratuíto foi de 366.

Considerando a distribución provincial, os datos amosan (táboa 4) que o maior número de comedores escolares nos centros públicos xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria corresponde á provincia de Lugo, seguida de Ourense, A Coruña e Pontevedra. No referente á modalidade de xestión realizada pola Consellería, predomina en todas as provincias a xestión directa, realizada polo centro, fronte á levada a cabo polas empresas. A provincia da Coruña é na que maior xestión directa se realiza (90,4% dos centros da provincia) mentres que na de Pontevedra é onde se observa a menor incidencia deste tipo de xestión (68% dos centros).

<sup>1</sup> Xunta de Galicia (2006). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2006-2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Táboa 4. Número de comedores escolares nos centros de titularidade pública xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria segundo modalidade de xestión e provincia no curso 2007-2008

Provincia	Comedores xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria		Total
	Xestión Directa	Xestión Indirecta	
A Coruña	85	9	94
Lugo	89	23	112
Ourense	80	19	99
Pontevedra	49	23	72
<b>Total</b>	<b>303</b>	<b>74</b>	<b>377</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

As cifras anteriores habería que engadir-lles os comedores xestionados polas ANPA que, segundo datos estimativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria<sup>2</sup>, supoñen 151 comedores. Neste caso tamén se aprecia un aumento con respecto ao curso anterior, no que o número de comedores xestionados polas ANPA foi de 106<sup>3</sup>.

Na táboa seguinte amósase a distribución provincial deste tipo de comedores, apreciándose que o número de centros con comedor xestionado polas ANPA nas provincias de Pontevedra e A Coruña é moi superior ao existente nas outras dúas provincias. Comparando os datos desta táboa 5 coa anterior, obsérvase que en todas as provincias predominan os comedores xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (ben sexan de xestión directa ou indirecta), agás na provincia de Pontevedra, onde existe un maior número de comedores xestionados polas ANPA.

Táboa 5. Número de centros de titularidade pública con servizo de comedor escolar xestionado polas ANPA segundo provincia na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008

Provincia	Número de centros
A Coruña	60
Lugo	7
Ourense	8
Pontevedra	76
<b>Total</b>	<b>151</b>

Fonte: Xunta de Galicia (2007). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2007-2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Aínda tendo en conta, como xa se indicou, a posible variabilidade dos datos, habería que sinalar que o número total de comedores escolares nos centros docentes

<sup>2</sup> Xunta de Galicia (2007). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2007-2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

<sup>3</sup> Xunta de Galicia (2006). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2006-2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

públicos ascendería a 528, cifra que suporía un incremento sobre a do curso anterior (2006-2007), no cal eran 472 os centros públicos que contaban con este servizo complementario<sup>4</sup>, dos que eran 366 os centros con comedor público gratuito e 106 os comedores xestionados polas ANPA.

Centrándonos nos comedores con xestión directa e, considerando a distribución provincial e a modalidade de centro, apréciase (táboa 6) que os CEIP son os centros que contan cunha porcentaxe máis elevada deste tipo de comedores (75,8%). Cabe sinalar, así mesmo, a elevada presenza de CPI con comedores de xestión directa na provincia da Coruña (48,1% do total de CPI da comunidade con esta modalidade). Outro dos datos destacables é a inexistencia desta tipoloxía de comedores nas Escolas de Educación Infantil en toda a comunidade galega.

**Táboa 6. Número de comedores escolares de xestión directa nos centros de titularidade pública segundo provincia e modalidade de centro na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008**

Modalidade	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
E EI	--	--	--	--	--
CEIP	53	74	67	35	229
CPI	26	11	9	8	54
CEP	1	--	--	3	4
IES	1	2	2	--	5
CEE	4	2	2	2	10
<b>Total</b>	<b>85</b>	<b>89</b>	<b>80</b>	<b>48<sup>5</sup></b>	<b>302</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.<sup>5</sup>

No que atinxe á xestión indirecta, e considerando a distribución provincial, así como a modalidade de centro, obsérvase (táboa 7) que as cifras máis elevadas corresponden a Pontevedra e Lugo, cun 31,1% cada unha; polo que respecta ao tipo de centro, a xestión indirecta é maioritaria nos Institutos de Educación Secundaria, cun 62,2% do total. En canto á modalidade de centro que presenta unha cifra máis elevada de comedores de xestión indirecta a nivel provincial son os IES na provincia de Lugo.

<sup>4</sup> Xunta de Galicia (2006). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2006-2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

<sup>5</sup> Esta cantidade non se corresponde co total de centros de xestión directa da provincia de Pontevedra, posto que habería que contar un comedor máis, que é o da Escola Fogar (EFOG) situada no concello de Mondariz-Balneario, que escolariza alumnado de Educación Primaria.

Táboa 7. Número de comedores escolares de xestión indirecta nos centros de titularidade pública segundo provincia e modalidade de centro na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008

Modalidade	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
EEl	--	--	--	2	2
CEIP	1	4	5	12	22
CPI	--	1	--	1	2
CEP	--	--	--	2	2
IES	8	18	14	6	46
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>23</b>	<b>19</b>	<b>23</b>	<b>74</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

## 10. ALUMNADO USUARIO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA E PRIVADA CONCERTADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO CURSO 2007-2008

O alumnado matriculado en centros públicos e privados concertados na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008 nos niveis de Educación Primaria e ESO, segundo datos provisionais facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, foi de 215.423. Destes, 151.604 cursan os seus estudos en centros públicos (70,4%) e os restantes 63.819 (29,6%) fano en centros privados concertados (a distribución móstrase na seguinte táboa).

Táboa 8. Número de alumnos/as matriculados segundo ensinanza e titularidade na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008

Titularidade	Ensinanza	Sexo	Provincia				Total
			A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Centros públicos	Primaria	Mulleres	17.173	4.716	3.805	15.625	41.319
		Homes	18.158	4.927	4.113	16.971	44.169
	Secundaria Obrigatoria	Mulleres	13.404	4.276	3.150	12.018	32.848
		Homes	13.433	4.303	3.292	12.240	33.268
Centros privados concertados	Primaria	Mulleres	7.016	1.613	2.102	7.409	18.140
		Homes	7.370	1.652	2.193	7.717	18.932
	Secundaria Obrigatoria	Mulleres	4.716	1.041	1.726	5.324	12.807
		Homes	5.150	1.065	1.891	5.834	13.940
<b>Total</b>			<b>86.420</b>	<b>23.593</b>	<b>22.272</b>	<b>83.138</b>	<b>215.423</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Polo que respecta ao número de alumnos/as usuarios do servizo de comedor escolar nos centros públicos no curso escolar 2007-2008, segundo datos estimativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria<sup>6</sup>, foi de 56.760. Un total

<sup>6</sup> Os datos de alumnado e de centros con servizo de comedor escolar que se presentan aparecen publicados en *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2007-2008* (Xunta de Galicia, 2007) e son relativos a centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



de 9.236 destes alumnos/as usaron comedores xestionados polas ANPA (16,3%). Considerando o número de alumnado matriculado en centros públicos (151.604), pódese afirmar que son usuarios/as do servizo de comedor o 37,4%.

Os datos anteriores permiten apreciar un certo incremento con respecto ao curso anterior 2006-2007, no cal o número de alumnos/as usuarios de comedor nos centros públicos foi en Galicia de 52.499, segundo datos estatísticos do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

## 11. AXUDAS CONCEDIDAS PARA O FINANCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES XESTIONADOS POR ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE CENTROS PÚBLICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O CURSO 2007-2008

Para o curso escolar 2007-2008, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Orde do 18 de setembro de 2007 (DOG, 25/09/07) convoca as axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O importe total da axuda é de 1.000.000 €, desagregada en dúas anualidades: 427.008,10 € con cargo á anualidade do ano 2007 e 572.991,90 € con cargo á anualidade do ano 2008.

Táboa 9. Axudas económicas outorgadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ás Asociacións, Federacións e Confederacións de nais e pais de alumnos/as para o mantemento dos comedores escolares xestionados polas mesmas nos anos 2007 e 2008

		Número de ANPA e de Federacións de ANPA	2007	2008	Total
A Coruña	ANPA	26	78.613 €	105.488,86 €	184.101,86 €
	Federacións ANPA	2	118.744,85 €	159.340,86 €	278.085,71 €
	Total	28	197.357,85 €	264.829,72 €	462.187,57 €
Lugo	ANPA	9	15.296,79 €	20.526,39 €	35.823,18 €
	Federacións ANPA	--	--	--	--
	Total	9	15.296,79 €	20.526,39 €	35.823,18 €
Ourense	ANPA	1	398,38 €	534,57 €	932,95 €
	Federacións ANPA	1	19.418,45 €	26.057,14 €	45.475,59 €
	Total	2	19.816,83 €	26.591,71 €	46.408,54 €
Pontevedra	ANPA	33	61.125,89 €	82.023,33 €	143.149,22 €
	Federacións ANPA	2	133.410,74 €	179.020,75 €	312.431,49 €
	Total	35	194.536,63 €	261.044,08 €	455.580,71 €
<b>Total</b>		<b>74</b>	<b>427.008,10 €</b>	<b>572.991,90 €</b>	<b>1.000.000 €</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

No curso 2007-2008 son subvencionadas 69 ANPA e 5 Federacións. Polo que respecta á distribución por provincias, Pontevedra é a que conta con máis ANPA que perciben axudas (47,8%), seguida da Coruña (37,7%); no extremo contrario sitúase Ourense

cunha única ANPA financiada. Por outro lado, e no que se refire ás axudas obtidas, cabe destacar que en todos os casos se produce un incremento nas cantidades outorgadas no ano 2008 con respecto ao ano 2007. En canto á contía percibida, nos dous anos considerados, as entidades que reciben un maior financiamento son as Federaci3ns de ANPA de Pontevedra; non obstante, se temos en conta conxuntamente as ANPA e as Federaci3ns de ANPA a nivel provincial, as entidades m3is financiadas son as da provincia da Coru3a.



# Capítulo 5

## O transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia



## 1. O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA: ASPECTOS XERAIS

O transporte escolar é considerado pola lexislación vixente como un servizo educativo complementario con carácter gratuíto para todos os centros educativos de titularidade pública que trasladen alumnado menor de 16 anos desde o lugar onde técnica e legalmente sexa posible ata o centro docente no que estea escolarizado, sempre que o seu domicilio estea fóra do núcleo onde se sitúa o centro escolar a unha distancia do mesmo superior a 2 Km ou porque circunstancias excepcionais o autoricen.

O transporte escolar xestionado pola Xunta de Galicia realízase en vehículos autorizados e está destinado ao alumnado que cursa ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o transporte escolar regúlase polo Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores (BOE, 02/05/01), derogado parcialmente polo Real Decreto 965/2006 (BOE, 05/09/06). A norma dispoñía a implantación progresiva das condicións establecidas na mesma desde a súa promulgación ata o curso 2007-2008, de acordo coa súa disposición transitoria terceira.

As condicións de seguridade previstas no Real Decreto 443/2001 son de aplicación:

- a) Aos transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada, cando polo menos a terceira parte, ou máis, do alumnado transportado tivese unha idade inferior aos dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso escolar.
- b) Aos transportes públicos regulares de viaxeiros/as de uso xeral por estrada nos que a metade, ou máis, das prazas teñan sido previamente reservadas para viaxeiros/as menores de dezaseis anos.
- c) Aos transportes públicos discrecionais de viaxeiros/as en autobús, cando tres cuartas partes, ou máis, dos viaxeiros/as sexan menores de dezaseis anos.
- d) Aos transportes privados complementarios de viaxeiros/as por estrada, cando a terceira parte, ou máis, dos viaxeiros/as sexan menores de dezaseis anos.

O articulado da norma establece as condicións de seguridade e técnicas que deben reunir os vehículos que se dediquen ao transporte escolar nos distintos campos:

- Autorización administrativa, inspección técnica, obrigas da entidade organizadora do transporte, infraccións e sancións.
- Antigüidade dos vehículos: como norma xeral, os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior aos dez anos, contados desde a súa primeira matriculación. Non obstante, permítese a utilización, baixo determinadas condicións, de vehículos que non rebasen os dezaseis anos de antigüidade.
- Limitación de velocidade.
- Seguros: á parte dos de carácter xeral, as empresas que realicen este tipo de

transporte deben ter cuberta de forma ilimitada a súa responsabilidade civil polos danos que poidan sufrir os ocupantes dos vehículos nos que se realice o transporte.

- Características técnicas que deben cumprir os vehículos.

## 2. NORMATIVA LEGAL

A normativa legal sobre o transporte escolar concrétese nas seguintes disposicións:

### 2.1. Normativa de carácter estatal

- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores (BOE, 02/05/01).
- Real Decreto 965/2006, do 1 de setembro, polo que se modifica o Regulamento Xeral de Circulación, aprobado polo Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro (BOE, 05/09/06) e que derroga parcialmente o Real Decreto 443/2001, do 27 de abril.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (BOE, 31/07/87).

### 2.2. Normativa de carácter autonómico

- Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar (DOG, 09/07/86).
- Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia (DOG, 27/06/88), modificado parcialmente polo Decreto 342/1998, do 27 de novembro (DOG, 03/12/98).
- Orde do 15 de decembro de 1989, reguladora do transporte de escolares e obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia (DOG, 09/01/90), que desenvolve o Decreto 160/1988.

## 3. O DEREITO AO TRANSPORTE ESCOLAR

O Decreto 203/1986, do 12 de xuño, estableceu na Comunidade Autónoma de Galicia o dereito á utilización do transporte escolar para a escolarización en centros públicos para todos aqueles alumnos/as escolarizados en niveis obrigatorios e ou gratuítos que teñan os seus domicilios fóra do núcleo urbano no que estea situado o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia do mesmo superior a 2 quilómetros.

Excepcionalmente, por causas de especial incomodidade ou dificultade, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar a prestación do transporte escolar, aínda que non se cumpran os requisitos de distancia.

Ten, así mesmo, dereito á gratuidade do transporte escolar o alumnado escolarizado en centros de Educación Especial ou en centros de Escolarización Preferente, se

as necesidades derivadas da súa discapacidade dificultan o seu desprazamento ao centro escolar.

#### 4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS SALIENTABLES

Entre as prescricións técnicas contempladas no Real Decreto 443/2001 cabe destacar:

- Cada menor disporá da súa propia praza ou asento, coas dimensións mínimas determinadas na normativa.
- Os vehículos que transporten alumnado con graves afectacións motóricas con destino a un centro de Educación Especial deberán contar coas axudas técnicas que faciliten o seu acceso e abandono.
- Disporase de espellos ou de calquera outro medio que permita ver a parte frontal exterior situada por debaixo do nivel do condutor/a, os laterais do vehículo e a proxección destes sobre o chan en toda a súa lonxitude, en especial cerca dos pasos das rodas e a parte traseira do vehículo.
- Se o vehículo leva instalados sistemas de retención homologados nos asentos dos usuarios/as, será obrigatoria a súa utilización polos pasaxeiros/as de máis de tres anos de idade.
- Durante a realización dos servizos de transporte escolar, os vehículos deberán estar identificados mediante o distintivo específico previsto na norma.

#### 5. A FIGURA DO ACOMPAÑANTE

O artigo 8 do Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, establece a obrigatoriedade da figura do acompañante, que deberá ser unha persoa maior de idade, idónea, distinta do condutor/a e acreditada ao efecto, que se encarga do coidado dos menores durante o seu transporte.

É **obrigatoria a presenza** da persoa acompañante nos seguintes supostos:

- Nos transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada, cando a terceira parte ou máis do alumnado transportado tivese unha idade inferior a dezaseis anos ao inicio do curso escolar, sempre e cando se especifique na autorización.
- Cando se transporte alumnado con necesidades educativas específicas. Neste caso, a persoa acompañante deberá contar coa cualificación laboral necesaria para a adecuada atención deste alumnado.
- Nos transportes privados complementarios de viaxeiros/as por estrada, cando se transporten alumnos/as de centros de Educación Especial ou se trate de transportes nos que a orixe ou o destino sexan distintos do domicilio dos menores ou do centro docente no que cursan estudos.
- Nos transportes públicos de uso especial de escolares, de uso xeral, transportes

públicos discrecionais e privados complementarios, cando polo menos o 50% dos viaxeiros/as sexan menores de doce anos.

Nos casos nos que resulte obrigatoria a súa presenza, non poderá realizarse o transporte sen que o acompañante se atope a bordo do vehículo, agás no caso de que a non realización do transporte implicase un risco maior para os menores. O transportista é o responsable do cumprimento desta obriga.

Polo que respecta ás **funcións** da persoa acompañante, esta encargárase, principalmente, da vixilancia e do coidado dos menores durante o transporte, así como das operacións de acceso e abandono do vehículo. Outras funcións do acompañante son:

- Coidar da seguridade dos menores durante o transporte e procurar que non se produzan altercados nas viaxes.
- Encargarse da recollida e acompañamento do alumnado durante o seu transporte, das operacións de acceso e abandono do vehículo, así como de acompañalo desde o mesmo ata a entrada ao recinto escolar e viceversa.
- Comunicar á dirección do centro docente e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria calquera incidencia que atinxa ao alumnado durante o transporte ou nos momentos de acceso e abandono do vehículo.
- Coordinar as operacións de evacuación do vehículo e atender ao alumnado ferido no caso de se produciren avarías ou accidentes de circulación.
- Comprobar que o alumnado menor de 12 anos non ocupe prazas contiguas á do condutor/a e que non o molesten. Aqueles que teñan algunha discapacidade situaranse nas prazas máis próximas ás portas de saída.
- Controlar que o alumnado que suba ao vehículo sexa usuario de transporte escolar, así como que non entre ningunha persoa allea a este servizo.
- Comprobar que cada alumno/a baixe na parada que lle corresponde, asegurándose que é recollido polos seus pais/nais ou persoa autorizada para facelo. De non ser así, non deixará que baixe do autobús, e chamará ao centro escolar ou á familia.
- Coidar do alumnado afectado por indisposicións leves; no caso de maior gravidade, avisar aos servizos de urxencias médicas así como ao centro e á familia.
- Comprobar que todas as mochilas do alumnado están colocadas no lugar axeitado, e que non molestan o paso ou os accesos ao vehículo.
- Responder coa máxima calma e seguridade en caso de que se dea unha situación difícil durante o traxecto, e comunicalo inmediatamente á dirección do centro educativo.

O acompañante deberá ir, así mesmo, perfectamente identificado/a e disporá de material básico de primeiros auxilios, coñecerá o funcionamento dos mecanismos de seguridade do vehículo e aceptará o control e inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o servizo de acompañante.



## 6. OS ITINERARIOS E AS PARADAS

Tanto o itinerario como as paradas deben limitarse, exclusivamente, ás estipuladas na correspondente autorización administrativa. A súa situación debe ser comunicada pola Administración educativa ao órgano competente sobre a regulación do tráfico, que poderá poñer as rectificacións que estime oportunas.

A parada final deberá situarse no interior do recinto do centro escolar. Cando non resulte posible, fixarase de modo que as condicións de acceso desde a parada ao recinto resulten o máis seguras posible, situándose do mesmo lado da vía que o recinto escolar e sempre á dereita no sentido da marcha. Se tampouco é posible, arbitraranse as sinalizacións e medidas pertinentes, incluso a presenza dun axente de circulación, no seu caso, para posibilitar o cruce do alumnado coas máximas condicións de seguridade.

O acceso dos menores ao vehículo e o abandono do mesmo deberá realizarse pola porta máis próxima ao condutor/a ou, no seu caso, á persoa acompañante. En todo caso, o acceso e abandono deberá realizarse baixo a vixilancia dunha persoa maior de idade que deberá asegurarse de que se efectúa de maneira ordenada cando se produza nas inmediacións dun centro escolar ou cando a autorización estableza expresamente esta obriga en relación coa parada de que se trate.

Os itinerarios e horarios deben establecerse de xeito que, en circunstancias normais, o tempo máximo de permanencia dos escolares no vehículo sexa inferior a unha hora por cada sentido da viaxe. Unicamente se pode superar esta duración en casos excepcionais debidamente xustificadas.

En todo caso, deberán respectarse as normas relativas aos tempos de condución e descanso dos condutores/as establecidas na súa normativa específica.

## 7. CIFRAS DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO CURSO 2007-2008

O número de centros públicos que dispoñen de transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008 é de 798. Por provincias, distribúense na seguinte orde: A Coruña (35,2%), Pontevedra (34,6%), Lugo (17,5%) e Ourense (12,6%). Polo que respecta á modalidade de centro, son os CEIP os centros que máis dispoñen de transporte escolar, en todas as provincias (58,6%), seguíndolles, en moita menor medida, os IES (26,9%).

Táboa 1. Número de centros de titularidade pública con servizo de transporte escolar segundo provincia e modalidade de centro na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008

Modalidade	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
EEI	2	1	--	5	8
CRA	1	--	--	--	1
CEP	7	1	--	15	23
CEIP	154	89	69	156	468
CPI	29	12	9	19	69
IES	81	35	22	77	215
CEE	7	2	1	3	13
CIFP	--	--	--	1	1
<b>Total</b>	<b>281</b>	<b>140</b>	<b>101</b>	<b>276</b>	<b>798</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Polo que respecta ao **número de alumnado usuario** do servizo de transporte escolar, no curso escolar 2007-2008, nos centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, rolda os 93.000 alumnos/as (datos estimativos)<sup>1</sup>. Obsérvase un descenso no número de alumnos/as usuarios en relación ao curso 2006-2007, no cal a cifra se situaba nos 102.149 alumnos/as transportados<sup>2</sup>. Por outra parte, considerando que o alumnado matriculado en centros públicos no curso 2007-2008 é de 151.604 alumnos/as, son usuarios/as do servizo de transporte o 61,3%.

En canto ás **empresas contratadas** para realizar o servizo de transporte escolar, cabe subliñar que moitas delas operan en máis dunha provincia, polo que non se pode falar dunha cifra global no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A seguinte táboa amosa a distribución das empresas transportistas a nivel provincial na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008; na mesma obsérvase que son as provincias de Lugo e A Coruña nas que actúa un maior número de empresas.

Táboa 2. Número de empresas que realizan o transporte escolar nos centros de titularidade pública segundo provincia na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008

Provincia	Número de empresas
A Coruña	100
Lugo	120
Ourense	43
Pontevedra	89

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

<sup>1</sup> Xunta de Galicia (2007). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2007-2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

<sup>2</sup> Xunta de Galicia (2006). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2006-2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## 8. FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

A información relativa aos importes do transporte escolar nos centros públicos, en función do número de contratos asinados coas empresas do sector (táboa 3), amosa que son as provincias da Coruña e Pontevedra as que teñen un importe total por curso escolar máis elevado resultando, de igual maneira, o importe por día tamén superior ao das provincias de Lugo e Ourense.

Táboa 3. Prezo total anual e prezo diario do transporte escolar segundo provincia na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008

Provincia	Prezo total ano escolar (180 días)	Prezo día (engadido IPC)
A Coruña	40.347.923,40 €	224.155,13 €
Lugo	19.738.299,40 €	109.656,83 €
Ourense	14.598.222,00 €	81.102,90 €
Pontevedra	32.669.661,60 €	181.498,12 €
<b>Total</b>	<b>107.354.106,40 €</b>	<b>596.412,98 €</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Calculando a media do importe total do transporte escolar por provincia e número de contratos, compróbase que as provincias de Ourense e A Coruña acadan as medias máis altas, situándose incluso por riba da media da Comunidade Autónoma de Galicia, mentres que Lugo e Pontevedra se sitúan por debaixo. O mesmo ocorre no relativo á media do importe diario.

Táboa 4. Prezo medio total por curso e prezo medio diario do transporte escolar segundo provincia na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008

Provincia	Prezo medio total curso por contrato	Prezo medio diario por contrato (engadido IPC)
A Coruña	60.673,57 €	337,07 €
Lugo	52.635,28 €	292,42 €
Ourense	61.338,33 €	340,77 €
Pontevedra	51.206,37 €	284,48 €
<b>Media Galicia</b>	<b>56.030,33 €</b>	<b>311,28 €</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Polo que respecta aos **contratos menores**, as provincias que contan cun importe total diario máis elevado son Pontevedra e A Coruña, en tanto que as medias máis altas pertencen a Pontevedra e Ourense, tal e como pode apreciarse na táboa 5.

**Táboa 5. Importe total diario e media do importe diario do transporte escolar dos contratos menores segundo provincia na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2007-2008**

Provincia	Importe total diario	Media importe diario
A Coruña	22.399,08 €	159,99 €
Lugo	9.701,16 €	118,31 €
Ourense	10.010,12 €	185,37 €
Pontevedra	29.159 €	191,83 €
<b>Total</b>	<b>71.269,36 €</b>	<b>166,52 €</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

## 9. O PROGRAMA TES+BUS

O Programa de Transporte Escolar Compartido de Galicia, TES+BUS, é un proxecto conxunto das Consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e de Educación e Ordenación Universitaria, que ten como obxectivo ofrecer un transporte público colectivo en zonas de carácter rural, facilitando deste xeito o desprazamento ás cabeceiras dos concellos e mellorar a accesibilidade da poboación do medio rural aos servizos básicos que estes ofrecen.

A iniciativa TES+BUS, que se pon en marcha o 19 de marzo de 2007, nace como unha experiencia piloto de utilización mixta dos servizos de transporte escolar público, mediante a cal se ofrece aos residentes de aldeas rurais sen transporte público a utilización das rutas escolares como transporte público colectivo.

Algúns dos criterios utilizados para a elección das zonas nas que se implantou este servizo foron os seguintes:


- A escaseza de servizos de transporte público concesional.
- A baixa densidade de poboación.
- A existencia de prazas libres no transporte escolar.
- A existencia da figura da persoa acompañante no transporte escolar.

Na primeira actuación deste programa beneficiáronse os habitantes de 12 concellos das catro provincias galegas: dous nas provincias da Coruña e Lugo e catro nas provincias de Ourense e Pontevedra.

En canto ao funcionamento deste servizo, coincide cos días e horarios nos que se realice o transporte escolar.

Polo que respecta ao custo do TES+BUS, os cidadáns/ás que utilicen este servizo aboarán 1 euro por cada viaxe que realicen.

No TES+BUS establécense unhas normas que rexerán na utilización conxunta dos servizos de transporte escolar, no cal se prima, en todo caso, a utilización do transporte polos escolares, ofrecendo as prazas que queden libres ao resto dos cidadáns/ás:

- 
- No autobús viaxará unha persoa acompañante e adulta, que será a que regule a orde.
  - Os usuarios/as poderán subir en calquera das paradas da ruta escolar.
  - Os usuarios/as poderán baixar en calquera das paradas da ruta escolar ou ao chegar ao centro educativo.
  - Non se poderá subir con vultos que, a xuízo da persoa acompañante, poidan entorpecer o paso.

Concluído o curso escolar 2007-2008, e unha vez avaliados os resultados da implantación desta iniciativa, promoverase, de ser o caso, a posible extensión do programa a novas zonas.



The background of the top section features a grid of semi-transparent squares overlaid on a blurred image of an office environment, including a desk, a chair, and some papers. The colors are warm, ranging from orange to yellow.

# *Capítulo 6*

## **O Programa Madrugadores e a Apertura de centros na Comunidade Autónoma de Galicia**





## 1. O PROGRAMA MADRUGADORES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA: ASPECTOS XERAIS

Madrugadores é un programa pioneiro en Galicia no ámbito da conciliación laboral e familiar. Trátase dunha iniciativa impulsada por algúns concellos que consiste nun servizo de acollida e vixilancia dos escolares participantes, así como na organización de actividades lúdico-formativas antes do inicio das clases da sesión de mañá. O servizo pode prestar, así mesmo, aos usuarios/as que o desexen a organización dun servizo de almorzo, tipo “catering”.

As denominacións utilizadas para referirse ao mencionado programa poden adoptar diversas formas: Plan Madruga, Aula Matinal..., segundo onde se desenvolva.

O obxectivo principal do devandito Programa consiste en responder ás necesidades familiares derivadas do desfase existente entre horarios escolares e laborais, como medida de conciliación familiar e laboral, garantindo a atención dos nenos e nenas, antes do inicio das clases pola mañá, por persoas debidamente cualificadas que lles ofrezan actividades encamiñadas a fomentar a súa creatividade, autonomía e interese por coñecer e gozar o seu contorno.

Os seus destinatarios/as son alumnos/as de segundo ciclo de Educación Infantil e de Educación Primaria de centros públicos con servizo de comedor. Estes nenos/as reciben atención nas aulas entre as sete e media e as nove da mañá (ata o comezo das clases), en días lectivos por persoal cualificado (normalmente un monitor/a e un camareiro/a). Este servizo pode utilizarse de xeito sistemático ou esporadicamente. Antes do comezo da clase, ademais do almorzo, os nenos e nenas dedican o tempo a actividades como xogos e talleres educativos.

## 2. SERVIZOS QUE OFRECE O PROGRAMA MADRUGADORES

O Programa desenvolve, esencialmente, dous servizos:

- a) Servizo de acollida e vixilancia de escolares participantes e organización de actividades de ocio, que comprende as seguintes funcións:
  - Apertura do centro educativo antes do inicio das sesións lectivas.
  - Recepción e control da chegada dos nenos e nenas ao centro educativo.
  - Vixilancia e protección do alumnado antes do inicio das clases da sesión de mañá.
  - Realización de actividades sobre hábitos saudables e de ocio.
- b) Organización dun servizo de almorzo tipo “catering” nunha quenda horaria comprendida, aproximadamente, entre as 7:45 e as 8:15 h. Este servizo é atendido por persoal da empresa adxudicataria.

## 3. PERSOAL QUE ATENDE O PROGRAMA MADRUGADORES

Os perfís profesionais do persoal que atende os servizos mencionados anteriormente son os seguintes:

- a) Camareiro/a, que deberá posuír o título de manipulador de alimentos, así como coñecementos de primeiros auxilios. O número de efectivos de persoal que se require en cada servizo debe responder ao seguinte rateo:
- 1 camareiro/a para grupos de 15 a 40 escolares.
  - 2 camareiros/as para grupos de 41 a 80 escolares.
- b) Monitor/a e coordinador/a. A titulación mínima que deben posuír é a correspondente a Ciclos Formativos de grao superior, Formación Profesional ou equivalente (Animación Sociocultural, Educación Infantil, Integración Social ou semellante). Os monitores/as que se requiren en función do número de escolares son os que se indican a continuación:
- 1 monitor/a para grupos de 15 a 22 escolares.
  - 2 monitores/as para grupos de 23 a 40 escolares.
  - 3 monitores/as para grupos de 41 a 58 escolares.

Un dos membros deste persoal responsabilizarase da apertura do centro e do acendido da calefacción.

#### **4. ACTIVIDADES OFERTADAS NO PROGRAMA MADRUGADORES**

As actividades desenvolvidas no Programa Madrugadores están relacionadas co fomento de hábitos saudables de vida, consumo, alimentación e utilización do tempo libre, debendo estar todas elas adaptadas ao grupo de idade co que se vaia traballar.

Máis especificamente, nalgún dos concellos onde se leva adiante este Programa indícase que nos contidos das actividades de ocio se utilizará unha temática transversal, relacionada coa cidade e que deberá, así mesmo, ter en conta ensinanzas relacionadas coa educación para a paz, a educación para a tolerancia, a solidariedade, a educación medio ambiental, a coeducación..., co obxecto de coñecer e aproveitar os recursos que a cidade pode ofrecer.

Os contidos das actividades de ocio contemplarán actividades motrices, plásticas, musicais, de animación teatral, de animación á lectura e relacionadas cos medios audiovisuais.

#### **5. PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO**

O Programa de apertura de centros docentes públicos fóra do horario lectivo implantouse, inicialmente, como proxecto piloto nas cidades de Pontevedra e Lugo no curso escolar 2006-2007, ampliándose no 2007-2008 a outros concellos galegos.

O obxectivo desta iniciativa é promover a formación integral do alumnado no centro escolar, coa difusión de actividades deportivas, artísticas, relacionadas coa saúde, de

lecer e tempo libre. Ao mesmo tempo, preténdese optimizar os recursos dos centros e contribuír á conciliación da vida familiar e laboral.

### 5.1.Modalidades e beneficiarios/as

Este Programa presenta dúas modalidades:

- Modalidade A: Apoio a actividades saudables e de habilidades persoais que se desenvolvan en cada un dos centros participantes, dirixidas ao fomento de hábitos relacionados con estilos de vida e de alimentación saudables.
- Modalidade B: Céntrase no apoio á mellora do éxito escolar e á prevención e intervención co absentismo e abandono temperán dos estudos. Estas actividades poderán celebrarse en varios centros, nun só centro centralizando a todo o alumnado participante, ou en instalacións que se consideren idóneas para facilitar a maior concorrencia de alumnado.

Polo que respecta aos beneficiarios/as do Programa, poderán selo todos os concellos de Galicia que conten no seu termo municipal cun ou máis centros docentes públicos. O requisito que deben cumprir para participar nel consiste en presentar un proxecto que inclúa actividades dunha ou das dúas modalidades anteriores, coas seguintes particularidades:

- Para a modalidade A, os proxectos serán elaborados conxuntamente polo Concello e os centros docentes do seu termo municipal.
- Para a modalidade B, os proxectos estarán elaborados polo Concello ou agrupacións de concellos.

### 5.2.Actividades ofertadas

As actividades que formen parte dos proxectos deste Programa irán encamiñadas preferentemente ao alumnado do propio centro docente, aínda que tamén poderán estar dirixidas ao alumnado doutros centros do contorno, dando conta do proxecto aos respectivos consellos escolares.

As actividades desenvolvidas en calquera das modalidades do Programa serán de carácter educativo, deportivo, artístico, de lecer, de promoción da saúde e de habilidades persoais.

#### 5.2.1. Actividades saudables e de habilidades persoais

Son actividades dirixidas ao alumnado de Educación Infantil e Primaria que inclúen:

- a) Desenvolvemento lúdico e deportivo: Actividades deportivas orientadas a favorecer o desenvolvemento das destrezas e habilidades do alumnado, así como aquelas outras actividades que faciliten a súa participación, tales como xogos de mesa, expresión corporal e musical, etc.
- b) Desenvolvemento de habilidades persoais:

- Obradoiros de habilidades sociais que permitan unha maior integración do alumnado co seu contorno social.
- Actividades dirixidas ao alumnado beneficiario do servizo de comedor e/ou almorzo que lles permita adquirir bos hábitos alimentarios e comportamentos axeitados durante a comida.
- c) Actividades de promoción da saúde: Dirixidas ao alumnado beneficiario do servizo de comedor e/ou almorzo en centros escolares e referidas, sobre todo, á promoción dunha alimentación equilibrada e protección da saúde evitando o sedentarismo.

#### 5.2.2. Actividades dirixidas ao alumnado de 5º e 6º da Educación Primaria e de 1º e 2º da ESO para o fomento do éxito escolar

Destas actividades seleccionaranse polo menos tres:

- a) Aulas de acompañamento e reforzo: Dirixidas ao alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal, aprendizaxe deficiente das áreas instrumentais e que por diversos motivos non pode recibir o apoio e reforzo que precisa no seo da súa familia. Pretende reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar o estudo e propoñer formas de traballo escolar eficaces.
- b) Uso das tecnoloxías da información e as comunicacións: Propóñense actividades para favorecer o uso de ferramentas multimedia que faciliten o acceso á sociedade da información, tales como obradoiros de selección e tratamento crítico da información: obradoiros de prensa, radio, vídeo, fotografía, de uso da internet na procura de información, etc.
- c) Comunicación, lectura e idiomas:
  - Actividades encamiñadas a que o alumnado acade a competencia lingüística e a favorecer os procesos de comprensión e expresión a través da estimulación oral, a lectura, o uso da linguaxe con fins artísticos: obradoiros de prensa, conta contos, libro forum, clubs de lectura, animación á lectura e uso da biblioteca, debates, obradoiros de escrita, elaboración de contos, poemas, anuncios publicitarios, etc.
  - Actividades destinadas a mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras. Representacións ou dramatizacións, lectura e elaboración de guións, poemas, xogos de resposta física total, actividades en xeral atendendo á lingua estranxeira como lingua vehicular obxecto de aprendizaxe.
- d) Desenvolvemento artístico: Actividades artísticas destinadas a favorecer o desenvolvemento das destrezas perceptivas, a estimular a creatividade e a sensibilidade artística, a potenciar a creación de agrupacións ou asociacións: actividades de expresión plástica, teatro, dramatización, audiovisuais, etc.
- e) Desenvolvemento da autonomía persoal:

- Actividades destinadas a favorecer a mellora do autoconceito, a formación de actitudes e valores individuais. Identificación, coñecemento e superación das fortalezas e debilidades persoais; xestión do tempo e dos recursos persoais.
- A toma de decisións ante problemas da vida cotiá, preparación para a realización de tarefas habituais: xestión do orzamento propio, preparación de listas de tarefas, planificación do traballo, compra ecolóxica, fomento de actitudes de consumo responsable.
- Obradoiros de desenvolvemento afectivo-sexual, de interculturalidade, de prevención do consumo de drogas, de seguridade viaria, etc.
- f) Actividades de ciencia e/ou matemática divertida: Actividades que lles faciliten coñecer a base científica e/ou matemática de moitos feitos ou fenómenos presentes na vida cotiá do alumnado. Trátase de actividades sinxelas que posibiliten un achegamento á ciencia, actividades lúdicas que permitan a aplicación da matemática no día a día.

### 5.2.3. Actividades dirixidas ao alumnado de 5º e 6º da Educación Primaria e de 1º e 2º da ESO para a prevención ou intervención ante o absentismo e abandono temperán dos estudos

Das actividades enumeradas a continuación seleccionaranse tres:

- a) Actuacións dirixidas á prevención e intervención do absentismo escolar: Dinamización da elaboración de protocolos de actuación conxunta (centros educativos do Concello, servizos sociais, ANPA, etc.), coa finalidade de establecer accións ante o absentismo escolar e reducir o abandono temperán.
- b) Asesoramento e orientación para o retorno educativo:
  - Dar a coñecer vías que permitan o retorno ao sistema educativo.
  - Asesoramento ao alumnado e familias sobre alternativas tales como ensino de adultos, a distancia, programas de cualificación profesional inicial (PCPI), etc.
  - Establecemento dun punto de información de vías e opcións de estudos, bolsas de estudos e outras posibles axudas.
- c) Redes de apoio multidisciplinares para a resolución pacífica de conflitos: Establecer medidas que supoñan intervencións conxuntas ou interdisciplinares sobre todas aquelas problemáticas que, de xeito individual ou colectivo, poden ocasionar absentismo ou fracaso escolar.
- d) Actividades extraescolares. Poderán desenvolverse por zonas e priorizando:
  - Obradoiros de comunicación: acceso e procura da información, uso correcto de impresos, solicitudes, formularios, reclamacións e outros documentos que supoñan unha xestión administrativa.
  - Obradoiros de axuda á superación de dificultades persoais, de integración, de estudo, de relación, etc.

- Obradoiros de cara á formación de actitudes e valores individuais.

### 5.3.Financiamento do Programa de Apertura de centros

Pola Orde do 26 de maio de 2008 (DOG, 11/06/08), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece as bases e convoca, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o cofinanciamento do Programa de Apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2008.

O financiamento do Programa é froito dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Cultura e Deporte coa Administración local. As axudas concédense en función das demandas de cada un dos concellos, que deseñan o seu programa en colaboración coas asociacións de nais e pais de alumnos/as. O importe destínase ao financiamento da actividade, que inclúe a contratación de persoal e o transporte, nalgúns casos.

Na seguinte táboa móstrase o número de convenios de colaboración subscritos no ano 2007 coa finalidade de promover a apertura de centros docentes de titularidade pública fóra do horario lectivo.

**Táboa 1. Número de centros docentes de titularidade pública que subscribiron convenios de colaboración para promover a apertura de centros fóra do horario lectivo segundo provincia no ano 2007**

Provincia	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Cultura e Deporte e concellos
A Coruña	66
Lugo	14
Ourense	11
Pontevedra	65
<b>Total</b>	<b>156</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O número de centros docentes de titularidade pública que subscribiron convenios coas Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Cultura e Deporte e cos concellos para promover a apertura de centros foi de 156. As provincias que contan cun maior número de centros con convenio son as da Coruña (42,3%) e Pontevedra (41,7%); o 16% restante distribúese entre Lugo (9%) e Ourense (7%).

En canto ao financiamento, e considerando a distribución territorial (táboa 2), apréciase que a provincia que percibiu un maior financiamento foi A Coruña (43,6%), en oposición a Ourense, que foi a que menos recibiu, cun 9,9%; Pontevedra e Lugo percibiron o 29,8% e o 16,7%, respectivamente. Por outra parte, atendendo ao organismo subscritor do convenio, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é a que outorga, a nivel xeral, o maior financiamento (60,7%), distribuíndose en porcentaxes case idénticas as subvencións outorgadas pola Consellería de Cultura e Deporte (19,7%) e polos concellos (19,6%).

Táboa 2. Importe dos convenios de colaboración subscritos para promover a apertura de centros fóra do horario lectivo segundo provincia e organismo no ano 2007

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	250.000 €	90.000 €	55.000 €	165.000 €	560.000 €
Consellería de Cultura e Deporte	74.000 €	33.000 €	20.000 €	55.000 €	182.000 €
Concello	78.000 €	30.750 €	16.750 €	55.000 €	180.500 €
<b>Total</b>	<b>402.000 €</b>	<b>153.750 €</b>	<b>91.750 €</b>	<b>275.000 €</b>	<b>922.500 €</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Con este capítulo, dedicado ao Programa Madrugadores e ao Programa Apertura de centros, finaliza a análise teórica deste traballo. Nesta primeira parte presentouse unha perspectiva teórica xeral das actividades extraescolares e tamén dos servizos complementarios, así como da normativa que os regula.

Cabe destacar, en relación coas actividades extraescolares, as posibilidades que representan para o desenvolvemento físico, intelectual, social e psicolóxico do alumnado. Por outra parte, os servizos complementarios en xeral contribúen, cando están debidamente coordinados, a mellorar o funcionamento efectivo dos centros e a conciliar a vida familiar coa dinámica escolar.

O Consello Escolar de Galicia considera que o estudo realizado ata o momento permite destacar a interdependencia existente entre os diferentes temas analizados. O bo funcionamento de cada un destes servizos e/ou programas e, incluso a súa existencia, vai depender do correcto funcionamento e existencia dos outros. É, polo tanto, necesario que a Administración potencie a posta en funcionamento de todos eles e vele polo seu correcto funcionamento e utilización.

Para afondar no coñecemento das actividades extraescolares e dos servizos complementarios nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, tratamos de obter as opinións e valoracións dos diferentes estamentos implicados, tarefa que levamos a cabo na segunda parte deste estudo.







# Consideraciones Parte Teórica





Tomando como referencia o marco teórico e a análise dos datos proporcionados pola Administración educativa pódense derivar unha serie de consideracións en torno aos temas abordados neste Informe.

A revisión realizada da literatura existente sobre as **actividades extraescolares**, mostra a influencia positiva das mesmas na educación dos alumnos e alumnas, na medida en que contribúen a espertar e desenvolver diferentes capacidades de tipo físico, cognitivo, afectivo e social.

Estas actividades constitúen, así mesmo, un mecanismo e un produto da participación e da colaboración dos diferentes compoñentes da comunidade educativa, así como da colaboración entre o centro educativo e o contorno no que aquel desenvolve o seu labor.

Os **servizos complementarios**, tanto o de comedor escolar como o de transporte, contribúen a conseguir a equidade educativa, en tanto que tenden a eliminar os atrancos que poden dificultar o exercicio efectivo do dereito a unha educación básica, obrigatoria e gratuíta. As Administracións educativas deben, polo tanto, poñer un especial empeño en acadar que a prestación destes servizos teña un carácter público.

Partindo destes presupostos, debemos preguntarnos se efectivamente os servizos de transporte e de comedor escolar son un dereito para todos os alumnos e alumnas do ensino obrigatorio.

O inicio do curso escolar 2007-2008 estivo marcado pola ampliación do acceso gratuíto ao **servizo de comedor escolar** aos estudantes de todo o ensino obrigatorio escolarizado nos centros públicos, coa entrada en vigor do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro. Ata ese momento só os que usaban o transporte escolar podían beneficiarse. Con todo, só unha terceira parte accedeu a este servizo, xa que moitos centros non o ofertan. De aí que o comedor sexa un servizo non ao alcance de todos/as.

Os comedores escolares xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos centros de titularidade pública experimentaron en Galicia un certo incremento no curso 2007-2008 (377) con respecto ao 2006-2007 (366). Isto mesmo ocorre nos xestionados polas ANPA, pasándose de 106 no curso 2006-2007 a 151 no 2007-2008. Polo tanto, o crecemento global do número de comedores nos centros públicos nos dous cursos de referencia foi de 56 comedores, ao pasar de 472 comedores no curso 2006-2007 a 528 no 2007-2008.

En canto á distribución provincial, o maior número de centros públicos con comedor escolar (tanto xestionados pola Consellería como polas ANPA) no curso 2007-2008, sitúase nas provincias da Coruña e Pontevedra, seguidas de Lugo e Ourense. Non dispoñemos de datos para os centros privados concertados.

Polo que respecta á xestión, os comedores escolares xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos centros de titularidade pública representan unha maioría (71,4%) con respecto aos xestionados polas ANPA (28,6%), no conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro dos xestionados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a modalidade de xestión directa ou realizada polo propio centro ten un predominio absoluto sobre a xestión indirecta ou levada a

cabo por empresas, en todas as provincias. Non obstante, na provincia de Pontevedra representan un maior número os comedores xestionados polas ANPA.

Se consideramos a modalidade de centro e o tipo de xestión nos centros de titularidade pública, conséntase nos comedores escolares de xestión directa un predominio dos CEIP (75,8%) e dos CPI (17,9%); polo que respecta aos comedores con xestión indirecta, as maiores porcentaxes sitúanse nos IES (65,2%) e nos CEIP (29,7%).

A porcentaxe de alumnado usuario do servizo de comedor escolar na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2006-2007 é máis elevada nos centros privados (27,6%) que nos públicos (19,7%), seguindo a tendencia que se observa no conxunto de España, onde a porcentaxe tamén é maior nos centros de titularidade privada (29,6%) que nos de titularidade pública (14,9%). No curso 2007-2008, na nosa Comunidade Autónoma, o alumnado usuario do servizo de comedor escolar nos centros públicos experimentou un incremento con respecto ao curso anterior.

En canto ás axudas outorgadas ás asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o financiamento de comedores escolares xestionados por estas para o curso 2007-2008, evidénciase a gran diferenza existente na distribución provincial destas axudas. Así, do total de ANPA e Federacións de ANPA subvencionadas, as de Pontevedra e A Coruña representan o 85,1% do total, cun 47,3% e un 37,8%, respectivamente, en tanto que Lugo e Ourense repártense o 14,9% restante (a primeira un 12,2% e Ourense un 2,7%). A contía das axudas incrementouse da anualidade do 2008 con respecto á do 2007 en 145.983,8 €.

Sinalar, por último, con respecto á situación existente no Estado, que a Comunidade Autónoma de Galicia (cun 6,2%) ocupa, no curso 2006-2007, a sexta posición entre as comunidades españolas en canto a número de centros (tanto de titularidade pública como privada) con servizo de comedor escolar.


En canto ao servizo de transporte escolar, no curso 2006-2007, Galicia sitúase no segundo lugar do Estado en número de centros, tanto de titularidade pública como privada, con transporte escolar, cun 13,9%, detrás de Andalucía.

O número de centros públicos que dispoñen de transporte escolar para o curso 2007-2008 incrementouse con respecto ao curso anterior, pasándose de 798 a 817.

En relación coa modalidade de centro, no curso 2007-2008, son os CEIP os que contan en maior número con servizo de transporte escolar, concretamente no 58,6% dos centros, situándose, a continuación, os IES cun 26,9%.

No referente ao alumnado usuario do servizo de transporte no curso 2006-2007, Galicia é a comunidade con máis alumnado usuario deste servizo (28,9%), fronte ao 8,5% de media do resto do Estado, cunha diferenza de máis de 20 puntos. A porcentaxe de alumnado usuario da rede de centros pública (32,7%) é moi superior á da privada (19,2%), mentres que no resto do Estado a diferenza entre o alumnado usuario dos centros públicos e privados é moito menor (9% e 7,5%, respectivamente).

No curso 2007-2008 apréciase no alumnado transportado un descenso con respecto ao 2006-2007, ao pasarse de 102.149 alumnos/as a aproximadamente 93.000.



Polo que se refire ao Programa Apertura de centros cabe destacar que é considerado polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (MEPSYD) como un servizo complementario, en tanto que na Comunidade Autónoma de Galicia ten a consideración de Programa. No que se refire á oferta do mesmo que realizan os centros, tanto de titularidade pública como privada, Galicia ocupa a quinta posición (5,5%) no conxunto do Estado, detrás de comunidades como Madrid, Andalucía, Castela-León e Aragón. Seguindo a liña predominante no resto de España (agás en Cataluña e Madrid), en Galicia son os centros públicos os que desenvolven en maior número este Programa (54,5%).

En canto ao alumnado que fai uso deste servizo, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte non dispón de datos para a Comunidade Autónoma de Galicia.





## *2. Parte Empírica*





The top portion of the page features a decorative background. It consists of a grid of semi-transparent, rounded square tiles in various shades of brown, orange, and yellow. Behind this grid, there is a blurred image of an office environment, showing what appears to be a desk with papers, a pen, and other office supplies. The overall color palette is warm and professional.

# Capítulo 1

## Metodología



## INTRODUCCIÓN

Despois de ofrecer na primeira parte unha visión xeral dos fundamentos teóricos das actividades extraescolares e dos servizos complementarios, particularmente a nivel conceptual e lexislativo, procede iniciar esta segunda parte presentando a planificación da parte empírica deste traballo, iniciándoa coa información sobre os obxectivos xerais e específicos, e á que seguen nos próximos capítulos a análise dos datos recollidos dos distintos estamentos sobre os temas obxecto de estudo e as conclusións correspondentes.

A análise dos temas desde a perspectiva de distintos sectores da comunidade educativa implica realizar un esforzo por conseguir a integración e a comparación da información recollida, pero, ao mesmo tempo, a pretensión de considerar as particularidades achegadas por cada sector leva a que nalgúns momentos do traballo se tiveran que presentar consecutivamente as contribucións de cada colectivo, co conseguinte risco de que a información poida parecer reiterativa.

## 1. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden acadar nesta parte son os seguintes:

### 1.1. Obxectivos xerais

- Coñecer o estado real da oferta, tipoloxía e calidade das actividades extraescolares nos centros escolares de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos.
- Coñecer a oferta, estado e uso dos servizos complementarios -transporte e comedor- nos centros escolares de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos.

### 1.2. Obxectivos específicos

- Recoller as percepcións e valoracións dos diferentes sectores da comunidade escolar (equipo directivo, profesorado, alumnado, pais/nais e ANPA) sobre a tipoloxía, funcionamento e satisfacción en relación cos servizos complementarios de comedor e transporte escolar e coas actividades extraescolares.
- Coñecer o grao de implicación dos concellos nos servizos complementarios e nas actividades extraescolares, así como o orzamento destinado aos mesmos.
- Diagnosticar os posibles conflitos e problemas que o funcionamento ou posta en marcha de tales servizos e actividades xeran.
- Analizar os factores -institucionais, económicos, sociais, familiares...que posibilitan ou impiden o funcionamento óptimo dos mesmos.
- Identificar e analizar aquelas actividades e servizos que pola súa calidade poidan ser xeneralizables a outros centros ou concellos.
- Extraer conclusións que permitan formular recomendacións e propostas que

contribúan á mellora do proceso de ensino-aprendizaxe e á convivencia e participación nunha sociedade democrática.

## 2. VARIABLES

As variables obxecto de estudo son as seguintes:

- Actividades extraescolares.
- Servizos complementarios: comedor, transporte, Programa Madrugadores.
- Titularidade dos centros.
- Provincias.
- Tipoloxía do centro.

## 3. POBOACIÓN

A poboación obxecto de estudo compóñena os centros públicos e privados concertados de ensino obrigatorio de Galicia recollidos na táboa 1, por provincia, titularidade e tipo de centro, e os diferentes sectores da comunidade escolar implicados na temática desta investigación, concretamente:

- Equipo directivo.
- Profesorado.
- Alumnado.
- Nais e pais do alumnado.
- ANPA.

Asemade, a poboación está constituída por todos os concellos galegos, un total de 315, aos que se solicitou información sobre a súa implicación nas actividades extraescolares, nos servizos complementarios e no Programa Madrugadores.

**Táboa 1. Distribución total de centros públicos e privados concertados de ensino obrigatorio de Galicia**

CENTROS PÚBLICOS					
Tipo de centro segundo denominación xenérica	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Colexios Rurais Agrupados (CRA)	15	--	1	11	27
Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP)	226	100	86	196	608
Colexios de Educación Primaria (CEP)	9	1	--	18	28
Centros Públicos Integrados (CPI)	31	12	9	19	71
Institutos de Educación Secundaria (IES)	106	40	31	90	267
Centros específicos de Educación Especial (CEE)	6	2	2	3	13
<b>Total</b>	<b>393</b>	<b>155</b>	<b>129</b>	<b>337</b>	<b>1.014</b>

Táboa 1. (Continuación)

CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS					
Tipo de centro segundo ensino que imparten	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria	65	17	22	80	184
Educación Especial	17	1	5	29	52
<b>Total</b>	82	18	27	109	236
<b>Total de centros (públicos e privados concertados)</b>	475	173	156	446	1.250

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2006).

#### 4. MOSTRA

Para a selección da mostra tívose en conta o total de centros públicos e privados concertados de ensino obrigatorio (ver táboa 1). Empregouse unha *mostraxe aleatoria estratificada con afixación proporcional*.

A fórmula empregada para a selección da mostra foi:

$$n = \frac{Z^2 pq N}{NE^2 + Z^2 pq}$$

Onde:

$n$  é o tamaño da mostra;

$Z$  é o nivel de confianza<sup>2</sup>;

$p$  é a variabilidade positiva;

$q$  é a variabilidade negativa;

$N$  é o tamaño da poboación;

$E$  é a precisión ou erro.

Para o cálculo da mostra de cada estrato, a distribución fíxose de acordo co peso (tamaño) da poboación en cada un deles (tense en consideración a proporción de individuos de cada estrato). A fórmula empregada é:

$$n_e = n_t \frac{N_e}{N_t}$$

Onde:

$n_e$  é o número de elementos da mostra que pertencen ao estrato;

$n_t$  é o número de elementos total da mostra;

$N_e$  é o número de elementos da poboación que pertencen ao estrato;

$N_t$  é o número de elementos total da poboación;

Tendo en consideración o total de centros e o tipo de mostraxe indicada, a mostra de

centros estivo composta, tal como se especifica na táboa 2, dun total de 294 centros -tomando unha marxe de erro do 5%-.

$$n = \frac{1.96^2 * 0.50 * 0.50 * 1250}{1250 * 0.05^2 + 1.96^2 * 0.50 * 0.50}$$

Táboa 2. Distribución de centros da mostra segundo titularidade e tipo de centro -denominación xenérica e ensino que imparten- (marxe de erro do 5%)

CENTROS PÚBLICOS	Tipo de centro segundo denominación xenérica	Nº de centros teóricos	Nº de centros reais
	Colexios Rurais Agrupados (CRA)	6	6
	Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP)	143	149
	Colexios de Educación Primaria (CEP)	7	7
	Centros Públicos Integrados (CPI)	17	18
	Institutos de Educación Secundaria (IES)	63	70
	Centros específicos de Educación Especial (CEE)	3	3
Total		239	253
CENTROS PRIVADOS	Tipo de centro segundo ensino que imparten	Nº de centros teóricos	Nº de centros reais
	Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria	43	48
	Educación Especial	12	12
Total		55	60
Total de centros (públicos e privados concertados)		n=294	n=313

Na táboa anterior pódese apreciar a distribución teórica de centros da mostra e a súa distribución real, cunha diferenza de 19 centros a favor da distribución real. O motivo deste incremento na mostra é que se pretendían conseguir os 294 cuestionarios de equipos directivos respectando a distribución por titularidade e por tipo de centro e, para acadar este obxectivo, tívose que aumentar o tamaño ata chegar aos 313 centros que compoñen finalmente a mostra do estudo.

De cada un dos centros seleccionados recolléronse, á súa vez, mostras dos diferentes sectores implicados e vinculados ao centro: o equipo directivo (302), as ANPA (246), o profesorado (1.274), o alumnado (4.715) e os pais e nais dese alumnado (4.340).

## 5. INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA DE DATOS

O instrumento para a recollida de datos foi o cuestionario, que permitiu extraer información relativa ás percepcións e valoracións dos diferentes sectores implicados mencionados no punto anterior, e tamén dos concellos, por considerar relevante o coñecemento da súa implicación nas actividades extraescolares e nos servizos complementarios. Elaboráronse, polo tanto, un total de seis cuestionarios, un por cada un dos colectivos citados, incluíndose en todos eles algunha pregunta aberta e outras, a maioría, pechadas ou de elección múltiple. Os cuestionarios foron sometidos a unha revisión por expertos de distintos ámbitos do sistema educativo, no que se inclúen:

inspectores/as de educación, profesorado universitario, profesorado de Infantil, Primaria, ESO, Colexios Rurais Agrupados (CRA) e de Educación Especial, directivos de centros de ensino e directivos dos Centros de Formación e Recursos e orientadores.

### 5.1. Cuestionario para equipos directivos

Aos equipos directivos formulábaselles un total de 83 cuestións, das cales 7 teñen carácter aberto. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque centrado nos datos de identificación do centro escolar e da persoa que contesta (ítems 1 a 11).
- O segundo bloque no que se indaga acerca das actividades extraescolares (ítems 12 a 29).
- O terceiro bloque que inclúe cuestións que fan referencia aos servizos complementarios: o comedor escolar (ítems 30 a 52), o Programa Madrugadores (ítems 53 a 62) e o transporte escolar (ítems 63 a 82).

### 5.2. Cuestionario para ANPA

Das 68 cuestións formuladas a este colectivo, 7 son abertas e, no seu conxunto, agrúpanse en diversos bloques de contido:

- O primeiro bloque de identificación (ítems 1 a 6).
- O segundo bloque relacionado coas actividades extraescolares (ítems 7 a 21).
- O terceiro no que se analizan os servizos complementarios: o comedor escolar (ítems 22 a 41), o Programa Madrugadores (ítems 42 a 51) e o transporte escolar (ítems 52 a 67).

### 5.3. Cuestionario para profesores/as

O instrumento deseñado para obter información deste colectivo componse de 35 ítems, sendo 7 deles abertos, xirando a súa estrutura en torno a tres bloques de contido:

- O primeiro bloque recolle datos de identificación do profesor/a así como do centro no que imparte docencia (ítems 1 a 4).
- O segundo bloque interérase polas actividades extraescolares (ítems 5 a 19).
- O terceiro e último bloque aborda os servizos complementarios: o comedor escolar (ítems 20 a 28), o Programa Madrugadores (ítems 29 e 30) e o transporte escolar (ítems 31 a 34).

### 5.4. Cuestionario para alumnos/as

Este cuestionario está composto por 48 preguntas sendo só unha delas aberta e nela o alumnado pode facer suxestións acerca da ampliación da oferta de actividades extraescolares no seu centro educativo.

Os ítems deste cuestionario agrúpanse nos seguintes bloques de contido:

- Un primeiro bloque de identificación (ítems 1 a 13).
- Un segundo bloque ocúpase das actividades extraescolares (ítems 14 a 33).
- Un terceiro bloque dedicado aos servizos complementarios: comedor e Programa Madrugadores (ítems 34 a 42) e transporte escolar (ítems 43 a 48).

### 5.5. Cuestionario para pais/nais

Neste caso o cuestionario está composto por 50 preguntas, 3 delas abertas. Os ítems do cuestionario agrúpanse nos seguintes catro bloques de contido:

- O primeiro bloque aglutina datos de identificación do centro así como do pai/nai que contesta o cuestionario (ítems 1 a 7).
- O segundo bloque pretende obter datos escolares do seu fillo/a (ítems 8 a 14).
- O terceiro bloque referido ás actividades extraescolares (ítems 15 a 36).
- O cuarto bloque no que se abordan os servizos complementarios, contendo dous apartados, un dedicado ao comedor escolar e ao Programa Madrugadores (ítems 37 a 45) e, o outro, ao transporte escolar (ítems 46 a 49).

### 5.6. Cuestionario para representante do Concello

O cuestionario está configurado por un total de 37 cuestións, 4 delas abertas, e atópase estruturado en tres bloques de contido:

- O primeiro bloque centrado nos datos de identificación (ítems 1 a 11).
- O segundo bloque con cuestións que fan referencia ás actividades extraescolares (ítems 12 a 23).
- O terceiro que pretende obter información referida aos servizos complementarios: o comedor escolar e o Programa Madrugadores (ítems 24 a 32) e o transporte escolar (ítems 33 a 36).

## **6. PROCEDIMIENTO DE APLICACIÓN DOS CUESTIONARIOS**

En cada centro seleccionado cumprimentáronse os cuestionarios por un membro do equipo directivo (preferentemente o director/a); no caso da ANPA e do profesorado solicitóuselle ao equipo directivo que entregara os cuestionarios: un para o directivo de cada ANPA existente no centro e cinco cuestionarios para os profesores/as máis implicados na temática das actividades extraescolares e/ou dos servizos complementarios. No referente ao alumnado, aplicáronse os cuestionarios nunha aula de Educación Primaria (cursos 5º ou 6º) ou de Educación Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º ou 4º de ESO). A selección dos cursos realizouse ao azar por tipo de centro. Finalmente, aos pais e nais fíxoselles chegar o cuestionario a través dos seus fillos/as que foron seleccionados para a aplicación.

Asemade, remitíuselles, por correo ordinario, aos 315 concellos de Galicia un



cuestionario, xunto cunha carta informativa, dirixido ao Departamento de Educación solicitando a súa colaboración, co fin de recoller a súa experiencia e opinión respecto da implicación do concello cos centros educativos na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares e na xestión e funcionamento dos servizos complementarios de comedor e transporte escolar e do Programa Madrugadores.

## **7. ANÁLISE TÉCNICA DOS INSTRUMENTOS: CREDIBILIDADE DA INFORMACIÓN ACHEGADA**

Respecto ao estudo das características técnicas dos instrumentos, convén diferenciar, por unha parte, os cuestionarios dos sectores máis implicados na vida dos centros, o que o fai máis fácil a comparación entre eles, e, por outra, a complementariedade que supón a información procedente dos concellos. O cuestionario destes recolle a súa implicación respecto dos centros que existen no concello, mentres que as dos outros colectivos abordan a oferta desde o seu centro. Por esta razón as respostas duns e outros non teñen necesariamente por que coincidir, o que fai máis difícil comparalas.

Cando se elaboraron os cuestionarios para os distintos colectivos, nunha primeira etapa, había bastantes preguntas similares neles, o que facía máis fácil a súa comparación e estudo técnico; non obstante, os xuíces que os valoraron estimaron que era mellor introducir algunhas preguntas control, que foran, en efecto, repetidas cando isto parecía procedente pero, dado que se estaban estudando catro temas diferentes (actividades extraescolares, servizo de transporte, servizo de comedor e Programa Madrugadores), para non alongar en exceso o cuestionario era necesario diferenciar as preguntas solicitando de cada sector aquilo que parecía máis relevante e podía responder.

Desde esta perspectiva, estúdanse as características técnicas dos instrumentos. Así, respecto á súa fiabilidade, empregouse a Alpha de Cronbach nas preguntas do cuestionario de directivos (variables 147-152, que corresponden aos ítems 49 e 50), profesorado (variables 54-59, referidas aos ítems 24 e 25) e ANPA (variables 62-67, relativas aos ítems 28 e 29); os valores obtidos foron, respectivamente, 0,926 para directivos, 0,931 para profesorado e 0,933 para ANPA, o que demostra unha fiabilidade relativamente alta dos instrumentos utilizados.

Respecto á validez, formuláronse nos cuestionarios algunhas preguntas tamén similares, para posibilitar que poida ser facilmente contrastable a información, referidas a temas que non son obxecto de opinión, xa sexa respecto á “existencia dos servizos” ou ben referida aos “usuarios/as” (táboas 3 e 4).

Táboa 3. Comparación da existencia dos diferentes servizos nos centros

	Directivos (%)	ANPA (%)	Profesorado (%)
Servizo de comedor escolar <sup>1</sup>	65,2	65,1	67,6
Servizo de transporte escolar	80,5	77,2	--
Programa Madrugadores	20,2	21,1	17,8
Índices de existencia nos centros			

Na táboa 3 pódese apreciar que, cando se comparan as respostas de directivos, ANPA e profesorado con respecto á existencia dos servizos de comedor e transporte escolar e do Programa Madrugadores, as porcentaxes son similares nos tres colectivos, sendo practicamente idénticas no referente á existencia do servizo de comedor escolar e do Programa Madrugadores entre directivos e ANPA.

Táboa 4. Comparación dos usuarios/as das actividades e dos servizos

	Alumnado (%)	Pais/nais (%)
Actividades extraescolares	46,1	43,7
Servizo de comedor escolar	37,4	38,9
Servizo de transporte escolar	49,8	50
Programa Madrugadores	3,8	6,2
Alumnado usuario		

Esta mesma tendencia na similitude da información ten lugar cando se pregunta aos pais/nais e alumnos/as respecto de se estes asisten ás actividades extraescolares, se son usuarios/as dos servizos de comedor e transporte escolar e do Programa Madrugadores; os valores obtidos (táboa 4) son case idénticos nos servizos de comedor e de transporte escolar.

Polo tanto, consideramos que este nivel de coincidencia na información proporcionada, de xeito independente, desde cada sector contribúe á credibilidade e validez da mesma.

<sup>1</sup> O 65,4% dos pais/nais afirma que existe servizo de comedor escolar no centro educativo ao que asiste o seu fillo/a.



# Capítulo 2

## **Análise descritiva dos sectores da mostra**




A análise empírica comeza con este capítulo dedicado á descrición da mostra. Nos capítulos que seguen recóllese a información proporcionada polos diferentes sectores relativa aos grandes temas obxecto de estudo: actividades extraescolares, comedor escolar, transporte escolar, Programa Madrugadores e outras cuestións non contempladas nos apartados anteriores.

A mostra deste estudo está composta por 313 centros educativos e polos seguintes colectivos: 302 membros de equipos directivos, 246 ANPA, 1.274 profesores/as, 4.715 alumnos/as, 4.340 pais/nais e 81 concellos.

## 1. ANÁLISE DAS VARIABLES SOCIODEMOGRÁFICAS DOS COLECTIVOS DA MOSTRA


As **provincias** onde se localizan os centros educativos da mostra son, segundo os equipos directivos, como se aprecia na gráfica 1, A Coruña (40,1%) e Pontevedra (33,1%), seguidas de Lugo e Ourense (14,6% e 12,3%, respectivamente).

Gráfica 1. Distribución provincial dos centros educativos segundo os equipos directivos




A mostra de ANPA, composta por 246 asociacións, distribúese como segue: o 41,5% das mesmas desenvolve as súas funcións en centros educativos pertencentes á provincia da Coruña, o 35,8% á de Pontevedra, o 13% á de Lugo e o 9,8% á provincia de Ourense (gráfica 2).

Gráfica 2. Distribución provincial das ANPA



Os representantes dos concellos que responden o cuestionario pertencen, tal e como recolle a gráfica 3, a concellos situados nas provincias da Coruña (37%) e Ourense (25,9%), mentres que os de Lugo e Pontevedra presentan porcentaxes sensiblemente máis baixas (18,5% cada provincia).


Gráfica 3. Distribución provincial dos concellos



En canto á **localización sociodemográfica dos centros**, os equipos directivos sitúanos no rural (38,4%) e, en porcentaxes bastante similares, no medio urbano (30,8%) e en vilas (26,2%).


No tocante á **localización da vivenda familiar**, as respostas dadas polos alumnos/as (gráfica 4) poñen de manifesto que, na súa maior parte, viven en aldeas (39,1%), en vilas (22%) e nos barrios das cidades (20,9%). Unha porcentaxe inferior vive no centro da cidade (12,5%) e nunha urbanización lonxe do centro (4,7%). O restante 0,9% non contesta.

Gráfica 4. Localización sociodemográfica da vivenda familiar segundo o alumnado



Polo que respecta á **localización sociodemográfica** (gráfica 5), os concellos, tendo en conta as respostas dos seus representantes, sitúanse no rural (45,7%), en vilas (30,9%) e, en proporcións idénticas, no medio urbano e no medio semiurbano (9,9%).

Gráfica 5. Localización sociodemográfica dos concellos segundo os representantes dos mesmos



Considerando a información proporcionada polos representantes do concellos, no relativo á súa **poboación**, obsérvase que máis da metade, o 63%, teñen menos de 5.000 habitantes censados, o 29,7% entre 5.000 e 25.000, e o 7,5% máis de 25.000 habitantes, tal e como recolle a táboa 1.

Táboa 1. Distribución demográfica dos concellos segundo os representantes dos mesmos


Nº habitantes	%
Menos de 5.000	63,0
De 5.000 a 10.000	23,5
De 10.001 a 25.000	6,2
De 25.001 a 50.000	2,5
De 50.001 a 100.000	2,5
Máis de 100.000	2,5

## 2. DATOS XERAIS DOS CENTROS

### 2.1.Modalidade de centro

Os equipos directivos que cumprimentaron o cuestionario, tal e como recolle a gráfica 6, pertencen maioritariamente a Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP), 47,7%; a Institutos de Educación Secundaria (IES), 21,9%; a Centros Privados Concertados (CPR), 15,2%; e a Centros Públicos Integrados (CPI), 6%. Cunha incidencia de mostraxe inferior, e por esta orde, atópanse os Centros específicos de Educación Especial de carácter privado concertado (CEEPR), os Colexios de Educación Primaria (CEP), os Colexios Rurais Agrupados (CRA) e os Centros específicos de Educación Especial (CEE), como modalidades de centro menos estendidas.

Gráfica 6. Distribución dos centros educativos por modalidade de centro segundo os equipos directivos




Polo que respecta ás ANPA, pode observarse (gráfica 7) que máis da metade das asociacións enquisadas pertencen a Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP), cun 54,9% do total, séguelles as dos Institutos de Educación Secundaria (IES) e as dos Centros Privados Concertados (CPR), con porcentaxes similares (17,5% e 15,9%, respectivamente). En menor medida, atópanse as ANPA pertencentes a Centros



Públicos Integrados (CPI), Centros específicos de Educación Especial de carácter privado concertado (CEEPR), Colexios de Educación Primaria (CEP) e Centros específicos de Educación Especial (CEE).

Gráfica 7. Distribución das ANPA segundo modalidade de centro



## 2.2. Titularidade e xornada escolar do centro

Nas respostas ofrecidas polos equipos directivos pode constatar-se que a **titularidade** dos centros escolares da mostra é de carácter público nun 80,8%, e privada concertada nun 19,2% dos casos.

En relación ao tipo de **xornada escolar** existente nos centros da mostra (táboa 2), compróbase, segundo as repostas dos equipos directivos, que é maior o número de centros escolares que teñen xornada continua (51,6%), fronte aos que a teñen partida (45,4%); non contesta a esta cuestión o 3%. Pola súa parte, o 56,6% dos alumnos/as enquisados manifestan acudir a centros con xornada continua e o 42,4% a centros con xornada partida, non contestando a esta cuestión o 1%. Por último, máis da metade dos pais/nais sinala que a xornada escolar dos seus fillos/as é continua (58,9%); en tanto que o 39% afirma que teñen xornada partida e o 2% non contesta.

Táboa 2. Xornada escolar dos centros educativos segundo os equipos directivos, os alumnos/as e os pais/nais

	Equipos directivos (%)	Alumnos/as (%)	Pais/Nais (%)
Continua	51,6	56,6	58,9
Partida	45,4	42,4	39,0
NC	3,0	1,0	2,0

Ademais, ao cruzar os datos sobre a titularidade do centro, pública e privada concertada, e o tipo de xornada escolar, continua e partida, conséntase o predomínio dos centros con xornada continua nos públicos e partida nos privados concertados.

Por outra parte, comparando a localización xeográfica dos centros por provincia e a xornada escolar, pode concluírse que a modalidade de xornada que predomina nos centros educativos da mostra das provincias de Lugo e Ourense é a xornada partida.

A maior parte das ANPA enquisadas (80,9%) desenvolven as súas funcións en centros educativos de **titularidade** pública. A porcentaxe de asociacións que existen nos centros educativos de titularidade privada concertada sitúase no 19,1%.

### 2.3. Número de unidades do centro

A maior parte dos centros conta con máis de 15 unidades, o que supón o 39,4% da mostra. Con porcentaxes sensiblemente inferiores atópanse centros que teñen entre 7 e 9 unidades (20,9%) e menos de 7 unidades (14,9%).

### 2.4. Alumnado estranxeiro, alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado con altas capacidades

Respecto do alumnado que, en xeral, pode requirir unha atención educativa diferente da ordinaria, conséntase que hai alumnos/as estranxeiros en 199 centros (65,9%), e que existe, ademais, alumnado con NEE<sup>1</sup> en 197 centros (65,2%) e con altas capacidades en 44 centros (31,1%).

Os equipos directivos e docentes dos centros han de valorar a pertinencia dunha oferta específica de actividades para estes colectivos.

## **3. INFRAESTRUTURAS DOS CENTROS E DOS CONCELLOS**

Cando se pregunta acerca das infraestruturas dos centros escolares, as respostas dos equipos directivos, recollidas na táboa 3, reflicten que as instalacións que acadan cotas de existencia máis elevadas, como o patio ao aire libre (93,7%), a biblioteca (90,3%), a aula de informática (87%) e a aula de música (82,1%), acadan unha valoración positiva, con porcentaxes que oscilan desde o 62,9% ao 68,5%.

Con porcentaxes menores, aínda que relativamente altas, moitos centros tamén dispoñen de patio cuberto (64,5%), comedor (60,9%), ximnasio (58,6%), sala de audiovisuais (57,2%), laboratorio (55,9%), polideportivo (49,6%) e local para uso da ANPA (49,3%). Entre estas instalacións, sobresaen por estar en “boas condicións”, principalmente, o comedor (72,8%), seguido do patio cuberto, sala de audiovisuais e laboratorio, que se sitúan en torno ao 50%.

Advírtese tamén que moitos centros están dotados de sala de usos múltiples, aula de idiomas, cociña e salón de actos, en porcentaxes que roldan o 50%. A cociña é a infraestrutura mellor valorada a nivel xeral (76,5%).

<sup>1</sup> NEE: Necesidades Educativas Especiais.

Doutro lado, conséntase que entre as instalacións que os equipos directivos xulgan como moi deterioradas atópanse, principalmente, o laboratorio (13,6%) e o ximnasio (12,4%).

Táboa 3. Existencia e valoración das infraestruturas do centro segundo os equipos directivos

Infraestruturas	Existencia			Valoración <sup>2</sup>		
	Si (%)	Non (%)	NC* (%)	Moi deteriorado (%)	Pode usarse (%)	Boas condicións (%)
Patio cuberto	64,5	32,1	3,3	6,6	44,6	48,7
Patio ao aire libre	93,7	3,6	2,6	4,9	32,1	62,9
Biblioteca	90,3	4,6	5,0	2,5	32,9	64,4
Laboratorio	55,9	4,0	40,1	13,6	33,1	53,2
Salón de actos	43,3	3,3	53,3	5,3	32,8	61,8
Sala de usos múltiples	48,3	3,3	48,3	3,4	38,3	58,2
Sala de audiovisuais	57,2	4,6	38,1	1,7	45,1	53,1
Aula de música	82,1	5,0	12,9	1,2	30,2	68,5
Aula de idiomas	46,3	3,0	50,7	--	40,0	60,0
Aula de informática	87,0	4,6	8,3	2,7	33,0	64,2
Comedor	60,9	3,6	35,4	0,5	26,6	72,8
Cociña	45,0	3,6	51,3	1,4	22,0	76,5
Polideportivo	49,6	3,6	46,7	9,3	40,6	50,0
Ximnasio	58,6	4,3	37,1	12,4	42,3	45,2
Local para uso da ANPA	49,3	5,0	45,7	6,1	49,6	44,2

\* NC=Non contesta.

Os enquisados/as indican *outras* infraestruturas nunha porcentaxe do 9,9%; destas, un 5,8% son instalacións interiores e un 4,1% instalacións exteriores. Respecto das primeiras, destacan a aula de psicomotricidade (1,4%), a aula de tecnoloxía (0,8%), e as aulas de taller, de plástica e de danza, cunha mesma porcentaxe (0,6%). En canto ás instalacións exteriores, cabe mencionar a capela (0,8%) e as pistas deportivas (0,6%).

Cando se lles pregunta ás ANPA polas instalacións das que dispoñen, o 64,3% asegura contar cun espazo propio no centro educativo onde desenvolver a súa actividade, mentres que o 32,9% afirma non dispoñer do mesmo.

No que atinxe aos **espazos cos que conta o Concello**, como se aprecia na táboa 4, máis do 90% da mostra afirma dispoñer de biblioteca e máis do 80% ten polideportivo, campo de fútbol, local de reunións e aula de informática. O 65,4% dispón de piscina e o 51,9% de pistas de tenis.

Así mesmo, máis da metade dos concellos, concretamente o 61,7 %, dispón de *outros*

<sup>2</sup> As porcentaxes están calculadas sobre o 100% dos que afirman dispor de cada unha das infraestruturas.

espazos como: Casa da Cultura (4,9%), edificio multiusos (4,9%), auditorio (4,9%), ludoteca ou escola infantil municipal (4,9%), centro de maiores (3,7%), teatro (2,5%), salón de actos (2,5%), sala de exposicións (2,5%), etc.

Por último, un 27,2% da mostra indica que dispón de *outras instalacións deportivas*, entre as que se poden destacar: canchas ou pistas polideportivas (4,9%), pistas para levar a cabo deportes específicos (8,6%) como fútbol sala, squash, baloncesto, pádel, etc., e ximnasio (3,7%).

É recomendable que estes espazos, a través de convenios, se rendibilicen o máis axeitadamente posible, sobre todo cando a proximidade dos centros escolares o permita.

Táboa 4. Espazos cos que contan os concellos<sup>3</sup>segundo os representantes dos mesmos

Espazos		%
Centro Sociocultural		72,8
Biblioteca		92,6
Museo		29,6
Instalacións deportivas	Polideportivo	88,9
	Piscina	65,4
	Pistas de tenis	51,9
	Campo de fútbol	86,4
	Outras	27,2
Local de reunións		81,5
Aula de informática		81,5
Outro/s		61,7

## 4. ANÁLISE DAS VARIABLES DE IDENTIFICACIÓN DOS DIFERENTES SECTORES

### 4.1. Sexo e idade

A mostra de equipos directivos está composta por 302 suxeitos, dos cales o 54,6% son homes e o 42,1% mulleres.

Polo que respecta ao profesorado, o número total de enquisados/as é de 1.274, representando as mulleres o 67% e os varóns o 28,9%, mentres que o 4,1% non contesta. Os datos permiten apreciar un predominio considerable das profesoras.

O alumnado enquisado (4.715 estudantes) está moi equilibrado en canto ao sexo. Así, obsérvase que o 49,7% son mulleres e o 50,1% homes, mentres que o 0,2% non contesta.

<sup>3</sup> As respostas ofrecidas polos concellos, neste caso, non son excluíntes. Poden elixir máis dunha resposta, polo que o total é superior ao 100%.

O colectivo de pais/nais de alumnos/as obxecto de análise, que é de 4.340, está composto por unha ampla maioría de mulleres (73,7%). A porcentaxe de varóns enquisados sitúase nun 20,6%, mentres que a que non facilita a información corresponde ao 5,6% da mostra.

Respecto ás idades dos membros do equipo directivo, as maiores porcentaxes sitúanse nos intervalos comprendidos entre os 47 e os 57 anos (44,4%) e entre os 36 e os 46 anos (33,8%). Por outro lado, o 11,3% dos enquisados/as supera os 57 anos de idade e o 1,3% é menor de 36 anos. Obsérvase, polo tanto, que se trata de profesionais cunha ampla experiencia, que poden facilitar a información demandada aos centros educativos.

A maior porcentaxe de profesorado sitúase, en relación á súa idade, nas franxas comprendidas entre os 36 e os 46 anos (33,7%) e entre os 47 e os 57 anos (32,5%). Só o 8,2% dos enquisados/as supera os 57 anos de idade e a porcentaxe máis baixa sitúase no profesorado menor de 25 anos (0,9%).

Por outra banda, os alumnos/as enquisados teñen idades comprendidas entre os 9 e os 11 anos (47,7%) e entre os 12 e os 14 anos (36,3%). En menor medida, o 15,7% ten entre 15 e 18 anos e o 0,2% non contesta.

Por último, a maioría dos pais/nais participantes no estudo sitúase no intervalo comprendido entre os 36 e os 46 anos (66,2%), mentres que un 16% dos enquisados ten entre 25 e 35 anos e un 14,5% entre 47 e 57 anos. Só o 1,1 % supera os 57 anos de idade e o 0,7% ten menos de 25 anos.

#### 4.2. Cargo que ocupan os membros dos equipos directivos e os representantes dos concellos

A mostra de equipos directivos amosa que o 76,5% dos membros que cubriron o cuestionario (táboa 5) ocupan o cargo de director/a, o 8,9% o de xefe/a de estudos e, con idénticas porcentaxes, atópanse na mostra vicedirectores/as e secretarios/as (5,3%).

Táboa 5. Cargo que ocupan os membros dos equipos directivos que cumprimentaron o cuestionario

	Frecuencia	%
Director/a	231	76,5
Vicedirector/a	16	5,3
Xefe/a de estudos	27	8,9
Secretario/a	16	5,3
NC	12	4,0
<b>Total</b>	<b>302</b>	<b>100,0</b>

Polo que se refire ao posto/cargo da persoa do Concello que cumprimentou o cuestionario (81 representantes de concellos), tal e como se observa na táboa 6, o 32,1% dos enquisados/as son concelleiros/as e o 19,8% outro persoal do Concello.

En porcentaxes similares, forman parte da mostra alcaldes/as e técnicos do Concello (13,6 e 12,3%, respectivamente) e, con menor incidencia, persoal administrativo do Concello e *outras persoas* (3,7% para cada categoría). A porcentaxe dos que non contestan a esta cuestión é do 14,8%.

Táboa 6. Posto/cargo no Concello da persoa que cumprimentou o cuestionario


Posto/cargo	%
Alcalde/Alcaldesa	13,6
Persoal administrativo	3,7
Concelleiro/Concelleira	32,1
Técnico do Concello	12,3
Outro persoal do Concello	19,8
Outros	3,7
NC	14,8

#### 4.3. Datos de identificación das ANPA

A práctica totalidade da mostra de ANPA, o que supón un 94,7%, afirma que só existe unha asociación de nais e pais do alumnado no seu centro educativo.

Outra das características obxecto de análise é a **pertenza dos pais/nais á ANPA** dos seus respectivos centros educativos. Sobre este particular (gráfica 8), compróbase que máis da metade dos pais/nais enquisados (54,9%) non están vinculados á asociación, fronte ao 37,1% que si o están e un 7,9% que non facilita a información.

Gráfica 8. Pertenza dos pais/nais á ANPA




#### 4.4. Etapa educativa e curso nos que está matriculado o alumnado

Polo que se refire á **etapa educativa**, segundo a información proporcionada polos alumnos/as, o 59,9% cursa Educación Primaria e o 40,1% Educación Secundaria Obrigatoria. Con respecto a esta cuestión, os pais/nais (gráfica 9) indican que os seus fillos/as están escolarizados, fundamentalmente, en Educación Primaria (62,8%);

a presenza na mostra de pais/nais que teñen fillos/as estudando en Educación Secundaria Obrigatoria supón un 33%, mentres que en Educación Infantil<sup>4</sup> e Educación Especial as porcentaxes son reducidas (1,2% e 2,7%, respectivamente).

Gráfica 9. Etapa educativa na que estudan os fillos/as segundo os pais/nais



En canto ao **curso**, o alumnado de Educación Primaria da mostra indica estar matriculado no terceiro ciclo da etapa, un 30% en quinto curso e un 29,7% en sexto curso. Pola súa parte, o primeiro ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria, primeiro curso (10,2%) e segundo curso (12,2%), é o nivel educativo no que, principalmente, se atopan os enquisados/as desta etapa. O resto da mostra está composta polo alumnado matriculado que cursa cuarto curso de Educación Primaria (0,1%) e terceiro e cuarto curso da ESO (8,7% e 9,2%, respectivamente). En relación con este aspecto, obsérvase que a maior parte dos fillos/as, segundo as familias enquisadas, cursa 5º ou 6º de Educación Primaria (29,9% e 28,6%, respectivamente), en tanto que os pais/nais que teñen fillos/as estudando 1º e 2º da ESO representan un 10,6% e un 9,1%, respectivamente. A porcentaxe restante distribúese noutros cursos de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria de xeito moi similar (entre un 10% e un 6%), mentres que un 3,5% non contesta.

## 5. OUTROS ASPECTOS RELEVANTES A CONSIDERAR

### 5.1. Horario laboral dos pais/nais

Cando se analiza a información sobre o **horario laboral dos pais e nais**, tal e como se recolle na táboa 7, os alumnos/as sinalan que maioritariamente os seus pais/nais traballan mañá e tarde (61% dos pais e 32,5% das nais). Hai que destacar tamén o 24,3% das nais que non traballa e o 21,2% que traballa só pola mañá. A información proporcionada a este respecto polos pais/nais enquisados indica que tanto os pais

<sup>4</sup> A porcentaxe de pais/nais que teñen fillos/as cursando Educación Infantil corresponde aos CRA e a algúns CEIP que só contan con unidades desta etapa educativa e de 1º ciclo de Educación Primaria.

como as nais do alumnado teñen maioritariamente unha xornada laboral partida (50,9% e 32%, respectivamente). Sobre o resto de modalidades, a porcentaxe a considerar é baixa. Destaca o 21,1% de nais que non traballa e o 21,3% que só o fai en quenda de mañá.


Táboa 7. Horario laboral dos pais/nais segundo os alumnos/as e os pais/nais

	Alumnos/as		Pais/Nais	
	Pai (%)	Nai (%)	Pai (%)	Nai (%)
Só á mañá	9,5	21,2	8,0	21,3
Só á tarde	1,1	4,1	0,6	3,0
Só á noite	2,0	0,8	1,6	0,7
Por quendas	15,1	13,3	8,7	10,0
De mañá e tarde	61,0	32,5	50,9	32,0
Non traballa	6,0	24,3	3,8	21,1
NC	5,3	3,8	26,5	11,9

### 5.2. Medio e tempo empregados polo alumnado para chegar ao centro

O alumnado afirma que o **medio máis utilizado para desprazarse ao centro** é, como se aprecia na gráfica 10, o autobús escolar (46,7%), aínda que un 28% soe desprazarse habitualmente a pé e un 21,5% en coche particular. Respecto dos 87 alumnos/as (1,8%) que indican *outro medio*, o 1,5% utiliza medios motorizados, principalmente o autobús urbano, fronte a un 0,1% que fai uso de medios non motorizados como a bicicleta e un 0,2% que alude a outros medios sen especificar.

Gráfica 10. Medio que utilizan os alumnos/as para chegar ao centro



Polo que se refire ao **tempo que tardan en chegar ao centro**, máis da metade do alumnado da mostra, concretamente o 65,9%, tarda menos dun cuarto de hora. Tamén existe unha porcentaxe importante, aínda que menor (28%), que emprega



entre un cuarto de hora e media hora; ao 5,2% lévalle entre media e unha hora, ao 0,4% máis dunha hora e o 0,5% non contesta. Pola súa parte, a maior parte dos pais/nais afirma que os seus fillos/as tardan menos dun cuarto de hora en chegar ao colexio (63,3%), séguenlle os que sinalan que tardan entre quince e trinta minutos (29%) e os que tardan entre media e unha hora (6,3%). Unha pequena porcentaxe do 0,6% indica que tardan máis dunha hora e o 0,8% non facilita a información. Obsérvase, nestas porcentaxes, unha coincidencia das respostas do alumnado cos seus pais/nais. Debería, por tanto, procurar reducirse o máis posible o tempo empregado en chegar ao centro.

### 5.3. Actividades realizadas polo alumnado ao remate da xornada escolar

Cando se lle pregunta aos alumnos/as polo **que fan normalmente ao remate da xornada escolar**, tal e como se observa na táboa 8, manifestan maioritariamente que van directamente para a casa o 53,4%, mentres que asisten a actividades extraescolares o 18,5% ou a clases particulares o 10,3%. Unha porcentaxe menor queda a xogar cos amigos/as (6,7%) ou vai á casa destes (5,3%).

Hai que ter en conta que das 422 respostas que os alumnos/as sinalan na opción *outros* (5,8%), o 2,4% indica que acode a actividades fóra do centro escolar: deportivas (1,4%), onde se observa unha maior participación en fútbol e natación, ademais da práctica de deporte en xeral e de acudir a adestrar; artísticas (0,4%), principalmente actividades musicais, destacando a asistencia ao conservatorio; vinculadas ás tecnoloxías da información e da comunicación (0,1%), integramente informática; de idiomas (0,1%), fundamentalmente inglés; e outros tipos (0,4%), onde se alude de maneira xenérica a acudir a actividades fóra do colexio.

Por outra parte, o 0,9% queda no centro escolar para facer uso do servizo de comedor e o 0,7% dedícase a estudar.

En porcentaxes que van do 0,6% ao 0,2%, os alumnos/as sinalan as seguintes opcións: xogar cos amigos, acudir á casa de familiares ou a outros lugares, relacionarse cos amigos, ir directamente a comer ou ir á biblioteca.

Segundo as respostas facilitadas polos pais/nais, os seus fillos/as, cando rematan a xornada escolar, normalmente van directamente para a casa (57,3%), ou van a actividades extraescolares (21,9%). En menor medida, asisten a clases particulares (10,1%), quedan a xogar cos amigos/as (3%) ou van á casa destes (2,9%).

Polo que se refire a *outros* (4,8%), máis da metade sinala que acode a actividades: deportivas (1,6%), artísticas (0,6%), de idiomas (0,1%), relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (0,1%) e outras (0,8%), onde mencionan actividades de distinto tipo, actividades non ofertadas polo centro e, en menor medida, actividades específicas para a educación especial e ludotecas.

Tamén se recollen, en porcentaxes que van do 0,5% ao 0,1% as seguintes respostas: estudar, quedar no centro escolar, acudir ao comedor; visitar a familiares, ir a outros lugares, relacionarse cos amigos/as e outro tipo de actividades como pasear ou ir á biblioteca.

Táboa 8. Actividades realizadas polos alumnos/as ao remate da xornada escolar segundo os alumnos/as e os seus pais/nais

	Alumnos/as (%)	Pais/Nais (%)
Ir directamente para a casa	53,4	57,3
Quedar a xogar cos amigos /as	6,7	3,0
Asistir a actividades extraescolares	18,5	21,9
Asistir a clases particulares	10,3	10,1
Ir á casa de amigos/as	5,3	2,9
Outros	5,8	4,8

#### 5.4. Asistencia do alumnado a actividades non ofertadas polo centro

Máis da metade do alumnado que cumprimentou o cuestionario, un 65,5%, asegura asistir a actividades non ofertadas polo centro, fronte a un 32,5% que se manifesta en sentido contrario. Así mesmo, a maioría dos pais/nais (61,3%) afirma que os seus fillos/as asisten a actividades non ofertadas polo centro onde están matriculados, fronte ao 35,3% que non o fai e o 3,3% que non contesta. Obsérvase nestas porcentaxes unha coincidencia coa información facilitada polos seus fillos/as.


Ademais, o 8,3% dos alumnos/as enquisados asegura que asiste a actividades non ofertadas polo centro un día á semana, o 19,6% dous días á semana, o 14,4% tres días, o 9,9% catro días, o 8,2% cinco, o 2,4% seis e o 2,2% sete días á semana. Neste caso, debemos ter en conta que o 35,1% non contesta a esta cuestión. Pola súa parte, as respostas dos pais/nais enquisados amosan porcentaxes moi similares ás proporcionadas polos seus fillos/as.

Polo que se refire ás horas que lles dedican a estas actividades semanalmente, o 29,1% dos alumnos/as asegura que entre unha e tres horas, o 22,3% entre catro e seis horas, o 7,5% entre sete e nove e o 3,7% entre dez e doce horas semanais, mentres que o índice de resposta por debaixo dunha hora e por riba de doce non supera o 0,9% en ningún caso. En relación a esta mesma cuestión, o 26,8% dos pais/nais asegura que entre unha e tres horas, para o 23% entre catro e seis horas, para o 6,5% entre sete e nove e para o 3,5% entre dez e doce horas semanais, mentres que o índice de resposta por debaixo dunha hora e por riba de doce non chega ao 0,7% en ningún caso. Ao igual que nos casos anteriores, tamén aquí se aprecia similitude nos datos dos sectores de pais/nais e alumnos/as.

## CONCLUSIÓN

A modo de resumo, ofrécense a continuación algúns dos aspectos descritivos máis relevantes da mostra participante no estudo.

Atendendo á localización sociodemográfica dos centros educativos que compoñen a mostra, a maioría pertencen ao ámbito rural situándose, a continuación, os que se localizan no medio urbano e os que se atopan nas vilas.



Polo que respecta á modalidade de centro, a mostra está composta por CEIP (47,7%), IES (21,9%), CPR (15,2%), CPI (6%), CEEPR (4%), CEP (2,3%), CRA (2%) e CEE (1%).

En canto á distribución dos centros tendo en conta a titularidade, os centros públicos acadan unha presenza do 80,8% fronte a un 19,2% dos privados concertados.

Respecto da xornada escolar, apréciase un lixeiro predominio da xornada continua, -segundo os datos proporcionados polos equipos directivos, o alumnado e os pais/nais-, fronte á partida; e tendo en conta o tipo de xornada e a titularidade do centro, a xornada continua é maioritaria nos centros públicos e a partida nos centros privados concertados.

No que se refire ás infraestruturas dos centros escolares, as respostas dos equipos directivos reflicten que as instalacións con maior presenza nos centros son o patio ao aire libre, a biblioteca, a aula de informática e a aula de música, en porcentaxes que van desde o 93,7% ao 82,1%. Por outro lado, a cociña (da que só dispoñen o 45% dos centros) e o comedor escolar (que acada unha presenza do 60,9%) son as instalacións mellor valoradas. Pola súa contra, o laboratorio e o ximnasio son as que os equipos directivos estiman como máis deterioradas. No que atinxe aos espazos dos que dispón o Concello, un 92,6% conta con biblioteca pública e máis do 80% con polideportivo, campo de fútbol, local de reunións e aula de informática.

Polo xeral, só existe unha única ANPA por centro educativo, que afirma contar cun espazo propio no centro para desenvolver a súa actividade. Respecto da pertenza dos pais/nais á ANPA, máis da metade sinalan que non son membros da mesma, fronte a pouco máis da terceira parte que afirma estar vinculado.

O alumnado enquisado, que se distribúe equitativamente entre alumnos e alumnas, cursa Educación Primaria no 59,9% e ESO no 40,1%.

En relación ao horario laboral dos pais/nais, obsérvase coincidencia nas repostas que proporcionan estes e os alumnos/as, que indican, fundamentalmente, que o horario dos seus proxenitores é partido, é dicir, de mañá e de tarde. Os horarios laborais poden, polo tanto, condicionar e afectar a asistencia ás actividades extraescolares.





# Capítulo 3

## Actividades extraescolares



Neste capítulo recóllese a información proporcionada polos equipos directivos, as ANPA, o profesorado, o alumnado, os pais/nais do alumnado e os representantes dos concellos, mediante o cuestionario cumprimentado por cada un destes sectores, acerca da oferta, organización e desenvolvemento das actividades extraescolares.

## 1. COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

### 1.1. Entidades coas que colaboran os centros educativos

Os datos da táboa 1 permiten comprobar que, entre as respostas facilitadas polos directivos, a ANPA, cun 62,9%, e o Concello, cun 58,9%, son os principais organismos de colaboración cos centros en materia de actividades extraescolares, seguidos de clubs deportivos e asociacións culturais, cun 27,2% e un 21,2%, respectivamente. En menores porcentaxes, os centros tamén colaboran con programas europeos (8,9%) e, en menor medida, con *outros* organismos, entre os que destacan institucións/entidades (4,2%), asociacións (2,1%), empresas privadas (1,8%) ou federacións (0,9).

Segundo os datos achegados polas ANPA, o centro educativo, cunha porcentaxe do 68,3%, e o Concello, que engloba o 35,4% das respostas (táboa 1), son os dous principais organismos cos que as ANPA colaboran de maneira máis habitual na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares. Séguenlle os clubs deportivos (21,1%), as asociacións culturais (11,4%) e os programas europeos (8,5%). Polo que se refire á colaboración con *outros* organismos e/ou programas destacan a Deputación (3,1%), as empresas privadas (2,7%), as federacións (1,5%) e os programas (1,2%).

Os representantes dos concellos manifestan que o 90,1% dos concellos colabora con algunha institución ou entidade para a organización e desenvolvemento das mesmas, fronte ao 8,8% que non o fai. Neste senso, os principais organismos cos que colabora o Concello son, tal como se aprecia na táboa 1, os centros educativos (76,5%), as ANPA (60,5%) e os clubs deportivos (54,3%). Séguenlles, asociacións culturais (49,4%), deputacións provinciais (28,4%), empresas privadas (16%), programas europeos (7,4%) e *outros* organismos (7,4%).

En base á información anterior, conséntase unha coincidencia nas respostas proporcionadas polos diferentes sectores a este respecto. Así, os centros educativos colaboran maioritariamente coas ANPA e cos concellos, as ANPA cos centros educativos e cos concellos, e estes últimos cos centros educativos e coas ANPA.

Táboa 1. Organismos e/ou programas cos que colaboran os centros educativos, as ANPA e os concellos nas actividades extraescolares segundo os equipos directivos, as ANPA e os representantes dos concellos<sup>1</sup>

	Equipos directivos (%)	ANPA (%)	Representantes Concello (%)
Centro educativo	--	68,3	76,5
ANPA	62,9	--	60,5
Concello	58,9	35,4	--
Clubs deportivos	27,2	21,1	54,3
Asociacións culturais	21,2	11,4	49,4
Programas Europeos	8,9	8,5	7,4
Deputacións provinciais	--	--	28,4
Empresas privadas	--	--	16,0
Outros	9,6	9,3	7,4

### 1.2. Convenios de colaboración

Na gráfica 1 obsérvase que unha pequena parte dos equipos directivos enquisados asegura que o centro educativo ten algún convenio de colaboración con algunha institución ou entidade (20,2%) ao obxecto de desenvolver actividades extraescolares no seu centro educativo, fronte ao 68,2% que non ten ningún acordo neste sentido e o 11,6% que non contesta.


Sobre esta mesma cuestión, unha cuarta parte das ANPA (26%) afirma contar con algún convenio de colaboración con algunha institución ou entidade para desenvolver actividades extraescolares no seu centro educativo, fronte ao 61% que afirma non ter ningún acordo neste aspecto.

Os representantes dos concellos manifestan que os concellos que teñen asinado convenio con algunha institución ou entidade para o desenvolvemento de actividades extraescolares representan o 33,3% da mostra (fronte ao 61,8% que afirma non telo).

<sup>1</sup> As respostas ofrecidas polos equipos directivos, as ANPA e os representantes dos concellos, neste caso, non son excluíntes. Poden elixir máis dunha resposta, polo que o total é superior ao 100%.



Gráfica 1. Convenios de colaboración dos centros educativos, das ANPA e dos concellos con institucións ou entidades



En canto ás principais institucións ou entidades coas que teñen convenio, dun total de 102 respostas proporcionadas polos directivos, os acordos cos concellos (43,1%), coas Federacións (15,7%), con clubs, principalmente deportivos (14,7%), con asociacións culturais e organizacións sen ánimo de lucro (9,8%), con empresas (5,9%) e coas Deputacións provinciais (3,9%) son os que teñen maior peso no conxunto da mostra.

Neste sentido, dun total de 100 respostas das ANPA, o 49% ten algún convenio cos concellos, o 19% co centro educativo, un 11% coa Administración autonómica e provincial (o 10% colabora coa Deputación), o 7% con asociacións ou organizacións diversas, un 6% con Federacións (case exclusivamente de ANPA), o 4% con clubs de tipo deportivo e outro 4% con outras institucións ou entidades.

En relación ás principais institucións ou entidades coas que os concellos teñen asinado convenio, os representantes dos mesmos sinalan as seguintes: ANPA (7,4%) e Federación Provincial de Asociacións de Nais e Pais de Centros Públicos (3,7%); clubs deportivos (6,2%) e fundacións deportivas (3,7%); algún colexio ou centro educativo (4,9%); algunha Consellería (4,9%), concretamente un 3,7% coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e un 1,2% coa Consellería de Deportes e, finalmente, a Deputación Provincial (2,5%).


Primordialmente, os **ámbitos de colaboración**, como pode apreciarse na gráfica 2, segundo a información facilitada polos equipos directivos danse a nivel de organización (31,3%), espazos (30,8%) e financiamento (22,4%). Menos relevantes son os referidos a cuestións materiais (11,9%), así como os que aluden aos recursos humanos, ás subvencións para actividades concretas e ao uso da piscina, incluídos nas respostas da alternativa "outros" (3,5%).

Segundo as ANPA, o financiamento e os espazos, ambos cun 27,7%, son os dous principais aspectos que definen esa colaboración. Por debaixo deles atópanse a organización (23,7%), os materiais (18,5%) e *outros* (2,3%), entre os que destacan a achega de mestres, o desenvolvemento das clases, a participación en campionatos de liga, as colaboracións de carácter didáctico e de participación cultural, as entradas para os partidos e a cesión de instalacións.

Os principais aspectos da colaboración entre o Concello, segundo os datos proporcionados polos representantes dos mesmos, e as institucións ou entidades prodúcese especialmente en materia de espazos (27,1%) e de organización (22,2%). Tamén é importante a porcentaxe relativa á colaboración no persoal e no financiamento, en ambos casos do 18,5%.

A nivel xeral, pódese afirmar que os dous aspectos de colaboración que acadan unha maior porcentaxe en todos os colectivos enquisados son os espazos e a organización.

Gráfica 2. Principais aspectos da colaboración nas actividades extraescolares



## 2. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DO CONTORNO

Na programación de actividades extraescolares, segundo as respostas dos equipos directivos, os centros contan, na súa maioría, cos recursos que ofrece o contorno; así o confirma o 55,6% da mostra. Pola contra, hai un 27,8% que non o fai.

Cruzando a variable titularidade do centro, pública e privada concertada, co feito de

contar ou non cos recursos do contorno (táboa 2), o valor de chi-cadrado<sup>2</sup> é 4,50 e  $p < 0,05$ , polo que hai diferenza significativa, a este nivel, entre os centros públicos e os privados concertados á hora de contar con tales servizos, en favor dos primeiros.

**Táboa 2. Comparación da titularidade do centro (pública/privada concertada) e o aproveitamento dos recursos do contorno na programación de actividades extraescolares**

	Valor	gl	Sig. asintótica (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	4,504	1	,034*
Corrección por continuidade	3,821	1	,051
N de casos válidos	252		

\*  $p < .05$

En relación co anterior, cando se lle pregunta aos equipos directivos polos **principais recursos** cos que se conta á hora de programar as actividades extraescolares, dun total de 250 respostas, manifestan nun 34,4% empregar recursos ofrecidos por institucións ou entidades, fundamentalmente do Concello (polideportivo, piscina, casa da cultura, biblioteca...) e con recursos dos colexios (23,2%), referidos na súa maioría a infraestruturas. Ademais, apuntan á utilización de recursos naturais (14%), empresariais (9,2%), humanos (9,2%), históricos (3,6%), culturais (2,4%) e materiais (2%).

Cando se pregunta ao profesorado pola programación das actividades extraescolares no seu centro, o 69,8% afirma que se teñen en conta os recursos do contorno, mentres que o 15,1% sinala que estes non se teñen en consideración. Naqueles casos nos que os profesores/as contestan afirmativamente á cuestión anterior, dun total de 1.521 respostas, o 35,5% fai referencia ao propio centro educativo como principal fonte de recursos para a programación de actividades extraescolares (un 27,6% alude a instalacións coas que conta, o 2,6% a recursos materiais, o 1,4% á axuda e colaboración das ANPA e o 1% a recursos económicos). Nunha porcentaxe do 21,4% sitúanse as respostas que fan referencia ao Concello (o 12,6% sinala instalacións que este proporciona). Séguenlles os recursos naturais, paisaxísticos e xeográficos; os recursos culturais; o patrimonio histórico-artístico e arquitectónico; a industria da zona; os recursos humanos; os recursos mariños e costeiros e as asociacións deportivas e culturais.

A análise realizada permite observar unha diferenza entre a percepción do colectivo de directivos e a do profesorado, en tanto que o primeiro destaca o concello como principal fonte de recursos á hora de programar as actividades extraescolares e, en segundo lugar, o centro educativo, mentres que no caso do profesorado esta orde invértese.

<sup>2</sup> A proba de chi-cadrado emprégase cando se desexa verificar se as diferenzas que se observan na distribución das respostas dos suxeitos nas diversas categorías nas que se divide a variable obxecto de estudo son reais e por iso significativas estatisticamente, indo máis alá dos límites esperados polo azar, ou polo contrario, son explicables polo azar e, neste caso, non deben considerarse.

### 3. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Polo que se refire ao Plan de actividades extraescolares, segundo os equipos directivos, tal e como pode apreciarse na táboa 3, o centro integra propostas, fundamentalmente, do equipo directivo (68,9%), da ANPA (66,9%) e do profesorado (62,9%). Obsérvase tamén que as contribucións realizadas polo Concello (41,1%) son notables, así como as efectuadas polo alumnado e os seus pais/nais (arredor do 36% cada colectivo). En menor medida, intégranse propostas de asociacións culturais (15,2%) e empresas privadas (14,6%), ademais das recollidas na alternativa de resposta “outros” (4%), que proveñen de organismos como Deputacións e diversas agrupacións, asociacións e federacións.

Segundo o profesorado enquisado, o Plan de actividades extraescolares do centro integra propostas procedentes, na súa maioría, do profesorado (64,8%), do equipo directivo (63,2%) e da ANPA (57,7%). Tamén recolle propostas, aínda que nunha menor porcentaxe, da Administración local (39,2%), dos pais/nais (34,8%), do propio alumnado (30,1%), dos clubs deportivos (22%), das asociacións culturais (19,8%) e de empresas privadas (18,8%). Polo que se refire a *outras* propostas (3,2%), o profesorado sinala a Cruz Vermella (0,5%), as deputacións provinciais (0,4%), a Xunta de Galicia (0,4%), os departamentos e equipos específicos do centro educativo (0,3%), as ONGs e asociacións sen ánimo de lucro (0,2%) e as entidades financeiras e caixas de aforros (0,1%).

Tendo en conta os datos achegados apréciase, en termos globais, que a relevancia outorgada a cada unha das propostas acada valores moi semellantes nos dous sectores, aínda que tanto os equipos directivos como o profesorado expresan a importancia das súas respectivas propostas en primeiro lugar, por riba das contribucións realizadas por outros colectivos.

Táboa 3. Propostas que integra o Plan de actividades extraescolares do centro<sup>3</sup> segundo os equipos directivos e o profesorado

	Segundo os equipos directivos (%)	Segundo o profesorado (%)
Equipo directivo	68,9	63,2
Profesorado	62,9	64,8
ANPA	66,9	57,7
Pais/nais do alumnado	35,8	34,8
Alumnado	36,8	30,1
Asociacións culturais	15,2	19,8
Clubs deportivos	20,2	22
Empresas privadas	14,6	18,8
Administración local	41,1	39,2
Outros	4,0	3,2

<sup>3</sup> As respostas ofrecidas polos equipos directivos e polo profesorado, neste caso, non son excluíntes. Poden elixir máis dunha resposta, polo que o total é superior ao 100%.

Por outra parte, segundo as 452 respostas achegadas polos directivos, os **criterios máis utilizados para a elaboración do Plan de actividades extraescolares** son o interese e atractivo para o alumnado e as familias (13,7%), con maior protagonismo dos primeiros, e a selección de actividades valiosas para eles (7,3%). Con menor incidencia sinalan a demanda de actividades que fan os distintos colectivos (nunha porcentaxe do 10,6%) e a súa utilidade para contribuír á formación do alumnado (10,8%). Así mesmo, tamén se teñen en conta as propostas presentadas por membros da comunidade educativa (6%); recursos materiais e culturais do propio centro e das súas inmediateiros (5,8%); aspectos económicos (4,9%), especialmente relacionados co custo das actividades (2,4%); horario e temporalidade (4%); idoneidade das actividades, número de participantes, e aspectos organizativos e didácticos (3,1% para cada aspecto).

#### 4. INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA OFERTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A inmensa maioría dos equipos directivos, concretamente o 85,4%, afirma que dá a coñecer á comunidade educativa a súa oferta de actividades extraescolares, fronte ao 2% que non o fai. O principal **medio empregado para informar das actividades extraescolares** que organiza o centro é, para a metade da mostra (52,2%), unha comunicación escrita aos pais/nais dos alumnos/as. A comunicación oral, a través dos titores/as (21,1%) e de reunións (15,8%), tamén representa unha porcentaxe importante. Séguenlles o emprego da páxina web do centro (9%) e doutras canles (1,9%), como a ANPA, prensa, carteis, director/a e secretaría do centro.

En xeral, a maioría das ANPA (83%) afirma establecer canles de comunicación para dar a coñecer a oferta de actividades extraescolares organizadas, só un 2,8% recoñece non facilitar esta información. O principal medio empregado para informar das actividades extraescolares que organizan é, para o 50,5% da mostra, unha comunicación escrita aos pais/nais do alumnado. A continuación, sinálase a comunicación oral, a través de reunións (32,8%), a información facilitada a través do centro (14,4%), a páxina web da ANPA (1,6%) e *outros medios* (0,7%).


Segundo os representantes dos concellos, entre os principais medios que se utilizan para informar da existencia deste tipo de actividades, predomina o emprego da publicidade escrita (55,6%) e o envío de circulares aos centros (44,4%). Con menor incidencia tamén se sinala a páxina web do Concello (7,4%) e *outros medios* (9,9%), como as reunións presenciais nos centros educativos, as cartas directas ao alumnado que o centro se encarga de distribuír e a vía telefónica.

Polo tanto, obsérvase coincidencia entre os equipos directivos, as ANPA e os representantes dos concellos, xa que todos converxen no predominio da comunicación escrita á hora de informar e difundir as actividades extraescolares.

Por outra parte, pode constatarase a opinión rotunda do alumnado (gráfica 3) sobre a recepción de **información das actividades extraescolares do centro**, o 81,9% afirma que si recibe esta información e o 9,5% que non.

En canto á opinión das familias esta mesma cuestión, o 74,7% dos pais/nais afirma que si reciben esta información, o 13,5% que non e o 11,8% non contesta.

Gráfica 3. Alumnado e pais/nais que foron informados sobre as actividades extraescolares do centro segundo os mesmos




No que respecta ás **persoas que facilitaron a información**, como pode apreciarse na gráfica 4, a maioría dos alumnos/as da mostra sinala que foi a dirección do centro (27,8%), a ANPA (22,9%), o profesorado (19,3%) ou o titor/a (16%). Nunha menor porcentaxe, o alumnado enquisado sinala aos compañeiros/as (5,9%) e aos pais/nais (5,2%). Un total de 179 alumnos/as (2,9%) sinala que os informaron por *outros medios*: a través do panel informativo, de circulares e carteis; de palabra, basicamente a través do bedel e do adestrador; a través de diferentes entidades, principalmente o Concello; e vía multimedia a través de internet.

Segundo expoñen os pais/nais que responden a esta cuestión, a principal vía pola que recibiron información das actividades extraescolares foi a ANPA (40,5%). Un 32% alude á dirección do centro, o 11,7% di que a información a proporcionaron os profesores/as e un 10% os titores/as. O 3% recibiu a información dos compañeiros/as.

Cómpre destacar, con respecto a esta cuestión, que o alumnado e os pais/nais sinalan á dirección do centro e ás ANPA, aínda que variando a orde, como principais fontes de información.

Gráfica 4. Persoas e/ou entidades que informaron sobre as actividades extraescolares segundo o alumnado e os pais/nais



Polo que se refire ao modo en que as familias reciben información das actividades extraescolares do centro, as opinións son bastante unánimes: un 60% dos pais/nais afirma que recibe esta información por escrito, fronte a un 13,8% que a recibe nunha reunión e o 26,3% que non contesta, en coherencia co medio empregado para informar das actividades extraescolares (predominio da comunicación escrita).

## 5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DESENVOLVIDAS NO CENTRO

### 5.1. Organización e realización

A información relativa ao tipo de actividades extraescolares (deportivas, idiomas, tecnoloxías da información e da comunicación, artísticas e outros tipos) que se ofertan nos centros, quen as organiza e o seu lugar de realización, tendo en conta a información dos equipos directivos, aparece recollida na táboa 4. Segundo os datos que se ofrecen a continuación, pódese afirmar que, respecto á oferta, son as actividades deportivas as que se desenvolven en maior número de centros educativos, seguidas das artísticas, as TIC e, por último, os idiomas. Polo que se refire á organización, en termos xerais, son maioritarias as actividades organizadas polo centro en conxunción coa ANPA, nos catro tipos contemplados. E, por último, cabe sinalar con respecto ao lugar de realización que, maioritariamente, todas as actividades, coa única excepción de natación, se desenvolven no centro educativo.

Táboa 4. Actividades extraescolares desenvolvidas no centro segundo os equipos directivos

TIPOS	Organización <sup>4</sup>				Realización	
	Si (%)	Só centro (%)	Centro+ANPA (%)	Centro+Outros (%)	No centro (%)	Fóra do centro (%)
<b>DEPORTIVAS</b>						
Fútbol	41,4	11,3	19,5	11,3	29,8	7,6
Baloncesto	31,1	11,6	9,9	10,0	23,8	5,0
Natación	32,1	3,0	21,2	12,6	2,0	28,8
Artes marciais	29,1	4,3	18,2	6,3	22,5	3,3
Xadrez	19,9	6,6	7,9	4,3	16,2	0,3
Patinaxe	25,2	4,6	13,6	7,6	15,6	5,3
Ximnasia rítmica	14,6	1,7	9,9	1,7	10,6	2,6
Outras	39,4	8,6	16,5	15,9	27,5	5,6
<b>IDIOMAS</b>						
Inglés	27,5	7,6	14,6	4,6	23,2	1,0
Francés	6,3	2,3	2,6	--	5,0	--
Italiano	1,0	0,3	0,3	--	0,7	--
Outras	1,3	0,3	--	0,7	1,3	--
<b>TIC<sup>5</sup></b>						
Informática	42,4	12,3	24,5	5,3	33,8	3,0
Vídeo	3,6	2,0	0,3	0,3	1,7	--
Outras	1,3	0,7	0,7	--	1,3	--
<b>ARTÍSTICAS</b>						
Teatro	38,1	14,2	16,9	4,6	29,5	2,0
Pintura	30,1	6,0	17,9	4,6	24,8	1,3
Música	25,8	7,9	11,8	5,3	19,9	1,7
Danza	24,2	4,6	13,2	4,3	19,9	0,3
Manualidades	28,5	5,6	16,2	4,0	22,8	1,3
Outras	14,2	1,3	9,6	2,7	12,2	0,3
<b>OUTROS TIPOS</b>	<b>16,8</b>	<b>4,0</b>	<b>9,6</b>	<b>2,9</b>	<b>12,6</b>	<b>1,3</b>

### a) Deportivas

En canto ás actividades deportivas, obsérvase que os centros ofertan nunha maior porcentaxe fútbol (41,4%), natación (32,1%) e baloncesto (31,1%), sendo artes marciais (29,1%) e patinaxe (25,2%) as seguintes en relación á frecuencia da súa oferta, que é algo menor nos casos de xadrez (19,9%) e ximnasia rítmica (14,6%).

Ademais, é salientable a oferta de actividades deportivas non incluídas na táboa, que constitúen en conxunto o 39,4%. Estas son: balonmán (6,6%), voleibol (5,3%), atletismo (4%), tenis (3,6%), tenis de mesa (3%), predeporte (3%), bádminton

<sup>4</sup> As sumas das porcentaxes non proporcionan o total, pois as respostas non son excluíntes (Por ex.: Un directivo pode dicir que na organización dunha actividade extraescolar colaboran conxuntamente centro, ANPA e Deputación).

<sup>5</sup> De aquí en diante empregárase TIC para facer referencia ás tecnoloxías da información e da comunicación.



(2%), aeróbic (1,6%), psicomotricidade (1,3%), fútbol sala (1%) e un conxunto de actividades que inclúen deporte escolar, iniciación deportiva e multideporte (7,9%).

Polo que respecta á súa organización, esta pode darse por parte só do centro, do centro e máis da ANPA e do centro máis outras institucións. Tendo en conta as porcentaxes relativas á oferta das diferentes actividades, no primeiro caso destaca baloncesto e fútbol; no segundo, natación, fútbol e artes marciais; e no terceiro, natación, fútbol e outras de distinto tipo.

En canto ao lugar de realización, todas se desenvolven fundamentalmente no centro, excepto a natación, que se realiza de forma maioritaria fóra do centro.

### **b) Idiomas**

No que respecta ás actividades vinculadas aos idiomas, inglés é a actividade extraescolar que máis se oferta (27,5%), estando organizada na maioría dos casos polo centro máis a ANPA, seguida de só polo centro así como polo centro en colaboración con outros. Ademais, é unha actividade que se realiza fundamentalmente no centro escolar.

Apréciase, cunha menor porcentaxe, que tamén forman parte da oferta idiomas como francés (6,3%), italiano (1%) e *outros* (1,3%), sendo en todos os casos o centro o lugar de realización. Polo que respecta á organización, esta é responsabilidade só do centro así como deste en colaboración coa ANPA; só no caso doutros idiomas colaboran outros organismos.

### **c) Tecnoloxías da información e da comunicación**

Polo que respecta á oferta, constátase un claro predominio de informática (42,4%), seguida de vídeo (3,6%) e *outras* (1,3%). A súa organización corre a cargo, case exclusivamente, do centro educativo, agás no caso de informática, que se organiza conxuntamente entre o centro e a ANPA. Por último, no relativo á realización, lévase a cabo maioritariamente no centro.

### **d) Artísticas**

No relativo ás actividades artísticas, os centros ofertan nunha maior porcentaxe teatro (38,1%) e pintura (30,1%), seguidas de cerca por manualidades (28,5%), música (25,8%), danza (24,2%) e *outras* actividades (14,2%), entre as que sobresaen baile tradicional e instrumentos tradicionais.

En canto á súa organización, teatro, música e pintura son as actividades máis frecuentemente organizadas polo centro e por este en colaboración con outros organismos, mentres que o centro, conxuntamente coa ANPA, oferta, sobre todo, pintura, teatro e manualidades. Por outro lado, o lugar de realización preferente é o propio centro en todas as actividades artísticas.

### **e) Outros tipos**

Na categoría outros tipos, que representa unha porcentaxe relativamente alta (16,8%), atópanse cociña (2%), costura (0,6%) e un longo conxunto de actividades como xogos, lectura, musicoterapia... Na súa organización, apréciase unha colaboración do centro e a ANPA e realízanse preferentemente no centro.

## 5.2. Persoal que as imparte

Respecto aos responsables do desenvolvemento das actividades extraescolares, os datos proporcionados polos equipos directivos, reflectidos na táboa 5, permiten comprobar que son impartidas habitualmente por monitores/as, especialmente en actividades como natación (25,2%), fútbol (23,5%), informática (23,2%), artes marciais (21,9%), patinaxe (16,6%), e pintura, danza e baloncesto, cun 16,2% cada unha.

O profesorado tamén, en menor medida, é responsable de impartir moitas das actividades extraescolares que se organizan nos centros educativos, salvo natación e vídeo. Encárganse, basicamente, de teatro (9,6%), de inglés e informática (8,3%, cada unha), música (6,6%) e baloncesto (5,6%)

Cunha menor relevancia, as actividades tamén as imparten voluntarios/as, pais/nais e outras persoas, dentro das que se alude a pintores, informáticos e persoal do centro (sen especificar).

Táboa 5. Persoal que imparte as actividades extraescolares desenvolvidas no centro segundo os equipos directivos

TIPOS	Monitor/a (%)	Voluntario/a (%)	Profesor/a (%)	Pai/Nai (%)	Outro/a (%)
<b>DEPORTIVAS</b>					
Fútbol	23,5	1,3	5,0	0,3	0,7
Baloncesto	16,2	1,0	5,6	--	0,7
Natación	25,2	0,7	--	--	0,3
Artes marciais	21,9	0,3	0,7	--	0,7
Xadrez	9,6	0,7	2,6	--	0,3
Patinaxe	16,6	--	1,3	--	0,7
Ximnasia rítmica	10,6	0,3	0,3	--	--
Outras	22,2	0,7	4,3	--	1
<b>IDIOMAS</b>					
Inglés	12,6	--	8,3	0,3	1,0
Francés	1,0	--	2,3	0,3	--
Italiano	0,3	--	0,3	--	--
Outras	0,7	--	0,7	--	--
<b>TIC</b>					
Informática	23,2	0,3	8,3	--	1,3
Vídeo	0,3	--	--	0,3	0,3
Outras	0,7	--	0,3	--	0,3
<b>ARTÍSTICAS</b>					
Teatro	14,9	0,7	9,6	1,0	0,3
Pintura	16,2	0,7	3,6	0,7	0,3
Música	9,6	--	6,6	0,7	0,3
Danza	16,2	--	1,3	--	0,7
Manualidades	15,9	0,7	1,3	1,3	0,3
Outras	9,3	--	1,3	0,7	--
OUTROS TIPOS	9,3	--	2,4	0,3	1

## 6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS DESDE AS ANPA

### 6.1. Organización e realización

Na táboa 6 recóllese a información proporcionada polas ANPA, relativa ás actividades extraescolares (deportivas, idiomas, tecnoloxías da información e da comunicación, artísticas e outros tipos) que se ofertan desde estas entidades en canto á súa organización e lugar de realización. Tendo en conta os datos recollidos na táboa, obsérvase, en canto á oferta, e ao igual que ocorría coa información proporcionada polos directivos, que o tipo de actividades extraescolares máis organizado polas ANPA son as deportivas, seguidas das artísticas, as TIC e, por último, dos idiomas. Polo que se refire á organización, e coincidindo coa información achegada polos equipos directivos, son maioritarias as actividades organizadas en colaboración co centro. En canto ao lugar de realización, todas as actividades, agás natación, se desenvolven, preferentemente, no centro educativo.

Táboa 6. Actividades extraescolares organizadas desde a ANPA

TIPOS	Si (%)	Organización en colaboración con...		Realización	
		Centro (%)	Outros (%)	No centro (%)	Fóra do centro (%)
<b>DEPORTIVAS</b>					
Fútbol	26,4	17,1	9,7	20,7	6,5
Baloncesto	15,0	8,5	7,3	11,0	4,1
Natación	36,2	4,9	18,9	1,6	33,3
Artes marciais	26,8	14,6	6,5	21,5	4,9
Xadrez	10,6	5,7	2,0	9,3	--
Patinaxe	19,9	9,8	4,9	13,4	4,5
Ximnasia rítmica	10,6	7,3	1,6	9,3	0,4
Outras	41,0	23,9	17,0	31,7	4,5
<b>IDIOMAS</b>					
Inglés	21,1	12,2	4,5	19,1	1,6
Francés	3,7	2,8	0,4	3,3	0,4
Italiano	0,4	0,4	--	0,4	--
Outras	0,8	--	0,8	0,8	--
<b>TIC</b>					
Informática	41,9	25,2	8,1	35,0	6,1
Vídeo	0,4	0,4	--	--	--
Outras	2,8	1,6	0,4	2,8	--
<b>ARTÍSTICAS</b>					
Teatro	22,4	12,2	4,5	20,3	0,4
Pintura	29,7	17,5	3,3	27,2	0,8
Música	16,7	11,8	2,4	14,6	1,2
Danza	17,9	11,4	2,0	15,4	0,8
Manualidades	28,0	15,0	4,9	24,8	2,4
Outras	18,3	8,5	2,8	14,2	0,4
<b>OUTROS TIPOS</b>	19,1	11,3	2,8	20,4	0,4

### a) Deportivas

Polo que a este tipo de actividades se refire, as ANPA afirman organizar con maior frecuencia actividades como natación (36,2%), artes marciais (26,8%) e fútbol (26,4%), seguidas de patinaxe (19,9%), baloncesto (15%), xadrez (10,6%) e ximnasia rítmica (10,6%).

Tamén é de destacar a oferta de *outras* actividades deportivas non incluídas na táboa, que acadan unha porcentaxe do 41% das respostas. As máis sinaladas polas ANPA son predeporte ou iniciación deportiva (6,1%), tenis (5,3%), balonmán (4,1%) e aeróbic (3,2%), ademais dun conxunto de actividades que inclúe: batuka (2,8%), xogos (2,4%), multideporte (2%), capoeira (1,2%), aulas náuticas (1,2%), ximnasia (0,8%), deportes relacionados coa bicicleta (0,8%), e diversas actividades como hoquei, hípica, béisbol, body pump e carreiras de orientación, cunha porcentaxe do 0,4% cada unha.

En canto á organización, para a maioría das actividades deportivas que oferta, a ANPA, habitualmente, colabora co centro educativo antes que con outros organismos e institucións. No entanto, na natación, esta proporción invértese e cobra máis importancia a colaboración con *outros* (concellos e clubs deportivos).

A nivel global, en relación ás actividades de tipo deportivo, a colaboración co Concello é fundamental. Do mesmo xeito, resulta interesante a elevada colaboración con clubs deportivos e Federacións de ANPA.

No relativo á realización, a maioría das actividades deportivas, agás natación, que nun 33,3% dos casos se realiza fóra, desenvólvense, de forma maioritaria, no centro escolar, sendo artes marciais e fútbol as actividades que maior porcentaxe presentan.

### b) Idiomas

En relación aos idiomas, inglés é a actividade máis organizada no centro educativo polas ANPA (21,1%), seguida de francés, cunha porcentaxe inferior (3,7%), italiano (0,4%) e *outras* como Creative Workshop e aulas internacionais (inglés), tamén cunha porcentaxe do 0,4% cada unha.

Respecto da súa organización en colaboración, a ANPA oferta actividades, habitualmente, en colaboración co centro educativo por riba doutros organismos e institucións como concellos ou empresas privadas.

O lugar de realización destas actividades queda reservado, case en exclusiva, ao centro educativo.

### c) Tecnoloxías da información e da comunicación

Na análise das actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, informática é a actividade máis organizada pola ANPA nos centros educativos, cunha taxa de resposta do 41,9%.

En *outras* actividades relacionadas coas TIC (2,8%), mecanografía é a que acada unha maior porcentaxe (2%).

O centro educativo é o principal axente de colaboración que teñen as ANPA para a

organización destas actividades. Ademais del, os concellos e as empresas privadas tamén son, nalgúns casos, as dúas institucións coas que as ANPA colaboran para desenvolver a actividade de informática. Para a realización doutras actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, as asociacións de nais e pais do alumnado fan referencia á colaboración con empresas privadas.

O centro educativo é o lugar de realización por excelencia destas actividades, aínda que no caso de informática existe unha porcentaxe de ANPA do 6,1% que afirma desenvolver a actividade fóra do mesmo.

#### **d) Artísticas**

Polo que se refire ás actividades artísticas, pintura (29,7%), manualidades (28%) e teatro (22,4%) son as máis organizadas polas ANPA. En porcentaxes inferiores aparecen actividades como danza (17,9%) e música (16,7%).

En canto a *outras* actividades de carácter artístico (18,3%) destacan: baile moderno (4,1%), baile tradicional/galego (2,4%), instrumentos tradicionais (2%), guitarra (1,2%), expresión corporal (1,2%) e cerámica (0,8%).

A oferta das actividades artísticas resulta fundamentalmente da colaboración das ANPA cos centros educativos. Naqueles casos nos que esta colaboración se expande a outros organismos ou institucións, en xeral, as asociacións da mostra afirman que colaboran, fundamentalmente, co Concello (12,8%), aínda que tamén se refiren á colaboración coa Deputación, empresas privadas, Federacións de ANPA e outros organismos ou institucións.

Para o desenvolvemento destas actividades, en todos os casos, o centro educativo aparece coma o espazo de realización maioritario.

#### **e) Outros tipos**

Por último, enúnciase a categoría outros tipos (19,1%), con fin de recoller aquelas respostas de actividades que non se encadran en ningunha tipoloxía precedente.

As actividades relacionadas cos xogos (3,1%) son as máis sinaladas neste apartado, seguidas de cociña (2,4%), psicomotricidade (2%), actividades relacionadas co medio ambiente (1,2%), xardiñaría e horto escolar (1,2%), actividades relacionadas con labores e bordado (1,9%), ludoteca e luditarde (1,9%), actividades relacionadas coa lectura (1,6%), técnicas de estudo (1,2%) e charlas (0,8%).

A súa organización prodúcese xeralmente en colaboración co centro (11,3%), aínda que tamén se pon de manifesto a relación co Concello e coas Federacións de ANPA para a organización destas actividades.

Polo que respecta á realización, prodúcese, case en exclusiva, nas instalacións das que poida dispoñer o centro escolar.

### **6.2. Persoal que as imparte**

Os datos que se recollen na táboa 7 permiten comprobar que as actividades extraescolares son impartidas, xeralmente, por monitores/as, especialmente en

actividades como natación (29,7%), informática (26%), artes marciais (21,5%), fútbol (19,9%), pintura (19,5%), manualidades (18,7%) e teatro (17,1%).

Respecto de actividades que son impartidas por profesores/as, son relevantes as porcentaxes observadas nos casos de informática (9,8%), inglés (6,5%) e música (4,1%).

As porcentaxes que representan a voluntarios/as, pais/nais e outras persoas como responsables do desenvolvemento destas actividades son escasas.

Táboa 7. Personal que imparte as actividades extraescolares organizadas desde a ANPA

TIPOS	Monitor/a (%)	Voluntario/a (%)	Profesor/a (%)	Pai/Nai (%)	Outro/a (%)
<b>DEPORTIVAS</b>					
Fútbol	19,9	2,0	0,8	--	1,2
Baloncesto	11,8	0,8	--	--	0,8
Natación	29,7	--	1,2	--	1,2
Artes marciais	21,5	0,4	3,3	--	0,8
Xadrez	6,9	--	0,8	--	0,8
Patinaxe	14,6	0,4	2,0	--	0,8
Ximnasia rítmica	8,9	--	0,4	--	--
Outras	30,9	2,0	1,2	--	2,0
<b>IDIOMAS</b>					
Inglés	11,4	0,4	6,5	0,4	1,6
Francés	0,8	0,8	0,8	0,8	0,4
Italiano	0,4	--	--	--	--
Outras	0,8	--	--	--	--
<b>TIC</b>					
Informática	26,0	0,4	9,8	--	2,0
Vídeo	--	--	--	--	--
Outras	2,0	--	--	0,4	0,4
<b>ARTÍSTICAS</b>					
Teatro	17,1	0,8	1,2	1,2	--
Pintura	19,5	0,8	2,0	2,0	1,6
Música	9,3	--	4,1	0,8	1,6
Danza	12,2	0,4	2,0	--	0,4
Manualidades	18,7	0,8	2,0	1,2	0,8
Outras	10,5	--	2,0	0,8	1,2
OUTROS TIPOS	12,2	1,2	0,8	3,6	2,0

## 7. IMPLICACIÓN DO CONCELLO NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Respecto ás **concellerías implicadas nas actividades extraescolares**, segundo os representantes dos concellos, atópase unha grande dispersión nas respostas, sendo as máis nomeadas as de Cultura (21%), Educación (18,5%), Deportes (14,8%), Asuntos Sociais (14,8%) e Xuventude (6,2%).

Esta variabilidade mantense á hora de indicar os **departamentos que levan a cabo o desenvolvemento das actividades extraescolares**. Entre as respostas obtidas pódense resaltar as seguintes: Cultura (21%), Deportes (19,8%), Educación (9,9%), Servizos Sociais ou Benestar Social (7,4%), Cultura e Deportes (6,2%), Cultura e Xuventude (6,2%), Oficina Municipal de Información á Xuventude (4,9%) e Alcaldía (4,9%).

A información relativa ao tipo de **actividades extraescolares nas que está implicado o Concello** (deportivas, idiomas, tecnoloxías da información e da comunicación, artísticas e outros tipos) aparece recollida na táboa 8.

### a) Deportivas

En relación coas actividades deportivas, destaca unha maior implicación do concello en fútbol (71,5%), natación (54,3%), baloncesto (40,7%), patinaxe (35,7%) e artes marciais (24,7%). Apréciase, ademais, como un elevado número de concellos (54,3%) están implicados en *outras* actividades deportivas, entre as que destacan tenis (11,1%), fútbol sala (11,1%), bádminton (4,9%), atletismo (4,9%), voleibol (4,9%), tenis de mesa (3,7%), aeróbic (3,7%) e actividade predeportiva (3,7%).

As actividades de baloncesto, natación e patinaxe son desenvolvidas fundamentalmente só polo Concello, en tanto que fútbol, artes marciais, xadrez e ximnasia rítmica desenvólvense principalmente en colaboración con algún organismo ou institución.

No referente ás actividades extraescolares deportivas nas que o Concello colabora na cesión de espazos, de materiais ou en persoal, destacan, de novo, fútbol e baloncesto.

### b) Idiomas

No que se refire aos idiomas, a implicación dos concellos redúcese basicamente ao desenvolvemento da actividade de inglés (13,6%), en tanto que no caso de francés é mínima (2,4%). A isto hai que engadir que no apartado *outras* actividades de idiomas unicamente se menciona galego (3,7%).

Só se constata colaboración dos concellos na cesión de espazos e de materiais na actividade de inglés.

### c) Tecnoloxías da información e da comunicación

En relación ás tecnoloxías da información e da comunicación, máis da metade dos concellos da mostra afirma estar implicado no desenvolvemento da actividade de informática, ben sexa a título individual (43,2%) ou en colaboración con algún organismo ou entidade (9,8%); en menor medida, tamén participan no desenvolvemento das actividades de vídeo (4,9%) e cámaras dixitais (1,2%).

Ao mesmo tempo, destaca a escasa colaboración en cesión de espazos, materiais e persoal, que só se dá no caso de informática.

#### d) Artísticas

No relativo ás actividades artísticas, son salientables as porcentaxes de implicación dos concellos no desenvolvemento de teatro (43,2%), música (42%), manualidades (35,8%) e pintura (30,9%).

En todas as actividades artísticas predomina o desenvolvemento a nivel individual por parte do Concello.

Á súa vez, manualidades e música son as actividades onde se observa unha maior colaboración na cesión de espazos (9,9% e 8,6%, respectivamente), mentres que a maior cesión de materiais prodúcese en música (8,6%) e o maior nivel de colaboración en persoal en teatro (6,2%) e música (6,2%).

#### e) Outros tipos

Algúns dos representantes dos concellos (6,2%) indican, así mesmo, o desenvolvemento doutros tipos de actividades extraescolares, especificamente contacontos (3,7%), parchís (1,2%) e talleres de educación en valores (1,2%). Estas actividades desenvólveas só o Concello nun 3,7% dos casos e o Concello en colaboración con algunha entidade noutro 3,7%.

Táboa 8. Actividades extraescolares nas que está implicado o Concello

TIPOS	Desenvolvemento		Colaboración		
	Só o Concello (%)	Concello en colaboración (%)	Cesión de espazos (%)	Cesión de materiais (%)	Persoal (%)
<b>DEPORTIVAS</b>					
Fútbol	32,1	39,4	30,9	21,0	19,8
Baloncesto	21,0	19,7	13,6	8,6	7,4
Natación	33,3	21,0	7,4	6,2	6,2
Artes marciais	8,6	16,1	8,6	3,7	2,5
Xadrez	7,4	8,6	2,5	3,7	3,7
Patinaxe	18,5	17,2	9,9	6,2	3,7
Ximnasia rítmica	4,9	12,3	6,2	6,2	3,7
Outras	35,8	18,5	9,9	8,6	13,6
<b>IDIOMAS</b>					
Inglés	9,9	3,7	1,2	1,2	--
Francés	1,2	1,2	--	--	--
Galego	2,5	1,2	--	--	--
<b>TIC</b>					
Informática	43,2	9,8	3,7	2,5	2,5
Vídeo	4,9	--	--	--	--
Cámaras dixitais	1,2	--	--	--	--
<b>ARTÍSTICAS</b>					
Teatro	30,9	12,3	6,2	6,2	6,2
Pintura	21,0	9,9	3,7	2,5	4,9
Música	27,2	14,8	8,6	8,6	6,2
Danza	17,3	9,9	7,4	4,9	1,2
Manualidades	19,8	16,0	9,9	6,2	3,7
Outras	4,9	4,9	1,2	3,7	2,5



Aos concellos que indicaban a súa implicación no desenvolvemento de actividades extraescolares en colaboración con algunha entidade ou organismo, pedíáselles que especificasen con quen colaboraban máis frecuentemente, información que se recolle na táboa 9.

A entidade coa que máis colaboran os concellos, a nivel xeral e na maioría das actividades, é a ANPA. Concretamente, se nos referimos ás actividades deportivas, sobresaé a colaboración en natación (9,9%), patinaxe (9,9%), artes marciais e ximnasia rítmica (6,2%, cada unha), xadrez (4,9%) e outras (7,4%). E con clubs deportivos en fútbol (23,4%) e baloncesto (8,6%).

Nas actividades de idiomas, son as ANPA e a Deputación Provincial os organismos cos que máis colaboran os concellos.

A actividade de informática, dentro das tecnoloxías da información e da comunicación, é a única na que se constata colaboración dos concellos con outros organismos, principalmente coas ANPA e coas Federacións Provinciais de ANPA.

Por último, no relativo ás actividades artísticas, apréciase que a colaboración se dá en teatro cos centros educativos (3,7%); en pintura, coas ANPA (6,2%); en música e de danza, con agrupacións ou asociacións culturais (4,9%), e, en manualidades, coas ANPA (3,7%) e coas agrupacións ou asociacións culturais (3,7%).

**Táboa 9. Desenvolvemento das actividades extraescolares nas que está implicado o Concello en colaboración con outros organismos**

	ANPA (%)	Clubs deportivos (%)	Centros educativos (%)	Deputación Provincial (%)	Federación Provincial de ANPA (%)	Agrupacións/Asociacións culturais (%)	Outros (%)
<b>DEPORTIVAS</b>							
Fútbol	6,2	23,4	2,5	1,2	2,5	--	3,7
Balconcesto	4,9	8,6	1,2	--	2,5	--	2,5
Natación	9,9	1,2	2,5	1,2	1,2	--	4,9
Artes marciais	6,2	3,7	1,2	2,5	2,5	--	--
Xadrez	4,9	1,2	--	--	2,5	--	--
Patinaxe	9,9	2,5	1,2	--	2,5	1,2	--
Ximnasia rítmica	6,2	2,5	1,2	--	2,5	--	--
Outras	7,4	2,5	3,7	1,2	2,5	--	1,2
<b>IDIOMAS</b>							
Inglés	1,2	--	--	1,2	--	--	1,2
Francés	1,2	--	--	--	--	--	--
Galego	--	--	--	1,2	--	--	--
<b>TIC</b>							
Informática	3,7	--	1,2	1,2	2,5	1,2	--
Vídeo	--	--	--	--	--	--	--
Cámaras dixitais	--	--	--	--	--	--	--

ARTÍSTICAS							
Teatro	2,5	--	3,7	2,5	1,2	2,5	--
Pintura	6,2	--	--	1,2	1,2	1,2	--
Música	3,7	--	2,5	1,2	1,2	4,9	1,2
Danza	1,2	--	--	1,2	1,2	4,9	1,2
Manualidades	3,7	--	2,5	2,5	1,2	3,7	1,2
Outras	1,2	--	2,5	--	1,2	--	--

A análise das respostas proporcionadas polos equipos directivos, as ANPA e os concellos permite albiscar unha panorámica xeral da oferta de actividades extraescolares existente na nosa Comunidade Autónoma.

As actividades con maior oferta son, sen lugar a dúbidas, as deportivas. Entre elas, os tres colectivos enquisados coinciden en destacar a oferta de fútbol, natación, baloncesto e artes marciais.


A oferta de actividades artísticas é tamén relevante, aínda que menor que a de actividades deportivas. Entre as actividades de tipo artístico sobresaen teatro, pintura e manualidades, ás que debemos engadir a oferta de música por parte dos concellos.

A oferta de actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación ocupa o terceiro lugar. Entre elas, a actividade fundamentalmente ofertada polos tres colectivos é a informática.

Por último, as actividades vinculadas aos idiomas son as menos ofertadas en Galicia. Todos os colectivos preguntados coinciden en que a oferta de inglés predomina dun xeito maioritario sobre a de calquera outro idioma.

Noutra orde de cousas, pode subliñarse que tres cuartas partes da mostra de concellos (75,4%) aseguran ter realizado **propostas de actividades extraescolares aos centros educativos** (gráfica 5).

Gráfica 5. Concellos que realizan propostas de actividades aos centros



## 8. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES QUE PROPORCIAN OS DIFERENTES COLECTIVOS

### 8.1. Segundo o profesorado

Cando se lle pide ao profesorado que faga unha proposta de actividades extraescolares, no caso de non observar unha adecuación entre a oferta existente e o alumnado destinatario, dun total de 195 respostas rexistradas, o 29,2% fai referencia a actividades deportivas, entre as que sobresaen actividades deportivas en xeral, sen especificar, cun 13,3%, e xadrez, cun 3,6%.

No relativo ás actividades de idiomas (8,7%), un 6,7% indica idiomas en sentido amplo e un 2% alude a inglés oral.

As actividades vinculadas ás tecnoloxías da información e da comunicación son sinaladas por un 8,2% do profesorado, destacando as actividades tecnolóxicas e a informática (2,6% cada unha).

As actividades artísticas son as máis propostas, xa que acadan un 39% do total de respostas, sendo as máis indicadas teatro/dramatización (11,8%), música (6,2%), pintura (4,6%) e danza/baile (4,1%).

Por último, na categoría de outros tipos (14,9%) recóllense, fundamentalmente, actividades adaptadas ao alumnado autista (2,6%) e animación á lectura (1,5%).

### 8.2. Segundo o alumnado

Os alumnos/as enquisados sobre as actividades que lles gustaría que houbera nos seus centros educativos, sinalan un total de 5.700 respostas nas que se advirte a presenza de actividades de diverso tipo.

Polo que ás actividades deportivas se refire (74%), obsérvase unha preferencia maioritaria por deportes que se xogan con balón, pluma ou disco (35,6%), sendo os máis sinalados tenis (6,9%), fútbol (6,5%) e baloncesto (5,3%). Tamén deportes como os acuáticos (8,5%), os que se practican sobre patíns (6,1%) e as artes marciais (4,4%) son da preferencia do alumnado. Nos acuáticos hai unha destacada orientación cara a natación (6,7%), seguida de lonxe por outros como piragüismo (0,5%) e surf (0,5%); nos que se practican sobre patíns atópanse fundamentalmente patinaxe (4,5%) e patinaxe sobre xeo (1,5%); e nas artes marciais, sobresaen karate (1,5%), así como o número de alumnos/as que sinalan, simplemente, a preferencia polas artes marciais, sen especificar cales (1,3%).

Aínda que menos representativos, tamén se aprecia certa predilección cara a deportes de tipo ximnástico (3,7%), onde destaca ximnasia rítmica (2,1%) e ximnasia artística (0,9%); hípica (2,6%); deportes de loita (2,5%), onde sobresaen loita libre (1,5%) e boxeo (0,5%); con bicicleta (1,8%), fundamentalmente o ciclismo (1,6%); automobilísticos (1,6%), con preferencia cara o karting (1%); ximnásticos con música (1,2%), con certa paridade entre aeróbic (0,6%) e capoeira (0,5%); e de carreiras, saltos e lanzamentos (1,1%), esencialmente atletismo (1%). Outras actividades, menos elixidas, son deportes de tiro (0,8%), de risco (0,7%), de inverno (0,4%), de

captura (0,3%) e outros (2,5%) como xadrez (0,5%), skateboarding (0,5%), escalada (0,5%) ou actividades deportivas en xeral (0,7%).

En canto ás actividades artísticas (15,6%), as máis elixidas son as de danza (7,6%), onde son máis significativas respostas como baile (2,7%) e danza (0,8%), sen especificar, seguidas de baile moderno (1,1%) ballet (0,8%), e breakdance (0,5%). Ademais destacan actividades como pintura (2,3%), música (2,1%), teatro (1%) e manualidades (1,5%) e, nunha menor porcentaxe, outros tipos (1,1%), onde sobresaen debuxo (0,6%).

Con respecto ás actividades de idiomas (2,6%) reflíctese un maior interese cara a actividades como francés (0,8%), inglés (0,4%) e italiano (0,4%).

Entre as actividades de tecnoloxías da información e da comunicación (2,7%), queda patente unha clara preferencia pola informática (2,3%), fronte outras como fotografía (0,2%), mecanografía (0,1%) ou vídeo (0,1%).

Finalmente, polo que se refire a outros tipos de actividades que lles gustaría que houbera no centro (5,1%), destaca a elección de xogos (1,9%), fundamentalmente populares (0,9%), como brilé (0,7%); a preferencia por actividades que traballan distintas áreas (0,7%), entre elas as ciencias (0,2%); e outras como cociña (0,6%).

### 8.3.Segundo os pais/nais

En consonancia coa cuestión anterior, entre as actividades extraescolares que as familias proporían para levar a cabo no seu centro educativo, dun total de 1.886 respostas contabilizadas, destaca unha gran variedade de actividades.

No relativo ás actividades deportivas (44,7%), obsérvase unha preferencia maioritaria por deportes que se xogan con balón, pluma ou disco (18,8%), sendo os máis sinalados tenis (4,9%), baloncesto (3,9%) e fútbol (3,2%). A estes séguenlle deportes de tipo acuático (8,2%), cunha presenza destacada da natación (7,8%) e outros como piragüismo e surf. Aínda que menos representativos, tamén se manifesta certa predilección cara a deportes que se practican sobre patíns (3,5%), fundamentalmente patinaxe; de tipo ximnástico (3,3%), sobre todo ximnasia rítmica; e artes marciais (2,7%), onde sobresaen judo e outras artes sen especificar. Séguenlle a estes deportes ecuestres (1,3%) como hípica; deportes de carreiras, saltos e lanzamentos (1,6%), onde destaca atletismo; ademais de xadrez e actividades de deporte en xeral, que sobresaen dentro doutros tipos de actividades deportivas (2,9%). Entre as menos sinaladas atópanse aeróbic (0,9%), ciclismo (0,8%), motociclismo e karting (0,4%) e loita (0,2%).

En canto ás actividades artísticas (22%), as máis representadas son danza (7,5%) e música (5,8%). Entre as primeiras sobresaen baile e danza sen especificar (2,5% e 1,5%, respectivamente), seguidas de baile moderno (1,2%), baile galego (0,9%) e baile de salón (0,8%). Nas actividades de música cabe sinalar a notable preferencia polo xénero musical (4%), seguido de canto, cunha frecuencia máis baixa (0,7%). Nunha menor porcentaxe, os pais/nais indican a súa preferencia por actividades como teatro (2,6%), manualidades (2,4%), pintura (2,1%) e outros tipos (1,5%), entre os que destaca debuxo.


Con respecto aos idiomas (10,7%), obsérvase unha notable inclinación cara os idiomas en xeral (4,8%) e, de maneira específica, un maior interese por inglés (4,5%) e francés (0,8%).

Entre as actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (9,6%), queda patente unha clara preferencia pola informática (8,1%), fronte a outras como mecanografía (0,6%) e fotografía (0,4%).

Polo que se refire a outros tipos de actividades que lles gustaría que houbera no centro (13%), destaca a elección daquelas relacionadas coa aprendizaxe (3,3%), fundamentalmente apoio ao estudo e técnicas de estudo, seguidas de cociña e repostería (1,8%) e de actividades que traten temas transversais (1,6%).

Na seguinte gráfica recóllese, a modo de síntese comparativa, as actividades extraescolares suxeridas polos diferentes sectores enquisados a este respecto. Obsérvase que existe un claro predominio das actividades de tipo deportivo, posto que son as máis propostas por todos o sectores, agás polo profesorado que propón máis actividades de tipo artístico.

Gráfica 6. Actividades extraescolares que propoñen o profesorado, o alumnado e os pais/nais




## 9. PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

### 9.1. Participación do profesorado

Como pode apreciarse na gráfica 7, só o 13,1% do profesorado enquisado é **responsable ou coordinador** das actividades extraescolares do centro, mentres que un elevado 82% non realiza este labor.

Gráfica 7. Profesorado responsable das actividades extraescolares do centro



Cando se pregunta ao profesorado sobre se este debe ou non **colaborar** nas actividades extraescolares do centro, a metade da mostra (49,7%) considera que si debería participar, fronte ao 39,6% que non o cre así.

No que se refire á **participación do profesorado** nas actividades extraescolares desenvolvidas no centro, pode observarse, na táboa 10, que é en xeral baixa.

No tocante á colaboración, o profesorado sinala colaborar máis activamente nas actividades de teatro (9,3%), informática (7,8%), fútbol (5,9%), música (5,2%) e manualidades (4,9%).

En canto á organización das actividades, teatro (5%), informática (4,2%), fútbol (3,8%) e baloncesto (3,2%), música (2,8%) son as máis organizadas polo profesorado.

Polo que respecta ao desenvolvemento, informática (3,7%), teatro (3,7%), vídeo (2,5%), fútbol (2,4%) e manualidades (2,4%) son as actividades que acadan valores máis elevados. Outras actividades como artes marciais, ximnasia rítmica, patinaxe, xadrez ou francés apenas contan coa participación do profesorado no seu desenvolvemento.

Polo que se refire a *outras* actividades nas que participan, só se obtiveron valores comparativamente elevados nas actividades deportivas e noutros tipos de actividades. Entre as primeiras, atletismo, balonmán, bádminton, voleibol, tenis de mesa, iniciación ao deporte, campo a través e sendeirismo son aquelas nas que o profesorado participa máis activamente (colaborando, organizando e desenvolvendo). No relativo a outros tipos de actividades extraescolares, animación á lectura, xogos populares e tradicionais, psicomotricidade, medio ambiente-natureza, cociña, e ludoteca son as que contan con maior implicación do profesorado.

Táboa 10. Participación do profesorado nas actividades extraescolares do centro<sup>6</sup>

	Colaborando (%)	Organizando (%)	Desenvolvendo (%)
<b>DEPORTIVAS</b>			
Fútbol	5,9	3,8	2,4
Baloncesto	4,0	3,2	2,0
Natación	3,1	1,6	0,9
Artes marciais	0,9	0,6	0,1
Xadrez	2,0	1,7	0,7
Patinaxe	1,6	0,9	0,4
Ximnasia rítmica	1,3	0,8	0,3
Outras	4,3	4,1	4,3
<b>IDIOMAS</b>			
Inglés	3,8	2,6	1,7
Francés	1,2	0,8	0,8
Italiano	--	--	--
Outras	0,6	0,4	0,5
<b>TIC</b>			
Informática	7,8	4,2	3,7
Vídeo	3,8	2,6	2,5
Outras	0,2	0,5	0,1
<b>ARTÍSTICAS</b>			
Teatro	9,3	5,0	3,7
Pintura	4,2	2,4	1,6
Música	5,2	2,8	1,9
Danza	1,9	1,6	1,1
Manualidades	4,9	2,7	2,4
Outras	0,2	0,4	0,2
<b>OUTROS TIPOS</b>	1,6	2,0	2,0


## 9.2. Participación das familias

Respecto á **participación** das familias nas actividades extraescolares do centro, as respostas dadas polos pais/nais son claras: só un 7,2% participa, fronte a unha maioría (83%) que non o fai, e un 9,8% que non contesta.

Con todo, a pequena porcentaxe que participa faino principalmente organizando ou seleccionando actividades (3,3% e 3%, respectivamente). A porcentaxe de pais/nais que é responsable da impartición de actividades extraescolares é máis pequena (0,9%), tal e como pode observarse na gráfica 8.

<sup>6</sup> As sumas das porcentaxes non proporcionan o total, pois as respostas non son excluíntes.

Gráfica 8. Forma de participación dos pais/nais nas actividades extraescolares




Como se amosa na gráfica 9, cando se pregunta aos pais/nais **con quen participan** nas actividades extraescolares, afirman que o fan, normalmente, coa ANPA (3,6%) ou con outros pais/nais (1,9%). As persoas con quen menos participan son os profesores/as (1,3%).

Dos pais/nais que sinalan *outros* (0,4%), obsérvase que participan nas actividades extraescolares con monitores, con amigos/as, compañeiros/as... e con distintas entidades, como o Concello e outros centros.

Pode constatarase, á vista dos resultados, que a participación, tanto do profesorado como dos pais/nais do alumnado, nas actividades extraescolares é escasa.

Gráfica 9. Persoas e/ou entidades coas que os pais/nais participan nas actividades extraescolares






## 10. FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As familias constitúen un dos axentes capitais no financiamento das actividades extraescolares, segundo o 39,8% dos equipos directivos e o 48,3% das ANPA; os recursos económicos proporcionados pola ANPA son indicados polo 21,4% dos directivos e o 29% das ANPA, e os achegados polo Concello por un 18,5% dos directivos e un 15,8% das ANPA. Tamén se dá coincidencia no escaso papel atribuído ao financiamento da Deputación, de asociacións e outros estamentos por parte dos dous sectores. Non obstante, apréciase unha diferenza notable nas contribucións realizadas polo centro entre as respostas dos directivos (17,4%) e as das ANPA (2,8%).

## 11. MEDIO PARA ACUDIR ÁS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES


Con independencia de que as actividades se leven a cabo no centro ou fóra del, a maioría do alumnado que contesta á pregunta referida ao **medio para ir** ás actividades extraescolares (gráfica 10) manifesta que vai camiñando (18,4% e 13,5%, no centro e fóra do centro, respectivamente) ou en coche particular (7,4% e 22,1%, respectivamente), mentres que o autobús escolar é utilizado polo 6,5% e o 3,5% para ir ás actividades cando son no centro ou fóra del, respectivamente. O 2,9% indica que utiliza *outros medios* para ir ás actividades cando son no centro e un 1,9% cando son fóra, principalmente o autobús, a moto, e a bicicleta.

Gráfica 10. Medio que utiliza o alumnado para ir ás actividades extraescolares cando son no centro e fóra do centro



En congruencia coa cuestión anterior, como se aprecia na gráfica 11, o **medio máis habitual para volver** das actividades extraescolares é camiñando (16% e 11,6%, no centro e fóra do centro, respectivamente) e en coche particular (11,3% e 22,6%). O autobús escolar é utilizado por un 6,6% para volver das actividades cando son no centro e por un 2,9% cando son fóra, respectivamente. Por outra parte, o 1,5% do alumnado sinala utilizar *outros medios* para volver das actividades cando son no centro e un 1,1% cando estas son fóra, fundamentalmente o autobús e a bicicleta.

Gráfica 11. Medio que utiliza o alumnado para volver das actividades extraescolares cando son no centro e fóra do centro



### 11.1. Servizo de transporte

Pode constatar-se, segundo os datos recollidos na táboa 11, que o 14,6% dos equipos directivos e 11,8% das ANPA sinalan que existe transporte escolar para acudir ás actividades extraescolares, mentres que o 13,9% dos directivos e o 11,4% das ANPA indican a existencia de transporte específico contratado para o mesmo fin. Por outra banda, a maioría dos directivos (57% e 40,1%) e das ANPA (63,8% e 48%) indica que non se dispón de transporte escolar nin de transporte específico contratado, respectivamente. Ademais, non deixa de ser relevante a porcentaxe de directivos que non contesta, un 28,5% para o transporte escolar e un 46% para o específico contratado, e de ANPA que tampouco responden, 24,4% para o transporte escolar e 40,7% para o transporte específico contratado.

Táboa 11. Servizo de transporte para acudir ás actividades extraescolares segundo os equipos directivos e as ANPA

		Equipos directivos (%)	ANPA (%)
Transporte escolar	Si	14,6	11,8
	Non	57,0	63,8
	NC	28,5	24,4
Transporte específico contratado	Si	13,9	11,4
	Non	40,1	48,0
	NC	46,0	40,7

Por outra banda, cando se lle pregunta aos concellos pola posibilidade de poñer a disposición do alumnado o servizo de transporte escolar para que poida acudir ás actividades extraescolares, a análise levada a cabo (táboa 12) permite comprobar que un 28,4% e un 25,9% dos concellos, respectivamente, carece de servizo de transporte que facilite esta tarefa tanto para as actividades extraescolares realizadas nos centros

educativos como para as que se desenvolven fóra deles. Mentres que un 38,3% pon a disposición nalgunha ocasión o transporte escolar para que poidan acudir a actividades extraescolares desenvolvidas fóra dos centros, o 16% e o 13,6% dos concellos manifestan que teñen servizo de transporte para todas as actividades que se realizan, tanto no mesmo centro como fóra del.

**Táboa 12. Servizo de transporte ofrecido polo Concello para acudir ás actividades extraescolares segundo os representantes dos mesmos**

	Realizadas nos centros (%)	Realizadas fóra dos centros (%)
A todas	16,0	13,6
A algunha	17,3	38,3
A ningunha	28,4	25,9
NC	38,3	22,2

En relación á **frecuencia e financiamento** do servizo de transporte escolar, tal e como se recolle na táboa 13, os directivos destacan o carácter diario (7,9%) e a súa gratuidade (8,9%), fronte ao transporte específico contratado, que é ocasional (10,6%) e de pago (7%).

As ANPA, polo que se refire á frecuencia do transporte escolar e do transporte específico contratado, o 5,3% e o 2% da mostra, respectivamente, fan referencia á súa periodicidade diaria. Esta é de carácter ocasional no 4,1% para o transporte escolar e no 7,7% para o específico contratado. Pola súa parte, en canto ao financiamento, o 7,3% das ANPA indica que o transporte escolar é de balde e o 2,4% de pago. O transporte específico contratado para o 3,7% da mostra é gratuito e para o 6,5% é de pago.

**Táboa 13. Frecuencia e financiamento do servizo de transporte para acudir ás actividades extraescolares segundo os equipos directivos e as ANPA**

		Equipos directivos (%)	ANPA (%)
Transporte escolar	Frecuencia	Diaria	5,3
		Ocasional	4,1
		NC	90,7
	Financiamento	De balde	7,3
		De pago	2,4
		NC	90,2
Transporte específico contratado	Frecuencia	Diaria	2,0
		Ocasional	7,7
		NC	90,2
	Financiamento	De balde	3,7
		De pago	6,5
		NC	89,8

### 11.2. Persoas que acompañan ao alumnado ás actividades extraescolares

Os alumnos/as que facilitan información sobre as **persoas que os acompañan** ás actividades extraescolares, tal e como pode comprobarse na táboa 14, amosan diversidade de opinións en función do lugar de realización das mesmas. Así, cando as actividades son no centro, as respostas maioritarias recóllense nas alternativas de resposta “outros compañeiros/as” (13,7%), “vou só/soa” (9%) e “nai” (8,2%). Cando as actividades se desenvolven fóra do centro, son principalmente a “nai” (17,1%) e o “pai” (11,3%) os que acompañan aos fillos/as ás actividades extraescolares. Tamén os compañeiros/as aparecen, pero cunha porcentaxe inferior, no 9,8% dos casos.

Táboa 14. Persoas que acompañan ao alumnado cando van ás actividades extraescolares cando son no centro e fóra do centro

	No centro (%)	Fóra do centro (%)
Pai	4,0	11,3
Nai	8,2	17,1
Irmáns/ás	2,6	4,4
Outros pais/nais	0,6	2,1
Outros familiares	1,5	2,8
Empregados/as de fogar	0,2	0,4
Veciños/as	0,5	1,4
Outros compañeiros/as	13,7	9,8
Vou só/soa	9,0	7,4
Profesores/as	0,2	0,3
NC	59,7	43,2

Ao regreso das actividades extraescolares (táboa 15), cando estas son no centro, o alumnado afirma no 11,4% dos casos que **volve das actividades** con outros/as compañeiros/as e no 11,3% e 7,3% que volve coa súa nai ou só/soa, respectivamente. Cando as actividades son fóra do centro escolar, a maior parte dos alumnos/as enquisados volven das actividades coa súa nai (18,2%) e co seu pai (12,9%).

Táboa 15. Persoas que acompañan ao alumnado cando volven das actividades extraescolares cando son no centro e fóra do centro

	No centro (%)	Fóra do centro (%)
Pai	6,1	12,9
Nai	11,3	18,2
Irmáns/ás	2,7	4,4
Outros pais/nais	1,0	2,0
Outros familiares	2,0	2,8
Empregados/as de fogar	0,4	0,3
Veciños/as	0,7	1,4
Outros compañeiros/as	11,4	7,9
Volvo só/soa	7,3	6,2
Profesores/as	0,1	0,3
NC	57,8	45,2

En resumo, pódese afirmar que cando as actividades extraescolares se realizan no centro, os compañeiros/as e a nai son as persoas que acompañan ao alumnado tanto á ida como á volta das mesmas. Non obstante, cando son fóra do centro, os alumnos/as son acompañados para ir e para vir polo pai e pola nai.

## 12. INSTALACIÓNS UTILIZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES


Os espazos que utilizan as ANPA para o desenvolvemento das actividades extraescolares (táboa 16) pertencen, na metade dos casos, aos centros escolares (50,8%), nun 1,6% aos concellos e nun 0,4% ás propias ANPA. A acción de combinar ou simultanear as instalacións que poidan ceder estes organismos é, tamén, un procedemento habitual para o desenvolvemento das actividades, acadando nalgúns casos porcentaxes importantes, como a utilización das instalacións do centro educativo xunto coas do Concello (23,2%).

Táboa 16. Pertenza das instalacións que utiliza a ANPA para as actividades extraescolares

	%
Centro	50,8
ANPA	0,4
Concello	1,6
Outros	0,4
Centro+Concello	23,2
Centro+Outros	4,5
Concello+Outros	2,0
Centro+ANPA+Concello	0,4
Centro+Concello+Outros	0,4
Centro+ANPA	0,4
NC	15,9

En canto á adecuación das instalacións que emprega o centro educativo para o desenvolvemento das actividades extraescolares, como se aprecia na gráfica 12, o 34,9% do profesorado considera que todas son axeitadas, fronte ao 50,2% que só o pensa dalgunhas e o 2% que sinala que ningunha das instalacións resulta pertinente para levar a cabo este tipo de actividades.

Gráfica 12. Adecuación das instalacións para o desenvolvemento das actividades extraescolares segundo o profesorado




### 13. ASISTENCIA DO ALUMNADO A ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A asistencia do alumnado enquisado a actividades extraescolares, tal e como se observa na gráfica 13, é do 46,1%. Non asiste ás actividades extraescolares o 43,2% do alumnado e o 10,7% non responde a esta cuestión.

Pola súa parte, as familias enquisadas confirman que a porcentaxe de asistencia a actividades extraescolares dos seus fillos/as é do 43,7%. Os pais/nais din que os seus fillos/as non asisten ás actividades extraescolares nun 41% dos casos, mentres que un 15,3% non facilita a información.

Gráfica 13. Alumnado que asiste a actividades extraescolares segundo os alumnos/as e os seus pais/nais



A información proporcionada polo alumnado en relación ás **actividades extraescolares ás que asiste**, e que se desenvolven tanto no centro educativo como fóra del, recóllese na táboa 17.

No que se refire ás deportivas, o fútbol (7%) e o baloncesto (5%) son as actividades extraescolares que máis realiza o alumnado nos centros educativos; tamén o fútbol (10,6%) e, neste caso, a natación (8,2%) son as que contan co maior índice de asistencia fóra dos centros. Polo que respecta aos idiomas, o alumnado asiste a inglés tanto no propio centro (8,3%) como fóra del (9%). A informática, dentro das actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, conta co maior número de asistentes no centro educativo (6,1%) por riba dos que o fan fóra (2,5%). Finalmente, polo que respecta ás actividades artísticas, a música (6%) e o teatro (3,6%) son aquelas ás que asiste máis alumnado cando se realizan no centro educativo e de novo música (6,2%) e, neste caso, danza (2,9%) cando se realizan fóra do centro.

Respecto das actividades extraescolares que se recollen en *outras*, non incluídas nas tipoloxías anteriores, os alumnos/as que responderon a esta cuestión sinalan diferentes tipos.

Nas deportivas (12,4%) obsérvase unha maior asistencia a deportes que se practican con pelota, pluma ou disco. Dentro deles destacan o tenis, o balonmán e o voleibol. Seguen a este tipo de deportes os de carreiras, saltos ou lanzamentos, apreciándose unha maior participación en atletismo. Outros tipos que contan con menor asistencia son os deportes de tipo acuático como surf, piragüismo e remo; artes marciais, fundamentalmente judo e taekwondo; ximnásticos con música, onde destaca o aeróbic; ximnásticos; ecuestres (hípica); con bicicleta, de tiro, de loita, automobilismo, sobre patíns e de captura. Ademais, algúns alumnos/as sinalan que asisten a outro tipo de actividade deportiva, sen especificar cal, ou sinalan actividades deportivas en xeral.

No grupo de actividades artísticas (2%) destacan as relacionadas coa danza, preferentemente baile galego e baile moderno, e coa música, reflectíndose tal participación en clases de guitarra. Fronte a isto atópanse as manualidades, outros como debuxo, deseño, plásticas, expresión corporal e incluso unha porcentaxe do alumnado non especifica o tipo de actividade.

No que respecta aos idiomas (0,7%) sobresaie o alemán e outros que non se especifican.

Pola súa parte, nas tecnoloxías da información e da comunicación sinaladas polos alumnos/as (0,5%) destaca mecanografía, fronte a radio escolar, fotografía ou photoshop.

Finalmente, en outros tipos (3,4%) sobresaen actividades relacionadas coa lectura.

En canto á información sobre o **custo mensual**, recollido na mesma táboa, os prezos das actividades deportivas oscilan entre as que son de balde e as que, como no caso das artes marciais, acadan un custo medio mensual de 22,59 €. As actividades de idiomas, poden ser de balde ou, como no caso do inglés, a actividade máis demandada, chegar

a unha media 30,99 € ao mes. Pola súa parte, dentro das actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, informática é a que ten un custo mensual máis elevado, cunha media de 19,24 €, mentres que ás actividades artísticas pódese asistir de balde ou ben pagando, por actividades como música, unha media ao mes de 32,05 €.

A análise das respostas dadas polos pais/nais respecto das actividades extraescolares ás que asiste o seu fillo/a son coincidentes coas manifestadas polo alumnado, tal e como se pode comprobar na táboa 17. O único aspecto no que existe certa diverxencia é no custo medio mensual atribuído ás actividades de vídeo, na que o alumnado non sinala ningunha cantidade e os pais/nais indican unha media de 51,77 € ao mes, e outras relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, nas que os pais/nais indican un custo mensual máis elevado (49,66 €) que os seus fillos/as (15,30 €).

Táboa 17. Actividades extraescolares ás que asiste o alumnado segundo os propios alumnos/as e os pais/nais

ACTIVIDADES	No centro (%)		Fóra do centro (%)		Custo medio mensual da actividade (€)	
	Alumnado	Pais/Nais	Alumnado	Pais/Nais	Alumnado	Pais/Nais
<b>DEPORTIVAS</b>						
Fútbol	7,0	6,7	10,6	8,9	16,76	11,29
Baloncesto	5,0	5,0	2,5	2,1	11,99	12,49
Natación	2,7	2,2	8,2	9,3	13,53	17,19
Artes marciais	1,5	1,6	1,8	1,6	22,59	21,37
Xadrez	1,5	1,8	0,2	0,2	7,43	15,14
Patinaxe	2,0	2,1	1,6	1,3	14,48	10,11
Ximnasia rítmica	0,7	0,9	0,9	0,8	19,82	14,15
Outras	6,4	5,0	6,0	4,1	14,57	11,84
<b>IDIOMAS</b>						
Inglés	8,3	7,2	9,0	6,7	30,99	35,94
Francés	1,4	1,5	1,1	0,8	32,83	24,57
Italiano	0,1	0,1	0,1	0,1	30	27
Outras	0,3	0,1	0,4	0,2	30	35
<b>TIC</b>						
Informática	6,1	6,4	2,5	2,6	19,24	24,61
Vídeo	0,5	0,5	0,1	0,05	--	51,77
Outras	0,4	0,1	0,1	0,05	15,30	49,66
<b>ARTÍSTICAS</b>						
Teatro	3,6	3,0	1,1	0,9	9	9,36
Pintura	2,8	3,2	1,7	1,3	18,66	18,85
Música	6,0	4,4	6,2	5,1	32,05	31,35
Danza	2,4	1,8	2,9	1,4	14,59	14,98
Manualidades	1,6	2,5	0,5	0,7	8,42	8,48
Outras	0,7	0,8	1,3	1,0	15,88	14,28
OUTROS TIPOS	2,7	1,4	0,7	0,3	18,88	12,94



## 14. ACTIVIDADES QUE MÁIS LLES GUSTAN AOS ALUMNOS/AS

Cando se pregunta ao alumnado polas actividades que máis lles gustan daquelas ás que asisten, obtense un total de 3.118 respostas.

En primeiro lugar, dentro das actividades deportivas (59,5%), advírtese unha maior preferencia por deportes que se practican con pelota, pluma ou disco (34,5%), onde destaca fútbol (20,1%), baloncesto (4,5%) e tenis (2,2%). A continuación, son relevantes os deportes acuáticos (10,5%), sobre todo natación; as artes marciais (4,1%); e os deportes sobre patíns (3,8%), fundamentalmente patinaxe. Con menor frecuencia, atópanse deportes de tipo ximnástico (2%), onde sobresaie ximnasia rítmica; de carreiras, saltos e lanzamentos (1,4%), principalmente atletismo; ximnásticos con música (0,5%), destacando aeróbic; hípica (0,3%); ciclismo (0,2%); de tiro (0,1%); de loita (0,1%); pesca (0,1%); automobilísticos (0,1%); e outras (2%), onde sobresaie xadrez.

En segundo lugar, aluden ás actividades artísticas (23,4%), amosando maior preferencia por danza (6,7%), música (6%), pintura (4,6%), teatro (4,3%), manualidades (1,7%) e outras (0,2%) como plástica, debuxo e graffiti.

En relación aos idiomas (7,8%), inglés é a actividade extraescolar que máis lles gusta, cun 6,9%, seguida de lonxe por francés (0,7%).

No grupo das tecnoloxías da información e da comunicación (7,2%), obsérvase unha notable preferencia pola informática (6,7%), aínda que en porcentaxes máis pequenas tamén apuntan mecanografía, radio escolar, vídeo e fotografía.

Finalmente, en outros tipos (2%) sinalan como actividades preferidas aquelas relacionadas coa lectura, a cociña e a costura.

## 15. MOTIVOS POLOS QUE O ALUMNADO ASISTE OU NON ÁS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

### 15.1. Motivos polos que o alumnado asiste ás actividades extraescolares

Na táboa 18 recóllense, de xeito comparativo, as respostas dos equipos directivos, das ANPA, do profesorado, do alumnado e dos pais/nais sobre os principais motivos polos que o alumnado asiste ás actividades extraescolares.

Os equipos directivos consideran que o principal motivo polo que os alumnos/as acoden ás actividades extraescolares é porque lles gustan, nun 40,8%. En proporcións máis baixas, asisten ás mesmas para mellorar as relacións sociais, favorecer a súa aprendizaxe ou por obrigación. Concretamente sinalan: para estar cos amigos/as (15,8%), porque lles axudan a aprender (14,6%), mándanlles os seus pais (13,1%), melloran a súa integración social (10,5%) e por non estar sós/soas na casa (5%).

Cando se pregunta ás ANPA, as porcentaxes máis altas concéntranse nas alternativas de resposta "gústanlles" (42,6%), "axúdanlles a aprender" (21,2%) e "para estar cos amigos/as" (13,5%). Tamén sinalan, aínda que en menor porcentaxe, outras alternativas como "mándanlles os seus pais/nais" (9,6%) "melloran a súa integración

social" (7,4%) e "para non estar sós/soas na casa" (3,3%). En canto a *outros motivos* polos que os alumnos/as asisten ás actividades extraescolares, dunha porcentaxe total do 2,5%, o 1,1% sinala o horario (ben no que estas se organizan, ben en alusión ao horario laboral dos pais/nais), o 0,8% os aspectos económicos (cuestións relacionadas coa gratuidade da oferta) e o 0,6% indica outras razóns como, por exemplo, saír da casa.

Nas respostas proporcionadas polo profesorado, as maiores porcentaxes concéntranse nas alternativas de resposta "gústanlles" (39,7%), "para estar cos amigos/as" (19,3%) e "mándanlles os seus pais" (15%). Tamén sinalan, aínda que en menor porcentaxe, outras alternativas como "axúdanlles a aprender" (11,9%) e "melloran a súa integración social" (6,9%).

Cando se lle pregunta ao alumnado sobre esta mesma cuestión, as razóns que aluden son que lles gustan (42,9%), que lles axudan a aprender (26,4%) e para estar cos amigos/as (21%). Tamén sinalan, aínda que en menor porcentaxe, outras alternativas como "mándanme meus pais" (5,2%) e "para non estar só/soa na casa" (2,6%). Na opción de resposta *outros motivos* (2%), sinalada por un total de 91 alumnos/as, alúdese a razóns de saúde e vida san, a que son un elemento de distensión e de diversión, por obriga, para aprender e por cuestións referidas ao tipo de actividade.

Pola súa parte as familias, sinalan maioritariamente as opcións de reposta "gústanlle" (40,7%), "axúdanlle a aprender" (26,9%) e "melloran a súa integración social" (14,5%). Tamén indican, aínda que en menor medida, outras alternativas como "para estar cos amigos/as" (8,4%), "para non estar só/soa na casa" (5,6%) e "mandámoslle os pais/nais" (2%). Na opción de resposta *outros motivos* (1,9%), os pais/nais destacan como factor principal o feito de facer exercicio, seguido da aprendizaxe e formación, da ocupación do tempo libre, da conciliación familiar e da recomendación dos mestres.

**Táboa 18. Motivos polos que o alumnado asiste ás actividades extraescolares segundo os diferentes colectivos enquisados**

	Equipos directivos (%)	ANPA (%)	Profesorado (%)	Alumnado (%)	Pais/Nais (%)
Axúdanlles a aprender	14,6	21,2	11,9	26,4	26,9
Gústanlles	40,8	42,6	39,7	42,9	40,7
Mándanlles os seus pais	13,1	9,6	15,0	5,2	2,0
Para estar cos amigos/as	15,8	13,5	19,3	21,0	8,4
Para non estar sós/soas na casa	5,0	3,3	6,6	2,6	5,6
Melloran a súa integración social	10,5	7,4	6,9	--	14,5
Outros motivos	0,2	2,5	0,6	2,0	1,9

Como pode observarse nos datos da táboa anterior, todos os colectivos enquisados coinciden en sinalar como principal motivo para que o alumnado asista a estas actividades o feito de que lles gustan, acadando unhas porcentaxes en torno ao 40%. Igualmente, todos os colectivos, agás os pais/nais, consideran que o motivo menos

relevante á hora de asistir ás actividades extraescolares é que os nenos/as non estean sós na casa. Con todo, apréciase que os alumnos/as van ás actividades porque lles mandan os pais/nais entre un 9,6% e un 15%, segundo a opinión das ANPA, dos directivos e do profesorado.

## 15.2. Motivos polos que o alumnado non asiste ás actividades extraescolares

Comparativamente, a información proporcionada polos equipos directivos, as ANPA, o profesorado, o alumnado e os pais/nais acerca dos principais motivos polos que o alumnado non asiste ás actividades extraescolares aparece recollida na táboa 19.

Por sectores e afondando nos motivos, ofrecemos as principais razóns que dificultan a asistencia dos alumnos/as ás actividades extraescolares. Segundo os equipos directivos, refírense a que non dispoñen de transporte (22,1%), ao custo económico (20,6%), a que non teñen tempo (18,8%), non lles permiten ir os pais (15,9%) e non son interesantes (12%). Un 10,6% dos directivos fai referencia a *outros motivos*, entre os que cabe sinalar a falta de interese (5,2%), derivada da pouca motivación dos alumnos/as e do cumprimento doutras preferencias persoais. As porcentaxes restantes, en torno ao 1% cada unha, aluden á escaseza da oferta, á asistencia a outras actividades fóra do centro, á falta de adaptación ás necesidades, ás carencias que presentan as infraestruturas e á comodidade do alumnado.

Os motivos polos que o alumnado non asiste ás actividades extraescolares son, tendo en conta as respostas que ofrecen as ANPA, o custo económico (27,5%), o feito de carecer de transporte (24,3%) e a falta de tempo do alumnado (24,3%). Menos frecuentes son as alternativas de resposta “non lles permiten ir os pais” (11,2%) e “non lles resultan interesantes” (7,9%). En canto a *outros motivos* (4,9%) polos que os alumnos/as non asisten ás actividades extraescolares, sinálanse: falta de motivación ou interese, existencia doutros intereses, horario, aspectos relacionados coa falta de tempo dos pais/nais para levar ou recoller aos nenos/as das actividades, aspectos económicos, escasa oferta de actividades neste curso académico e dispersión do alumnado.

Segundo o profesorado enquisado, a carencia de transporte (24,8%) e o custo económico das actividades (19,9%) son os principais motivos polos que o alumnado non asiste ás actividades extraescolares. Outras razóns sinaladas son que o alumnado non ten tempo (17,9%), que os pais/nais non lles permiten ir (17,7%) e que non lles resultan interesantes (13,7%). Respecto a *outros motivos* (5,9%), o profesorado sinala: a desidia, a comodidade ou a vagancia; falta de interese do alumnado; actividades non interesantes; participación do alumnado en actividades alleas ao centro; actividades non adaptadas ao alumnado con TEA<sup>7</sup>, falta de motivación do alumnado, desinterese amosado polos pais/nais; falta de integración social no alumnado, e, por último, un conxunto de respostas diverso.

Pola súa parte, os alumnos/as manifestan que os principais motivos polos que non asisten ás actividades extraescolares son non ter tempo (32,6%), que non lles gustan as que hai (23,8%), e que van a clases particulares (12,2%). Con menor frecuencia

<sup>7</sup> TEA: Trastornos do Espectro Autista.

tamén sinalan non ter transporte (7,9%), o custo económico (6,8%) e que non lles deixan ir (5,6%). A porcentaxe que sinala *outros motivos* (11,3%) engloba o 3,8% que afirma que non existen actividades extraescolares, o 1,9% que manifesta que non quere ir e o 1,7% que asiste a outras non ofertadas polo centro educativo. Ademais, un 1,7% do alumnado refire diversos inconvenientes que impiden a súa asistencia: dificultades horarias, referidas ao transporte; económicas, por circunstancias familiares, e outras de tipo persoal (ter que estudar, padecer unha enfermidade ou o feito de que non asista ningún amigo). Cuestións vinculadas ás actividades, como o tempo, a cantidade ou a calidade da oferta son alegadas no 1,4% dos casos. Doutra parte, en porcentaxes que non superan o 0,5%, o alumnado fai referencia a que teñen outro tipo de intereses ou alude a outros motivos diversos.

Por último, segundo os pais /nais enquisados, os alumnos/as non asisten porque non lles gustan as que hai (23,6%) ou non teñen tempo (21,2%). Outras razóns son que non hai transporte para acudir ás actividades (18,3%), o custo económico (11,2%) e o feito de acudir a clases particulares (10,8%). O 14,9% alude a *outros motivos*, onde se constata unha grande diversidade nas respostas. Principalmente, hai dous motivos destacados: van a outras actividades (3,5%), onde sobresaen a porcentaxe referida á asistencia a actividades fóra do centro (2,1%), e a inexistencia destas no mesmo (3,4%).

Doutro lado, obsérvase que existen dificultades horarias (1,3%), entre as que sobresaen os solapamentos temporais entre actividades. Ademais destas, atópanse como motivos relevantes: non ter recibido información (1,2%), a falta de tempo para asistir en tanto que os seus fillos/as teñen que estudar (1,1%), unha porcentaxe que simplemente non quere (1%), seguido doutros cuxo motivo para non ir ás actividades extraescolares débese a ter discapacidade (0,7%).

Aínda que menos representativos, aparecen outros motivos que fan referencia a: cuestións organizativas, dificultades no transporte, calidade das actividades realizadas, incompatibilidade co gusto dos seus fillos/as, pouca variedade das actividades, dificultades ligadas ás infraestruturas e persoal, aspectos de tipo económico, aspectos referidos á idade e outros de diverso tipo.

Táboa 19. Motivos polos que o alumnado non asiste ás actividades extraescolares segundo os diferentes colectivos enquisados

	Equipos directivos (%)	ANPA (%)	Profesorado (%)	Alumnado (%)	Pais/Nais (%)
Non son interesantes	12,0	7,9	13,7	23,8	23,6
Non lles permiten ir os pais	15,9	11,2	17,7	5,6	--
Non teñen tempo	18,8	24,3	17,9	32,6	21,2
Non teñen transporte	22,1	24,3	24,8	7,9	18,3
Custo económico	20,6	27,5	19,9	6,8	11,2
Vai a clases particulares	--	--	--	12,2	10,8
Outros motivos	10,6	4,9	5,9	11,3	14,9

Tendo en conta os datos da táboa, os equipos directivos e o profesorado coinciden en destacar a ausencia de transporte e o custo económico das actividades, en tanto que as ANPA opinan que precisamente o custo económico é o motivo fundamental da non asistencia ás actividades extraescolares. Á súa vez, tanto os pais/nais como os seus fillos/as sinalan a falta de tempo e a ausencia de actividades interesantes.

## **16. CONTRIBUCIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Á FORMACIÓN DOS ALUMNOS/AS**

### **16.1. Segundo os equipos directivos**

Cando se lle pregunta aos equipos directivos polas principais contribucións das actividades extraescolares á formación dos alumnos/as, dun total de 608 respostas obtidas, máis da metade fai referencia á formación do alumnado, primordialmente respecto de dúas dimensións: por un lado, as relacións sociais (18,6%) e, por outro, a aprendizaxe e formación (38,8%). En relación a esta destacan o coñecemento e a aprendizaxe (20,9%), a aprendizaxe de habilidades, destrezas e valores (9%) e a formación (8,9%).

As porcentaxes restantes aluden a contribucións de moi diverso tipo: ocupación e aproveitamento do lecer e tempo libre (8,2%), desenvolvemento (5,6%), convivencia e compañeirismo (5,6%), cooperación e colaboración (4,6%), promoción da actividade física (4,3%) e fomento de valores e afeccións (2,8%).

### **16.2. Segundo as ANPA**

En canto ao papel das actividades extraescolares na formación do alumnado, dun total de 498 respostas, o 50% concéntrase en torno a dúas únicas dimensións: a aprendizaxe e as relacións sociais. A aprendizaxe é o aspecto máis destacado, co 30,5% das respostas (o 12,4% indica a aprendizaxe de habilidades, actitudes e valores, o 11,4% refírese á aprendizaxe en xeral, un 5,6% á aprendizaxe de contidos e un 1% a aprendizaxes de tipo aplicado). As relacións sociais aparecen sinaladas en segundo lugar, cun 19,5%.

Outro 50% das respostas alude aos seguintes aspectos: integración social (9%), formación (8,6%), diversión/entretemento (6,2%), ocupación do ocio (6,6%), fomento do deporte e práctica deportiva (5,4%), socialización (5%), desenvolvemento (4,4%), disciplina (1,8%), conciliación da vida laboral e familiar (1,2%), fomento da vida saudable (0,6%) e outros aspectos (1%).

### **16.3. Segundo o profesorado**

Dun total de 2.856 respostas proporcionadas polo profesorado, a socialización e a interacción entre alumnos/as, cun 15,6%, é a resposta sinalada con maior frecuencia. A esta séguenlle a integración, participación e comunicación social (5%); traballo en equipo, cooperación e axuda (5%) e desenvolvemento físico-motor (4,5%).

En porcentaxes comprendidas entre o 4% e o 2% poden atoparse a xestión, organización e ocupación do tempo de lecer; o entretemento, a distensión e

goce persoal; a formación e ampliación de coñecementos; o desenvolvemento de habilidades, aptitudes e capacidades; o mellor aproveitamento (dinamización) do tempo de lecer; a convivencia cos compañeiros; o coñecemento e a valoración do contorno natural, social, artístico e cultural; a formación complementaria ao currículo; diversas contribucións deportivas; a formación e práctica deportiva; o desenvolvemento persoal e a formación integral do alumno/a.

Tamén se indica o desenvolvemento do pensamento creativo, o reforzo dos coñecementos adquiridos na aula, o desenvolvemento da autonomía persoal, a formación cultural, a aprendizaxe de novos coñecementos, outro tipo de aprendizaxes non curriculares, hábitos saudables e calidade de vida, o fomento da responsabilidade, a maduración cognitiva e intelectual, contribucións tecnolóxicas e informáticas, o fomento de intereses e expectativas de futuro, a ampliación de horizontes culturais e a adquisición de valores educativos, respostas que acadan porcentaxes que van do 2% ao 1%.


Os tres colectivos, respecto da contribución das actividades extraescolares á formación do alumnado, fan fincapé na socialización e na aprendizaxe e formación.

## 17. VALORACIÓN DE DIFERENTES ASPECTOS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

### 17.1. Segundo o profesorado


Como pode observarse na gráfica 14, o 79,2% do profesorado considera que as **actividades extraescolares que se ofertan** ao alumnado do centro son **adecuadas**, mentres que só o 7,1% afirma que non o son e o 13,7% non contesta a esta cuestión.

Gráfica 14. Adecuación das actividades extraescolares ao alumnado do centro



A maioría do profesorado enquisado (76,8%) considera que o **horario no que se desenvolven** as actividades extraescolares é axeitado, mentres que só o 7,8% afirma o contrario (gráfica 15).

Gráfica 15. Adecuación do horario das actividades extraescolares




Con respecto á opinión do profesorado sobre o **tempo dedicado polo alumnado** ás actividades extraescolares, un 75,4% considera que non é excesivo, mentres que un 9,8% opina que si o é.

### 17.2. Segundo o alumnado


Por outra parte, pode constatarase, a través das opinións dadas polo alumnado (gráfica 16), que, ao igual que ocorre co profesorado, a maioría (70,5%) está conforme co **tipo de actividades que se organizan no centro**. Tan só o 10,4% considera que as actividades organizadas non son axeitadas e o 19,1% non transmite a súa opinión.

Gráfica 16. Satisfacción coa organización das actividades extraescolares



Outra cuestión de interese, representada na gráfica 17, fai referencia **ao que máis lle gusta ao alumnado** das actividades extraescolares. As respostas manifestadas ao respecto amosan que son o tipo de actividades que se ofertan (35,5%) e os compañeiros/as (34,5%) os aspectos máis gratificantes. Con menor incidencia porcentual tamén se sinala a monitores (11,5%), horarios (8,8%) e espazos (8%). Na opción de resposta *outras* (1,8%), os alumnos/as sinalan: aprender, cuestións vinculadas ao tipo de actividade, que ofrecen un tempo de distensión, o establecemento e afianzamento de relacións sociais e a ensinanza proporcionada.

Gráfica 17. Aspecto que máis lle gusta ao alumnado das actividades extraescolares



Polo que se refire ao **horario** das actividades, obsérvase, a través das opinións do alumnado, a súa satisfacción no 54,5% dos casos, fronte ao 10,7% que se manifesta en sentido contrario. En relación co anterior, un terzo dos enquisados (33,5%) non son partidarios da **ampliación do horario**, aínda que o 31% considera que deberían durar máis tempo.

A maioría do alumnado (51,5%) non considera excesivo o **número de alumnos/as por actividade**, fronte ao 11,5% ao que si lle parece elevado.

Respecto da **organización** das actividades, a maior parte do alumnado, o 56,7%, considera que están ben organizadas, mentres que o 6,8% cre que non é así.

En opinión do 49,9% dos alumnos/as da mostra, as actividades organizadas polo centro **responden aos seus intereses**, fronte ao 13,3% que non pensa o mesmo.

### 17.3. Segundo os pais/nais

Polo que se refire á satisfacción das familias con determinados aspectos relacionados coas actividades extraescolares tales como o horario, o número de alumnos/as por actividade, os intereses do seu fillo/a ou as instalacións das que dispoñen<sup>8</sup>, pode constatare o seguinte:

O **horario** das actividades extraescolares, ao igual que manifesta o alumnado, é satisfactorio para o 42,3% dos enquisados/as, fronte ao 6,2% que non se declara satisfeito neste sentido. Como consecuencia, a maioría dos pais/nais (30,2%) non é partidaria da ampliación do horario das actividades extraescolares, fronte a un 16,3% que si o é.

De xeito similar, a maioría dos pais/nais (40,2%) non considera excesivo o **número de alumnos/as participantes por actividade**, aspecto no que coinciden cos fillos/as. Con todo, o 6,6% maniféstase en sentido contrario.

<sup>8</sup> Son valorados por algunhas familias aínda que o seu fillo/a non acuda a actividades extraescolares.



Do mesmo xeito que o alumnado, os pais/nais opinan, maioritariamente (39,2%), que as actividades extraescolares se corresponden cos **intereses dos seus fillos/as**, mentres que un 11% non comparte esa opinión.

A valoración das **instalacións** onde se realizan as actividades é favorable nun 36,4% dos casos, mentres que o 15,5% dos pais/nais considera que non son axeitadas.

O 42,5% das familias cre que **ao seu fillo/a lle gustan** as actividades extraescolares nas que participa, fronte a un 1,8% que opina o contrario.

Na mesma liña, preténdese coñecer e analizar a satisfacción, a nivel xeral, que amosan os enquisados/as respecto da organización, o tipo de actividades e a formación dos monitores/as (táboa 20)<sup>9</sup>.

Son máis numerosos os pais/nais que están satisfeitos coa **organización** das actividades extraescolares do centro que os que non o están (37,9% e 9%, respectivamente).

De xeito similar, o 37,6% dos pais/nais maniféstase satisfeito co **tipo** de actividades extraescolares. Pola contra, un 8,6% manifesta non estar satisfeito con elas.

Así mesmo, un 35% considera satisfactoria a **formación dos monitores/as** encargados das actividades extraescolares, mentres que o 7,4% opina o contrario.

**Táboa 20. Satisfacción dos pais/nais en relación con dimensións xerais das actividades extraescolares**

Dimensións	Si (%)	Non (%)	NC (%)
Organización das actividades extraescolares	37,9	9,0	53,1
Tipo de actividades extraescolares	37,6	8,6	53,8
Formación dos monitores/as das actividades	35,0	7,4	57,6

En todas estas dimensións a porcentaxe dos que non contestan supera o 50%, segundo se observa na táboa anterior.

Respecto da relación entre a **xornada escolar** e a **asistencia ás actividades extraescolares** por parte do alumnado, máis da metade dos pais/nais (54,6%) considera que o tipo de xornada do centro facilita a asistencia do seu fillo/a ás actividades extraescolares. Un 9,8% maniféstase de xeito contrario.

Ademais, as **actividades extraescolares contribúen á integración social do fillo/a na comunidade** segundo o parecer do 41,3% dos pais/nais do estudo, en tanto que un 5% non está de acordo con esta opinión.

Entre as **accións de mellora** das actividades extraescolares suxeridas polas familias (1.331 respostas), inclúense diferentes propostas relativas ás dimensións organizativas e funcionais das mesmas.

Así, a primeira acción que se recolle é a relativa á variedade e diversidade da oferta (19%). Os pais/nais sinalan que debería haber máis variedade nas actividades

<sup>9</sup> Son valorados por algunhas familias aínda que o seu fillo/a non acuda a actividades extraescolares.

(15,5%) e, en menor medida, entre outras, que se adapten a todas as idades (0,7%), así como ás necesidades educativas especiais (0,3%).

Outro grupo de accións de mellora vén determinado polo referente ao horario e á temporalidade das actividades (17,7%), onde se indican como propostas máis relevantes a flexibilidade horaria (8,9%), a xornada continua (3,4%) e unha maior duración das actividades (3%).

Respecto das infraestruturas (11,9%), a nivel xeral, suxírense melloras nas instalacións (6,5%) e no pavillón (1%), a necesidade de facer un patio cuberto (0,5%) e de ter un local axeitado (0,5%), entre outras respostas.

No que a aspectos económicos se refire (9,9%), os tipos de accións de mellora indicados xiran en torno ao abaratamento das actividades (3,6%) e, fundamentalmente, en canto á súa gratuidade (4,2%). Neste mesmo sentido, nunha menor porcentaxe, reclaman subvencións para que sexan de balde e outras axudas.

O persoal encargado do desenvolvemento das actividades tamén é outra das dimensións sobre as que os pais/nais fan propostas de mellora (9,5%). Neste ámbito demándase unha maior formación dos monitores/as (5,4%), así como máis persoal para impartilas (1,9%).

A principal mellora requirida en canto ao transporte (7,4%) para poder acudir ás actividades extraescolares fai alusión á necesidade da súa existencia (6,6%).

Tamén se indican melloras relativas a distintas cuestións organizativas (6,1%), primando, dunha banda, a solicitude dun menor número de alumnos/as por actividade (1,8%) e, doutra, dispoñer de máis información sobre as mesmas (0,9%).

En menores porcentaxes atópanse suxestións de mellora en relación a: equipamentos/recursos (4,7%); en canto á propia existencia das actividades (3,1%); máis coordinación (2,5%), fundamentalmente entre a familia e o centro; avances no relativo ao proceso de ensinanza/aprendizaxe (2,3%), pedindo unha maior participación dos alumnos/as; e tamén respecto do lugar de realización (1,6%), sendo preferente impartilas no centro.

Por último, con menor relevancia, outro grupo de accións buscan un aumento na calidade da oferta (1%), solicitándose control por parte do centro no nivel e calidade das actividades, así como a mellora xeral das mesmas; facilitar as relacións sociais (1%), fundamentalmente incidindo na integración social; fomentar as actividades extraescolares (0,4%); e, entre outras respostas sinaladas (1,9%), máis seriedade e maior participación dos nenos/as.

## 18. VANTAXES E DIFICULTADES EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

### 18.1. Segundo os equipos directivos

En canto ás principais **vantaxes** que, na opinión dos equipos directivos, existen en relación coa organización e desenvolvemento das actividades extraescolares, rexistráronse un total de 514 respostas, das que se observa que a maior porcentaxe alude

á aprendizaxe e á formación do alumnado (17,3%), dentro da que se consideran por separado, a nivel xeral, a aprendizaxe (6,4%) e a formación (4,5%), a aprendizaxe de habilidades, destrezas e actitudes (4,5%) e a aprendizaxe de coñecementos (1,9%).

En menor medida, menciónanse outra serie de beneficios: boa colaboración e coordinación por parte da comunidade educativa (7,2%), amplitude do horario escolar (6,8%), características das actividades (5,8%), goce do lecer e tempo libre (5,4%), fomento das relacións sociais (5,2%), socialización (4,5%) e lugar de realización adecuado (4,1%).

Con porcentaxes inferiores ao 4% indícanse cuestións relativas a: oferta axeitada (3,7%), cualificación do persoal (3,5%), interese das familias e do alumnado (3,3%), fomento da conciliación familiar e laboral (3,3%), dispoñibilidade e bo estado das instalacións (3,1%), organización levada a cabo por toda a comunidade educativa (2,9%), gratuidade ou baixo custo (2,9%), mellora da integración (2,7%), apoio á convivencia (2,5%), estímulo á participación (2,3%) e boa situación e aproveitamento do centro escolar (2,3%).

En canto ás **dificultades** (512 respostas), os directivos enumeran carencias referidas a aspectos económicos (15,8%), apuntando a desconformidade en canto ao custo e á falta de axudas e subvencións; transporte (13,5%), poñendo de relevo a súa inexistencia; tempo e horario das actividades (12,3%), destacando a falta de tempo para a realización das mesmas e a incompatibilidade horaria; persoal e monitores (11,3%), onde se indica a falta de persoal cualificado; e organización (8,2%), aludindo principalmente á carga laboral que implica.

Con menor presenza aluden a outra serie de dificultades como: falta de colaboración e coordinación (4,7%), inadecuación ou inexistencia de espazos (4,5%) e de infraestruturas (4,3%), baixo interese e motivación (4,1%), escaseza ou masificación no número de alumnos/as que asisten ás actividades (4,1%), inadecuada oferta (2,7%), falta de adecuación das actividades ás características do alumnado (2,7%), afastamento do centro (2,1%), pouca dispoñibilidade do alumnado (2,1%) e escaseza de equipamentos e recursos (2%).

## 18.2. Segundo as ANPA

No relativo ás **vantaxes**, dun total de 376 respostas, as ANPA sinalan, en primeiro lugar, a colaboración (13,9%), apreciándose unha diferenciación entre a que ofrece o centro educativo (6,4%), a colaboración dos pais/nais (3,2%), a colaboración de organismos/entidades (3%) e outras colaboracións (1,3%).

Outras vantaxes indicadas, en porcentaxes menores, son aprendizaxe/formación (13%), relacións sociais (12,5%), participación/interese dos alumnos/as (8,8%), aspectos organizativos (diferentes aos xa mencionados) (5,9%), horario (5,6%), realización no centro (4,5%), aspectos económicos (4%), ocupar o tempo de ocio (3,7%), diversión/entretemento, persoal, variedade/diversidade e infraestruturas (3,5% cada unha), conciliación (2,7%), integración social, proximidade e práctica de deporte (2,1% respectivamente), transporte (0,5%) e outros motivos diferentes (4,2%).

As **dificultades** máis salientadas polas ANPA son, dun total de 433 respostas rexistradas, en primeiro lugar, os aspectos económicos, que representan o 20,1%, dentro dos que se poden diferenciar tres grupos: o elevado custo (8,3%), a carencia ou as escasas axudas/subvencións (6,2%) e as dificultades económicas en xeral (5,5%). O segundo aspecto máis destacado é o que se refire a horario/temporalidade, cun 15,9%. A continuación sinalan, cunha porcentaxe do 13,2%, o transporte.

O restante 50% de respostas inclúe aspectos diversos. Un 10,6% refírese á colaboración, sobresaíndo a nula ou escasa existencia desta por parte dos pais/nais (6,9%), a pouca cooperación por parte dos diferentes organismos e entidades (1,2%), así como tamén por parte do centro (0,9%). Séguelles un 10,4% que alude a infraestruturas/recursos, sobre todo á falta de espazos ou ben á carencia de espazos axeitados. Cunha porcentaxe lixeiramente menor, do 9,2%, atópanse referencias a aspectos como o persoal, principalmente no relativo á dificultade para encontrar monitores cualificados, e ao interese/participación dos alumnos/as. Por último, tamén se indican: organización/xestión (5,8%), satisfacción (0,9%), competencia con outros organizadores (0,7%), lugar de realización, diversidade de usuarios, carencia de oferta e falta de integración no proceso lectivo (todas cunha proporción do 0,5%) e outros (2,1%).

### 18.3. Segundo o profesorado

Polo que se refire ás principais **vantaxes** que, na opinión do profesorado, existen en relación coa organización e desenvolvemento das actividades extraescolares, rexistráronse un total de 2.194 respostas.

A socialización e a interacción entre alumnos/as, cun 9%, é a resposta sinalada con maior frecuencia situándose, a continuación, a formación e ampliación de coñecementos (5,1%) e a integración, a participación e a comunicación social do alumnado (3,7%).

En porcentaxes comprendidas entre o 3% e o 2% poden atoparse o desenvolvemento de actividades no centro educativo (os alumnos/as non teñen que desprazarse); o entretemento, a distensión e goce persoal do alumnado; o mellor aproveitamento (dinamización) do tempo de lecer; a adecuación horaria e a xestión, a organización e a ocupación do tempo de lecer.

Outras respostas rexistradas, en porcentaxes que non superan o 2%, destacan a amplitude e diversidade da oferta; a convivencia cos compañeiros/as; a interacción alumno/a-profesor/a; a existencia e dispoñibilidade das instalacións do centro; a formación complementaria ao currículo; a conciliación da vida familiar e laboral; as instalacións axeitadas; a aprendizaxe de novos coñecementos; o desenvolvemento de habilidades, aptitudes e capacidades; o traballo en equipo, cooperación e axuda; a colaboración e o compromiso do profesorado; a motivación que supoñen as actividades para o alumnado implicado e o interese que amosan os alumnos/as por asistir e aprender.

Polo que respecta ás principais **dificultades** (2.156 respostas), un 10% insiste na inexistencia de transporte escolar; séguenlle o custo dalgunhas actividades, cun

6,2%, e as dificultades económicas de financiamento e subvención por parte do centro educativo, cun 4% das respostas.

A falta ou carencia de instalacións e espazos, a falta de persoal axeitado, a pouca matrícula/demanda nalgunha actividade, a falta de tempo, a inadecuación horaria e as dificultades de desprazamento para as familias acadan porcentaxes comprendidas entre o 4% e o 2%.

E, por último, o resto de respostas mencionan, con porcentaxes por debaixo do 2%, a pouca colaboración e implicación do profesorado, a falta de recursos materiais, as dificultades organizativas, o descoído das tarefas académicas por parte dos alumnos/as, o desinterese e a falta de colaboración e implicación das familias, a dispersión xeográfica e poboacional do alumnado, a xornada partida do centro (dificulta o seu desenvolvemento), a masificación nalgunha actividade, a falta de tempo dos alumnos/as para realizalas e a coordinación de horarios (compatibilidade).

#### 18.4. Segundo os representantes dos concellos

As principais **vantaxes** (121 respostas) que existen en relación coa implicación dos concellos nas actividades extraescolares apuntan ao fomento das interrelacións Concello-centro educativo e á optimización de recursos e instalacións (11,1% cada unha), á excelente participación nas actividades (9,9%), á colaboración entre institucións (4,9%) e á mellora das relacións do Concello co colexio e coas familias (8,6%).

Un 8,6% dos enquisados/as subliña que as actividades extraescolares permiten a dinamización do tempo de lecer dos escolares e a participación na súa formación. Estas actividades fomentan a aprendizaxe (4,9%), achegan a cultura deportiva aos nenos/as (2,5%), transmiten valores e contribúen á unión entre os rapaces/as (4,9%).

Outras vantaxes son a igualdade de oportunidades e o feito de que poidan acceder todos os nenos/as (7,4%), a conciliación da vida familiar e laboral (6,2%) e a aceptación e agradecemento por parte das familias (2,5%).

No que se refire ás **dificultades** desta implicación (128 respostas), os representantes dos concellos coinciden en sinalar fundamentalmente dúas: por un lado, o custo das actividades e os poucos medios económicos (30,8%) e, por outro, a dispersión poboacional e demográfica (18,5%).

A súa vez, o transporte é mencionado por un 14,8% da mostra, na maioría dos casos pola súa inexistencia (11,1%) e noutros polo seu custo ou polos seus horarios.

Noutra orde de cousas, sinálase a carencia de medios humanos (9,9%) e o escaso número de rapaces/as (7,4%) derivado do envellecemento poboacional. Tamén se especifican a necesidade contar con medios materiais (4,9%) e instalacións axeitadas (3,7%), así como o mantemento e deterioro de instalacións (2,5%).

Por último, o 7,4% menciona os horarios das actividades como unha das dificultades máis importantes. Tamén se suxire a falta de colaboración das institucións cos concellos, a escasa colaboración dos centros e da dirección do centro, a falta de implicación do profesorado, as relacións coa ANPA, a falta de implicación dos

pais/nais, a pouca participación dos concellos e as dificultades de coordinación de calendario e horarios.

### CONCLUSIONES

Considérase que un axeitado desenvolvemento das actividades extraescolares está condicionado por unha boa coordinación entre todos os sectores da comunidade educativa, unhas instalacións adecuadas e a existencia de convenios de colaboración.

En efecto, os equipos directivos sinalan ás ANPA e aos concellos como os principais organismos cos que os centros educativos colaboran na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares, feito que é corroborado polas ANPA, que indican, a súa vez, aos centros educativos e aos concellos como institucións colaboradoras. Así mesmo, tanto directivos como ANPA, coinciden nos aspectos desa colaboración (organización, espazos e financiamento).

En xeral, a porcentaxe de convenios de colaboración é do 20,2% para os equipos directivos, do 26% para as ANPA e do 33,3% para os representantes dos concellos. Estes convenios de colaboración son dos centros educativos cos concellos (43,1%) e coas Federacións (15,7%), das ANPA cos concellos (49%) e co centro educativo (19%), e dos concellos coas ANPA (7,4%) e con clubs deportivos (6,2%).

O Plan de actividades extraescolares do centro recolle as propostas realizadas, esencialmente, polo equipo directivo, pola ANPA e polo profesorado, aínda que tamén son salientables as contribucións feitas polo Concello, polo alumnado e polos pais/nais. Os criterios máis utilizados para a súa elaboración, segundo os directivos, son o interese e atractivo para o alumnado, a demanda de actividades que fan os distintos colectivos e a súa utilidade para contribuír á formación do alumnado.

As principais vías de difusión das actividades extraescolares son: por medios escritos, a través dos titores e en reunións.

A inmensa maioría do profesorado enquisado non é responsable ou coordinador das actividades extraescolares do centro. Con todo, as opinións amósanse divididas entre os que consideran que deberían colaborar nas actividades extraescolares e os que cren que non. Pola súa parte, a participación dos pais/nais nas actividades extraescolares do centro é escasa, habendo unha maioría que non participa. Non obstante, esa minoría que participa faino principalmente organizando ou seleccionando actividades.

As actividades extraescolares máis ofertadas, segundo todos os colectivos participantes no estudo, son as deportivas e as artísticas. Entre as primeiras destacan fútbol, natación, baloncesto e artes marciais, e, nas segundas, teatro, pintura e manualidades. Nas restantes tipoloxías, informática e inglés son as actividades que teñen unha maior oferta.

As actividades extraescolares son impartidas, xeralmente, por monitores/as, especialmente en actividades como natación, fútbol, informática e artes marciais, mentres que os profesores/as imparten, fundamentalmente, teatro, informática, inglés e música.

A maioría das instalacións utilizadas polas ANPA para o desenvolvemento das actividades extraescolares pertencen aos centros educativos. Polo que se refire ás instalacións empregadas polo centro para desenvolver estas actividades, a maioría do profesorado (50,2%) considera que só algunhas son adecuadas, fronte ao 34,9% que considera que o son todas e o 2% que indica que ningunha das instalacións é adecuada.

O financiamento destas actividades corre a cargo, fundamentalmente, dos pais/nais do alumnado, ben sexa a nivel individual ou a través das ANPA, aspecto no que estas coinciden cos equipos directivos.

Segundo o alumnado, o custo mensual das actividades deportivas oscila entre as que son de balde e as que, como artes marciais, acadan un custo medio mensual de 22,59 €. As actividades de idiomas poden ser de balde ou, como inglés, a actividade máis demandada, chegar a unha media 30,99 € ao mes. Pola súa parte, nas actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, informática é a que ten un custo mensual máis elevado, cunha media de 19,24 €, mentres que as actividades artísticas poden ser de balde ou acadar, como no caso de música, unha media de 32,05 € ao mes.

A asistencia ás actividades extraescolares, segundo o propio alumnado, é dun 46,1%, mentres que para os seus pais/nais esta porcentaxe descende ata o 43,7%. As actividades extraescolares ás que máis acoden son, segundo os alumnos/as, fútbol, inglés, informática e música, cuestión na que se produce unha coincidencia total cos datos recollidos dos seus proxenitores/as.

Os principais motivos que explican a asistencia do alumnado ás actividades extraescolares son, en primeiro lugar, en opinión de todos os sectores, porque lles gustan e, en segundo lugar, porque lles gusta aprender ou estar cos amigos. Pola contra, todo os colectivos, agás o alumnado, coinciden en sinalar a ausencia de transporte como principal motivo para non asistir ás actividades, mentres que para os alumnos/as é a falta de tempo.

O Consello Escolar de Galicia, á vista da información achegada polos diferentes colectivos participantes no estudo, quere facer chegar á Administración educativa e a comunidade educativa as seguintes propostas de mellora coa intención de identificar os principais retos que favorezan a planificación das medidas e dos recursos pertinentes:

- Ofertar actividades extraescolares naqueles centros nos que non se realizan e ofertar unha programación adecuada en todos os centros.
- Posibilitar nos centros sostidos con fondos públicos a utilización de mecanismos e convenios de colaboración con diferentes institucións e entidades de cara a conseguir financiamento para as actividades extraescolares ofertadas.
- Promover mecanismos e convenios de colaboración con diferentes institucións e entidades de cara a conseguir financiamento e lograr así un abaratamento das actividades para que os pais/nais poidan facer fronte ao custo económico das mesmas, (fomentando, deste xeito, a participación dos alumnos/as) e aproveitar os recursos e instalacións do contorno para a realización das actividades extraescolares.

- Aproveitar as infraestruturas do centro para realizar actividades extraescolares, así como adaptación, mellora e acondicionamento de espazos para a organización e desenvolvemento destas.
- Potenciar a oferta de actividades que resulten atractivas para o alumnado e respondan aos seus intereses e necesidades, coidando que o número de alumnos/as por actividade non sexa excesivo e tendo tamén en conta a oferta de actividades dirixida ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Coordinar o horario das actividades extraescolares co tipo de xornada escolar do centro e coa dispoñibilidade de tempo do alumnado para asistir ás mesmas.
- Incrementar o persoal responsable de impartir as actividades, esixindo un nivel de cualificación adecuado e unha formación axeitada no uso dos medios tecnolóxicos. Así como o cumprimento das obrigas sobre lexislación laboral.
- Impulsar a existencia de transporte escolar para acudir ás actividades extraescolares, facilitando, deste xeito, a asistencia do alumnado ás mesmas.
- Implantar e estender a oferta e desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre nos períodos anterior e posterior ao xantar, evitando así tempos mortos ao alumnado, entre o remate do xantar e o inicio das clases.
- Fomentar o nivel de implicación da comunidade educativa na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares.





# Capítulo 4

## Servizo de comedor escolar




O presente capítulo está dedicado a coñecer e describir as opinións e valoracións manifestadas polos equipos directivos, as ANPA, o profesorado, o alumnado, os pais/nais do alumnado enquisado e os representantes dos concellos, en relación ao funcionamento do servizo de comedor escolar que ofertan os centros educativos.

## 1. EXISTENCIA DO SERVIZO DE COMEDOR

Segundo os directivos, máis da metade dos centros educativos da mostra, o 65,3%, dispón de comedor escolar, porcentaxe similar á observada nas respostas das ANPA (65,1%) e dos pais/nais do alumnado (65,4%). Por outra parte, o 33,4% dos directivos indica que os centros non contan con este servizo, mentres que esta porcentaxe descende ata o 25,6% no caso das ANPA e ata o 29,6% no colectivo dos pais/nais. Por último, obsérvase unha maior diverxencia entre os diferentes sectores en canto á porcentaxe dos que non contestan a esta cuestión, tal e como se observa na gráfica 1.

Gráfica 1. Centros con servizo de comedor



## 2. SERVIZO DE COMEDOR E TIPO DE XORNADA ESCOLAR

Considerando os datos achegados polos directivos, ao comparar o tipo de xornada escolar (continua/partida) coa capacidade de ofertar servizo de comedor (si/non) nos centros educativos compróbase, como se aprecia na táboa 1, que hai diferenza significativa entre ter xornada partida ou continua e ofertar ou non servizo de comedor ( $\chi^2 = 28,501$  e  $p < 0,001$ ). En efecto, o 57,5% dos centros que teñen xornada partida dispoñen de comedor, mentres que só un 42,5% dos que teñen xornada continua contan con este servizo.

Táboa 1. Comparación do tipo de xornada escolar do centro (continua/partida) coa oferta ou non de comedor no centro

	Valor	gl	Sig. asintótica (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	28,501	1	,000*
Corrección por continuidade	27,188	1	,000
N de casos válidos	291		

\* p < .001

### 3. CARÁCTER, MODALIDADE DE XESTIÓN E CATEGORÍA DO SERVIZO DE COMEDOR

O servizo de comedor, segundo os datos proporcionados polos directivos, ten un **carácter** continuado no 62,9% dos centros educativos, mentres que o seu funcionamento é ocasional no 2% dos mesmos.

Respecto da **modalidade de xestión** do comedor constátase, tal e como pode observarse na táboa 2, que a máis desenvolvida é a xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (31,5%); en segundo lugar, sitúase a contratación da subministración de comidas preparadas ou elaboradas nas dependencias do centro a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adjudicataria do servizo polo procedemento que corresponda (24,5%).


Táboa 2. Modalidade de xestión do servizo de comedor

	%
- Xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	31,5
- Xestión directa mediante a elaboración de comidas centralizadas en coíñas propias con persoal da Administración, e transportadas a outros centros docentes próximos, contratando o mencionado servizo cunha empresa do sector hostaleiro	2,0
- Contratación da subministración de comidas preparadas ou elaboración de comidas nas dependencias do centro a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adjudicataria do servizo polo procedemento que corresponda	24,5
- NC	42,0
<b>Total</b>	<b>100,0</b>

#### 3.1. Entidades que colaboran na xestión do servizo de comedor

Respecto ás entidades colaboradoras na xestión do comedor co centro, os directivos afirman que é a ANPA o principal organismo que participa na xestión (16,2%), seguido doutros colectivos (6,3%) e do Concello (5,6%); pola contra, a colaboración é case inexistente con asociacións e coas Deputacións. Neste sentido, as ANPA da mostra (22,3%) manifestan, como pode observarse na gráfica 2, que levan a cabo a xestión do comedor escolar nun 15,4% dos casos e que só colaboran na xestión deste servizo no 6,9%, mentres que o restante 77,6% non contesta a esta cuestión.


Gráfica 2. Papel da ANPA na xestión do comedor escolar



A colaboración da ANPA na xestión do comedor escolar (gráfica 3) circunscríbese, principalmente, segundo a información proporcionada por este colectivo, á atención ao alumnado usuario do servizo (16,7%) e, en menor medida, ao financiamento (7,7%) e a outro tipo de colaboración (9,3%).


Polo que se refire a este último aspecto (9,3%), relativo a *outra* colaboración, conséntase que un 3,3% da mesma consiste na organización e xestión do servizo, un 2,3% na contratación (ben do catering ou de monitores/as), un 1,5% alude ao control e seguimento do servizo, un 1,1% a asuntos económicos, por último, un 1,1% menciona diversas cuestións, tales como desenvolvemento íntegro do servizo, confección de menús ou participación nalgunhas das actividades do colexio.

Gráfica 3. Colaboración da ANPA na xestión do comedor escolar




Por outra parte, a maioría dos representantes de concellos que compoñen a mostra afirma, como se aprecia na gráfica 4, que o seu Concello non colabora na xestión do comedor escolar dos centros educativos existentes no seu municipio (67,9%), fronte ao 22,2% que asegura facelo, aínda que, en boa parte, só cun único centro educativo (7,4%).

Gráfica 4. Colaboración do Concello na xestión do comedor escolar



Polo que se refire ás entidades coas que colaboran os concellos na xestión do comedor escolar (gráfica 5), os centros educativos (18,5%) e as ANPA (14,8%) son as respostas máis sinaladas. Ademais, indícase, entre *outras*, a colaboración coa Federación de ANPA e con Asuntos Sociais.


Gráfica 5. Entidades coas que colabora o Concello na xestión do comedor escolar



### 3.2. Categoría do servizo de comedor

Polo que se refire á categoría do comedor escolar, a gráfica 6 reflicte que a maior parte dos centros, segundo as respostas dos seus directivos, posúe un comedor de tipo A (26,2%), de ata 75 comensais; a este séguenlle os de tipo B (de 76 a 150 comensais) e tipo C (de 151 a 250 comensais) (16,2% e 11,3%, respectivamente), mentres que o 10,2% da mostra posúe comedores con máis de 250 comensais.

Gráfica 6. Categoría do comedor escolar en función do número de comensais



#### 4. USUARIOS/AS DO SERVIZO DE COMEDOR

Tendo en conta as respostas dos equipos directivos, recollidas na táboa 3, conséntase que os CPI son os centros que posúen un maior número de alumnado usuario deste servizo, cunha media de 246,29 comensais, superior en algo máis do dobre á media dos CEIP (112,45 alumnos/as) e dos IES (107,29 alumnos/as). Tamén é relevante a media de usuarios/as nos CPR (163,45 alumnos/as), sendo moito menor nos CEP (86,00 alumnos/as), CEE (62,50 alumnos/as) e CEEPR (20,80 alumnos/as).

En relación ao número de usuarios/as correspondentes ás categorías de persoal non docente e de persoal encargado da atención ao alumnado do comedor sobresaen os CEE (con medias de 16,00 e 14,00 usuarios/as, respectivamente), situación comprensible na medida en que o alumnado destes centros precisa dunha maior atención derivada das súas necesidades educativas especiais.

No tocante ao profesorado usuario, ao igual que ocorría no caso do alumnado, destacan os CPI, cunha media de 13,67 profesores/as.

Polo que se refire a *outros* usuarios/as, entre os que os equipos directivos inclúen ao alumnado de Educación Infantil e de Educación Especial, a traballadores/as, a monitores/as, a pais/nais, e a voluntarios/as, sobresaen os CPR, con 34,43 usuarios/as de media, e os CEEPR, con 25,50.

Táboa 3. Promedio de usuarios/as do servizo de comedor segundo os equipos directivos

Modalidade de centro	Media de usuarios/as				
	Alumnado de Primaria e ESO	Persoal encargado da atención ao alumnado	Profesorado	Persoal non docente	Outros
CEIP	112,45	6,03	6,20	2,75	10,33
CEP	86,00	9,00	8,00	3,00	--
CPI	246,29	8,42	13,67	4,33	17,00
IES	107,29	3,33	2,67	1,00	--
CPR	163,45	5,12	8,20	3,35	34,43
CEE	62,50	14,00	2,00	16,00	--
CEEPR	20,80	1,00	5,40	6,60	25,50

En base aos datos proporcionados polas ANPA, como se pode observar na táboa 4, os CPR son os centros que contan cun maior número de alumnos/as de Primaria e ESO usuarios do servizo de comedor, cunha media de 315,20 alumnos/as; séguenlles de preto os CPI cunha media de 309,88 alumnos/as usuarios. Atópanse valores máis baixos nas restantes modalidades de centro: CEIP (91,76 alumnos/as), IES (91,40 alumnos/as), CEP (76,33 alumnos/as) e CEEPR (31,00 alumnos/as).

Polo que se refire ao persoal encargado da atención ao alumnado, sobresaen, cunha media de 9,00 e 8,57 usuarios/as, respectivamente, os CEEPR e os CPI, situándose en porcentaxes un pouco inferiores os CEIP (6,57 usuarios/as) e os CEP (5,00 usuarios/as).

No colectivo de profesorado, as medias máis altas de usuarios/as do comedor atópanse nos CEP (10,00 profesores/as), nos CPI (8,00 profesores/as) e nos CEEPR (7,33 profesores/as); con medias entre 4-5 usuarios/as sitúanse o resto de modalidades.

Os CEEPR son os centros que amosan unha media máis elevada entre o persoal non docente que é usuario do comedor (7,33 usuarios/as); así mesmo, resulta notable a media de 5,17 usuarios/as que proporcionan os CPI. Pola súa parte, nos CEIP, CEP, IES e CPR atópanse medias que oscilan entre 2 e 3 usuarios/as.

Na categoría de *outros* son significativas as medias de usuarios/as observadas nos centros privados concertados: CPR (40,00 usuarios/as) e CEEPR (32,00 usuarios/as). Estes usuarios/as son alumnos/as de Educación Infantil, Educación Especial e, esporadicamente, doutro centro educativo, outro persoal non recollido nas categorías contempladas na táboa e pais/nais, de forma ocasional.


Táboa 4. Promedio de usuarios/as do servizo de comedor segundo as ANPA

Modalidade de centro	Media de usuarios/as				
	Alumnado de Primaria e ESO	Persoal encargado da atención ao alumnado	Profesorado	Persoal non docente	Outros
CEIP	91,76	6,57	5,03	2,41	1,00
CEP	76,33	5,00	10,00	3,00	--
CPI	309,88	8,57	8,00	5,17	--
IES	91,40	3,67	4,00	2,00	--
CPR	315,20	4,13	4,63	3,00	40,00
CEE	--	--	--	--	--
CEEPR	31,00	9,00	7,33	7,33	32,00



Polo que respecta ao alumnado enquisado, como se observa na gráfica 7, o 45,1% afirma que non come no comedor escolar, mentres que o 37,4% usa este servizo habitualmente e o 17,5% non contesta, opinión coincidente coa dos pais/nais, que manifestan nun 49,6% dos casos que os seus fillos/as non son usuarios/as do comedor escolar, fronte ao 38,9% que si o é, mentres que o 11,5% non facilita a información, aínda que unha maioría dispón deste servizo no centro.

Gráfica 7. Alumnado usuario do servizo de comedor segundo os alumnos/as e os seus pais/nais



En canto aos **días á semana que fan uso do comedor**, o 29,4% do alumnado utiliza maioritariamente o servizo todos os días da semana escolar, o 4,1% faino un día á semana, o 1,5% dous días, o 0,9% tres e o 0,6% catro días á semana.

## 5. QUENDAS, HORARIO E DURACIÓN DA COMIDA

Segundo a información proporcionada polos equipos directivos, na maior parte dos centros educativos, concretamente no 40,7%, non existen **quendas** para comer, fronte ao 21,5% no que si as hai.

O **horario de comida** é das 14:00 ás 15:00 horas, no 28,1% dos casos, e das 13:00 ás 14:00 horas, no 23,8%. Con todo, un bo número de centros nos que hai varias quendas de comedor (7,6%) dispón tamén dun horario de comida máis amplo, das 13:00 ás 15:00 horas. Menor é o número de centros nos que o alumnado come despois das 15:00 horas (1%) e antes das 13:00 horas (0,7%).

Pola súa parte, o 17,6% do alumnado enquisado sinala que a súa hora de comida é de 14:00 a 15:00 e o 16,4% de 13:00 a 14:00 horas, mentres que o 3% come antes das 13:00 ou despois das 15:00.

A maioría dos directivos dos centros (46,4%) manifesta que a comida dura entre 30 e 60 minutos, fronte a un 13,9% que indica unha duración de entre 15 e 30 minutos, e un 3,6% que sinala que a mesma excede os 60 minutos.

En canto á **duración da comida**, o 26,6% do alumnado da mostra apunta que dura

entre media hora e unha hora, e un 8,3% e un 2,4% consideran que dura menos de media hora ou máis dunha, respectivamente.

## 6. VALORACIÓN XERAL DOS ASPECTOS RELACIONADOS CO SERVIZO DE COMEDOR

As ANPA realizan, a nivel xeral, unha valoración positiva dos diferentes aspectos relacionados coa comida acerca dos que foron enquisados; concretamente, o **horario** (o elemento mellor considerado) acada unha avaliación positiva no 57,7% dos casos. Con porcentaxes moi parellas, séguenlle a **duración** (54,1%), os **menús** (49,6%) e o **lugar** (43,8%). As valoracións negativas non chegan ao 11% en ningún dos aspectos sinalados.

En relación á opinión do profesorado respecto á **adecuación do horario da comida**, un 64,6% considera que é axeitado, mentres que un 4,2% opina o contrario. Ademais, o 60% do profesorado enquisado considera que o **tempo de permanencia no comedor** é axeitado, mentres unha pequena porcentaxe opina que é escaso (2,3%) ou, polo contrario, excesivo (2,8%).

Os **menús** do comedor son do agrado do alumnado da mostra nun 23,7% dos casos, mentres que ao 12,4% non lles gustan.

Así mesmo, solicitóuselles aos pais/nais da mostra a súa valoración sobre aspectos relacionados coa comida, respostas que se recollen na táboa 5.

O 36% dos pais/nais afirma estar bastante e moi satisfeito co **horario** do comedor escolar, mentres que, o 4,9% afirma que este é pouco e nada satisfactorio.

O **tempo dedicado á comida** é, en opinión do 33,7% dos pais/nais, bastante e moi axeitado; no extremo oposto, un 5,9% opina que é pouco e nada axeitado.

Polo que se refire á **atención que reciben os seus fillos/as no comedor escolar**, un 31,8% dos pais/nais indica que é bastante e moi satisfactoria, en tanto que o 7,9% considera que esta atención é pouco e nada satisfactoria.

O **espazo** do comedor é bastante e moi axeitado para un 32,2% dos pais/nais, e pouco e nada axeitado en opinión do 7,1%.

En canto á valoración que fan dos **menús**, un 29,2% considéraos bastante e moi satisfactorios, mentres que para un 11,4% son pouco e nada satisfactorios.

Táboa 5. Grao de satisfacción dos pais/nais con aspectos relacionados coa comida

	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	NC (%)
O horario	1,7	3,2	23,6	12,4	59,1
A duración	1,3	4,6	24,6	9,1	60,4
A atención	2,0	5,9	19,5	12,3	60,3
O espazo	1,4	5,7	21,0	11,2	60,6
Os menús	3,8	7,6	18,0	11,2	59,4

## 7. MENÚS ESPECIAIS

Segundo as respostas dos equipos directivos da mostra, a media de menús especiais elaborados polo centro e que se consumen por día nos IES é de 22,89, nos CPR de 12,17 e nos CEEPR de 6,60, tal e como pode apreciarse na táboa 6. Nos menús proporcionados polo catering e naqueles proporcionados pola familia, destacan os valores acadados polos CEEPR, con medias de 11,00 e 15,00 menús especiais consumidos, respectivamente.

Táboa 6. Media de menús especiais consumidos por día<sup>1</sup> segundo os equipos directivos

Modalidade de centro	Media de menús especiais consumidos		
	Elaborados no centro	Proporcionados pola familia	Proporcionados por catering
CEIP	4,30	0,24	2,61
CEP	2,00	--	0,50
CPI	3,73	0,25	1,00
IES	22,89	--	2,00
CPR	12,17	--	2,69
CEE	4,00	--	--
CEEPR	6,60	11,00	15,00

Pola súa parte, as ANPA que contestan a esta cuestión (táboa 7) sinalan que a media de menús especiais elaborados no centro e que se consumen por día é de 3,00 nos CPR é de 2,00 nos CEP e nos CEEPR. Respecto aos menús especiais proporcionados por catering, a media máis alta (6,33) corresponde aos CPR, situándose a continuación os CPI (2,50) e os CEIP (2,06).

En canto aos datos relativos aos menús especiais proporcionados pola familia non son relevantes.

Táboa 7. Media de menús especiais consumidos por día segundo as ANPA

Modalidade de centro	Media de menús especiais consumidos		
	Elaborados no centro	Proporcionados pola familia	Proporcionados por catering
CEIP	1,93	0,12	2,06
CEP	2,00	--	1,00
CPI	1,00	--	2,50
IES	1,50	--	1,00
CPR	3,00	--	6,33
CEE	--	--	--
CEEPR	2,00	--	--


<sup>1</sup> Nos centros nos que se consumen menús especiais.

## 8. PERSOAL DO SERVIZO DE COMEDOR

### 8.1. Encargado/a do servizo de comedor


Das persoas encargadas do servizo de comedor (gráfica 8) sobresaen, segundo os directivos enquisados, un membro do propio equipo directivo (21,2%), un profesor/a do centro (19,9%) e un responsable da ANPA (7,9%). Do 11,9% que sinala a *outra persoa*, un 5,3% alude a persoal contratado (de forma xenérica monitores/as e, máis concretamente, monitores/as da empresa de catering), a persoal do centro (3%), a pais/nais (2,4%) e a outros (1,2%).

Gráfica 8. Persoa/s encargada/s do servizo de comedor segundo os equipos directivos



Pola súa parte, o 74,1% do profesorado enquisado manifesta non ser **responsable ou encargado** do servizo de comedor (gráfica 9), en tanto que só un 7,2% afirma ser responsable do mesmo.

Gráfica 9. Profesorado responsable ou encargado do servizo de comedor




## 8.2. Persoal de atención ao alumnado usuario do servizo de comedor

Segundo os directivos, entre os axentes educativos que cumpren a función de atención ao alumnado usuario do comedor<sup>2</sup>, antes, durante e despois do xantar destacan, como se observa na gráfica 10, o persoal docente do centro (32,8%) e o director/a (24,2%). Outro persoal que exerce este cometido son os pais/nais do alumnado (19,5%), os monitores/as escolares (16,2%) e *outras persoas* (14,9%). Con menor incidencia, tamén se indican coidadores/as de educación especial (6,6%), membros da ANPA (6%) e o secretario/a do centro (5,6%).

Do 14,9% de enquisados/as que sinalan *outras persoas*, o persoal contratado é o que desempeña principalmente a función de atención ao alumnado (9,1%), sendo, así mesmo, salientable a presenza de monitores/as e coidadores/as (6,8%), na súa maioría pertencentes a empresas de catering; con menor relevancia, desempeña esta función o persoal de administración e servizos do centro (2,9%).


Gráfica 10. Persoal de atención ao alumnado usuario do servizo de comedor segundo os equipos directivos



O colectivo do profesorado nega, nun 59,4%, que desempeñe a función de atención ao alumnado usuario do comedor (gráfica 11), fronte a un 21,7% da mostra que si a exerce.

<sup>2</sup> As respostas ofrecidas polos equipos directivos, neste caso, non son excluíntes. Poden elixir máis dunha resposta, polo que o total é superior ao 100%.

Gráfica 11. Profesorado que exerce a función de atención ao alumnado usuario do comedor



### 8.3. Cadro de persoal laboral da cociña

En base á análise dos datos achegados polos equipos directivos, respecto do cadro de persoal laboral da cociña, destácase a presenza de 190 axudantes/as de cociña repartidos en 105 centros e de 140 cociñeiros/as en 124, sobre os que se obteñen medias superiores a un axudante/a e a un cociñeiro/a por centro educativo. Respecto da categoría de mozos/as de cociña, contabilízanse 31 en 20 centros; ademais, noutros 13 centros, indícase que forman parte do persoal laboral da cociña *outras persoas*, como limpadoras e camareiras, auxiliares de cociña, oficiais de 2ª de cociña ou coidadoras.

En relación a esta mesma cuestión, 61 ANPA informan da existencia de 69 cociñeiros/as (en xeral, téñase en conta que soe haber unha ANPA por centro), 45 ANPA indican 66 axudantes de cociña e 13 ANPA sinalan 18 mozos/as de cociña. Na categoría *outras persoas*, as 15 ANPA que responden apuntan un total de 42 traballadores/as, que se desagregan nas seguintes categorías: monitores/as, persoas pertencentes ao persoal do catering, camareiras, coidadores/as, persoal do Concello e coordinadoras.

## 9. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR

### 9.1. Orzamento

O orzamento anual do comedor escolar (táboa 8) sitúase nun 15,9% dos centros en cantidades que non superan os 20.000 €, nun 29,5%, a porcentaxe máis alta, oscila entre 20.001 € e 40.000 €; en porcentaxes idénticas do 14,8%, os centros contan cun orzamento que se atopa nos intervalos de 40.001 €-60.000 € e 60.001 €-80.000 €. Por último, un 13,6% dos centros dispón dun orzamento de 80.001 € a 100.000 € e tan só o 11,4% posúe un orzamento superior aos 100.000 €.

Táboa 8. Orzamento total anual do servizo de comedor segundo os equipos directivos

Orzamento	CEIP	CEP	CPI	IES	CPR	CEE	CEEPR	Total
Ata 20.000 €	7	--	1	3	1	--	2	14
De 20.001 a 40.000 €	19	--	--	1	4	--	2	26
De 40.001 a 60.000 €	6	--	2	--	2	2	1	13
De 60.001 a 80.000 €	10	1	2	--	--	--	--	13
De 80.001 a 100.000 €	7	--	3	--	2	--	--	12
Mais de 100.000 €	4	--	2	--	3	--	1	10
<b>Total</b>	<b>53</b>	<b>1</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>12</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>88</b>

## 9.2. Financiamento

Segundo o 21,9% dos directivos enquisados, o **financiamento** do servizo corre a cargo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dos propios usuarios/as do servizo de comedor para o 14,2%. Porcentaxes menores aluden a outro tipo de financiamento procedente do fondo complementario da comisión provincial de comedores escolares (7,6%), doutro tipo de financiamento (5%) e de axudas ou doazóns recibidas doutros organismos públicos (4,3%) e privados (3,6%).

No entanto, só o 16,3% das ANPA manifesta percibir algún tipo de **subvención, ingreso ou recurso dunha administración ou entidade pública ou privada** para a xestión do comedor; pola contra, as que se expresan no extremo contrario acadan un 32,5%. Merece subliñarse, así mesmo, que practicamente a metade (48,8%) non responde a este ítem.

Para as ANPA que contestan afirmativamente á cuestión anterior, o organismo que concede maior número de subvencións é a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (16,3%). Nos 19 casos que facilitan a cantidade concedida obtense unha media de 7.878,67 €. Non se facilita información sobre a cantidade que subvenciona a Deputación nin organismos privados. Respecto da subvención concedida polo Concello, responden 9 ANPA, que proporcionan unha cantidade media de 2.828,67 €.

As cantidades percibidas ao abeiro do **fondo complementario ao servizo de comedor** non son relevantes, dada a baixa frecuencia de resposta (só un 2%). Destaca, sen embargo, a elevada porcentaxe de asociacións que afirman non recibir este tipo de axuda (45,9%) ou simplemente non saben ou non contestan (52,1%).

O principal **obxecto da subvención que outorga a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria** ás ANPA vai dirixido a sufragar os custos do menú, cunha porcentaxe do 21,1%. Séguenlle os gastos correntes derivados da xestión do comedor (6,1%), o desenvolvemento de programas de promoción de saúde (3,3%), o desenvolvemento de programas de habilidades persoais (2,8%), os gastos orixinados pola contratación de persoal para atender ao alumnado con necesidades específicas (2,4%) e outras finalidades (1,6%).

Polo que se refire ás **subvencións outorgadas polo Concello**, a maior parte delas están destinadas a cubrir bolsas de servizos sociais, cunha porcentaxe do 8,1%, seguido

da contratación de persoal de vixilancia e atención ao alumnado (4,1%) e outras achegas económicas (5,3%); destas últimas, o 2,3% son subvencións para o comedor (0,8% para mellora do material, 0,4% para instalacións, mantemento e limpeza, 0,4% para menú, 0,4% para menú e persoal, e outro 0,4% para gastos derivados da xestión), un 1,1% recibe subvencións para saídas, un 0,8% para actividades, e un 1,1% recibe axudas para diferentes conceptos (subvencionar ANPA, nenos/as con baixos ingresos familiares, etc.). Polo que se refire ao importe destas subvencións, o índice de resposta non concede carácter representativo ás cantidades indicadas.

Cando se lle pregunta aos representantes dos concellos polo obxecto da subvención (táboa 9), as respostas obtidas refírense aos seguintes aspectos: bolsas de servizos sociais (7,4%), contratación de persoal de vixilancia e atención ao alumnado (6,2%) e outras achegas económicas (9,9%), destinadas a axudas para o catering, á gratuidade do servizo para as familias sen recursos, ao servizo de cociña ou á subvención directa ás ANPA.

Táboa 9. Obxecto da subvención do Concello para o comedor escolar

	%
Bolsas de servizos sociais	7,4
Contratar persoal de vixilancia e atención ao alumnado	6,2
Outra achega económica	9,9

### 9.3. Prezo do cuberto

Oscila entre un mínimo de 2,50 € e un máximo de 7 €, segundo as 42 ANPA que responden a esta cuestión; o prezo medio, a tenor das cantidades sinaladas, sitúase nos 4,33 €.

En canto á **cantidade mensual que achega cada alumno/a para o financiamento do comedor escolar** (táboa 10) obtívoase resposta no 36,5% dos cuestionarios cumprimentados polas ANPA. Destas, o 34,4% (31 ANPA) afirma que o alumno/a non paga nada polo servizo de comedor escolar; o 27,7% indica cantidades que oscilan entre os 2,5 € e os 60 €, o 34,4% entre 61 € e 100 €, mentres que só un 3,3% das ANPA sinala porcentaxes que superan os 100 €.

Táboa 10. Cantidade mensual que achega cada alumno/a para o financiamento do comedor segundo as ANPA

	ANPA Centros públicos	ANPA Centros privados concertados
0 €	31	--
2,50 €-60 €	23	2
61 €-100 €	13	18
Máis de 100 €	1	2



Segundo as familias que pagan o comedor escolar, o **custo mensual por fillo/a** é inferior a 60 € no 8,4% dos casos. O 6,3% paga entre 60 € e 100 €, mentres que o 2% abona entre 101 € e 120 € mensuais e o 1,1% paga máis de 120 € ao mes.

## 10. BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS DE COMEDOR


A media e o número total de alumnado e de persoal docente e non docente beneficiarios das axudas de comedor, en función das respostas dos equipos directivos da mostra, vén representado na táboa 11. Neste sentido, destaca o número de alumnos/as que reciben a totalidade da axuda e que son igualmente beneficiarios/as do servizo de transporte escolar, un total de 11.411 alumnos/as, unha media de 109,72 por centro, así como o número que é beneficiario da totalidade da axuda non incluído no apartado anterior, un total de 2.590 alumnos/as e unha media de 35,97. Con menor relevancia, sitúanse o resto de persoas beneficiarias das axudas, variando entre 14,77 e 4,50 beneficiarios/as de media.

Táboa 11. Usuarios/as beneficiarios de axudas de comedor

	Nº centros	Media	Nº usuarios/as
Alumnado beneficiario da totalidade da axuda que é igualmente beneficiario do servizo de transporte escolar	104	109,72	11.411
Alumnado beneficiario da totalidade da axuda non incluído no apartado anterior	72	35,97	2.590
Alumnado beneficiario de axuda parcial	26	14,77	384
Persoal docente responsable do funcionamento do comedor beneficiario da totalidade da axuda	72	4,50	324
Persoal non docente responsable do funcionamento do comedor beneficiario da totalidade da axuda	64	6,81	436

Pola súa parte, o 23,8% dos pais/nais enquisados sinala que os seus fillos/as reciben unha axuda de comedor escolar. Respecto á **modalidade de axuda** que perciben, como pode observarse na gráfica 12, un 17,6% dos pais/nais sinala que é de carácter total, mentres que só un 6,2% di recibir unha axuda parcial.

Gráfica 12. Modalidade de axuda de comedor escolar recibida



## 11. ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE NOS PERÍODOS ANTERIOR E POSTERIOR AO XANTAR

Os datos que proporcionan os equipos directivos (gráfica 13) indican que o 42,4% dos centros organiza actividades de lecer e tempo libre antes e despois da comida, mentres que a porcentaxe de centros que non oferta estas actividades se sitúa no 21,9%.

Pola súa parte, pouco máis dun terzo das ANPA, concretamente un 36,2%, afirma que se organizan actividades de lecer e tempo libre antes e despois do xantar no seu centro educativo, fronte a un 20,7% que se manifesta en sentido contrario.


No colectivo do profesorado, as porcentaxes están moi igualadas entre os docentes que afirman que no seu centro si se organizan este tipo de actividades e aqueles que negan que o seu centro as desenvolva (35,5% e 36,6%, respectivamente).

Por último, o 25,6% do alumnado afirma que se realizan estas actividades, nas que participa o 18,7% do mesmo, en tanto que o 11,1% indica que no seu centro non se organizan as mesmas.

Respecto do tipo de actividades de lecer e tempo libre que se organizan nos períodos anterior e posterior ao xantar, obtivéronse 274 respostas nas que os equipos directivos destacan, cun 35%, os xogos (de mesa, populares, no patio, etc.), actividades deportivas (13,1%), artísticas (11,7%), de fomento da lectura e uso da biblioteca (11%) e proxeccións de vídeos e películas (9,5%). En menores porcentaxes sinálanse actividades extraescolares (3,7%); as relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (3,3%), onde sobresaie a informática (2,6%); as actividades lúdicas e de lecer e tempo libre (3,3%); actividades que promoven a aprendizaxe de habilidades e actitudes (2,9%) ou idiomas (1,5%).

Nas respostas das ANPA a esta mesma cuestión sinálanse xogos (9,8%), actividades artísticas (7%), algún tipo de deporte (3,5%), proxección de vídeos/películas (3,3%), actividades de biblioteca/lectura (2,7%), actividades extraescolares (1,2%), idiomas (1%), actividades de promoción de hábitos saudables (1%), actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación (0,8%), actividades relacionadas coa formación/aprendizaxe (0,8%) e outras actividades de moi diferente tipo (5,1%).

Gráfica 13. Existencia de actividades de lecer e tempo libre nos períodos anterior e posterior ao xantar



Respecto á **ensinanza de normas**<sup>3</sup>, o alumnado da mostra alude maioritariamente a normas de comportamento (30,1%), de hixiene (23,6%) e normas relacionadas cunha alimentación saudable (23,2%). Un 3,3% indica *outras*, entre as que se mencionan normas de colaboración e axuda (2,2%), tales como servir, poñer e recoller a mesa, e outras normas de alimentación e saúde (0,2%), como aprender a comer de todo e hixiene bucal. A porcentaxe restante, o 0,9%, inclúe outras respostas como a aprendizaxe das tarefas de reciclaxe.

Segundo os equipos directivos, os **encargados/as de desenvolver estas actividades** son, tal e como se observa na táboa 12, no 17,9% dos casos, os mestres/as encargados do servizo e, nunha porcentaxe inferior (11,3%), monitores/as da empresa contratada para a comida, sendo menos relevante o papel doutra empresa contratada pola ANPA (1,3%) así como o do persoal laboral da Xunta de Galicia (0,7%).

Respecto a *outros* encargados/as de desenvolver estas actividades (17,9%), máis da metade fai referencia a persoal contratado (11,6%), englobando fundamentalmente a monitores/as e a coidadores/as (10,6%) contratados polo Concello, pola ANPA, pola Deputación... A restante porcentaxe repártese maioritariamente entre o persoal do centro (5,3%), principalmente os pais/nais (2,3%) e, en menor medida, outros axentes (1%).

<sup>3</sup> As respostas ofrecidas polo alumnado, neste caso, non son excluíntes. Poden elixir máis dunha resposta, polo que o total é superior ao 100%.

**Táboa 12. Encargados/as de desenvolver as actividades de lecer e tempo libre nos períodos anterior e posterior ao xantar**

	Frecuencia	%
A empresa contratada para a comida proporciona tamén os monitores/as	34	11,3
Outra empresa contratada pola ANPA	4	1,3
Os mestres/as encargados do servizo	54	17,9
Persoal laboral da Xunta de Galicia	2	0,7
Outros	54	17,9

## **12. GRAO DE DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, HÁBITOS ALIMENTICIOS E HABILIDADES PERSOAIS NO CENTRO.**

A valoración do grao de desenvolvemento dos programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais no centro<sup>4</sup>, segundo a información achegada polos equipos directivos, as ANPA e o profesorado, recóllese na táboa 13.

En primeiro lugar, cabe destacar a presenza dunha valoración xeral positiva, posto que sumando as porcentaxes correspondentes ás categorías “bastante” e “moito”, do grao de desenvolvemento dos tres programas mencionados por parte de todos os colectivos, superan as porcentaxes que acadan, en conxunto, as categorías “nada” e “pouco”. Por outra parte, se consideramos cada programa de forma independente, os datos presentan diferenzas na valoración en función de cada sector.

Os programas valorados máis positivamente son os de hábitos alimenticios, tanto por parte do profesorado (46,3%) como dos equipos directivos (43,7%); no entanto, para as ANPA son os programas de promoción da saúde (33,8%) os que acadan unha valoración máis elevada.

Doutra banda, os programas menos valorados son os de habilidades persoais, para as ANPA (26,4%) e os equipos directivos (21,8%), e os de promoción da saúde para o profesorado (28%).

<sup>4</sup> Referida á totalidade da mostra e non só aos centros que teñen servizo de comedor, en tanto que estes programas poden existir en centros que non contan con dito servizo.

Táboa 13. Grao de desenvolvemento dos programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais no centro

		Directivos (%)	ANPA (%)	Profesorado (%)
Programas de promoción da saúde	Nada	5,3	6,1	6,4
	Pouco	14,9	18,3	21,6
	Bastante	33,1	30,5	35,9
	Moito	7,0	3,3	7,8
	NC	39,7	41,9	28,3
Programas de hábitos alimenticios	Nada	6,6	8,1	6,4
	Pouco	10,6	12,6	18,8
	Bastante	33,1	28,0	34,9
	Moito	10,6	8,9	11,4
	NC	39,1	42,3	28,5
Programas de habilidades persoais	Nada	7,6	8,5	7,1
	Pouco	14,2	17,9	19,9
	Bastante	30,1	25,6	32,7
	Moito	7,3	4,9	9,3
	NC	40,7	43,1	31

### 13. CONTRIBUCIÓN DOS PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, HÁBITOS ALIMENTICIOS E HABILIDADES PERSOAIS Á ADQUISICIÓN NOS ALUMNOS/AS DE HÁBITOS DE SAÚDE, ALIMENTICIOS E DE HIXIENE

A información proporcionada polos equipos directivos, as ANPA e o profesorado en relación á contribución dos programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais á adquisición no alumnado de hábitos de saúde, alimenticios e de hixiene<sup>5</sup> recóllese na táboa 14.

Estes programas, na opinión dos diferentes colectivos, contribúen positivamente, considerando conxuntamente as opcións de resposta “bastante” e “moito”, á adquisición de hábitos de saúde, alimenticios e de hixiene no alumnado.

O profesorado e as ANPA consideran os programas de hábitos alimenticios como os que contribúen en maior medida á adquisición dos hábitos sinalados (57,4% e 47,2%, respectivamente), mentres que para os equipos directivos son os programas de promoción da saúde, cunha porcentaxe do 47,7%, os que realizan unha maior contribución.

<sup>5</sup> Referida á totalidade da mostra e non só aos centros que teñan servizo de comedor, en tanto que estes programas poden existir en centros que non contan con dito servizo.

Pola contra, son precisamente os programas de promoción da saúde os que menos contribúen á adquisición destes hábitos no alumnado segundo os colectivos de profesorado (13,3%) e ANPA (12,6%), en tanto que os equipos directivos consideran que é menor a contribución dos programas de habilidades persoais (12,6%).

**Táboa 14. Contribución dos programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais á adquisición nos alumnos/as de hábitos de saúde, alimenticios e de hixiene**

		Directivos (%)	ANPA (%)	Profesorado (%)
Programas de promoción da saúde	Nada	1,7	1,6	1,1
	Pouco	9,9	11,0	12,2
	Bastante	35,4	32,9	41,4
	Moito	12,3	12,6	15,6
	NC	40,7	41,9	29,7
Programas de hábitos alimenticios	Nada	1,7	1,2	1,3
	Pouco	10,6	9,3	11,9
	Bastante	31,8	31,3	39,3
	Moito	15,2	15,4	18,1
	NC	40,7	42,7	29,4
Programas de habilidades persoais	Nada	1,7	2,0	1,7
	Pouco	10,9	9,8	10,8
	Bastante	33,1	29,7	39,5
	Moito	11,9	15,0	16,1
	NC	42,4	43,5	31,9

## 14. VANTAXES E DIFICULTADES EN RELACIÓN CO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR

### 14.1. Segundo os equipos directivos

En canto ás principais **vantaxes** que, na opinión dos equipos directivos, existen en relación co funcionamento do servizo de comedor escolar, rexistráronse un total de 450 respostas, das que se extrae que a maior porcentaxe atinxe á aprendizaxe de normas e hábitos (29,1%), concretamente: adquisición de hábitos alimenticios (16%), de hábitos e normas de hixiene (2,7%), de comportamento (1,8%), ademais de hábitos en xeral (5,3%). Así mesmo, o comedor escolar ofrece unha facilidade importante para lograr a conciliación da vida familiar e laboral, cuestión considerada como un dos principais beneficios do servizo polo 20,2%. A variedade do menú (16,7%) e o fomento das relacións sociais (12,9%) son outras das dimensións con maior presenza nas respostas.

Pola contra, no que se refire ás **dificultades** (320 respostas), os equipos directivos sinalan como principal carencia a falta de persoal (17,2%). Tamén manifestan dificultades respecto do horario e temporalidade (12,5%), da organización e xestión (11,9%), dos aspectos económicos (11,2%), fundamentalmente polo custo (7,8%), da falta de infraestruturas e recursos (10,9%), de disciplina e control sobre o alumnado (7,5%) e no referido a malos hábitos alimenticios (5,6%). En porcentaxes inferiores aluden á masificación existente no comedor (4,4%) e á baixa calidade dos menús (4,1%).

#### 14.2. Segundo as ANPA

Respecto das principais **vantaxes** que, na opinión das ANPA, existen en relación co funcionamento do servizo de comedor escolar, recolléronse 249 respostas, nas que un 34,5% destaca a aprendizaxe de hábitos alimenticios, un 19,3% sinala a conciliación da vida laboral e familiar, un 10,4% valora a existencia dun menú variado, un 9,2% subliña as relacións sociais e un 8% apunta o feito de non ter que desprazarse. O horario/temporalidade é unha vantaxe para o 6%, á que lle seguen a comodidade (3,6%), a organización/xestión (2,8%), o persoal e o control/atención ao alumnado (1,6% cada un), os aspectos económicos (0,8%) e, finalmente, outras vantaxes diversas (2%).

Polo que respecta ás principais **dificultades** que existen en relación co funcionamento do comedor, o total de respostas recollidas é de 152, das que o 19,7% fai referencia á falta de infraestruturas axeitadas. Os aspectos económicos representan un 14,5% (o 9,9% refírese ao elevado custo do servizo e o 4,6% á carencia ou escaseza de subvencións); séguenlle a escasa calidade dos menús (12,5%), o persoal (7,9%), a masificación (7,2%), a atención ao alumnado (5,9%) e a organización/xestión (5,3%). As dificultades menos mencionadas son a disciplina (4%), o horario (4%), a carencia de actividades (4%), o desenvolvemento de hábitos alimenticios (3,3%), a falta de colaboración (2,6%), a carencia de transporte (2,6%), a escaseza de oferta de empresas de catering, o mal servizo das mesmas (2%) e, por último, outras dificultades (4,6%).

#### 14.3. Segundo o profesorado

No tocante ás principais **vantaxes** que, na opinión do profesorado, existen en relación co funcionamento do servizo de comedor escolar, contabilizáronse 1.862 respostas. O desenvolvemento de hábitos alimenticios é a resposta máis apuntada, cun 19,4%, seguida da dieta e o menú san, variado e equilibrado, cun 13,6%, a conciliación da vida familiar e laboral, cun 6,7%, e a socialización e interacción entre o alumnado, cun 6,6%.

En porcentaxes comprendidas entre o 5% e o 2% poden atoparse o desenvolvemento de hábitos de hixiene e limpeza, a adquisición de normas de comportamento á mesa, a mellora da autonomía persoal, a capacidade que ofrece o servizo para evitar desprazamentos innecesarios ao alumnado ou a comodidade e liberdade que ofrece ás familias.

Con menores taxas de resposta tamén se recollen a adquisición de hábitos de conduta cívica, de respecto e de tolerancia; a convivencia cos compañeiros/as; a aprendizaxe de habilidades instrumentais para comer; a capacidade para facilitar horarios ás familias; as actitudes de axuda e colaboración no alumnado; a adecuación horaria da comida e a preparación da comida no centro (non se refire a catering).

No que se refire ás principais **dificultades** que, na opinión do profesorado, existen en relación co funcionamento do comedor, o número de respostas recollidas é de 1.164.

Un 7,3% do profesorado sinala a falta de persoal axeitado como a principal dificultade. En porcentaxes entre o 6% e o 3% destacan a falta ou carencia de instalacións e espazos, a inadecuación dos mesmos, a redución do tempo de convivencia familiar e a dificultade na adquisición de hábitos alimenticios.

Con porcentaxes que van do 3% ao 2% atópanse as dificultades de financiamento e subvención por parte dos centros educativos, o excesivo tempo de permanencia do alumnado no centro educativo, a masificación do servizo, a falta de hábitos alimenticios nos fogares, o mal comportamento do alumnado no comedor e a frecuente negativa e rexeitamento a comer determinados alimentos.

Por último, a contaminación acústica do comedor, a ruptura coa tradición da comida familiar, o excesivo tempo que o alumnado pasa fóra da casa, a elaboración dos menús, a curta idade dos usuarios/as do servizo, a adquisición de normas de comportamento á mesa, a variedade e equilibrio dietético dos menús ou o desinterese e falta de colaboración e implicación das familias son respostas que obteñen porcentaxes entre o 2% e o 1%.

#### 14.4. Segundo os representantes dos concellos

As principais **vantaxes** (54 respostas) que, na opinión dos representantes dos concellos, existen en relación co funcionamento do servizo de comedor escolar son a conciliación da vida familiar e laboral (17,3%), a formación en costumes e hábitos alimenticios saudables (6,2%) e a alimentación equilibrada (7,4%). Do mesmo xeito, o comedor facilita a convivencia e a integración social entre o alumnado (8,6%) e beneficia a sectores desfavorecidos (2,5%). Os representantes dos concellos tamén afirman que é un servizo moi demandado e necesario para evitar desprazamentos dos nenos/as a mediodía (7,4%) e que axuda a rendibilizar as instalacións (2,5%).

Entre as **dificultades** (35 respostas) sobresaen os aspectos económicos; un 7,4% dos concellos cre que é un servizo moi custoso e un 3,7% destaca o escaso orzamento para o seu desenvolvemento. Outro factor a destacar é a carencia ou necesidade de mellora das instalacións (4,9%). Así mesmo, algúns representantes dos concellos indican que non todos os centros dispoñen del e que cando existe a demanda do servizo é superior á oferta (7,4%). A falta de persoal especializado (6,2%) e a falta de transporte (2,5%) son aspectos igualmente relevantes. Por último, os representantes consideran que este servizo supón unha sobrecarga de traballo para as ANPA (2,5%) e que é necesaria a xestión por parte da administración educativa competente (2,5%).



## CONCLUSIONES

O servizo de comedor escolar, en liñas xerais, está bastante estendido nos centros educativos que compoñen a mostra, así o confirman os equipos directivos, as ANPA e os pais/nais, dos que se recollen índices de presenza nos seus centros escolares por riba do 65%. A oferta do servizo de comedor é maior en centros que teñen xornada partida.

O servizo de comedor ten un carácter continuado no 62,9% dos centros educativos, mentres que o seu funcionamento é ocasional no 2%.

A modalidade de xestión con maior presenza é a xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Respecto ás entidades colaboradoras co centro educativo na xestión do comedor, os directivos sinalan principalmente á ANPA e, en menor medida, a outros colectivos e ao Concello. Neste sentido, as ANPA manifestan que levan a cabo a xestión do comedor escolar nun 15,4% dos casos e que só colaboran na xestión deste servizo no 6,9%. Por outra banda, a maioría dos representantes dos concellos (67,9%) manifesta que o seu Concello non colabora na xestión do comedor escolar.

Case catro de cada dez alumnos/as son usuarios/as deste servizo nos centros educativos da mostra, sendo os CPI, seguidos dos CEIP e dos IES, os centros que teñen un maior número de usuarios/as.

O encargado/a do servizo de comedor é, por esta orde, un membro do equipo directivo, un profesor/a do centro, *outra persoa* (persoal contratado, persoal do centro, pais/nais) e un responsable da ANPA.

A función de atención ao alumnado usuario do comedor, antes, durante e despois do xantar, é realizada, principalmente, polo persoal docente do centro, e, con menos frecuencia, polo director/a, polos pais/nais do alumnado, polos monitores/as escolares e por *outras persoas*.

Respecto do financiamento do servizo, o 21,9% dos directivos enquisados afirma recibir achegas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o 14,2% dos propios usuarios/as do servizo de comedor. Porcentaxes menores aluden a outro tipo de financiamento procedente do fondo complementario da comisión provincial de comedores escolares, de axudas ou doazóns recibidas doutros organismos públicos e privados e doutras axudas.

Segundo as ANPA, o prezo do cuberto oscila entre un mínimo de 2,50 € e un máximo de 7 €, situándose o prezo medio en 4,33 €.

Os pais/nais valoran positivamente aspectos do comedor como o horario do servizo, a duración da comida, a atención do persoal, o espazo do que se dispón e os menús que se serven, mentres que o alumnado valora os menús, único aspecto polo que se lle pregunta, tamén de forma positiva.

No relativo ao grao de desenvolvemento dos programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais no centro, cabe destacar a presenza

dunha valoración xeral positiva, sumando as porcentaxes correspondentes ás categorías “bastante” e “moito”, dos tres programas mencionados por parte de todos os colectivos, xa que superan as porcentaxes que acadan, en conxunto, as categorías “nada” e “pouco”.

O Servizo de comedor escolar que ten a súa orixe na necesidade de resolver a situación do alumnado transportado que carecía de transporte de mediodía e polo tanto non podía ser levado a comer ao seu domicilio evolucionou pouco a pouco para chegar ao momento actual onde, ademais do continuar coa súa función inicial, é demandado pola sociedade coma un medio para favorecer a conciliación entre a vida laboral e familiar permitindo que, ao comer os alumnos fóra do domicilio familiar, se facilite aos pais e nais a posibilidade de traballar sen necesidade de ter que ocuparse directamente da comida dos seus fillos.

Tendo en conta que o alumnado está pola mañá e, en moitos casos, pola tarde nos centros educativos é polo que se demanda que o comedor se instale no centro educativo aínda que a conciliación da vida familiar e laboral non sexa unha competencia exclusiva do departamento educativo.

En consecuencia, o Consello Escolar de Galicia propón que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dote aos centros das infraestruturas, instalacións e recursos de comedor necesarios para poder atender a demanda de comedor escolar dos usuarios voluntarios.

Propón así mesmo que siga mellorando os medios persoais e materiais dos comedores que atendan alumnado que careza de transporte ao mediodía mediante a formación do persoal que realiza as diversas tarefas relacionadas co comedor e incrementando a dotación económica destinada a cubrir o custo deste servizo.



# Capítulo 5

## Servizio de transporte escolar




Ao longo do presente capítulo aparece recollida a información proporcionada polos equipos directivos, as asociacións de nais e pais do alumnado, o profesorado, os alumnos/as, os pais/nais do alumnado da mostra e os representantes dos concellos, a través do cuestionario específico cuberto por cada colectivo, sobre o servizo de transporte escolar nos centros educativos seleccionados.

## 1. EXISTENCIA DO SERVIZO DE TRANSPORTE

A porcentaxe de equipos directivos que afirma que o seu centro conta con servizo de transporte escolar sitúase no 80,5% (gráfica 1); pola contra, manifesta non dispoñer do mesmo o 18,5% dos enquisados. Respecto desta mesma cuestión, as ANPA amosan unhas porcentaxes algo inferiores ás apreciadas polos directivos, tanto na presenza do servizo (77,2%) como na inexistencia do mesmo (16,3%).

Gráfica 1. Centros con servizo de transporte



## 2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE

Este servizo é contratado, segundo as respostas proporcionadas polos directivos da mostra, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no 64,6% dos casos e, en porcentaxes máis baixas, pola dirección do centro escolar (9,3%), e pola ANPA e outros, en torno ao 2%.

Tamén a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é a que, a xuízo das ANPA, contrata o servizo de transporte escolar na maioría dos centros da mostra, concretamente no 52,4%. Séguenlle a dirección do centro escolar, cun 10,6%, e a propia ANPA, nun 1,6% dos casos.

### 3. FINANCIAMENTO E CUSTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE

#### 3.1. Financiamento do servizo de transporte

O servizo de transporte escolar é gratuito para todos os alumnos/as usuarios segundo o 64,2% dos equipos directivos da mostra, fronte a un 15,6% que declara que non é de balde para a totalidade do alumnado que o utiliza. As porcentaxes sinaladas polas asociacións de nais e pais do alumnado, neste mesmo sentido, son similares (57,7% e 16,7%, respectivamente).

Naqueles casos nos que o transporte escolar é un servizo subvencionado, a institución que ofrece máis axudas ao mesmo é, a xuízo dos equipos directivos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sendo basicamente unha subvención total (no 37,4% dos casos), fronte a outras institucións que ofrecen subvencións totais e parciais en porcentaxes moi baixas que flutúan entre o 0,3% e o 1%, tal e como pode comprobarse na táboa 1.

A tendencia observada nos datos ofrecidos polas ANPA (táboa 1) é similar, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é a institución responsable da maioría de subvencións que recibe o transporte escolar (30,1% referido a subvención total e 0,8% a subvención parcial).

Táboa 1. Institucións que conceden subvención para o transporte escolar

Institución	Tipo de subvención	Equipos directivos		ANPA	
		N	%	N	%
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	Subvención total	113	37,4	74	30,1
	Subvención parcial	4	1,3	2	0,8
Concello	Subvención total	3	1,0	2	0,8
	Subvención parcial	3	1,0	2	0,8
Outra	Subvención total	1	0,3	1	0,4
	Subvención parcial	2	0,7	--	--

#### 3.2. Custo do servizo de transporte

No caso de non ser un servizo de balde, un total de 32 directivos (de 302 que compoñen a mostra) indican a **cantidade que paga cada alumno/a por curso**, oscilando nos centros públicos entre 38 € e 470 € (se ben indícanos só 7 centros) e nos privados concertados entre 30 € e 900 € (nun total de 25 centros).

Por outra banda, as **cantidades mínimas que paga cada alumno/a ao mes**, segundo as 26 ANPA que responden a este ítem, oscilan entre os 12 € e 50 € nos centros públicos e entre 40 € e 80 € nos centros privados concertados. Polo que se refire á **cantidade máxima**, nas 22 respostas rexistradas, atópanse cantidades que flutúan entre os 20 € e 60 € nos centros públicos e entre 42 € e 85 € nos centros privados concertados.


Aínda que unha elevada porcentaxe de pais/nais non contesta a esta pregunta, os que responden indican que o **custo do transporte escolar ao mes por fillo/a** é menor

de 60 € (3,7%) ou varía entre 60 € e 120 € (2,3%). Só o 18,6% dos fillos/as dos enquisados que usan transporte escolar son beneficiarios dunha axuda.

#### 4. COLABORACIÓN DOS CONCELLOS NO SERVIZO DE TRANSPORTE


A colaboración dos concellos no servizo de transporte escolar, como pode apreciarse na gráfica 2, representa a pouco máis do 25% da mostra, concretamente un 28,4%. A maioría dos concellos non colabora neste servizo (66,7%).

Gráfica 2. Concellos que colaboran no servizo de transporte



Con todo, cando se produce, os aspectos desta colaboración (gráfica 3) afectan á organización do servizo (13,6%), á concesión de bolsas e axudas (13,6%) e a outros aspectos como o financiamento do servizo ou a contratación de persoal de apoio.

Gráfica 3. Aspectos de colaboración dos concellos no servizo de transporte




## 5. USUARIOS/AS DO SERVIZO DE TRANSPORTE

Segundo as respostas dos directivos, o número de **alumnado usuario** deste servizo é de 27.190 alumnos/as pertencentes a 211 centros educativos. Pola súa parte, as ANPA que responden a esta cuestión informan dun total de 10.847 alumnos/as usuarios do servizo de transporte escolar nos centros educativos aos que están adscritas.

As respostas proporcionadas polo alumnado, tal e como se amosa na gráfica 4, indican que máis da metade (49,8%) é usuario do transporte escolar, fronte a un 44,6% que non usa este servizo e un 5,7% que non facilita a información. Tamén a metade dos pais/nais da mostra (50%) afirma que o seu fillo/a é usuario/a do transporte escolar, en tanto que o 45,8% indica que non fai uso deste servizo e o 4,2% non contesta.

Gráfica 4. Alumnado usuario do servizo de transporte segundo os alumnos/as e os pais/nais



Por outra banda, os equipos directivos enquisados sinalan que o número de **prazas empregadas por persoas con mobilidade reducida** é de 132, variando a nivel de centro entre 1 e 28, aínda que, en realidade, só dous centros teñen máis de 10 (centros privados concertados de educación especial), mentres que unha maioría (20 centros) ten só unha. No colectivo de ANPA, segundo o 6,5% da mostra (ANPA que facilitan a información), contabilízanse un total de 29 prazas.

## 6. COORDINACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE E ORGANIZACIÓN DAS PARADAS

Segundo os equipos directivos enquisados, a **coordinación** do transporte escolar no centro (táboa 2), basicamente, corre a cargo do director/a a nivel individual (45,4%) ou en colaboración con outro profesional do centro (18,2%). En menores proporcións tamén se ocupan desta función responsables da ANPA (2,3%) así como *outras persoas* (7,6%), fundamentalmente, persoal do centro (4,6%) e persoal externo ao mesmo (3%).



Táboa 2. Persoas que coordinan no centro o transporte escolar segundo os equipos directivos

	N	%
Director/a	137	45,4
Director/a en colaboración con outro profesional do centro	55	18,2
ANPA	7	2,3
Outra persoa	23	7,6
NC	80	26,5
<b>Total</b>	<b>302</b>	<b>100,0</b>

As ANPA tamén confirman ao director ou directora, a nivel individual (30,9%) ou en colaboración con outro profesional do centro (18,7%), como a persoa encargada de coordinar o transporte no centro. En exclusividade, a ANPA e outras persoas exercen esta función no 2,8% e no 1,2% dos casos, respectivamente (táboa 3).

Táboa 3. Persoas que coordinan no centro o transporte escolar segundo as ANPA

	N	%
Director/a	76	30,9
Director/a en colaboración con outro profesional do centro	46	18,7
ANPA	7	2,8
Outra persoa	3	1,2
Director/a+ANPA	7	2,8
Director/a en colaboración con outro profesional do centro+ANPA	3	1,3
NC	104	42,3
<b>Total</b>	<b>246</b>	<b>100,0</b>

As **paradas** son organizadas (táboa 4) segundo a opinión dos equipos directivos, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e pola dirección do centro educativo, ben sexa a nivel individual (39,7% e 15,6%, respectivamente) ou de maneira coordinada, no 14,9% dos casos. En menor medida, tamén a ANPA e outros axentes son os responsables de organizar as paradas nalgún caso.

Táboa 4. Organización das paradas do transporte escolar segundo os equipos directivos

	N	%
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	120	39,7
Dirección do centro escolar	47	15,6
ANPA	4	1,3
Consellería de Educación+Dirección do centro escolar	45	14,9
Outros	6	2,0
NC	80	26,5
<b>Total</b>	<b>302</b>	<b>100,0</b>

En opinión das ANPA, as paradas son organizadas principalmente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no 23,6% dos casos, e pola dirección do centro educativo, no 16,7%. Séguenlles a ANPA nun 2% e *outros* nun 2,8%. Como pode apreciarse na táboa 5, a colaboración entre os distintos organismos é un procedemento habitual á hora establecer as paradas do transporte escolar, acadando nalgúns casos porcentaxes importantes, como a colaboración que se establece entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a dirección do centro escolar (9,3%).

Táboa 5. Organización das paradas do transporte escolar segundo as ANPA

	N	%
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	58	23,6
Dirección do centro escolar	41	16,7
ANPA	5	2,0
Outros	7	2,8
Consellería de Educación+Dirección do centro escolar	23	9,3
Consellería de Educación+Dirección do centro escolar+ANPA	3	1,2
Consellería de Educación+Outros	3	1,2
Consellería de Educación+ANPA	4	1,6
ANPA+Outros	1	0,4
Dirección do centro escolar+ANPA	2	0,8
Dirección do centro escolar+Outros	2	0,8
Consellería de Educación+Dirección do centro+ANPA+Outros	1	0,4
NC	96	39,0
<b>Total</b>	<b>246</b>	<b>100,0</b>

## 7. PUNTOS DE RECOLLIDA E BAIXADA DO ALUMNADO E HORARIOS

O 65,9% dos equipos directivos considera axeitado o **punto de recollida e baixada do alumnado no centro**, fronte ao 12,6% que manifesta a súa desconformidade. De similar opinión é o profesorado, posto que para o 65% o punto de recollida e baixada do alumnado no centro é adecuado, mentres que o 12,9% considera que non o é.

Máis enfrontadas son as opinións dos directivos sobre os tempos mortos que deixa o horario do transporte ao alumnado usuario do mesmo: o 45,7% dos enquisados/as opina que non existen, en tanto que o 31,5% cre que si.

## 8. RUTAS DE TRANSPORTE E ACOMPAÑANTES

O **número total de rutas** de transporte contabilizadas e que se extraen da información facilitada polo 75,1% dos equipos directivos é de 1.146, o que supón unha media de 5,05 rutas por centro educativo. Pola súa parte, o número total de rutas de transporte contabilizadas a partir das respostas proporcionadas polo 55,3% das ANPA é de 579 rutas, acadando unha media de 4,26 rutas por centro educativo.

En xeral, non existen **rutas de transporte nas que o alumnado deba permanecer máis dunha hora** no vehículo, así o confirman o 74,2% dos equipos directivos e o 58,9% das ANPA; con todo, existe un 4,6% e un 2,4% de directivos e ANPA, respectivamente, que aseguran o contrario.

A permanencia de máis dunha hora do alumnado no autobús é explicada polos equipos directivos debido á distancia (53%) ou a outras circunstancias que atinxen ás rutas do transporte (26,7%), tales como que os alumnos/as deben esperar a que os autobuses fagan outras rutas ou o feito de ter que coller distintos autobuses. Así mesmo, é destacable o 13,3% que alude a alumnos/as con necesidades educativas especiais e a alumnos/as que precisan transporte adaptado; nalgúns casos tamén se sinala o abaratamento de custos.

Pola súa banda, as ANPA sinalan como circunstancias explicativas desta situación razóns relativas ao percorrido que realiza o autobús (75%), a problemas coas paradas (12,5%) e aos inconvenientes propios do desprazamento do alumnado con mobilidade reducida (12,5%).

O Consello Escolar de Galicia celebra que en xeral non existan rutas de transporte nas que o alumnado deba permanecer máis dunha hora no autobús, sen embargo unha porcentaxe, menos do 5% dos enquisados, aseguran que o alumnado pasa máis dunha hora no autobús. Mantén, sen embargo, a súa preocupación polo feito de que se sigan existindo rutas cunha permanencia superior a unha hora de autobús. É por iso que recomenda á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que estude as rutas daqueles centros nos se da esa circunstancia, en colaboración cos equipos directivos dos centros e as ANPA.

Polo que respecta ao **número de acompañantes** do servizo, a media sitúase en 3,68 por centro, dato que se deduce das 802 persoas contabilizadas nos 218 equipos directivos que responderon. Con todo, en 34 centros non existe esta figura. No caso das ANPA, contabilízanse 428 persoas acompañantes, segundo as 130 ANPA que responden a esta cuestión.

Finalmente, no que respecta á **función de acompañante** no servizo de transporte escolar, só o 1,4% do profesorado enquisado desempeña esta tarefa, fronte a un elevado 87,1% que non a realiza.

## 9. VIAXES QUE REALIZAN OS ALUMNOS/AS DIARIAMENTE E DURACIÓN DAS MESMAS

O 46,8% dos alumnos/as enquisados sinala que a **distancia desde a súa casa ao centro escolar** é de 1 a 5 km. Existe, ademais, un 22,2% dos casos nos que a distancia indicada é menor de 1 km e un 10,7% que a sitúa entre 5 e 10 km, mentres que un 6,6% afirma que a distancia desde o seu domicilio ao centro é de máis de 10 km e un 13,7% non contesta a esta cuestión.

Respecto ao **número de viaxes que fan ao día no autobús escolar**, o 4,3% do alumnado usuario do servizo sinala que fai unha viaxe, o 38,2% que fai dúas, o 2% tres, o 5,3% catro e o 0,2% cinco viaxes ou máis.

No relativo á **duración** das mesmas, o 26,8% do alumnado pasa menos de quince minutos, o 20,4% media hora, o 1,8% unha hora e o 0,4% máis dunha hora no autobús escolar en cada viaxe.

## 10. DESPRAZAMENTO AO CENTRO EN TAXI

Pode constatarase que utilizan o taxi para desprazarse ao centro educativo, segundo as respostas dos equipos directivos, un total de 155 alumnos/as, circunstancia producida no 14,6% dos centros da mostra.

## 11. INCIDENCIA DO HORARIO DO TRANSPORTE ESCOLAR NA ORGANIZACIÓN HORARIA DO CENTRO

A nivel xeral, o horario dos centros educativos vese condicionado polo horario do transporte escolar. Así o cren os equipos directivos de 157 centros educativos (52%). Con todo, existe un 25,8% de equipos directivos que afirman que esta situación non se produce.

Comparando as respostas á pregunta da “incidencia do horario do transporte escolar na organización do horario do centro” (si, non) coa titularidade (pública e privada concertada), obsérvase que hai diferenza significativa, sendo o valor de chi-cadrado = 7,725 e  $p < 0,01$ . Na organización horaria dos centros públicos é onde máis incide o horario do transporte escolar, posto que o coeficiente Phi = .181, sendo  $p < 0,01$ , indica que hai relación entre as dúas variables.

Táboa 6. Comparación da titularidade do centro (pública/privada concertada) coa incidencia do horario do transporte escolar no horario do centro

	Valor	gl	Sig. asintótica (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	7,725	1	,005*
Corrección por continuidade	6,715	1	,010
N de casos válidos	235		

\*  $p < .01$

Por outra parte, ao realizar a comparación entre a “incidencia do horario do transporte escolar na organización horaria do centro” (si, non) e o tipo de xornada escolar (continua e partida), tamén se atopa diferenza significativa, xa que chi-cadrado = 19,537 e  $p < 0,001$  (táboa 7). O horario do transporte afecta máis ao horario dos centros que teñen xornada partida. O coeficiente de correlación Phi = .294, sendo  $p < 0,01$ , confirma que hai relación entre as dúas variables.

**Táboa 7. Comparación do tipo de xornada escolar do centro (continua/partida) coa incidencia do horario do transporte escolar no horario do centro**

	Valor	gl	Sig. asintótica (bilateral)
Chi-cadrado de Pearson	19,537	1	,000*
Corrección por continuidade	18,299	1	,000
N de casos válidos	226		

\*  $p < .001$


## 12. CURSOS SOBRE SEGURIDADE VIARIA E FUNCIONAMENTO DO TES+BUS

Os datos que achegan os equipos directivos indican, nun 40,4%, a existencia de **cursos de seguridade viaria** no centro, fronte a un 38,4% no que non se imparten. Nesta cuestión, a opinión das asociacións de nais e pais do alumnado amósase máis dividida, con porcentaxes idénticas (30,1%) entre os que afirman que se imparten estes cursos e os que afirman que non.

O Consello Escolar de Galicia considera que os centros deberan articular un protocolo de actuación que garanta que todos os alumnos do centro (o 100%) teñan formación específica sobre seguridade viaria de acordo ao seu nivel educativo, facendo fincapé no uso e utilización do servizo de transporte escolar.

Respecto do **TES+BUS**, o 69,2% dos directivos afirma que non funciona nas rutas que realiza o transporte escolar, mentres unha porcentaxe mínima, do 5%, indica o contrario. Pola súa parte, só un 2,4% das ANPA enquisadas recoñece que o TES+BUS funciona nas rutas que realiza o transporte escolar, fronte ao 52,4% que non o fai. Por último, como se observa na gráfica 5, os representantes dos concellos destacan a súa existencia só no 17,3% dos concellos enquisados.

Gráfica 5. Concellos nos que funciona o servizo TES+BUS



### 13. VALORACIÓN DE DETERMINADOS ASPECTOS DO SERVIZO DE TRANSPORTE

Polo que se refire ao **funcionamento** do transporte escolar, o 60,6% do profesorado enquisado opina que este funciona axeitadamente, mentres que o 15,8% considera que non.

En canto á **satisfacción** co transporte escolar<sup>1</sup>, o 44,2% dos alumnos/as que responden a esta pregunta están satisfeitos con este servizo, mentres que o 9,6% opina o contrario. E no que respecta ao **labor dos acompañantes** do autobús escolar, o 29,9% dos alumnos/as enquisados considera que o acompañante os atende ben, fronte a un 12,7% que non o cre así.

En relación co servizo de transporte escolar, solicitóuselles aos pais/nais da mostra que valorasen o seu grao de satisfacción con determinados aspectos, información que se recolle na táboa 8.

O **labor do acompañante** resulta bastante e moi satisfactorio para o 32,6% dos pais/nais e pouco e nada satisfactorio para o 10,7%.

Respecto á satisfacción coa **ruta** que realiza o transporte escolar, o 35,1% dos pais/nais manifesta estar bastante e moi satisfeito, en tanto que un 10,5% está pouco e nada satisfeito.

O 34,3% dos pais/nais considera bastante e moi satisfactorio o **horario** do transporte escolar, mentres que no extremo oposto, o 11,6% está pouco e nada satisfeito co horario do servizo.

Polo que se refire á satisfacción coas **paradas** que fai o transporte escolar **preto da casa**, o 38,5% dos pais/nais manifesta unha opinión moi favorable, estando bastante e moi satisfeito, en oposición ao 8,5% que indica estar pouco e nada satisfeito.

<sup>1</sup> É valorado por alumnos/as que aínda non facendo uso del non están satisfeitos co servizo, xa que a porcentaxe de alumnado que afirma ser usuario deste servizo é do 49,8%.

O 39,5% dos pais/nais considera bastante e moi satisfactorias as **paradas preto do centro** que fai o transporte escolar; no extremo oposto, o 5,3% está pouco e nada satisfeito.

O 38,1% da mostra de pais/nais manifesta bastante e moita satisfacción co **vehículo** utilizado para transportar aos seus fillos/as; pola contra, un 7,9% manifesta estar pouco e nada satisfeito.

O **tempo que pasa o seu fillo/a na ruta** que fai o transporte escolar é bastante e moi satisfactorio para unha porcentaxe de pais/nais do 31,8%, en tanto que un 14,3% opina que é pouco e nada satisfactorio.

**Táboa 8. Grao de satisfacción dos pais/nais respecto do servizo de transporte**

	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	NC (%)
O labor do acompañante	5,7	5,0	18,1	14,5	56,7
A ruta	2,6	7,9	23,8	11,3	54,3
O horario	3,6	8,0	23,1	11,2	54,1
As paradas preto da casa	4,0	4,5	18,1	20,4	53,0
As paradas preto do centro	2,3	3,0	16,1	23,4	55,2
O vehículo de transporte	2,1	5,8	25,0	13,1	54,0
O tempo que pasa na ruta	3,8	10,5	20,6	11,2	53,9

Como se aprecia na táboa anterior, o aspecto mellor valorado polos pais/nais do alumnado son as paradas preto do centro, que acadan unha valoración positiva do 39,5%, se sumamos as categorías “bastante” e “moito”, fronte a só un 5,3% que realiza unha valoración negativa (“nada” e “pouco”).

## **14. VANTAXES E DIFICULTADES EN RELACIÓN CO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE**

### **14.1. Segundo os equipos directivos**

En canto ás principais **vantaxes** que, na opinión dos equipos directivos, existen en relación co funcionamento do servizo de transporte escolar, rexistráronse un total de 388 respostas, das que se deduce, en primeiro lugar, a importancia do servizo, na medida en que evita desprazamentos dos pais/nais (14,8%) e favorece a igualdade de oportunidades de todo o alumnado (13,7%), facilitando o acceso ao colexio (5,5%).

Ademais, cuestións como a puntualidade (8,7%), o pouco tempo empregado nos percorridos (7,7%), a supervisión dos acompañantes (7,4%), unido a aspectos económicos (6,9%), fundamentalmente pola súa gratuidade (5,3%), repercuten na boa valoración do mesmo.

Porcentaxes inferiores aluden a aspectos como a redución das distancias (5,8%), o acceso do alumnado do rural/afastado (2,9%), o fomento das relacións sociais e a socialización (5%), os beneficios ecolóxicos (4,8%), a conciliación da vida familiar e laboral (4,8%), a propia prestación do servizo (4,2%), a seguridade nos

desprazamentos (4%), a aprendizaxe de normas e autonomía (2,6%), outros aspectos organizativos (2,4%) e a capacidade de evitar inclemencias meteorolóxicas (1,3%).

En canto ás **dificultades** (371 respostas), o principal problema represéntao o horario do transporte (36,6%), na medida en que condiciona o horario escolar dos centros (13,5%). O resto fai referencia, primordialmente, á existencia de tempos mortos entre a chegada ao centro e a apertura deste. Tamén se sinalan deficiencias respecto das paradas (11,6%), en tanto que non existen, están afastadas ou en mal estado.

Cunha menor relevancia detéctase: a necesidade tanto de existencia como de formación de acompañantes (6,2%); deficiencias organizativas, na colaboración e coordinación (5,9%); a necesidade dunha maior seguridade nos desprazamentos e nas paradas (5,4%); aspectos económicos (5,4%), fundamentalmente referidos ao custo (3%); percorridos (4,6%), debido á lonxitude ou aos problemas de tráfico que presentan; e a dispersión da poboación (4%).

Así mesmo, aspectos como a carencia de transporte escolar (3,8%), fundamentalmente para asistir ás actividades (2,4%), a desconformidade co funcionamento xeral do servizo (3,5%) ou as situacións conflitivas do alumnado nos desprazamentos (3,2%) aparecen tamén entre as principais dificultades sinaladas.

#### 14.2. Segundo as ANPA

Respecto das principais **vantaxes** que, na opinión das ANPA, existen en relación co funcionamento do servizo de transporte escolar, rexistráronse un total de 166 respostas, das que a comodidade do servizo para as familias e o alumnado, cun 31,3%, é a que con maior frecuencia se repite. A esta séguenlle, en menor proporción, os aspectos económicos, referidos sobre todo á gratuidade do servizo (9,6%), e os beneficios ecolóxicos do uso do transporte colectivo (9%), dentro dos cales un 4,8% fai referencia á redución de tráfico e de atascos, un 2,4% ao aforro de enerxía e un 1,8% ao fomento do uso do transporte colectivo.

O 50% de respostas restante atinxe aos seguintes aspectos: puntualidade (8,4%), ter acompañante-coidadores/as (7,2%), conciliación da vida laboral e familiar (6,6%), extensión do servizo a todo o alumnado (6%), relacións sociais/socialización (5,4%), aprendizaxe de normas/autonomía (4,2%), facilitar a escolarización (3%), evitar inclemencias meteorolóxicas (2,4%), organización (1,8%) e outros (4,8%).

Polo que se refire ás principais **dificultades**, o total de respostas recollidas é de 168, das que o 30,9% fai referencia aos horarios como principal dificultade, concretamente, á inadecuación de horarios (10,7%), á falta de puntualidade (13,7%) e ao condicionamento do transporte escolar sobre os horarios dos centros (6,5%).

Un 12,5% das respostas refírese ás paradas: o 7,1% destaca a escaseza de paradas, o 3% a irracionalidade e rixidez na distribución das mesmas e o 2,4% os problemas no acceso aos centros.

Os aspectos económicos aparecen como desvantaxe no 11,9% das respostas, facendo alusión ao elevado custo do servizo (4,8%), á non gratuidade do servizo para todos (3,5%), á inadecuada forma de cobro (1,2%) e á falta de subvencións (2,4%).



Por outra parte, a lonxitude dos percorridos (10,7%) e os temas relacionados coa seguridade (un 4,8% menciona aspectos xerais da seguridade, un 2,9% sinala o cinto de seguridade, un 1,8% apunta o mal estado dos autobuses e un 1,2% refírese á velocidade) tamén representan unha dificultade para o funcionamento do servizo na opinión das ANPA.

Con porcentaxes menos relevantes sinálanse as seguintes dificultades: xestión do servizo (4,8%), disciplina/atención (3,6%), falta de autobuses ou prazas (3%), cuestións relativas ao persoal (2,4%), mal estado das estradas (2,4%), non universalización do servizo (1,8%) e, por último, diversos motivos (5,4%).

### 14.3. Segundo o profesorado

No relativo ás principais **vantaxes** que, na opinión do profesorado, existen en relación co funcionamento do servizo de transporte escolar, rexistráronse un total de 1.429 respostas, das que a comodidade e liberdade que ofrece ás familias (7,7%) e a súa contribución á puntualidade do alumnado (6,8%) son as apuntadas con maior frecuencia.

En porcentaxes comprendidas entre o 6% e o 3% sinalan a capacidade para facilitar aos pais/nais o desprazamento dos seus fillos/as, a incorporación da figura do acompañante, a accesibilidade á escola de todo o alumnado que vive lonxe, a capacidade para facilitar ao alumnado o acceso ao centro educativo, a socialización e interacción entre o alumnado, o control e a seguridade, a redución do risco de accidentes e a conciliación da vida familiar e laboral.

A proximidade das paradas aos domicilios do alumnado, a gratuidade do servizo, a mellora da autonomía persoal, a propia dispoñibilidade do servizo, o aumento da comodidade en xeral, a redución da contaminación, a capacidade para facilitar a mobilidade, a contribución á escolarización do alumnado e ao dereito á educación, a igualdade de oportunidades para todo o alumnado, o baixo custo do servizo, a educación no uso responsable do transporte, a capacidade para igualar horarios na entrada e saída do alumnado e o aumento da cobertura de captación de alumnos/as son respostas que acadan porcentaxes que van do 3% ao 1%.

Polo que respecta ás principais **dificultades** (1.397 respostas), o principal inconveniente indicado é que o seu funcionamento condiciona a xornada e o horario escolar, posto que se atopa esta afirmación no 8,4% das respostas, seguido da lonxitude (distancias e tempos) das liñas e rutas de transporte (7,4%) e a impuntualidade provocada polos continuos atrasos (5,1%).

En porcentaxes comprendidas entre o 4% e o 2% sinálase o feito de que o alumnado teña que madrugar en exceso, a impuntualidade provocada pola temperá chegada dos autobuses ao centro educativo, a coordinación dun servizo compartido e os seus problemas, a inadecuación das paradas (mal emprazadas e acondicionadas), o mal comportamento do alumnado, o alto custo do servizo, o mal emprazamento/estado do punto de subida e baixada no centro, a mala distribución de paradas e traxectos que imposibilita chegar a todos os sitios e a dispersión xeográfica e poboacional do alumnado.

Por debaixo do 2% atópanse respostas como a adaptación do servizo ás empresas de transporte e non á función educativa, a non cobertura do horario das actividades extraescolares, o risco de accidentes, a distancia das paradas aos domicilios do alumnado, o mal estado das estradas, os problemas de tráfico e os atascos, os tempos e horarios en xeral, a falta de monitores/as acompañantes, a rixidez horaria, o mal estado dalgúns autobuses, a inadecuación horaria, o excesivo tempo de espera nas paradas, o pouco control nos autobuses e a dependencia do servizo para poder realizar actividades extraescolares.

### 14.4. Segundo os representantes dos concellos

En relación ás principais **vantaxes** que, na opinión dos concellos, existen en relación co funcionamento do servizo de transporte escolar cabe sinalar o feito de que facilita a escolaridade, achegando o alumnado ao centro escolar, especialmente desde as zonas rurais (9,9%). Outra das vantaxes máis indicadas é que este servizo permite a optimización de recursos, cun menor custo (ou gratuidade) aos usuarios (7,4%). A conciliación da vida familiar e laboral é outro dos aspectos destacados (6,2%), xunto coa idea de que se aumenta a puntualidade e os desprazamentos seguros (2,5%) e se reduce a contaminación, debido á diminución no volume do tráfico (2,5%).

Entre as principais **dificultades** do transporte escolar, un 8,6% dos representantes dos concellos indica a dispersión poboacional, outro 8,6% subliña a existencia de problemas cos horarios, un 7,4% menciona que as rutas son demasiado longas e dispersas, polo que os tempos de desprazamento son excesivos, e un 6,2% sinala que o servizo non chega a todos os sitios, polo que quedan rutas sen cubrir. Tamén se mencionan aspectos económicos, como o custo elevado para un concello pequeno con poucos nenos/as (4,9%), e un 2,5% alude á necesidade de contar con recursos humanos específicos.

## **CONCLUSIÓNS**

O servizo de transporte escolar é de normalizada presenza na maioría dos centros educativos, aspecto confirmado polo 80,5% dos equipos directivos e o 77,2% das ANPA.

A contratación do servizo realízase, xeralmente, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o 64,6% dos equipos directivos e o 52,4% das ANPA e pola dirección do centro escolar, na opinión do 9,3% dos directivos e do 10,6% das ANPA.

A metade do alumnado enquisado é usuario do transporte escolar, tal como afirman eles mesmos e os seus pais/nais.

Polo que respecta ao financiamento e custo do transporte escolar, é un servizo de balde no 64,2% dos centros, mentres que nun 15,6% hai que pagar polo mesmo. Naqueles casos nos que o transporte é subvencionado, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é a que concede fundamentalmente as subvencións, case sempre de carácter total.

A coordinación do transporte escolar no centro é unha tarefa realizada polo director/a, só ou en colaboración con outro profesional do centro, mentres que a organización das paradas é, segundo os equipos directivos, responsabilidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En xeral, os pais/nais fan unha valoración positiva dos distintos aspectos referidos ao transporte escolar (labor do acompañante, ruta, horario, paradas preto da casa, paradas preto do centro, vehículo de transporte, tempo que pasa o fillo/a na ruta). En todos eses aspectos manifestan estar bastante e moi satisfeitos en porcentaxes comprendidas entre un 31,8% e un 39,5% (referida ás paradas preto do centro), mentres que as respostas pouco e nada satisfactorias varían entre un 5,3% e un 14,3% (relativa ao tempo que pasan os fillos/as na ruta). Pola súa banda, o alumnado maniféstase satisfeito co labor do acompañante, así como co funcionamento do servizo.

O Consello Escolar de Galicia despois de analizar a información achegada polos diferentes colectivos participantes no estudo fai as seguintes **propostas de mellora**:

- Mellorar os aspectos organizativos e de xestión do servizo de transporte, especialmente no relativo á colaboración e coordinación do mesmo.
- Dotar de maior seguridade o servizo, tanto nos desprazamentos como nas paradas, facendo especial fincapé na utilización do cinto de seguridade.
- Evitar que o horario do transporte poida condicionar o horario e incluso a xornada escolar do centro.
- Eliminar os tempos mortos que ten o alumnado usuario de transporte, especialmente entre a chegada ao centro e a apertura do mesmo e reducir a impuntualidade do servizo de transporte, que provoca continuos atrasos.
- Necesidade de contar con maior número de acompañantes, coa formación adecuada, e mellorar o seu labor.
- Mellorar notablemente aspectos relativos ás paradas: aumentar o número destas, a súa localización racional e a flexibilidade na súa distribución, ao mesmo tempo que optimizar os puntos de recollida e baixada do alumnado no centro.





# *Capítulo 6*

## **Programa Madrugadores**




Preséntanse, a continuación, a análise e interpretación da información proporcionada polos diferentes colectivos enquisados sobre os aspectos máis relevantes da organización e funcionamento do Programa Madrugadores.

## 1. EXISTENCIA DO PROGRAMA MADRUGADORES

Segundo a información facilitada polos equipos directivos, tal como se observa na gráfica 1, o 78,1% afirma que o seu centro educativo non dispón do Programa Madrugadores, fronte a un 20,2% que si conta con el. Neste mesmo sentido e, segundo os datos proporcionados polas ANPA, máis da metade das mesmas, un 54,1%, afirma que o seu centro educativo non conta co mencionado Programa; só un 21,1% afirma telo. Por outra parte, o 14,8% dos representantes de concellos que compoñen a mostra contesta afirmativamente cando se lles pregunta pola existencia do mesmo nalgún centro educativo do Concello, fronte ao 74,1% que afirma non dispoñer del. Na metade dos casos (7,4%), o número de centros con Programa Madrugadores existentes en cada concello non supera a unidade.

Gráfica 1. Centros con Programa Madrugadores




En vista dos resultados que se infiren desta gráfica 1 e considerando que o Programa Madrugadores é unha ferramenta eficaz para conciliar a vida laboral e familiar, o Consello Escolar de Galicia insta á Administración a potenciar a implementación deste en todos os centros educativos sostidos con fondos públicos.

## 2. COLABORACIÓN DO CONCELLO NO PROGRAMA MADRUGADORES

A maioría dos concellos que dispoñen do Programa Madrugadores nalgún dos seus centros educativos afirma que colabora no seu desenvolvemento (12,3%), fronte a un 33,3% que non o fai e un 54,4% que non contesta, tal como se observa na gráfica 2.

Gráfica 2. Concellos que colaboran no Programa Madrugadores



Os aspectos que definen esa colaboración (táboa 1) son o financiamento parcial do Programa (6,2%), a dotación e acondicionamento de espazos (2,5%) e a dotación de persoal (1,2%).

Táboa 1. Aspectos da colaboración do Concello no Programa Madrugadores


	%
Financiamento parcial	6,2
Xestión	--
Dotación de persoal	1,2
Dotación e acondicionamento de espazos	2,5
Outras accións de apoio ao Programa	--

### 3. USUARIOS/AS DO PROGRAMA MADRUGADORES

No que á utilización do Programa Madrugadores se refire (gráfica 3), obsérvase que só unha pequena porcentaxe de nenos/as afirma ser usuario/a (3,8%); pola contra, a inmensa maioría, ou non son usuarios/as do mesmo (41,3%) ou non contestan á cuestión (55%). De xeito similar, unha pequena porcentaxe de pais/nais afirma que os seus fillos/as son usuarios/as do Programa (6,2%), mentres que o 60,6% non se beneficia del e un 33,2% non contesta a esta cuestión.



Gráfica 3. Usuarios/as do Programa Madrugadores segundo o alumnado e os pais/nais



Pola súa banda, os equipos directivos manifestan que o maior número de alumnado usuario do Programa Madrugadores pertence á etapa de Educación Primaria, concretamente 996 alumnos/as en 49 centros, seguido de alumnos/as de Educación Infantil, que supoñen un total de 845 en 51 centros. Polo que respecta á Educación Secundaria Obrigatoria, o número de usuarios/as descende a 117 alumnos/as en 15 centros.

Polo tanto, son usuarios/as do Programa Madrugadores fundamentalmente nenos/as de Educación Primaria e Infantil, segundo un 3,8% do alumnado e un 6,2% dos pais/nais.

#### 4. OFERTA E CONTRATACIÓN DO PROGRAMA MADRUGADORES

Os equipos directivos manifestan que a **iniciativa** para a creación do Programa é unha idea que parte tanto do Concello como das ANPA dos centros educativos (cun 4% cada unha) e, nunha porcentaxe superior (8,6%), de *outras* institucións ou axentes, como a comunidade educativa (7,9%). Segundo as ANPA, a oferta do Programa Madrugadores é unha iniciativa que parte das propias ANPA para un 5,7% das mesmas, dos concellos nun 4,1% e, en maior medida, de *outros* organismos (6,9%), dos que o 5% son centros escolares, o 0,8% equipos directivos e o 1,1% restante (distribuído en proporcións iguais) persoal contratado polas ANPA, pais/nais do alumnado e empresas privadas.

Polo que respecta á **contratación** do Programa, os equipos directivos afirman que se realiza a través de empresas de catering (3,6%), do persoal do Concello (3%) e dunha empresa de animación sociocultural (1,7%). Con todo, a porcentaxe máis alta (8,6%) corresponde á contratación por parte de *outros* axentes, nos que os directivos inclúen a membros da comunidade educativa (6,9%), fundamentalmente o persoal do colexio (2%) e a ANPA (1,7%). Pola súa parte, as ANPA indican que o Programa Madrugadores concértase a través das empresas de catering (3,7%), das empresas de

animación sociocultural (3,3%), do persoal do Concello (2%) e de *outros* (8,5%) que se desagregan como segue: centro/colexio (4,1%), ANPA (1,8%) e outros organismos ou persoas, entre os que figuran monitoras (0,9%), relixiosas da congregación (0,9%), persoal contratado "ad hoc" (0,4%) e Consello Escolar (0,4%).

### 5. FINANCIAMENTO E CUSTO DO PROGRAMA MADRUGADORES

O Programa Madrugadores, atendendo aos datos achegados polos equipos directivos, finánciase de forma íntegra coas contribucións económicas dos pais/nais do alumnado (9,6%), seguidas dun cofinanciamento entre este colectivo e o Concello (5,3%). Aínda que existe unha pequena porcentaxe de centros (3%) na que é de balde para as familias, o resto alude ao cofinanciamento entre os pais/nais e a ANPA (1%) e entre os pais/nais e outra institución (0,3%). Polo que respecta ao 16,7% de ANPA que facilita a información, unha importante porcentaxe (10,6%) manifesta que o Programa é pagado integramente polos pais/nais do alumnado, o 4,1% que está cofinanciado entre as familias e o Concello, para un 1,2% é de balde e para un 0,4% está cofinanciado entre os pais/nais e a ANPA e entre os pais/nais e outra institución.

Respecto do **custo diario** do Programa, aínda que é gratuíto en nove centros, segundo os directivos, nos 33 restantes varía entre 0,25 € e 3 €, resultando unha media de 1,66 €. Pola súa parte, as ANPA fan constar que é gratuíto só nun 1,2% dos casos, variando o custo entre o 0,60 € e 5 € naquelas ocasións nas que se facilitan cantidades, obténdose un custo medio de 1,89 €/día.

O Consello Escolar de Galicia solicita da Administración medidas efectivas que garantan que o 100% dos alumnos que desexen participar no Programa Madrugadores poidan facelo, sen que o custo deste sexa un impedimento para as familias con menor poder adquisitivo.

O Consello Escolar de Galicia considera prioritario establecer un sistema de axudas que, en función da renda e en colaboración cos concellos e coas ANPAs, permita que o custo do programa para as familias vaia do 0 ao 100% do total.

### 6. OFERTA DE ALMORZOS NO PROGRAMA MADRUGADORES

Do 19,8% dos equipos directivos que facilitan a información, o 9,9% afirma que o Programa Madrugadores oferta almorzos aos seus usuarios/as fronte a outro 9,9% que manifesta que non os ofrece. Doutra banda, tendo en conta os datos do 19,1% das ANPA que contesta, un 12,6% afirma que o Programa oferta almorzos aos seus usuarios/as, fronte a un 6,5% que se expresa en sentido contrario (táboa 2).

Táboa 2. Oferta de almozos no Programa Madrugadores segundo os equipos directivos e as ANPA

	Equipos directivos		ANPA	
	Frecuencia	%	Frecuencia	%
Si	30	9,9	31	12,6
Non	30	9,9	16	6,5
NC	242	80,1	199	80,9
<b>Total</b>	<b>302</b>	<b>100,0</b>	<b>246</b>	<b>100</b>

## 7. PERSOAL DO PROGRAMA MADRUGADORES

A información facilitada polos equipos directivos destaca como **encargada do Programa** á ANPA (4%), seguida dun membro do equipo directivo (3,3%) e dos profesores/as (2,6%). Na alternativa de resposta “outra persoa ou entidade” (8,6%), sobresa e o Concello (2,4%), seguido de cerca polo centro e polas monitoras (2% para cada un), así como da empresa que o xestiona (1,7%). Segundo as ANPA, a persoa encargada do Programa Madrugadores é para un 4,9% da mostra alguén pertencente á propia asociación; séguenlle, cun 2,4% un profesor/a do centro educativo, cun 2% un membro do equipo directivo e, en maior medida, *outra persoa* (7,3%), que inclúe persoal da empresa (2,9%), monitores/as-coidadores/as (2%), persoal do Concello (1,2%), persoal do centro (0,8%), membros do equipo directivo, monitores/as escolares e relixiosas (0,4%).

Na **atención ao alumnado usuario**<sup>1</sup>, os directivos dos centros resaltan o papel dos monitores/as escolares (7,6%), do persoal docente (5%), da empresa externa (2,3%), do Concello (1,3%), dos coidadores/as (1%), das relixiosas (0,3%) e doutros axentes (1%). Na mesma dirección se expresan as asociacións de nais e pais do alumnado, para as que a atención ao alumnado usuario do Programa Madrugadores é unha función que realizan, fundamentalmente, monitores/as escolares (6,9%), persoal docente (3,7%), membros da ANPA (1,6%), o director/a do centro educativo (0,8%) e *outras persoas* (6,5%), das que se pode constatar no 1,9% dos casos persoal da empresa de catering, no 1,5% persoal do Concello e coidadores/as e monitores/as, no 0,8% relixiosas e no 0,8% restante persoal diverso (persoal contratado, ex-membro da ANPA).

## 8. VALORACIÓN DE DETERMINADOS ASPECTOS DO PROGRAMA MADRUGADORES

En relación co Programa Madrugadores, solicitóuselles aos pais/nais da mostra unha valoración sobre determinados aspectos da súa organización e funcionamento: horario, duración, atención, espazo e almozos, tal e como se observa na táboa 3.

<sup>1</sup> As respostas ofrecidas polos equipos directivos e polas ANPA, neste caso, non son excluíntes. Poden elixir máis dunha resposta, polo que o total é superior ao 100%.

Respecto do **horario** do Programa, as valoracións dos enquisados/as son bastante e moi satisfactorias nun 6,9% e pouco e nada satisfactorias nun 3,5%.

Á cuestión da **duración** do Programa, o 6,7% dos pais/nais afirma estar bastante e moi satisfeito; pola contra, un 2,3% indica estar pouco ou nada satisfeito.

O 6,7% dos pais/nais está bastante e moi satisfeito coa **atención** prestada, fronte ao 2,1% que están pouco ou nada satisfeito.

No que se refire ao **espazo** dedicado ao Programa Madrugadores é bastante e moi axeitado para un 6,2% dos pais/nais, e pouco e nada axeitado para un 2,4%.

Os **almorzos** proporcionados no Programa son bastante e moi satisfactorios para o 5,2% dos pais/nais. Pola contra, un 3% dos pais/nais está pouco e nada satisfeito.

Táboa 3. Grao de satisfacción dos pais/nais respecto do Programa Madrugadores<sup>2</sup>

	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	NC (%)
O horario	1,6	1,9	4,4	2,5	89,5
A duración	1,0	1,3	4,4	2,3	91,0
A atención	0,9	1,2	4,2	2,5	91,2
O espazo	1,0	1,4	4,1	2,1	91,4
Os almorzos	1,8	1,2	3,1	2,1	92,0

En xeral, os pais/nais fan una valoración positiva dos distintos aspectos referidos ao Programa Madrugadores (horario, duración, atención, espazo e almorzos); en todos estes aspectos manifestan estar bastante e moi satisfeitos en porcentaxes comprendidas entre un 5,2% e un 6,9%<sup>3</sup>, mentres que se mostran pouco e nada satisfeitos entre un 2,1% e un 3,5%.

## 9. VANTAXES E DIFICULTADES EN RELACIÓN CO FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MADRUGADORES

### 9.1. Segundo os equipos directivos

En canto ás principais **vantaxes** que, na opinión dos equipos directivos, existen en relación co funcionamento do Programa Madrugadores, rexistráronse un total de 89 respostas, nas que se constata que dá resposta a necesidades actuais, en tanto que favorece a conciliación da vida familiar e laboral (53,9%). A restante porcentaxe alude a cuestións como: atención dedicada ao alumnado (13,5%), aprendizaxe de hábitos (9%), amplitude horaria (6,7%), fomento da socialización (5,6%), dispoñibilidade de instalacións e recursos (3,4%) e outras (7,9%).

<sup>2</sup> Son valorados por algunhas familias aínda que o seu fillo/a non faga uso del, posto que o índice de pais/nais que indica que os seus fillos/as son usuarios/as do servizo é inferior.

<sup>3</sup> Esta porcentaxe pode parecer baixa se non se ten en conta que contestan unicamente os que son usuarios do programa, porcentaxe que non chega ao 10% do total de persoas enquisadas.

No relativo ás **dificultades** (80 respostas), obsérvase que o horario e a temporalidade, cunha porcentaxe do 30%, constitúen a principal deficiencia, debido a que o alumnado pasa moitas horas seguidas no centro e ten que madrugar moito (15% para cada caso). Tamén se atopan trabas importantes nos aspectos económicos (20%), sobre todo, en relación ao custo do Programa (11,2%) e á falta de axudas e subvencións (7,5%), así como nas infraestruturas e nos recursos (15%), pola súa escaseza e inadecuación. Outras dificultades atinxen a aspectos como: insuficiencia de persoal (8,7%), déficits na organización e xestión (7,5%), falta de disciplina no alumnado (5%) ou problemas vinculados ao transporte (2,5%).

## 9.2 Segundo as ANPA

No referente ás principais **vantaxes** que, na opinión das ANPA, existen en relación co funcionamento do Programa Madrugadores, rexistráronse un total de 66 respostas, das que o 54,5% sinala a conciliación familiar, o 15,2% a aprendizaxe de hábitos e un 6,1% a existencia do Programa no centro e a necesidade do mesmo. Por outra parte, un almorzo sen prásas, a atención aos nenos/as e a integración/socialización son destacados nunha porcentaxe idéntica do 4,5%. O horario é mencionado polo 3% (a comodidade horaria e o feito de que os alumnos/as se vaian acostumando a novos horarios cara a ESO). Por último, o 7,6% sinala motivos diversos, tales como o custo económico, o desenvolvemento de actividades dos nenos/as, persoal competente, etc.

En canto ás **dificultades**, sobre 49 respostas rexistradas, os aspectos económicos (referidos, sobre todo, ao elevado custo e á falta de financiamento), cunha porcentaxe do 26,5%, e o horario, cun 16,3%, son as máis salientables. O excesivo tempo de permanencia no centro do alumnado e a organización/xestión son sinalados polo 10,2%. Outras dificultades indicadas fan referencia a deficiencias en infraestruturas ou equipamentos (8,2%), persoal (6,1%), inexistencia de almorzos (6,1%), carencia de actividades (6,1%), falta de transporte (4,1%), diversidade de alumnos/as (4,1%) e outros (2%).

## 9.3. Segundo o profesorado

En canto ás principais **vantaxes** (344 respostas) que, na opinión do profesorado, existen en relación co funcionamento do Programa Madrugadores, a conciliación da vida familiar e laboral, cun 28,8%, é a resposta sinalada con maior frecuencia. A esta séguenlle a capacidade para facilitar horarios aos pais/nais, cun 7,2%, e a comodidade e liberdade para as familias, cun 6,4% das respostas.

En porcentaxes comprendidas entre o 6% e o 4% poden atoparse a socialización e interacción entre o alumnado, a necesidade do Programa para as familias, a atención axeitada aos alumnos/as, o carácter personalizado, a atención individualizada e a adecuación dietética da alimentación.

A realización de actividades lúdicas e de actividades complementarias á aula, a posibilidade de almorzar, a profesionalidade do persoal encargado, a adquisición de hábitos alimenticios e a atención do Programa polo profesorado do centro son vantaxes que oscilan entre o 4% e o 1% das respostas.

Polo que respecta ás principais **dificultades**, dun total de 217 respostas recollidas, destaca o tempo excesivo de permanencia do alumnado no centro (21%). Séguenlle o feito de que os alumnos/as teñan que madrugar moito (12,3%), a fatiga e cansazo que provoca no alumnado (10,8%) e a redución do tempo de convivencia familiar (7,2%).

A falta de persoal axeitado para atendelo, o elevado custo do Programa, as dificultades económicas de financiamento e subvención por parte do centro educativo e a carencia de instalacións e espazos son respostas que acadan porcentaxes que van do 4% ao 2%.

Con porcentaxes inferiores, o profesorado tamén insiste en que a xornada escolar é moi longa, na mestura de alumnos/as de diferentes idades, no aumento de responsabilidade para o profesorado, na inexistencia de transporte escolar para acudir ao Programa, na inadecuación de instalacións e espazos, na falta de seguimento por parte da familia, no abuso do Programa por parte da familia, na consideración como servizo de gardería, na falta de material axeitado, nas diferentes necesidades horarias das familias, na masificación e na inexistencia de persoal fixo encargado.

O Consello Escolar de Galicia quere resaltar a coincidencia de equipos directivos, pais e profesores en destacar como vantaxe do programa a conciliación da vida familiar e laboral.

Así mesmo, o Consello Escolar de Galicia considera que do traballo sobre o programa madrugadores se poden extraer as seguintes conclusións:

- 1.- O Programa Madrugadores está menos estendido que os servizos complementarios de comedor e de transporte escolar, posto que pouco máis do 20% dos equipos directivos e das ANPA da mostra recollen a súa existencia nos centros escolares.
- 2.- Polo que respecta á oferta de almorzos, na metade dos casos, aproximadamente, ofrécense almorzos aos seus usuarios/as.
- 3.- A iniciativa para a súa creación provén da comunidade educativa, das ANPA e do concello, coa finalidade, entre outros motivos, de axudar á conciliación da vida familiar e laboral.
- 4.- Segundo os equipos directivos, son usuarios/as do Programa Madrugadores nos centros do estudo un total de 1.958 alumnos/as, dos que a metade (50,9%) é alumnado de Educación Primaria, un 43,2% de Educación Infantil e un 5,9% que está escolarizado na ESO.
- 5.- O seu financiamento corre, basicamente, a cargo das familias, ben sexa a nivel individual ou co apoio dos concellos.
- 6.- Respecto do custo diario do Programa, as respostas dos directivos achegan cantidades que oscilan entre 0,25 € e 3 €, o que supón unha media de 1,66 €/día, mentres que, no caso das ANPA, os importes varían entre 0,60 € e 5 €, resultando unha media algo superior, de 1,89 €/día.
- 7.- En xeral, os pais/nais do alumnado valoran positivamente o horario e a duración do servizo, a atención do persoal, o espazo do que se dispón e os almorzos que se serven.

A análise da información achegada polos diferentes colectivos participantes no estudo permite extraer as seguintes **propostas de mellora**:

- Aumentar as axudas co fin de sufragar os gastos da posta en marcha e funcionamento do Programa para facer fronte á demanda existente, co obxecto de abaratar custos e conseguir un maior financiamento que rebaixe a carga económica dos pais/nais.
- Dotar de máis infraestruturas e recursos axeitados para o desenvolvemento do Programa, incluíndo maior dotación de persoal.
- Mellorar a organización e xestión do Programa e, concretamente, aspectos como: horario, duración, atención, espazo e almorzos, así como ofertar almorzos e actividades para os usuarios/as do Programa naqueles centros que non o realizan.







## **Bibliografía**

**BIBLIOGRAFÍA**

- ABARCA, S.; ELI, D. e PICART, J. (2005). "El proyecto educativo de comedor escolar: una experiencia", *Aula de innovación educativa*, 138, pp. 53-55.
- AHMED, M. (1983). "Lo no formal y las cuestiones críticas de la educación", *Perspectivas*, vol. 13 (1), pp. 35-44.
- ALÓS CÍVICO, F.J.; MORIANA ELVIRA, J.A.; HERRUZCO CABRERA, J.; ALCALÁ CABRERA, R.; PINO OSUNA, M.J.; e RUIZ OLIVARES, R. (2006). "Actividades extraescolares y rendimiento académico en alumnos de educación secundaria", *Revista electrónica de investigación psicoeducativa*, vol. 4 (8), pp. 35-46.
- ANIA PALACIO, J.M. (2007). *Guía para el diseño y la mejora de proyectos pedagógicos de educación y promoción de la salud*. Madrid: MEC-CIDE/ Ministerio de Sanidad.
- ARANCETA BARTRINA, J.; SERRA MAJEM, LL.; PÉREZ RODRIGO, C. e DELGADO RUBIO, A. (2004). "Hábitos alimentarios de los alumnos usuarios de comedores escolares en España. Estudio «Dime Cómo Comes»", *Atención primaria: Publicación oficial de la Sociedad Española de Familia y Comunitaria*, vol. 33 (3), pp. 131-139.
- AYUSO CARRASCO, I. (2002). *Animación sociocultural: intervención multidisciplinar*. Jaén: Formación Alcalá.
- BUCKNAVAGE, L.B. & WORRELL, F.C. (2005). "A study of academically talented students' participation in extracurricular activities", *Journal of Secondary Gifted Education*, vol. 16 (2-3), pp. 74-86.
- CABALLO VILLAR, B. (2008). "A Animação Sociocultural e o Movimento das Cidades Educadoras" en DANTAS LIMA PEREIRA, L. et al., *A Animação Sociocultural e os desafios do Século XXI*. Ponte Lima: Intervenção, pp. 43-52.
- CALVO SASTRE, A.M. (1997). "Animación Sociocultural en la infancia", en TRILLA BERNET, J. (Coord.), *Animación sociocultural: Teorías, programas y ámbitos*. Barcelona: Ariel, pp. 213-221.
- CAPARRÓS, M. (2005). "Planificación y organización de un comedor escolar", *Aula de innovación educativa*, 138, pp. 35-37.
- COLOM CAÑELLAS, A.J. (2005). "Continuidad y complementariedad entre educación formal y no formal", *Revista de Educación*, 338, pp. 9-22.
- CONSEJO ESCOLAR DEL ESTADO (2008). *Informe sobre el estado y situación del Sistema Educativo. Curso 2006/2007*. Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.
- COOMBS, PH.H. (1975). *La crisis mundial de la Educación*. Barcelona: Península, 3<sup>a</sup> ed.
- \_\_\_\_\_ (1978). *La crisis mundial de la Educación*. Barcelona: Península, 4<sup>a</sup> ed.
- COSTA CABANILLAS, M. e LÓPEZ MÉNDEZ, E. (1996). *Educación para la salud. Una estrategia para cambiar los estilos de vida*. Madrid: Pirámide.

- DANTAS LIMA PEREIRA, L.; VIEITES, M.F.; DE SOUSA LOPES, M. (2008). *A Animação Sociocultural e os desafios do Século XXI*. Ponte Lima: Intervenção.
- DARLING, N.; CALDWELL, L.L. & SMITH, R. (2005). "Participation in school-based extracurricular activities and adolescent adjustment", *Journal of Leisure Research*, vol. 37 (1), pp. 51-76.
- DEBROFF, S.M. (2003). *Sign Me Up! The Parents' Complete Guide to Sports, Activities, Music Lessons, Dance Classes, and Other Extracurriculars*. New York: Free Press.
- DELGADO SERNA, C.R. (2002). *Nuevas técnicas metaheurísticas: aplicación al transporte escolar*. Burgos: Universidad de Burgos.
- DELORS, J. (1996). *La educación encierra un tesoro*. Madrid: Santillana/Ediciones UNESCO.
- DÍAZ SUÁREZ, A. e MARTÍNEZ MORENO, A. (1998). "Docencia de actividades deportivas extraescolares", en *Publicaciones de la Facultad de Educación y Humanidades del Campus de Melilla*, nº 28 (Ejemplar dedicado a: Actas del IV Congreso Nacional de Educación Física de Facultades de Educación y XV de Escuelas Universitarias de Magisterio), pp. 537-544.
- DUMAIS, S.A. (2006): "Elementary school students' extracurricular activities: the effects of participation on achievement and teachers' evaluations", *Sociological Spectum*, vol. 26 (2), pp. 117-147.
- ECCLES, J.S. et al. (2003). "Extracurricular activities and adolescent development", *Journal of Social Issues*, 59, pp. 865-89.
- FELDMAN, A.F. & MATJASKO, J.L. (2005). "The role of school-based extracurricular activities in adolescent development: a comprehensive review and future directions", *Review of Educational Research*, vol. 75 (2), pp. 159-210.
- FERREIRA ISAYAMA, H. (2008). "Animação sociocultural. Reflexões sobre os diferentes grupos etários", en DANTAS LIMA PEREIRA, L. et al., *A Animação Sociocultural e os desafios do Século XXI*. Ponte Lima: Intervenção, pp. 220-232.
- FREIRE, P. (1991). *A Educação na Cidade*. Sao Paulo: Cortez, 1ª ed.
- FUNES ARTEAGA, J. (1997). "La Animación sociocultural en la Juventud", en TRILLA BERNET, J. (Coord.), *Animación sociocultural: Teorías, programas y ámbitos*. Barcelona: Ariel, pp. 223-237.
- GADOTTI, M. (1996). *Paulo Freire: uma biobibliografia*. Sao Paulo: Cortez/Instituto Paulo Freire.
- GARCÍA REVILLA, J. (2005). "El juego en las actividades extraescolares", en GIMÉNEZ FUENTES-GUERRA, F.J.; SAÉNZ-LÓPEZ BUÑUEL, P. e DÍAZ TRILLO, M. (Coords.), *Educación a través del deporte*. Huelva: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Huelva, pp. 243-246.
- GARNER, R. (2002). *Hanging Out: Community-Based After-School Programs for Children*. Bergen, CT: Bergin & Garvey.

- GILMAN, R. *et al.* (2004). "Structured extracurricular activities among adolescents: findings and implications for school psychologists", *Psychology in the Schools*, vol. 41 (1), pp. 31-41.
- GIMENO SACRISTÁN, J. (2001). *Educación y convivir en la cultura global*. Madrid: Morata.
- GÓMEZ GRANELL, C. e VILA MENDIBURU, I. (Coords.) (2001). *La ciudad como proyecto educativo*. Barcelona: Octaedro.
- GONZÁLEZ ARÉVALO, C. (2003). "Un modelo de autogestión de las actividades extraescolares en un centro de educación secundaria", *Apuntes: Educación física y deportes*, 74, pp. 24-33.
- GREENE, W.H. e SIMONS-MORTON, B.G. (1988). *Educación para la Salud*. Mexico: Interamericana.
- HARRISON, P.A. & NARAYAN, G. (2003). "Differences in Behavior, Psychological Factors, and Environmental Factors Associated with Participation in School Sports and Other Activities in Adolescence", *Journal of School Health*, 73, pp. 113-20.
- HUEBNER, A.J. & MANCINI, J.A. (2003) "Shaping Structured Out-of-School Time Use Among Youth: The Effects of Self, Family, and Friend Systems", *Journal of Youth and Adolescence*, 32, pp. 453-63.
- HUNT, D.H. (2005). "The effect of extracurricular activities in the educational process: influence on academic outcomes?", *Sociological Spectrum*, vol. 25 (4), pp. 417-445.
- ILLICH, I. (1974). *La sociedad desescolarizada*. Barcelona: Barral.
- ISHEE, J.H. (2003) "Participation in Extracurricular Physical Activity in Middle Schools", *The Journal of Physical Education, Recreation & Dance*, vol. 74 (4), pp. 10.
- KLEINERT, H.L.; MIRACLE, S.A. & SHEPPARD-JONES, K. (2007). "Including students with moderate and severe disabilities in extracurricular and community recreation activities: steps to success", *Teaching Exceptional Children*, vol. 39 (6), pp. 33-38.
- KRAPP, K. & WILSON, J. (Eds.) (2005). *Gale Encyclopedia of Children's Health: Infancy through Adolescence*. (4 vol.). Detroit: Thomson Gale.
- LAGACÉ-SÉGUIN, D.G. & CASE, E. (2008). "Extracurricular activity and parental involvement predict positive outcomes in elementary school children", *Early Child Development and Care*, vol. 178, pp. 1-10.
- LENS FERNÁNDEZ, J.L. (2001). *Paulo Freire: su praxis pedagógica como sistema*. Buenos Aires: Yagüe Ediciones.
- MACARRO MORENO, J. (2002). "Estrategia para realizar actividades extraescolares: medio para desarrollar valores de convivencia en centros escolares", *Espacio y tiempo: Revista de educación física*, 35-36, pp. 39-42.

- MAHONEY, J.L. *et al.* (2004). *Organized Activities as Contexts of Development: Extracurricular Activities, After-School, and Community Programs*. Mahwah, NJ: Lawrence Erlbaum Associates.
- MALINA, R.M. & CLARK, M.A. (2003). *Youth Sports: Perspectives for a New Century*. Monterey, CA: Coaches Choice Books.
- MEIJVOGEL, R. e PETRIE, P. (1997). "Centros de educación no formal en la Unión Europea". [Consultado en <http://www.educaciónenvalores.org>. Data de consulta: 2 de xullo de 2008].
- MEJÍAS CUENCA, I.; DOSIL DÍAZ, J. e LATORRE LATORRE, Á. (2001). "Psicología aplicada al deporte base II: intervención psicológica en las actividades deportivas extraescolares", en DOSIL DÍAZ, J. (Coord.), *Psicología y deporte de iniciación*. Ourense: GERSAM, pp. 117-128.
- MERINO FERNÁNDEZ, J.V. (2000). *La animación sociocultural como forma de educación*. Madrid: Universidad Complutense.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL Y DEPORTE. "Estadísticas de las enseñanzas no universitarias. Resultados detallados Curso 2005-2006". [Consultado en: [http://www.mepsyd.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas&contenido=/estadisticas/educativas/eenu/result\\_det/2005/resultados.html](http://www.mepsyd.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas&contenido=/estadisticas/educativas/eenu/result_det/2005/resultados.html). Data de consulta: 14 de xullo de 2007].
- \_\_\_\_\_. "Estadísticas de las enseñanzas no universitarias. Resultados detallados Curso 2006-2007". [Consultado en: [http://www.mepsyd.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas&contenido=/estadisticas/educativas/eenu/result\\_det/2006/resultados.html](http://www.mepsyd.es/mecd/jsp/plantilla.jsp?id=310&area=estadisticas&contenido=/estadisticas/educativas/eenu/result_det/2006/resultados.html). Data de consulta: 1 de agosto de 2007].
- MINISTERIO DE SANIDAD Y CONSUMO (2004). *Formación en Promoción y Educación para la Salud*. Madrid: Ministerio de Sanidad y Consumo.
- MOLLÁ SERRANO, M. (2007). "La influencia de las actividades extraescolares en los hábitos deportivos de los escolares", *Revista Internacional de Medicina y Ciencias de la Actividad Física y el Deporte*, vol. 7 (27), pp. 241-252.
- MORENO ARROYO, P.; VILLAR ÁLVAREZ, F. del e RAMOS MONDÉJAR, L.A. (1998). "Actividades extraescolares y transversalidad: un planteamiento práctico en el ámbito deportivo", en BEAS MIRANDA, M. (Coord.), *Atención a los espacios y tiempos extraescolares*. Granada: Grupo Editorial Universitario, pp. 107-114.
- MUÑOZ HOYOS, A. (2006). "El exceso de actividades extraescolares puede provocar ansiedad y estrés infantil", *Noticias Ciencia* [Consultado en: <http://prensa.ugr.es/prensa/investigacion/verNota/prensa.php?nota=3306>. Data de consulta: 20 de xuño de 2008].
- MUÑOZ MORCILLO, M.A. (1997). "La educación para la salud en las escuelas de formación del profesorado de Galicia", *Innovación Educativa*, 7, pp. 195-201.
- NUTBEAM, D. (1986). *Glosario de Promoción de Salud*. Sevilla: Consejería de Salud.
- OMS (1998). *Glosario de términos básicos en Promoción de la Salud*. Ginebra: OMS.

- PENON, S. (2005). "El comedor escolar en secundaria", *Aula de innovación educativa*, 138, pp. 38-41.
- PÉREZ LÓPEZ, C.; PÉREZ, M.; LAORDEN GUTIÉRREZ, C. e GONZÁLEZ-GARZÓN, M.L. (2003). "Comedor escolar: tiempo y espacio educativo", *Pulso: Revista de educación*, 26, pp. 39-52.
- PICART BARROT, J. (2002). "Comedor escolar: una realidad educativa", *Aula de innovación educativa*, 112, pp. 58-60.
- QUER DOMINGO, J. (2000). "Experiencia práctica de educación para la salud a partir del comedor escolar (infantil y primaria)", *Aula de innovación educativa*, 92, pp. 23-25.
- \_\_\_\_\_ (2004). "Experiencia práctica de educación para la salud a partir del comedor escolar", en BANET HERNÁNDEZ, E. et al., *Educación para la salud: La alimentación*. Barcelona: Graó, pp. 75-82.
- RESTREPO ESPINOSA, M.H. e MÁLAGA CRUZ, H. (2001). *Promoción de la Salud: Como construir vida saludable*. México: Editorial Médica Panamericana.
- RIBÓ, N. (2005). "El planteamiento educativo del comedor escolar", *Aula de innovación educativa*, 138, pp. 32-34.
- RODRÍGUEZ JARES, X. (2006). *Pedagogía de la convivencia*. Barcelona: Graó.
- ROSALES LÓPEZ, C. (2006). *Perspectivas de Educación para la Salud*. Santiago de Compostela: Tórculo.
- ROSENFELD, A.A. e WISE, N. (2002). *La hiperescolarización de los niños: las actividades extraescolares, una presión añadida para tus hijos*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- RUIZ PÉREZ, J.M.; ESCALAS VAN NOUHUYS, F.; BAUZÀ VAN SLINGERLANDT, A.; SEGUÍ PONS, J.M.; e GUAITA MAS, F. (2003). "La planificación de rutas de transporte escolar a través de un SIG: El proyecto SIGTEBAL", *Geofocus: Revista Internacional de Ciencia y Tecnología de la Información Geográfica*, 3, pp. 58-76.
- SANTOS GUERRA, M.A. (2000). *La escuela que aprende*. Madrid: Morata.
- SARRAMONA LÓPEZ, J.; VÁZQUEZ GÓMEZ, G. e COLOM CAÑELLAS, A.J. (1998). *Educación no formal*. Barcelona: Ariel.
- SOLER MASÓ, P. (2008). "Animação socioeducativa no contexto da infância", en DANTAS LIMA PEREIRA, L. et al., *A Animação Sociocultural e os desafios do Século XXI*. Ponte Lima: Intervenção, pp. 171-183.
- TOJO SIERRA, R. e LEIS TRABAZO, M.R. (2002). *Menús saudables no comedor escolar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- TOURIÑÁN LÓPEZ, J.M. (1983). "Análisis teórico del carácter formal, no formal e informal de la Educación", en AAVV, *Conceptos y propuestas I*. Valencia: Papers d'Educació.

- \_\_\_\_ (1996). "Análisis conceptual de los procesos educativos 'formales', 'no formales' e 'informales'", *Teoría de la Educación*, vol. 8, pp. 55-80.
- TRILLA BERNET, J. (1986). *La educación informal*. Barcelona: PPU.
- \_\_\_\_ (1993a). *La educación fuera de la escuela. Ámbitos no formales y educación social*. Barcelona: Ariel.
- \_\_\_\_ (1993b). *Otras educaciones*. Barcelona: Anthropos.
- \_\_\_\_ (Coord.) (1997). *Animación sociocultural: Teorías, programas y ámbitos*. Barcelona: Ariel.
- VARELA GARROTE, L. (2006). "Evaluación de programas extraescolares: importancia del nivel de participación en las percepciones sobre el tiempo libre, rendimiento y habilidad deportiva de los participantes", *Revista galego-portuguesa de psicología e educación: revista de estudios e investigación en psicología y educación*, vol. 13, pp. 207-220.
- VÁZQUEZ GÓMEZ, G. (1998). "La educación no formal y otros conceptos próximos", en SARRAMONA LÓPEZ, J.; VÁZQUEZ GÓMEZ, G. e COLOM CAÑELLAS, A.J., *Educación no formal*. Barcelona: Ariel, 11-25.
- VÁZQUEZ ALONSO, Á. e MANASSERO MAS, M.A. (2007). "Las actividades extraescolares relacionadas con la ciencia y la tecnología", *REDIE: Revista Electrónica de Investigación Educativa*, vol. 9, (1) [Consultado en: <http://redie.uabc.mx/vol9no1/contenido-vazquez3.html>. Data de consulta: 7 de marzo de 2008].
- VENTOSA PÉREZ, V.J. (2002). *Fuentes de la animación sociocultural en Europa*. Madrid: CCS.
- VENTURA, L.; PIÉDROLA GÓMEZ, I.; PONT I SERNA, E. e FONT FONT, J. (2005). "El comedor escolar: un espacio y un tiempo educativo", *Aula de innovación educativa*, 138, pp. 27-31.
- VIDAL PEGUERO, L. (2004). *Educación para la participación y actividades extraescolares*. Zaragoza: Ayuntamiento de Zaragoza, Servicio de Juventud.
- XUNTA DE GALICIA (2006). *Manual básico acompañante transporte escolar*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- \_\_\_\_ (2006). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2006-2007*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- \_\_\_\_ (2007). *Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2007-2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- \_\_\_\_ (2007). "TES+BUS. Programa de Transporte Escolar Compartido de Galicia". [Consultado en: <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2038>. Data de consulta: 10 de decembro de 2007].
- YOUNG, I. & WILLIAMS, T. (1989). *The Healthy School*. Edimburgo: Scottish Health Education Group.

**ORGANIZATIONS & WEB SITES**

---

ASSOCIATION FOR SUPERVISION AND CURRICULUM DEVELOPMENT. 1703  
Beauregard St., Alexandria, VA 22311. Web site: [www.acsd.org](http://www.acsd.org).

NATIONAL INSTITUTE ON OUT-OF-SCHOOL TIME. 106 Central St., Wellesley, MA  
02481. Web site: [www.niost.org](http://www.niost.org).

SOCIETY FOR RESEARCH IN CHILD DEVELOPMENT. University of Michigan, 3131  
S. State St., Suite 302, Ann Arbor, MI 48108. Web site: [www.srcd.org](http://www.srcd.org).

"Extracurricular Excitement" *TeensHealth*, July 2004. [Available online at [www.kidshealth.org/teen/school\\_jobs/school/involved\\_school.html](http://www.kidshealth.org/teen/school_jobs/school/involved_school.html). Accessed:  
November 27, 2004].





## **Relación de acrónimos**





AACC: Altas Capacidades.

ANPA: Asociación de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas.

ANPE: Asociación Nacional de Profesorado Estatal de EXB.

ATE: Axudante Técnico Educativo.

BOE: Boletín Oficial do Estado.

CCOO: Comisións Obreiras.

CEE: Centro de Educación Especial.

CEEPR: Centro de Educación Especial Privado.

CEIP: Colexio de Educación Infantil e Primaria.

CEP: Colexio de Educación Primaria.

CIG: Confederación Intersindical Galega.

CONFAPA: Confederación de Federacións de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas.

CONGAPA: Confederación Galega de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas.

CPI: Centro Público Integrado.

CPR: Centro Privado.

CRA: Colexio Rural Agrupado.

DOG: Diario Oficial de Galicia.

EFOG: Escola Fogar.

ESO: Educación Secundaria Obrigatoria.

FAXEG: Federación de Xóvenes Estudantes de Galicia.

FETE-UXT: Federación Estatal de Traballadores do Ensino - Unión Xeral de Traballadores.

FP: Formación Profesional.

FSIE: Federación de Sindicatos Independentes do Ensino.

ICE: Instituto de Ciencias da Educación.

IES: Instituto de Educación Secundaria.

IPREM: Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples.

LODE: Lei Orgánica do Dereito á Educación.

LOE: Lei Orgánica de Educación.

LOXSE: Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

MEPSYD: Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

MRP: Movements de Renovación Pedagógica.

NEE: Necesidades Educativas Especiais.

OMS: Organización Mundial da Saúde.

PCPI: Programas de Cualificación Profesional Inicial.

PXA: Programación Xeral Anual.

RD: Real Decreto.

REEPS: Rede Europea de Escolas Saudables.

SEPEAP: Sociedade Española de Pediatría Extrahospitalaria e Atención Primaria.

TEA: Trastornos do Espectro Autista.

TES+BUS: Programa de Transporte Escolar Compartido de Galicia.

TIC: Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

USC: Universidade de Santiago de Compostela.



## Anexos







## ANEXO 1

---

### CUESTIONARIOS POR SECTORES

- EQUIPOS DIRECTIVOS
- ANPA
- PROFESORES/AS
- ALUMNOS/AS
- PAIS/NAIS
- REPRESENTANTE DO CONCELLO





# OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE ENSINO OBRIGATORIO DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

## CUESTIONARIO PARA EQUIPOS DIRECTIVOS

### INSTRUCCIÓN:

O Consello Escolar de Galicia encargou a realización dun **Informe sobre actividades extraescolares e servizos complementarios** a un equipo de investigación coordinado polo Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela.

Para desenvolver este estudo elaboramos cuestionarios para recoller a opinión dos diferentes membros da comunidade educativa, co propósito de analizar e avaliar o estado das actividades extraescolares e os servizos complementarios nos centros educativos de ensino obrigatorio sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (curso 2007-2008).

Este cuestionario é anónimo e a información que lle solicitamos será tratada con absoluta confidencialidade e só poderá ser empregada para os fins deste estudo.

Por favor, conteste todas as preguntas. Das súas respostas dependerá a utilidade deste traballo.

Nas preguntas con cadro, sinala cun X onde corresponda. Nas restantes, deberá completar a información solicitada.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN



## I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

1. Nome do centro: \_\_\_\_\_

2. Concello: \_\_\_\_\_

## II. DATOS DO DIRECTOR/A OU MEMBRO DO EQUIPO DIRECTIVO QUE COBRE O CUESTIONARIO

3. Sexo:  Home  Muller

4. Idade:

Menos de 36 anos	De 36 a 46 anos	De 47 a 57 anos	58 ou máis anos
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

5. Cargo que ocupa:

Director/a	Vicedirector/a	Xefe/a de estudos	Secretario/a
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

6. Xornada escolar:  Continua  Partida

7. Localización xeográfica:  Rural  Vila  Urbano

8. Niveis educativos que se imparten no centro:

Educación Infantil	<input type="checkbox"/>	Ciclos formativos de grao superior	<input type="checkbox"/>
Educación Primaria	<input type="checkbox"/>	Programas de Garantía Social	<input type="checkbox"/>
ESO	<input type="checkbox"/>	Programas de Cualificación Profesional	<input type="checkbox"/>
Bacharelato	<input type="checkbox"/>	Educación Especial	<input type="checkbox"/>
Ciclos formativos de grao medio	<input type="checkbox"/>	Educación Permanente de Adultos	<input type="checkbox"/>

9. Número de unidades con que conta o centro:

De 1 a 3	De 4 a 6	De 7 a 9	De 10 a 12	De 13 a 15	Máis de 15
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

10. Indique o número de alumnos/as do seu centro:

Nº total de alumnos/as no centro	
Alumnado estranxeiro	
Alumnado con NEE <sup>1</sup>	
Alumnado con AACC <sup>2</sup>	

<sup>1</sup> NEE: Necesidades Educativas Especiais.

<sup>2</sup> AACC: Altas Capacidades.

11. Valoración das infraestruturas do centro en xeral:

	Nº	Non ten	Moi deteriorado	Pode usarse	Boas condicións
Patio cuberto		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Patio ao aire libre		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Biblioteca		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Laboratorio		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Salón de actos		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Sala de usos múltiples		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Sala de audiovisuais		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Aula de música		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Aula de idiomas		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Aula de informática		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Comedor		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Cociña		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Polideportivo		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ximnasio		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Local para uso da ANPA		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outros. Especifique:		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

### III. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Teñen carácter de **actividades extraescolares** aquelas que sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e non forman parte do currículo (e nas que a participación é voluntaria).

12. Sinale con que organismo/s e/ou programa/s colabora o centro nas actividades extraescolares:

Concello	<input type="checkbox"/>
Asociacións culturais	<input type="checkbox"/>
Clubs deportivos	<input type="checkbox"/>
ANPA	<input type="checkbox"/>
Programas Europeos	<input type="checkbox"/>
Outros. Especifique:	

13. Ten o centro convenio con algunha institución ou entidade para o desenvolvemento de actividades extraescolares?  Si  Non

14. En caso afirmativo, indique as dúas principais institucións ou entidades:

---



---

15. Sinala os **dous** principais aspectos da colaboración:

Organización	<input type="checkbox"/>
Espazos	<input type="checkbox"/>
Materiais	<input type="checkbox"/>
Financiamento	<input type="checkbox"/>
Outro/s. Especifique:	

16. Na programación das actividades extraescolares cóntase cos recursos do contorno?

Si  Non

17. En caso afirmativo, indique cales son os **dous** principais recursos cos que se conta:

---



---

18. O Plan de actividades extraescolares do centro integra propostas de:

Equipo directivo	<input type="checkbox"/>
Profesorado	<input type="checkbox"/>
ANPA	<input type="checkbox"/>
Pais/nais do alumnado	<input type="checkbox"/>
Alumnado	<input type="checkbox"/>
Asociacións culturais	<input type="checkbox"/>
Clubs deportivos	<input type="checkbox"/>
Empresas privadas	<input type="checkbox"/>
Administración local (Concello)	<input type="checkbox"/>
Outro/s. Especifique:	

19. Dáse a coñecer desde o equipo directivo á comunidade educativa a oferta de actividades extraescolares que se realiza?

Si  Non

20. Indique os **dous** medios principais que se utilizan para informar das actividades:

Comunicación escrita aos pais/nais	<input type="checkbox"/>
Información directa dos titores/as	<input type="checkbox"/>
Páxina web do centro	<input type="checkbox"/>
Reunións	<input type="checkbox"/>
Outros. Especifique:	

21. Cales son os **dous** criterios máis utilizados para a elaboración do Plan de actividades extraescolares?

---



---

22. Actividades extraescolares desenvolvidas no seu centro:

Tipos	Si	Non	Nº grupos	Número		Nº de horas por día e grupo	Organización	
				Nº de días á semana	Só o centro		ANPA	Centro en colaboración con... Outros. Especifique <sup>3</sup>
<b>DEPORTIVAS</b>								
Fútbol	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Baloncesto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Natación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Artes marciais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Xadrez	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Patinaxe	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Ximnasia rítmica	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<b>IDIOMAS</b>								
Inglés	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Francés	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Italiano	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<b>TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN</b>								
Informática	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Vídeo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<b>ARTÍSTICAS</b>								
Teatro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Pintura	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Música	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Danza	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Manualidades	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<b>OUTROS TIPOS. Especifique:</b>								
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

<sup>3</sup> Indique os seus organismos ou entidades cos que colabora máis frecuentemente.

23. Actividades extraescolares desenvolvidas no seu centro:

Tipos	Realización		Impartida por <sup>4</sup>	Custo mensual da actividade	Bolsas/Axudas
	No centro	Fóra do centro			
<b>DEPORTIVAS</b>					
Fútbol	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Baloncesto	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Natación	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Artes marciais	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Xadrez	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Patinaxe	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Ximnasia rítmica	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
<b>IDIOMAS</b>					
Inglés	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Francés	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Italiano	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
<b>TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN</b>					
Informática	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Vídeo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
<b>ARTÍSTICAS</b>					
Teatro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Pintura	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Música	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Danza	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Manualidades	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
Outras. Especifique:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>
OUTROS TIPOS. Especifique:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>

<sup>4</sup> Indicar se a persoa que imparte a actividade é: monitor/a, voluntario/a, profesor/a, pai, nai, outra (especifique).

24. Quen financia as actividades extraescolares? (marque **dúas** opcións como máximo)

Centro	Familias	ANPA	Concello	Deputación	Asociacións	Outro. Especifique:
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

25. Sinale as **tres** principais contribucións das actividades extraescolares á formación dos alumnos/as:

1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_

26. Dispoñen os alumnos/as de servizo de transporte para acudir ás actividades extraescolares?

	Si	Non	Frecuencia		Financiamento	
			Diaria	Ocasional	De balde	De pago
Transporte escolar	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Transporte específico contratado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

27. Segundo vostede, cales son os **dous** principais motivos polos que os alumnos/as asisten ás actividades extraescolares?

Axúdanlles a aprender	<input type="checkbox"/>
Gústanlles	<input type="checkbox"/>
Mándanlles os seus pais	<input type="checkbox"/>
Para estar cos amigos/as	<input type="checkbox"/>
Para non estar sós/soas na casa	<input type="checkbox"/>
Melloran a súa integración social	<input type="checkbox"/>
Outro/s motivo/s. Especifique:	

28. Segundo vostede, cales son os **dous** principais motivos polos que os alumnos/as non asisten ás actividades extraescolares?

Non son interesantes	<input type="checkbox"/>
Non lles permiten ir os pais	<input type="checkbox"/>
Non teñen tempo	<input type="checkbox"/>
Non teñen transporte	<input type="checkbox"/>
Custo económico	<input type="checkbox"/>
Outro/s motivo/s. Especifique:	

29. Sinale as **tres** principais vantaxes e dificultades que, na súa opinión, existen en relación coa organización e desenvolvemento das actividades extraescolares:

Vantaxes:

1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_

Dificultades:

1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_



#### IV. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

##### IV.1. COMEDOR

30. Conta o seu centro con servizo de comedor?  Si  Non

31. O servizo de comedor ten un carácter:  Ocasional  Continuado

32. Modalidade de xestión do servizo de comedor:

Xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	<input type="checkbox"/>
